

Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade

Sociedades plurilingües : da identidade á diversidade / Henrique Monteagudo, coordinador. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2009. — 268 p. ; 24 cm. — (Ensaio & Investigación)
D.L. C 4278-2009. — ISBN 978-84-92923-50-2
1. Multilingüismo-Congresos e asembleas. 2. Galicia-Linguas-Congresos e asembleas. I. Monteagudo Romero, Henrique. II. Título

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2009
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

Tradución e revisión lingüística
Ariarte S.C. (José Fonte Sardiña)

Proxecto gráfico
Imago Mundi Deseño

Imprime
Alva Gráfica

Depósito Legal: C 4278-2009

ISBN 978-84-92923-50-2

HENRIQUE MONTEAGUDO

COORDINADOR

**Sociedades plurilingües:
da identidade á
diversidade**



ensaio & investigación

(e i)

Presentación

UNS FOROS DE DEBATE PARA CREAR CULTURA E IMAXINAR PAÍS

O Consello da Cultura Galega aproveitou o seu vinte e cinco aniversario para, ao abeiro do slogan «Crear cultura, imaxinar país», reflexionar e debater, dando pasos para ampliar a súa posición no marco institucional e no universo de Galicia. Segundo os obxectivos fixados para a actual etapa, pretendeuse a análise e a avaliación da cultura e facela visible cara ao exterior, asumindo o peso da *cultura* na *identidade galega*. Esta idea estivo moi presente nos once días de sesións de traballo presencial no salón do Pazo de Raxoi.

O Consello da Cultura Galega conseguiu ser un lugar de encontro, reflexión e diálogo cultural como expresión da pluralidade. Sen dúbida, os obxectivos fixados para as seis actividades de debate cumpríronse nas súas liñas xerais, na opinión dos responsables de cada un dos foros. Quizá por iso os seis debates abertos á análise, ao balance e ás propostas de acción futura no escenario diverso, plural e global marcaron unha liña de traballo que terá continuidade para reforzar o papel da institución na defensa e promoción da cultura galega.

Debemos recordar que os seis foros de debate permitiron analizar aspectos esenciais arredor das seguintes cuestións durante o ano 2008: *Galicia na sociedade do coñecemento*, os días 3 e 4 de abril; *Olladas críticas sobre a paisaxe*, os días 8 e 9 de maio; *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*, os días 19 e 20 de xuño; *Creación artística e identidades culturais*, os días 18 e 19 de setembro; *O valor crítico dos bens culturais*, os días 23, 24 e 25 de outubro; e *Cultura política: debates contemporáneos*, os días 2 e 3 de decembro. Os seus respectivos coordinadores foron Domingo Docampo, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Henrique Monteagudo, María Luísa Sobrino, Iago Seara e Ramón Maiz.

Os foros contaron cunha boa asistencia de público, o que favoreceu o diálogo e o intercambio de ideas. Os medios de comunicación fixéronse eco destes debates, con distintas valoracións e coa publicación ou emisión de diferentes pezas informativas nas que puxeron de manifesto o interese de moitas das pro-

postas formuladas. Do mesmo xeito, as intervencións de cada foro difundíronse na páxina corporativa do Consello da Cultura Galega, onde seguen estando accesibles para quen queira escoitalas e valoralas.

A esta difusión inicial súmase agora a publicación en libros monográficos de cada foro, que recollen as intervencións presentadas polos participantes. Deste xeito, complétase o programa de difusión das achegas feitas en todos os debates, que constitúen un material útil para todos aqueles que traballan no ámbito da cultura e para todos aqueles que reflexionan sobre os cambios que se están producindo no escenario cultural.

Os datos de participación e a súa repercusión no debate público xustifican, pois, o cumprimento dos obxectivos fixados na programación, que foi posible grazas á colaboración dos directores e secretarios e, sobre todo, ao persoal do Consello da Cultura Galega. O traballo dos técnicos de actividades e de todo o persoal permitiu superar problemas que xurdiron na execución dun programa intenso, no que houbo que coordinar dúcias de relatores e retrucantes que chegaron de moi diversos lugares. A todos, en nome do Consello da Cultura Galega, o noso agradecemento por facer posible uns foros de debate que foron especialmente proveitosos para crear cultura e imaxinar país.

Xosé López García

Coordinador xeral dos foros

Vicepresidente do CCG

Limiar

Henrique Monteagudo

Dentro do ciclo de foros de debate «Crear cultura, imaxinar país», artellado no marco da conmemoración do 25 aniversario da creación do Consello da Cultura Galega, foi organizado o seminario «Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade», coordinado por Henrique Monteagudo e secretariado por Håkan Casares Berg, e celebrado nos locais do propio Consello os días 19 e 20 de xuño de 2008.

O obxectivo deste foro é ofrecer un ámbito de análise sobre a situación presente e as perspectivas de futuro do galego, no marco dunha reflexión de horizonte alongado sobre as condicións de sustentabilidade da diversidade lingüística no mundo contemporáneo e dun debate sobre as fórmulas de convivencia nas sociedades plurilingües. Deste xeito, a problemática galega foi contemplada, desde unha abordaxe ecolingüística, en varias dimensións: no escenario global da mundialización, no mosaico idiomático do espazo europeo, no marco do multilingüismo español, nas condicións concretas da sociedade galega e na perspectiva da súa relación especial co ámbito luso-brasileiro.

Para tanto, convidamos algúns dos mellores especialistas en cada un dos aspectos estudados: uns foron encargados das palestras e outros das réplicas que abriron o diálogo co público. Por fortuna, puidemos recoller os textos de cada unha das conferencias e ao menos de cadansúa réplica. Por tanto, agradecemoslles moi especialmente aos relatores Carme Junyent, Xaime Subiela, Emili Boix, Anxo Lorenzo, Dónall Ó Riagáin e Ivo Castro a súa participación e os seus textos, e igualmente aos retrucantes Pilar García Negro, Alba Nogueira, Fernando Ramallo, Gabriel Rei Doval, François Grin e Rosario Álvarez, as súas intervencións e tamén os seus textos.

Se cada un dos textos presentados ofrece sínteses ben informadas, observacións críticas e reflexións relevantes sobre os temas que trata, a súa visión de conxunto presenta un cadro rico e enormemente suxestivo dunha problemática que constitúe un dos maiores desafíos culturais, para Galicia e para a humanidade,

no futuro inmediato: a preservación da diversidade lingüística, un dos patrimonios máis importantes e máis ameazados. Como se ve, o reto é ao tempo local e global, e nesa dupla perspectiva quixemos abordalo.

Porque estamos convencidos que o libre desenvolvemento da nosa lingua e a nosa cultura orixinais non só é un dereito que os galegos e as galegas debemos reclamar con toda a forza e exercitar con toda a enerxía, mais tamén un altísimo deber do que temos que responder ante o conxunto do xénero humano. Da nosa intelixencia, da nosa creatividade, da nosa capacidade de persuasión e da nosa firmeza dependerá que cumpramos esa feliz obriga, ou ben que renunciemos a ela, empobrecéndonos a nós mesmos e aos nosos conxéneres. Neste volume axuntamos un monllo de achegas que poden axudar a despexar o camiño. Séxanos permitido desexar que os fados nos resulten favorables.

ensaio & investigación

Índice

- 6 PRESENTACIÓN
- 10 LIMIAR
Henrique Monteagudo
- 17 A PERSPECTIVA GLOBAL DA DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA
- 19 A perda da diversidade lingüística no mundo e os procesos de homoxeneización lingüística
M. Carme Junyent
- 37 Retruque ao relatorio de M. Carme Junyent
Pilar García Negro
- 45 A GLOTOPOLÍTICA DE GALICIA
- 47 Democracia e política lingüística en Galiza
Xaime Subiela
- 77 Retruque: Dereito e plurilingüismo. Evolución normativa e garantía dos dereitos lingüísticos
Alba Nogueira
- 101 A POLÍTICA LINGÜÍSTICA DO ESTADO
- 103 A política lingüística do Estado
Emili Boix-Fuster
- 129 Retruque: Política lingüística do Estado: problemas e oportunidades
Fernando Ramallo
- 145 A SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA
- 147 A Sociolingüística de Galicia
Anxo M. Lorenzo Suárez
- 175 Retruque: Sobre crítica interna e sabotaxe lingüística
Gabriel Rei-Doval

189 DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA EN EUROPA

191 A diversidade lingüística en Europa
Dónall Ó Riagáin

217 GALICIA NO ESPAZO CULTURAL DA LUSOFONÍA

219 Galicia no espazo cultural e simbólico da lusofonía
Ivo Castro

253 Retruque ao relatorio de Ivo Castro
Rosario Álvarez

263 CURRÍCULOS DOS RELADORES

A PERSPECTIVA GLOBAL DA DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

Relatorio

A PERDA DA DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA NO MUNDO E OS PROCESOS DE HOMOXENEIZACIÓN LINGÜÍSTICA*

M. Carme Junyent
Universitat de Barcelona

* Este traballo beneficiouse da subvención ao proxecto de investigación HUM2006-09478, «La diversidad lingüística en Cataluña: guía para materiales de acogida», do Ministerio de Ciencia y Tecnología.

Se temos en conta as informacións de varias fontes, podemos facer o cálculo aproximado de que, ao longo dos últimos cinco séculos, a humanidade perdeu a metade do patrimonio lingüístico co que contaba antes das grandes expansións colonizadoras. Dado o efecto multiplicador dos procesos de substitución lingüística, esta perda continuada levounos a unha situación límite na que unha parte moi pequena da humanidade é falante de moitas linguas, mentres que soamente un pequeno número de linguas ten unha gran cantidade de falantes. Este contraste só se pode revertir coa revitalización e recuperación de espazos de uso de moitas linguas que se atopan en proceso de substitución.

A comunidade científica ten a responsabilidade de dar a coñecer as implicacións da morte das linguas: a perda de coñecemento útil para a humanidade nos ámbitos máis diversos –alimentación, saúde, matemáticas, filosofía, etc.– e a suplantación dun patrimonio cultivado polas comunidades desde as súas orixes por un produto desvinculado da historia e da capacidade creativa dos pobos. As persoas deben poder ter acceso a este coñecemento para que as súas actitudes e o seu comportamento lingüísticos poidan ser responsables e consecuentes fronte á perda de diversidade lingüística.

A UNESCO alertou sobre esta perda e as súas consecuencias e fixo varias recomendacións para deter e revertir o proceso de homoxeneización lingüística no mundo. Pero a consideración da perda da diversidade lingüística como un problema grave para a humanidade espertou moi recentemente. Non obstante, o fenómeno da morte das linguas seguramente é tan antigo como a existencia da fala humana e do contacto entre as linguas, como lembran Janse e Tol:

Con todo, mesmo unha ollada rápida ao número de linguas indoeuropeas e afroasiáticas desaparecidas debería abondar para ter unha idea do alcance da morte de linguas en tempos antigos. Entre elas cóntanse diversas linguas literarias importantes como o acadio, o ugarítico, o hebreo antigo, o arameo antigo, o exipcio antigo e os dialectos anti-

gos do grego. Outras son menos coñecidas, como as seguintes da familia lingüística indoeuropea: parto, sogdiano, coresmio, cotanés, saca e tumsuqués (iranio medio), luvio, palaico, licio, lidio, cario, sidético e pisidio (anatolio), falisco, osco, umbro, peligno, marrucino, vestino, véneto e picenio do sur (itálico), galo, lepóntico e celtíbero (celta), tracio e dacio, ilirio e mesapico, frixio, macedonio antigo, e outras. Todas estas linguas coñécense a partir de testemuños escritos, pero de moitas outras linguas desaparecidas só se coñece o nome, e probablemente haxa moitas máis que non se sabe nin se saberá nunca que existiron (Janse e Tol, 2003, introdución de Janse, p. XI).

A diferenza cos procesos do pasado é, con todo, a velocidade e a cantidade na que se dan actualmente. O alcance dos procesos de substitución lingüística –non hai ningún lugar no mundo onde non se estea a restrinxir a diversidade lingüística– e as consecuencias que teñen estes procesos, non só para as comunidades implicadas directamente senón para toda a humanidade, despertaron a conciencia de que cómpre facer algo para parar o proceso e revitalizar as linguas que están a ser abandonadas polos seus falantes. A comunidade científica, e moi especialmente os lingüistas, tardaron moito en decatárense das implicacións deste fenómeno. Agás os traballos pioneiros de Joseph Vendryes, ata os anos sesenta –cando Joshua Fishman comeza a ocuparse dos aspectos sociais– e os setenta –cando Nancy Dorian describe os aspectos lingüísticos da morte das linguas– a Lingüística non toma os procesos de substitución das linguas como obxecto de investigación ata convertelos na actualidade en motivo de preocupación e, asemade, en obxecto de investigación preferente.

A morte dunha lingua non significa unicamente a perda dun sistema de comunicación ou dunha parte do patrimonio inmaterial da humanidade, é un proceso devastador no que unha comunidade, empurrada por circunstancias diversas pero sempre insoportables, abandona o uso da súa lingua e pasa a empregar outra, que pode ser a de uso máis frecuente no seu ámbito, a oficial do seu país ou calquera outra que poida exercer unha presión suficiente como para conseguir substituír a propia da comunidade. Pero a morte dunha lingua é tamén un proceso individual no que unha persoa, un membro dunha comunidade implicada nun proceso de substitución, corta o vínculo máis íntimo cos seus devanceiros e coa súa historia. O desarraigamento por substitución lingüística, que adoita comportar un desexo de mellora, paradoxalmente, acaba con

frecuencia na marxinación de individuos que, ao renunciaren á súa historia, se atopan sen pasado e sen futuro e sen saberen cal é o seu lugar no mundo. Varios especialistas que investigaron procesos de substitución lingüística falan destes efectos devastadores alén da perda de patrimonio cultural. Fishman, por exemplo, manifestaba que:

O que se perde cando desaparece unha lingua, especialmente a curto prazo, é a integración sociocultural das xeracións, a cohesión, a naturalidade e a creatividade silenciosa, o sentimento de identidade seguro, mesmo sen conciencia política ningunha de identidade, o sentimento de valía colectiva dunha comunidade e dun pobo [...]. Pola perda destas características págase un prezo no aumento dos niveis de marxinación, en danos tanto á saúde física como mental de dúas ou máis xeracións, no enorme incremento da incidencia de trastornos sociais manifestados en forma de delitos civís e penais, e no aumento do gasto público destinado a eliminar ou reducir estes trastornos –moitos dos cales acabaron por constituír a armazón da vida moderna. Por último, o que se perde é a creatividade cultural –nas cancións, na narrativa, no teatro, no imaxinario, na danza e nas ferramentas, e tamén nas artes figurativas– que, a longo prazo, enriquece non só o ámbito inmediato na lingua orixinal senón tamén o conxunto da experiencia humana a través de milleiros de traducións. Pódese sobrevivir á perda de todo o antedito pero, en moitos aspectos, a consecuencia desa perda é unha diminución grave da calidade de vida, incluído o propio sentido da vida. Está nas mans das linguas e culturas máis ameazadas concienciarnos máis a todos sobre este problema, pero é responsabilidade das linguas máis grandes e seguras abordar dun xeito construtivo e magnánimo este problema universal no ámbito da ecoloxía humana e cultural (Fishman, 1994, p. 60-61).

Sarah G. Thomason falaba en termos parecidos:

A morte de linguas é tan triste como o seu nome, é unha perda culturalmente devastadora para todas e cada unha das comunidades lingüísticas cuxa lingua morre e tamén unha perda para a comunidade académica. Cada perda dunha lingua prívanos dunha fiestra á mente humana e ao espírito humano; cada lingua que morre prívanos dun receptáculo único de experiencias e pensamentos humanos. A perda dunha lingua priva a súa comunidade de moito máis, porque unha boa parte da súa cultura desaparece irre-

mediablemente coa lingua. A morte de linguas non é un fenómeno moderno –os anais da historia están cheos de nomes e, en ocasións, testemuños deste problema–, pero os índices actuais de perda de linguas son alarmantemente elevados e motivo de preocupación para os lingüistas e os falantes de linguas ameazadas (Thomason, 2002, p. 223).

Son moitos os autores que se referiron ás consecuencias, pero, para entendermos as proporcións do problema ao que nos enfrontamos, non nos abonda cos efectos devastadores da perda de diversidade lingüística, nin tampouco coa análise e comprensión de procesos concretos. Como mínimo, é necesaria unha perspectiva histórica e global, porque máis importante que o número de linguas que se falan actualmente é saber que, desde que Colón chegou a América e empezaron as grandes colonizacións, o número de linguas existentes se reduciu á metade e a situación de moitas comunidades lingüísticas leva a pensar que, ao longo deste século, poden desaparecer entre o 50 e o 95% das faladas na actualidade. Os feitos que avalan esta previsión son que, actualmente, máis dun 10% das linguas que aínda se falan só teñen xa derradeiros falantes, un 40% xa interromperon a transmisión interxeracional e outro 40% son linguas que mostran síntomas de proceso de substitución pero que non están aínda en fase irreversible. Esta situación límite só se pode explicar polos efectos multiplicadores dos procesos de substitución lingüística, porque o cambio de lingua non lle afecta só á comunidade implicada senón a toda a súa rede de relacións. Así, se dúas comunidades A e B estiveron en contacto historicamente, quer polo coñecemento mutuo das linguas respectivas, quer porque unha delas coñece a lingua da outra, cando a comunidade A abandona a súa primeira lingua e adopta a outra, a comunidade B vese obrigada a aprender a nova lingua se quere manter o contacto. Dado que as comunidades adoitan ter contacto con comunidades varias, a difusión da lingua dominante esténdese a través da rede e vai ocupando novos ámbitos de uso a partir dos que se pode iniciar o proceso de bilingüismo das comunidades, imprescindible para que se dea a substitución lingüística.

Este efecto multiplicador foi tamén a causa da profundísima alteración do equilibrio ecolingüístico que actualmente xa é un feito e que ten todo o comportamento dunha enfermidade autoinmune, en tanto que a dinámica que se xerou ataca o propio organismo. Este fenómeno pódese ilustrar con algúns

datos: se no mundo se falan unhas cinco mil linguas e hai seis mil millóns de habitantes, a media de falantes por lingua é dun millón douscentos mil; pero o feito é que hai poucas linguas con moitos millóns de falantes e moitas linguas con poucos falantes. De modo xeral, poderíamos afirmar que o 95% da humanidade fala o 5% das linguas e que o 5% da humanidade fala o 95% das linguas. E, de feito, se temos en conta que o número de linguas con máis de dez millóns de falantes non chega ao centenar e que as linguas con máis dun millón de falantes son unhas trescentas, é obvio que estas trescentas linguas déixanlles moi poucos falantes ao resto, feito que dificulta aínda máis a súa supervivencia. Lee e McLaughlin resumen esta situación así:

Das entre tres mil e oito mil linguas diferentes que existen no mundo, en función de como se contan, só trescentas poden considerarse «linguas poderosas» e, xa que logo, teñen garantía, sorprendentemente, de sobrevivir ata o século XXII. O resto das linguas e pobos dependen directamente de formas de produción que, ao actuar no nome dos grupos máis favorecidos, xeran e estenden explotación, marxinação, contaminación urbana e industrial e a desaparición de culturas e linguas (Lee e McLaughlin, 2001, p. 24).

O escaso número de falantes foi utilizado acotío para facer predicións sobre o futuro das linguas. Krauss (Krauss, 1992), por exemplo, pon o millón de falantes como límite para considerar que unha lingua está ameazada, pero é obvio que este non pode ser un criterio universal. En primeiro lugar, polo gran número de linguas que se manteñen en parte grazas ao feito de que a comunidade permanece estable no tocante ao número de membros. En segundo lugar, pola propia existencia de linguas con moito menos dun millón de falantes, por exemplo o islandés, que non mostran signos de obsolescencia. Finalmente, por outro argumento que non podemos ignorar: hai linguas con máis de dez millóns de falantes –ou que os tiveron ata hai poucos anos– que están a reducir de maneira clara esta cifra; sirvan como exemplo o curdo, a lingua amaziga, o quechua, que, malia non estaren abocadas á extinción inmediata, se atopan nun proceso clarísimo de redución do número de falantes, por represión política, por actitudes lingüísticas negativas ou por emigracións que, ao decimar o número de persoas no lugar de orixe, restrinxen aínda máis as posibilidades de uso. Se os números absolutos non se poden empregar sempre como indicadores, a UNES-

CO proporcionou outra cifra que permite facer predicións máis precisas: unha lingua pode considerarse ameazada cando a transmisión interxeracional no seo da comunidade é inferior ao 30%. E Harald Haarmann (Haarmann, 1986) toma en consideración como variables etnodemográficas que a comunidade lingüística teña menos de mil falantes, que a área de asentamento da comunidade sexa moi dispersa, que a comunidade lingüística se atope na diáspora en grupos illados, que a maioría dos falantes viva en zonas urbanas, ou que a comunidade lingüística se caracterice por grandes emigracións por mor das condicións laborais. Daquela, os factores demográficos son relevantes cando se combinan con outros que implican cambios na relación co territorio ou cos demais membros da comunidade.

Se nos fixamos na situación xeográfica dos procesos de substitución lingüística, podemos observar, en xeral, que as zonas onde se concentran máis linguas con derradeiros falantes son Australia, Siberia, Canadá e os Estados Unidos de América. No continente americano, nos lugares mencionados, o futuro non é moi esperanzador, segundo sinalan Lee e McLaughlin:

Abonda con ver a situación dos grupos amerindios para comprobar o alcance do caos. Das aproximadamente cincocentas linguas e culturas aborixes de Norteamérica, menos de vinte están caracterizadas por algo menos grave que a desaparición inminente. En Alasca, onde dúas xeracións atrás había unhas vinte e tres linguas nativas, estímase que só tres sobrevivirán na próxima década, e está previsto que só unha sobrevivirá ata a próxima xeración (Krauss, 1992). No tocante ao navagho, que é unha das linguas e culturas indíxenas americanas máis saudables en moitos aspectos, a lingua e modos de vida diné corren un grave perigo. O cambio do navagho ao inglés, racionalizado en moitos ámbitos pola maldita supervivencia do máis apto do darwinismo cultural, como explicaremos máis adiante, está a producirse a unha velocidade asombrosa (Lee e McLaughlin, 2001, p. 24).

No resto do continente hai unha gran diversidade de casos que mostran un avance da situación, desde o Caribe –primeira zona de contacto cos colonizadores–, onde xa non se fala lingua amerindia ningunha; pola costa atlántica cara ao sur, onde o proceso de homoxeneización está moi preto da culminación –en Uruguai xa ocorre o mesmo que no Caribe–; e cara á costa do Pacífico, onde o

proceso non está tan adiantado. Inevitablemente, as zonas de acceso máis difícil –a selva e as montañas– son os lugares onde se preserva máis a diversidade lingüística, ameazada, con todo, por cada desprazamento forzado das comunidades, quer por ocupacións do seu territorio, quer pola emigración. E, en tempos máis recentes, debido á expansión dos medios de comunicación, que, lonxe de convertérense no medio de expresión das comunidades, serven de órgano difusor das culturas dominantes. A zona do Pacífico, onde atopamos lugares cun alto índice de diversidade lingüística, como Vanatu ou Papúa-Nova Guinea, é tamén o lugar do mundo no que se están a dar máis procesos de substitución lingüística, e onde á devastación lingüística de Australia se lle poden engadir procesos de substitución lingüística máis ou menos adiantados, desde as linguas kanak de Nova Caledonia, ás de Papúa-Nova Guinea, etc.

Este proceso xeneralizado de homoxeneización lingüística nos territorios mencionados ata o de agora ten como linguas dominantes o inglés, o castelán e, xa a moita distancia, o francés e mais o ruso. Pero a deriva toma outro aspecto en Asia, onde ata a primeira metade do século XX, e fóra de territorios específicos como é o caso de Siberia, non se detectaba un proceso tan xeneralizado. Nos últimos decenios, así e todo, a investigación en curso mostra que se están a dar procesos de substitución na China, Thailandia, Nepal, India, Indonesia e Irán, entre outros. O que caracteriza a maior parte destes procesos é que a lingua que substitúe ás que se atopan en perigo de extinción é a oficial do Estado, que, paradoxalmente e como consecuencia de ser máis próxima cás linguas «globais», penetra máis facilmente na vida cotiá das poboacións implicadas. A esta proximidade lingüístico-cultural engádeselle a facilidade crecente de comunicación e desprazamento, feito que altera claramente a relación entre a lingua e o territorio e contribúe, xa que logo, á multiplicación dos procesos e á súa conseguinte aceleración.

Xunto con Asia, África aparece aínda como a gran reserva da diversidade lingüística, en tanto que a porcentaxe dos procesos de substitución que se dan non é tan alta como nos demais continentes e a interrupción da transmisión interxeracional non está tan adiantada. Gerritt Dimmendaal describe así esta situación:

Curiosamente, o cambio de lingua e o proceso de morte de linguas asociado a este teñen unha menor incidencia no continente africano ca na maioría das demais partes do

mundo. Un dos motivos que explican isto probablemente sexa o feito de que as linguas oficiais ou nacionais de moitos dos actuais Estados africanos, como o inglés, o francés ou o portugués, dominan menos a vida cotiá das persoas que noutros lugares, polo que deixan espazo para o desenvolvemento de modelos de multilingüismo estables, no canto de xerar situacións de diglosia (Dimmendaal, 1998, p. 71).

Sobra dicir que isto non é o resultado de accións encamiñadas á preservación da diversidade lingüística do continente, senón máis ben da incapacidade das potencias coloniais de difundiren as súas linguas ao conxunto da poboación nos casos en que esta fora a pretensión. Porque cando se optou por unha lingua africana como a oficial os resultados tamén foron devastadores. No caso de Tanzania, cunha lingua máis accesible ao conxunto da poboación, como é o suahili, como lingua oficial, Batibo fai este retrato:

Por outra banda, as linguas autóctonas están a ser dominadas polo suahili, que asumiu a maioría das funcións dos dominios públicos. O suahili converteuse na única lingua vehicular do ensino primario desde a nacionalización de todas as escolas primarias polo goberno de 1964 [...]. Así, a comezos dos setenta, as linguas autóctonas quedaron reducidas ao uso cultural e familiar. O uso limitado das linguas autóctonas non só afectou a súa adquisición efectiva por parte das xeracións máis novas, senón que tamén xerou actitudes negativas cara a elas. Como consecuencia, moitas destas linguas están a avanzar cara á súa desaparición (Batibo, 2000, p. 11).

É importante lembrar que en África coexistiron dous modelos de colonización no tocante á política lingüística. O coñecido como «xermánico», seguido basicamente por británicos e alemáns e baseado de xeito explícito, polo menos no caso dos primeiros, no convencemento de que o coñecemento da lingua inglesa non era accesible para a poboación autóctona e que por iso se tiña que limitar a unha elite –os «intérpretes»–, que tería que facer de intermediaria entre a poboación colonizada e a metrópole. O outro procedemento, o «románico», aplicado por franceses, portugueses e españois, seguindo o modelo do Imperio Romano, parte da consideración dos territorios de ultramar como «provincias» onde a única lingua é a oficial do Estado. Cómpre dicir que, nos seus resultados, ambos os dous modelos non mostran moitas diferenzas, dado que, sexa cal

for o colonizador, a lingua colonial –e en moitos casos oficial– converteuse na lingua dunha elite e nun instrumento que, aínda que foi imprescindible para a mobilidade social, non está ao alcance de todos. Mesmo nos casos de colonización belga, que na Administración adoptaba o modelo románico e no ensino o xermánico, non se diferencia moito nos resultados. Por outro lado, a esperanza que podería supoñer a preservación da diversidade lingüística é contrarrestada polos prexuízos contra as linguas africanas:

En primeiro lugar, os dous problemas lingüísticos máis importantes comúns á meirande parte dos Estados africanos son: a) o papel das linguas do poder en África –xeralmente inglés, francés e portugués– e a falta dunha competencia suficiente nestas linguas por parte da maioría da poboación africana; e b) o pouco aprecio que os falantes de linguas africanas adoitan ter polas súas propias linguas [...] e as dificultades das linguas ex-coloniais para desenvolvérense educativa, económica, social e politicamente. Xa que logo, estas linguas atrancan o acceso efectivo á información e a participación nos procesos e na toma de decisións educativos, económicos e políticos. Por outra banda, a asombrosa preferencia do inglés, o francés e o portugués como linguas de aprendizaxe e ensino primario e secundario entre as comunidades africanas indica que, en xeral, os africanos consideran as súas linguas menos aptas para os usos formais (Vic Webb e Kembo-Sure, 2000).

Para rematar este percorrido pola morte das linguas, cabe mencionar Europa, continente onde o proceso xa está practicamente consumado e que, despois de exportar os modelos de exterminio de linguas que desenvolvera no seu territorio previamente, agora quere reivindicar a súa «diversidade» oficial. Talvez se deba ter presente que, do mesmo xeito que Europa difundiu os seus prexuízos anteriormente, agora pretende espallar os seus modelos de lingua –creación de estándares, desenvolvemento de sistemas de escritura, recoñecemento oficial, etc. Quizais, da experiencia histórica poderíamos extraer a conclusión de que, igual que se exportaron os procedementos de exterminio de linguas, tamén se fixo así coas ideoloxías que os sustentan, ás veces con elementos tan aparentemente inocuos como o propio concepto de lingua ou este evolucionismo do século XXI que nos continúa facendo crer que o que é bo para nós ten que ser bo para todo o mundo.

Tanto o desenvolvemento histórico como o xeográfico do proceso de homoxeneización lingüística poden alimentar a idea de que estamos diante dun proceso imparabile e incontrolable. Malia que é obvio que a solución resulta máis difícil, o feito de lembrar as causas da morte das linguas pódenos axudar a entender cara a onde deberíamos dirixir os nosos esforzos. Agás os casos de desaparición das linguas pola morte da comunidade como consecuencia de catástrofes naturais ou de xenocidio, a morte das linguas ten dous eixes cuxa alteración supón que a recuperación sexa moi difícil: o cambio da relación da comunidade co territorio e a interrupción da transmisión interxeracional.

A relación entre a lingua e mais o territorio é cuestionada acotío, pero se non existise ninguén pensaría, cando se trata de facer desaparecer unha lingua, en forzar o desprazamento dos falantes. As reservas creadas para os amerindios nos Estados Unidos de América, as vilas artificiais de Siberia, os movementos de persoas co obxectivo de mesturar falantes de linguas diferentes, etc. mostran claramente que a relación entre lingua e territorio é máis que evidente para todos os que queren eliminar a diferenza. Tal e como o explica Wurm referíndose a Maluku:

Das cento dúas linguas da zona de Maluku, once desapareceron e vinte e catro están ameazadas en maior ou menor medida. A causa principal desta extinción e situación de perigo foi e segue a ser a presión exercida polo indonesio, que fai que linguas con moitos falantes cheguen a estar ameazadas, como a lingua aluna malaio-polinesia da illa de Seram, que conta con máis de doce mil falantes. Isto é moito nunha zona onde a maioría das linguas teñen apenas uns poucos centos de falantes e outras uns poucos milleiros. Algunhas linguas sucumbiron ou quedaron en perigo debido a circunstancias particulares. Por exemplo, a grande illa de Buru é empregada para deportar delincuentes, o que provocou a desaparición dalgúns pequenas comunidades lingüísticas; outras foron trasladadas polas autoridades indonesias a zonas moi afastadas da súa terra orixinal, normalmente con desastrosas consecuencias. Así, os falantes da lingua nila malaio-polinesia que vivían nunha illa volcánica do extremo sur de Maluku foron trasladados polas autoridades indonesias á zona centro-sur da grande illa de Seram, a illa principal de Maluku Central (Wurm, 2003, p. 23).

Por outra banda, o feito de que non se poida nin propoñer salvar o ainu en Europa, ou o síux no deserto do Sahara ou o lardil en Indonesia, xa mostra que

entre lingua e territorio algunha relación ten que haber. E se non se aborda esta cuestión nos proxectos de planificación lingüística, a recuperación non pode ser máis que un proceso artificial e, xa que logo, abocado ao fracaso.

A interrupción da transmisión interxeracional é o punto clave do proceso, o momento a partir do que a recuperación xa é moi difícil, se non imposible, e, de calquera xeito, o momento en que a lingua entra en fase de decadencia. A diferenza coa alteración da relación da comunidade co territorio é que, se nun caso nos atopamos con factores xeralmente externos, cando alguén interrompe a transmisión toma aparentemente unha decisión individual, íntima, e este feito agocha moitas veces as enormes presións a que son sometidos os falantes para que abandonen a lingua e mesmo as contradicións que vive quen toma esta decisión, como di Marianne Mithun:

Os falantes destas linguas e os seus descendentes son moi conscientes do que pode supoñer a perda dunha lingua [...]. Cando unha lingua desaparece, tamén o poden facer os aspectos máis íntimos dunha cultura: modos fundamentais de organizar a experiencia en conceptos, de asociar ideas e de relacionarse con outras persoas. Tamén adoitan perderse os xéneros máis conscientes da oralidade: ritos tradicionais, oratoria, mitos, lendas e mesmo o humor. Moitos falantes comentan que cando falan noutra lingua din cousas diferentes e mesmo teñen pensamentos distintos (Mithun, 1998).

Os sentimentos destes individuos seguramente son moi próximos aos que describe Larreula:

Eu mesmo, na miña recollida de testemuños de dor de lingua, no ano 1976 falei en Perpignan cun home vello que á miña pregunta de por que non lles falara en catalán aos seus fillos explicoume que, de mozo, lle tocou facer o servizo militar no norte de Francia, e que alí, por mor das súas dificultades para expresarse correctamente en francés e do seu exótico acento meridional, foi o albo das mofas dos oficiais e de todos os seus compañeiros, que, como alá era habitual, para burlárense del chamábanlle «l'espagnol». As constantes humillacións e mesmo bromas crueis que recibiu durante aquela experiencia fixéranlo sufrir tanto, que desde ese momento prometeu que, cando tivese un fillo, nunca lle falaría en catalán, porque así, sendo francés de verdade, podería ir por todo o mundo, ningún o humillaría e non tería que sufrir todo o que el sufrira (Larreula, 2004).

A interrupción da transmisión pode acadarse tamén con outros procedementos que teñen pouco que ver coa vontade dos falantes. Desde finais do século XIX ata ben entrado o XX, varios gobernos levaron a cabo unha práctica terrible, que consistía en secuestrar os nenos das comunidades indíxenas para afastalos da súa cultura e lingua tradicionais. Como lembran Blokland e Hasselblatt, no caso do mansi:

Entre os anos cincuenta e sesenta atopáronse petróleo e gas natural na Siberia Occidental. A explotación destes recursos causoulle e aínda lle causa prexuízos considerables ao modo de vida tradicional mansi: nos anos sesenta arrasáronse seis millóns de hectáreas do hábitat natural do reno e contamináronse duascenas vinte mil hectáreas de ríos e lagos. Os oleodutos impiden que os renos se movan con liberdade e producen verteduras de petróleo á terra. As familias mansi foron concentradas en *sovkozoes* e os seus fillos foron enviados a internados onde, tras o primeiro ano, só se fala ruso. O alcoholismo aumentou incrivelmente e a esperanza de vida media sitúase entre os corenta e os corenta e cinco anos (Blokland e Hasselblatt, 2003, p. 127).

Aikhenvald fai unha descrición parecida, neste caso do Brasil:

Cando os misioneiros salesianos se estableceron na zona a principios dos anos vinte, impuxéronlles aos indios a escolarización ao estilo occidental, obrigando os nenos a asistiren a internados onde os facían falar só unha lingua do territorio, o tucano. O propósito dos salesianos era «civilizar» os indios. Isto non só supoñía convertelos en «bos cristiáns». Os salesianos tamén vían o multilingüismo tradicional deste territorio como un costume «pagán» e esforzáronse para que os indios fosen monolingües «coma todas as demais persoas civilizadas do mundo». O tucano foi elixido por ser a lingua maioritaria en número de falantes. Os misioneiros salesianos tamén practicaron o traslado forzoso de asentamentos indíxenas a lugares máis próximos ás misións —onde resultaba máis fácil controlar os indios— e a concentración de distintos asentamentos, eliminando así o sistema tradicional de casas longas de tribos e introducindo as casas unifamiliares de estilo europeo. Outro motivo da desintegración do multilingüismo tradicional foi a ruptura da relación ancestral entre o pai e mais o fillo. Dada a necesidade de cartos, todos os homes sans e fortes ían traballar para os brasileiros, por exemplo na recollida do lixo ou na minaría do ouro, polo que os nenos tiñan moito menos contacto coa lingua dos seus

país. Deste xeito, estendéronse o tucano e, en menor medida, outras linguas tucano orientais, en detrimento do tariana (Aikhenvald, 2002, p. 26).

Este procedemento, que se realizou de xeito sistemático en Australia, Siberia, Canadá e nos Estados Unidos de América, combina de feito os dous eixes que mencionamos: desprázase os falantes e interrómpeuse a transmisión. Moitas vítimas deste procedemento reclamáronlles aos gobernos respectivos polos danos inflixidos, por convertelos en estranxeiros para a súa propia familia, por furtarlles o código de comunicación co seu ámbito. Pero a eficacia deste sistema debería facernos tomar conciencia de que a recuperación non é só un proceso de recuperación da lingua, senón de restitución da propia historia, feito bastante difícil cando se chega á situación que describe Dalby sobre California:

Na actualidade, os poucos falantes nativos que quedan das linguas de California pertencen, na linguaxe politicamente correcta, a un grupo menos favorecido. Son favorecidos no tocante a coñecementos, pero desfavorecidos social e economicamente. Por que? De nenos, estas poucas persoas tiñan un contacto excepcionalmente intenso coas súas linguas, e isto porque as súas familias conseguiron mantelos afastados dos internados ou porque lograron escapar destes o antes posible, ou ben porque vivían con avós que non falaban palabra de inglés. Os pais de agora si asistiron a internados e por suposto falan inglés. Por desgraza, estes superviventes probablemente non lles poden transmitir a súa lingua aos seus fillos e, se poden, non teñen a motivación necesaria para facelo. Practicamente ningún deles casaría cun home ou cunha muller que fale a súa lingua: haberá moi poucas persoas no seu ámbito que falen a súa lingua. E mesmo os que casasen cun falante doutra lingua amerindia terían o inglés como lingua familiar por ser a alternativa máis práctica. En moitos casos «simplemente non quedaría ninguén no mundo con quen falar» a súa lingua materna. Ademais, despois do trato recibido na escola, algunhas persoas decidiron conscientemente non facer pasar os seus fillos polo mesmo martirio [...] pero, dada a falta de contexto, a perda de uso e a omnipresencia do inglés, aínda que decidisen tentar transmitir a súa lingua, sería para eles sumamente difícil facelo (Dalby, 2002, p. 239-240).

Situacións coma a de California ilustran bastante ben as dificultades ás que se enfronta calquera proceso de recuperación, especialmente cando se ten

que basear nunha comunidade que maioritariamente perdeu a súa lingua. Hai poucos procesos que tivesen éxito como para permitir o desenvolvemento de modelos de recuperación, pero hai suficientes como para decatarse de que os modelos de preservación que seguen os patróns occidentais non garanten o éxito. O cambio de *status*, por exemplo, non foi útil na revitalización do irlandés, tampouco é garantía de nada no caso do guaraní e non parece que tivese efectos destacables nas linguas bantú que son oficiais en Sudáfrica. Non podemos esquecer que, en moitas ocasións, a declaración de oficialidade é o mellor pretexto para non ocuparse da revitalización. Outro dos aspectos que cómpre ter en conta é o da escrita. Durante moitos anos e en moitos casos creuse que o desenvolvemento de estándares e sistemas de escrita era sinónimo de garantía de supervivencia. De feito, nalgúns casos pode ser inútil e ata contraproducente, como din Blokland e Haselblatt citando a Nikolaeva:

Non todos os especialistas opinan que a alfabetización é necesariamente boa e un indicador importante de desenvolvemento cultural: ao introducirmos a competencia escrita nunha sociedade como esta –a comunidade ob-ugria, RB-CH–, menosprezamos os seus modos ancestrais de transmisión da información, eliminamos os tons de sacralidade que puidesen existir nas tradicións orais e, no canto de preservarmos a cultura tradicional, só conseguimos difundir unha nova e envilecida (Blokland e Haselblatt, 2003, p. 111) (Nikolaeva 1995, p. 127).

Ou como di Xamanichna, un poeta totonaco: «Moitos indíxenas néganse a aprender a ler. Por que? Porque saben que lles ensinarán nunha linguaxe que non é a súa e, en consecuencia, saben que non aprenderán e prefiren ser como son» (León-Portilla, 1992, p. 23).

A morte das linguas ponnos diante moitos retos. Un dos fundamentais é xustamente a aceptación da diferenza, porque non podemos agardar que as comunidades preserven as linguas se o custo para facéreno é a marxinação e se as únicas linguas ás que se lles dá valor son as «lingüicidas». Cando todo o mundo sexa recoñecido polo que é e non polo que incorporou dos outros, daquela a revitalización das linguas comezará a ser posible. Agardemos que non sexa demasiado tarde.

BIBLIOGRAFÍA

- AIKHENVALD, A.: «Traditional multilingualism and language endangerment», en M. BRADLEY e M. BRADLEY (ed.): *Language Endangerment and Language Maintenance*, Curzon, London, 2002.
- AUSTIN, P. K. e A. SIMPSON (ed.): *Endangered Languages*, Helmut Buske Verlag, Hamburg, 2007.
- BATIBO, H.: «The Linguistic Situation of Tanzania», en K. KAHIGI, Y. KIHORE e M. MOUS (ed.): *Lugha za Tanzania/Languages of Tanzania*, CNWS Publications, Universiteit Leiden, 2000.
- BLOKLAND, R. e C. HASSELBLATT: «The endangered Uralic languages», en M. JANSE e S. TOL (ed.): *Language death and language maintenance. Theoretical, practical and descriptive approaches*, John Benjamins, Amsterdam, 2003.
- BRADLEY, D. e M. BRADLEY (ed.): *Language Endangerment and Language Maintenance*, Curzon, London, 2002.
- BRENZINGER, M. (ed.): *Language Death. Factual and Theoretical Explorations with Special Reference to East Africa*, Mouton de Gruyter, Berlin, 1992.
- BRENZINGER, M. (ed.): *Language Diversity Endangered*, Mouton de Gruyter, Berlin, 2007.
- COMELLAS, P.: *Contra l'imperialisme lingüístic*, Eds. la Campana, Barcelona, 2006.
- DALBY, A.: *Language in danger. How language loss threatens our future*, Allen Lane, The Penguin Books, 2002.
- DIMMENDAAL, G.: «Language contraction», en M. BRENZINGER (ed.): *Endangered Languages in Africa*, Rüdiger Köppe Verlag, Köln, 1998.
- DORIAN, N. C.: «Grammatical change in a dying dialect», *Language*, 49 (1973), p. 413-438.
- DORIAN, N. C.: «The problem of the semi-speaker in language death», *Linguistics*, 191 (1977).
- DORIAN, N. C. (ed.): *Investigating obsolescence. Studies in language contraction and death*, Cambridge University Press, 1987.
- DRESSLER, W.: «La mort de les llengües», *Limits*, 3 (1987), Ed. Empúries, Barcelona, p. 87-99.
- DUCHÈNE, A. e M. HELLER (ed.): *Discourses of Endangerment*, Continuum, London, 2007.
- FISHMAN, J. A.: *Reversing Language Shift*, Multilingual Matters, 1991.
- FISHMAN, J. A.: «On the limits of ethnolinguistic democracy», en T. SKUTNABB-KANGAS e R. PHILLIPSON (ed.): *Linguistic Human Rights. Overcoming Linguistic Discrimination*, Mouton de Gruyter, Berlin, 1994.
- FISHMAN, J. A. (ed.): *Can threatened languages be saved?*, Multilingual Matters, 2001.
- GRENOBLE, L. A. e L. J. WHALEY: *Endangered Languages. Current Issues and Future Prospects*, Cambridge University Press, 1998.
- GRENOBLE, L. A. e L. J. WHALEY: *Saving languages. An Introduction to language revitalization*, Cambridge University Press, 2006.
- HAARMANN, H.: *Language in Ethnicity. A View of basic Ecological Relations*, Mouton de Gruyter, Berlin, 1986.
- HAARMANN, H.: *Babylonische Welt. Geschichte und Zukunft der Sprachen*, Campus Verlag, Frankfurt/New York, 2001.
- HAGÈGE, C.: *Halte à la mort des langues*, Odile Jacob, Paris. Traducción española: *No a la muerte de las lenguas*, Paidós, Barcelona, 2000.
- HARRISON, K. D.: *When languages die. The Extinction of the World's Languages and the Erosion of Human Knowledge*, Oxford University Press, 2007.

- HINTON, L. e K. HALE (ed.): *The Green Book of Language Revitalization in Practice*, Academic Press, San Diego, 2001.
- JANSE, M. e S. TOL (ed.): *Language death and language maintenance. Theoretical, practical and descriptive approaches*, John Benjamins, Amsterdam, 2003.
- JUNYENT, M. C.: *Vida i mort de les llengües*, Ed. Empúries, Barcelona, 1992.
- JUNYENT, M. C.: *Contra la planificació*, Ed. Empúries, Barcelona, 1998.
- KRAUSS, M.: «The world's languages in crisis», *Language*, 68 (1992) p. 4-10.
- LARREULA, E.: *Dolor de llengua*, Edicions 3 e 4, Valencia, 2004.
- LEE, T. e D. McLAUGHLIN: «Reversing Navajo Language Shift, Revisited», en J. A. FISHMAN (ed.): *Can threatened languages be saved?*, Multilingual Matters, 2001.
- LEÓN-PORTILLA, M.: *Literaturas indígenas de México*, Mapfre, Madrid, 1991.
- MITHUN, M.: «The significance of diversity in language endangerment and maintenance», en L. A. GRENOBLE e L. J. WHALEY (ed.): *Endangered Languages. Current Issues and Future Prospects*, Cambridge University Press, 1998.
- NETTLE, D. e S. ROMAIN: *Vanishing Voices. The extinction of the world's languages*, Oxford University Press, 2000.
- ROBINS, R. H. e E. M. UHLENBECK (ed.): *Endangered languages*, Berg, Oxford/New York, 1991.
- TASAKU TSUNODA: *Language Endangerment and Language Revitalization. An Introduction*, Mouton de Gruyter, Berlin, 2006.
- THOMASON, S. G.: *Language Contact. An Introduction*, Edinburgh University Press, 2002.
- TSITSIPIS, L. D.: *A Linguistic Anthropology of Praxis and Language Shift. Arvanitika (Albanian) and Greek in Contact*, Oxford University Press, 1998.
- VIC WEBB e KEMBO-SURE (ed.): *African Voices. An Introduction to the Languages and Linguistics of Africa*, Oxford University Press, 2000.
- WURM, S.: «Language in the Greater Pacific Area», en M. JANSE e S. TOL (ed.): *Language death and language maintenance. Theoretical, practical and descriptive approaches*, John Benjamins, Amsterdam, 2003.

Retruque

**RETRUQUE AO RELATORIO
DE M. CARME JUNYENT**

Pilar García Negro

Universidade da Coruña

Sexan as primeiras palabras para expresar os parabéns ao Consello da Cultura Galega polos seus primeiros vinte e cinco anos de vida, e porque o grafismo que escolleron olla para o futuro: convida a imaxinar produtivamente a nación galega e, dentro dela, naturalmente, a lingua, como moi ben Carme Junyent tamén recordaba.

Alégrame moito, en segundo lugar, encontrarme coa profesora Carme Junyent aquí, na nosa terra, na Galiza; en anteriores ocasións, coincidíramos na súa, en Cataluña, ou noutros lugares. Dá xenio comprobarmos, máis unha vez, como a frescura e a renovación do seu pensamento seguen vivas, sobre todo porque sitúa a lingua como o que é: institución humana basilar e primaria, para toda a humanidade, non, por tanto, dun punto de vista eurocéntrico, senón planetario, abrangente de todos os pobos do mundo.

O que ela acaba de recordar incide nunha necesaria hixiene epistemolóxica, pola que eu tamén avogo, necesarísima en materia lingüística, para distinguir realidade obxectivas –comprobables historicamente, analizables cientificamente– de mitos, lendas, supersticións e, aínda, *supercherías*... que formarían parte do que eu denomino humoristicamente «suciolingüística». Neste mesmo espírito e intención esclarecedora, suxiro as seguintes puntualizacións:

En primeiro lugar, o título deste foro é reversible: *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade* podería moi ben ser *Sociedades plurilingües: da diversidade á identidade*, porque ela, a diversidade, non é unha calidade adxectiva da especie humana, senón esencial, tal e como Castelao xa o interpretaba perfectamente cando acudía á imaxe de que o sol aluma por igual todo o planeta e fai negros en África e brancos en Europa e, sobre todo, cando entendía a diversidade de Babel non como un castigo senón como unha condición ínsita á propia natureza humana e ao propio desenvolvemento da humanidade. Non existe a lingua, en abstracto; existen aS linguaS –como con maiúscula gráfica se encargaban de subliñar as entidades organizadoras do primeiro congreso que portaba

tal nome, en contestación ao dedicado unicamente ao español–, linguas, en plural, como produtos e manifestacións da común facultade humana: a posesión da linguaxe, molde do pensamento, anverso e reverso da mesma moeda.

En segundo lugar, aclarariamos como o «corpo do delito», no que atinxe ao problema das linguas que padecen unha situación subordinada a respecto dunha outra dominante, atoparémolo sempre fóra da lingua mesma; é extralingüística a causa, a orixe, da depresión-represión-opresión –e non estou a xogar a ramificacións etimolóxicas...– das linguas que a padecen. Sofre o problema o código, reséntese a lingua na súa totalidade, coñece perda funcional e, por aquí, debilítase o órgano en si, mais a causalidade é sistémica, obedece a razóns de imposición económico-política que se serve, tamén, da imposición lingüística para reforzar a súa hexemonía. Non vale, xa que logo, a tan repetida confusión entre lingua e metalingua. A primeira existe na sociedade –por iso, na disciplina Sociolingüística o primeiro lexema resulta epíteto do segundo–; a segunda é obxecto formal de variadas disciplinas científico-gramaticais. Mais debe ficar claro que o problema dunha lingua como o galego, na actualidade –ou o catalán a que se referiu a profesora Junyent–, non se explica desde a Filoloxía ou a Dialectoloxía, senón desde a Historia e a Socioloxía.

A terceira aclaración desexo vinculala á exhibición dun mapa físico de nós, da Galiza. A información que este mapa nos comunica, así, de primeira man e sen maior averiguación, revela unha distintividade marcada da nosa base infraestrutural. Sabemos que somos a nación europea con máis quilómetros de costa –mil douscentos, aproximadamente–; con fachada ao Atlántico e mais ao Cantábrico; quince ou dezaseis rías; portos naturais e portiños –en termo españolizado, «calas»– en gran número. Sabemos que somos o país dos mil ríos e posuidores dunha moi particular orografía, con comarcas fortemente diferenciadas, a despeito dos apenas trinta mil quilómetros cadrados de extensión actual, ao igual que microclimas e situacións xoeconómicas diversas. A infraestrutura é nidia e inequivocamente galega, distintiva, como, para ben ou para mal, foi visto desde os primeiros historiadores que se ocuparon de nós. Vaiamos agora á estrutura, á lingüística, en concreto: en calquera lugar onde pousemos o lapis ou o indicador, aparecerá un topónimo tamén distintamente galego: Agolada, Celanova, Ribadeo, Lugo, Xinzo de Limia, Portela, Taboada, Lamas..., mínima mostra dos trinta e tres mil núcleos de poboación que temos –a metade de todo o

conxunto dos territorios do Estado-, alén dunha abondosísima hidronimia e microtoponimia, igualmente galega. Repararemos a seguir na superestrutura, isto é, na lingua en que están redactadas as informacións e indicacións deste mapa, que foi distribuído no seu día polo xornal de maior tiraxe dos editados na Galiza. Agora lemos: «simbología de interés turístico»; «aeropuerto»; «puerto comercial»; «otros lugares de interés»; «fiestas», etc. Ula, a ruptura? Onde está a ruptura e quen a executa? Quen rompe unha continuidade «natural» en virtude da cal o uso voluntario e escollido, predeterminado, rompe o *continuum* mencionado?

En cuarto lugar, a variable cuantitativa non é elemento caracterizador, en termos definitorios, dunha lingua. Non é obviamente «máis» lingua o inglés –con centos de millóns de falantes en todo o mundo– do que o islandés, con non máis de douscentos oitenta mil. Do mesmo xeito, o concepto de minoría lingüística cumprirá referencialo sempre verbo da lingua de que se trate e das súas condicións situacionais e contextuais: a minoría alemán-falante, en Bélxica, goza de perfecta saúde; non ten problemas de oferta e prestacións a minoría igualmente xermana do Sud-Tirol, como non os ten en absoluto o 7 ou 8% de sueco-falantes de Finlandia, que contan cun estatuto de cooficialidade garantido. Nada a ver, claro está, con minorías moi pouco ou nada nomeadas, como as dos nosos emigrantes galegos por moitos lugares do mundo adiante e en gran número historicamente: nos países de destino, comprobaron que ou aprendían e sabían, nunha medida mínima, ao menos, alemán ou sabían alemán; e o mesmo predicariamos para o inglés ou o francés.

En quinto lugar, viaxamos historicamente desde a imposición do monolingüismo ferreño da lingua oficial do Estado español á admisión e propaganda interesada do bilingüismo, nunha conversión perversa da evidencia desigualitaria en obxectivo, en ideoloxema de distribución actual. Viaxamos, por tanto, do disfemismo ao eufemismo: da punición total das linguas que non fosen o español á súa aparente inclusión no cadro, con tal de elas manterem e se resignaren ao seu rol secundario e en permanente subterranidade. O tal bilingüismo é fillo, en todo caso, dun xogo trucado, dunha dupla moral, a que o considera san, beneficioso e aínda inevitable para os falantes das linguas B e nunca proclamable como ben necesario e aínda como conquista para os usuarios das linguas A. Bilingüismo de conveniencia ou, mellor dito, de *comenencia*...

En sexto lugar, o plurilingüismo –reiteramos– non é calidade adxectiva, senón substantiva. É un elemento, diríamos, do repertorio, en falándonos da humanidade no seu conxunto. Non é, pois, en termos estritos, unha «riqueza», senón unha condición ínsita aos grupos, ás sociedades en que se organiza a especie humana como tal. Non somos, os humanos, clónicos, senón individuos vinculados a un grupo. Se posuímos unha lingua dada, non é en calidade de individuos singulares, senón de membros dunha sociedade determinada. Adoito dicir que todas e todos temos moitos máis anos dos que figuran no noso documento de identidade: todos portamos en nós moito do que nos precedeu e do que, por tanto, nos constrúe na sincronía en que vivimos. Unha outra cousa é a utilización colateral do termo e do concepto, predicado como adquisición necesaria ou conveniente. Neste sentido, recordaremos o xa dito: a súa aplicación ha de ser a *tutti quanti*, non só aos falantes das linguas B. Utilizado como eufemismo dunha situación desigual, equivalerá a un medicamento paliativo, sen metáfora clínica, mais non remediará en absoluto a doenza curable: a necesidade de normalización desa lingua B. Nese sentido, a invocación tan frecuente ao inglés como a solución do conflito galego/español non ten a menor validez resolutive, non sendo como reforzador e lexitimador dun imperialismo lingüístico –a escala mundial ou estatal– que se quere presentar como fatal e irreversible.

Lembraremos, así mesmo, como entre nós, afortunadamente, non prosperou a oferta do galego só para os que o posúisen como «lingua materna». Estou a evocar debates de hai moitos anos –xa décadas– nos que tivemos de defender arduamente a impartición do galego e en galego para todos os escolares e non só para aqueles ambiental e socialmente familiarizados con el. Única vía real de reintegración e de cohesión unitiva para toda a sociedade galega, comunidade escolar incluída. Foi así como o galego chegou simultaneamente a aulas da montaña de Lugo, da universidade compostelá, de institutos de ensino secundario da Coruña, das, daquela, universidades laborais ou de escolas moi afastadas de calquera vila ou cidade.

A imprescindible planificación lingüística, en todas as súas variantes e modalidades, segue a ser obriga inescusable dos poderes públicos. Condición necesaria, mais non suficiente, pois ha de ir acompañada da precisa pedagogía social, como se leva facendo desde hai décadas, para que, paulatinamente, a minoría galego-consciente dilate as súas marxes, aspire a deixar de selo e consiga que a

sociedade toda internalice a importancia, tamén material, da posesión íntegra da lingua galega. A noción de normalización debe deixar de se utilizar como como-dín semántico en acepcións que resultan ser o contrario da súa denotación: en primeiro lugar, élle aplicable á lingua que a precisa, non como sinónimo dunha especie de expediente regulador de emprego, á maneira do capitalismo habitual; en segundo lugar, brandida como mero recurso declarativo ou, aínda, declamativo, non compromete a nada práctico, e avaliable e corrixible, se for o caso; en terceiro lugar, cumprirá marcar e coñecer os seus fitos procesuais, para non caer-mos en operacións redundantes que non teñen o menor efecto multiplicador verbo da expansión do galego.

O pensamento, en fin, non se expresa a través das palabras: vive nelas. O coñecemento cabal da lingua galega –ao que convido cordialmente á colega Carme Junyent– conta cun grande atractivo engadido, que é o caudal da súa literatura clásica, auténtico cosmos de valor particular e universal. A crise que vive aínda o galego como lingua é debedora, xa se dixo, de razóns extralingüísticas: se política e social foi a súa erradicación, a súa «expulsión do paraíso», política e social ha de ser, irremediabilmente, a súa reposición, a súa devolución e reinstalación na terra e na sociedade que a alimentaron secularmente e dela se valeron sen necesidade de o xustificaren nin precisión de artificios compensatorios. Esta reposición ha de operar, obviamente, sobre o mundo real e o tempo real en que vivimos, tal e como afirmaba lucidamente o profesor Ricardo Carvalho Calero: «unha língua non pode perpetuar-se se non se exercita, unha língua non pode realizar-se se non se proxecta sobre un mundo real». Nesas estamos...

A GLOTOPOLÍTICA DE GALICIA

Relatorio

DEMOCRACIA E POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN GALIZA*

Xaime Subiela

Politólogo

* A segunda parte deste texto ten un desenvolvemento máis amplo no meu artigo «As razóns da lingua galega», publicado no número 179 da revista *Grial* (2008)

Este texto divídese en dous grandes apartados; o primeiro dá conta de como se desenvolveron as políticas lingüísticas en Galiza durante o período democrático –circunscibíndose aos últimos vinte e cinco anos–; o segundo, abre unha vía de reflexión sobre a fundamentación democrática da normalización lingüística, en concreto cales deben ser os fundamentos morais da intervención pública da promoción da lingua galega.

1ª PARTE: AS POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS NA DEMOCRACIA

Considero que, respecto desta parte, non son moitas as novidades sobre os textos que xa daban conta das características principais da política lingüística da Xunta de Galicia, especialmente do departamento dedicado á promoción da lingua galega, a DXPL/SXPL: H. Monteagudo (1997), Cidadanía-CCG (2002) e X. Subiela (2002); xunto a achegas máis recentes como X. Bouzada (2005), A. Lorenzo (2005). Entendo que as explicacións destes textos teñen plena vixencia e, xa que logo, no presente traballo baseareime neste fondo de coñecemento para realizar dous exercicios: por unha parte, incluír unha serie de reflexións máis de fondo ao fío das explicacións da política lingüística en Galiza; e pola outra, estenderei as miñas consideracións ata o momento presente, introducindo algunhas valoracións sobre a súa evolución.

Proceso social e económico. Modernización de Galiza

O proceso de «modernización» de Galiza tivo un atraso importante en relación con outras sociedades da nosa contorna. A maioría da poboación mantivo unhas dinámicas de comportamento características das sociedades tradicionais ata ben entrado o século XX. Obviamente, importantes sectores sociais galegos foron

partícipes dos procesos modernizadores dos países occidentais, tanto no plano económico, con desenvolvemento industrial e a incorporación de lóxicas capitalistas ou tipos de cultivos no ámbito agrario; como no plano social, con certa urbanización e algunhas mudanzas na estrutura social; ou no plano das ideas, coa aparición de movementos ideolóxicos parellos ao conxunto das sociedades occidentais.

Non obstante, ata a década dos sesenta non se produce un proceso modernizador masivo, con vontade de penetrar en todos os lugares e dimensións da sociedade galega; este estivo asociado ao modelo «desarrollista» español. Desde os anos sesenta ata o momento actual as transformacións sociais foron moi profundas e rápidas; pasamos de ser un país maioritariamente vinculado ao sector primario –agricultura e pesca– de corte tradicional, a un país bastante terciarizado, cunha estrutura social máis semellante ao resto das sociedades occidentais. Procédese a unha desagrarización relativa da sociedade galega e tamén a unha urbanización importante, un abandono paulatino das aldeas en tránsito cara ás cidades e vilas galegas –anteriormente o noso proceso urbanizador tiña como principal destino cidades como Bos Aires, Montevideo, A Habana, e logo en Lausanne, Barcelona, Bilbao e Madrid.

Reproducción diglósica da lingua galega

As linguas non permaneceron alleas ás transformacións sociais da modernización de Galiza. Os cambios que se produciron na sociedade galega nas últimas décadas tamén trouxeron consigo mudanzas profundas na utilización das linguas, que, ao meu ver, dan conta do proceso de substitución lingüística do galego.

Pero, antes disto, pode ter interese facer unha pregunta en sentido inverso; máis que cuestionar a actual perda de falantes de galego, podemos preguntarnos como é que o galego foi o idioma de instalación da gran maioría da poboación ata datas tan recentes? Como é posible que a forza uniformizadora do Estado moderno español non fose quen de homoxeneizar a sociedade galega?

Está claro que a incorporación do castelán penetrou nas elites sociais galegas de maneira temperá; todos os corpos vinculados ao Estado operaban nesta lingua, pero tamén outros segmentos sociais poderosos –elite eclesiástica, burguesa, etc. A lingua asociada á construción do Estado-nación moderno foi no noso

caso o castelán e, xa que logo, o proceso nacionalizador do Estado español –procurar unha correspondencia cultural coas fronteiras políticas– estivo asociado á extensión desta lingua. Este proceso ten unha importancia central na concepción dos idiomas, tal e como nos explica o *Euromosaic*: «as linguas de Estado, as linguas “modernas”, as que debían utilizarse para exercer actividades “modernas” que esixían a esencia da razón: Administración, educación, ciencia. As outras podían utilizarse no contexto emocional do “tradicional”».

Ou sexa, que a lingua «moderna» do Estado é clave para operar no ámbito moderno, pero non resulta moi relevante para aqueles sectores sociais que permanecen suxeitos ás dinámicas tradicionais. Para ir coas vacas, ou facer zocos, falar castelán tampouco ten demasiada importancia; só cando hai unha expectativa firme de mobilidade social –a emigración sería unha variante disto– cobra sentido incorporar o castelán como instrumento útil para desenvolverse no novo contexto –para un/ha mesmo/a ou para a súa descendencia. Ao longo do século XX, o sistema educativo xogou un papel destacado neste sentido, dado que as destrezas adquiridas na escola, como a aprendizaxe en lingua castelá, tiñan importancia para a cualificación profesional de determinados traballadores.

No ámbito da comunidade rural tradicional, o galego tiña garantida a súa reprodución para as funcións circunscritas a ese ámbito, igual que estaba garantida a presenza da lingua castelá para as funcións asociadas ao Estado e ás clases dominantes. Na medida en que a sociedade galega mantivo características tradicionais podemos falar de reprodución lingüística diglósica, no sentido de que as dúas linguas en contacto son utilizadas para funcións diferentes, e unha delas está asociada aos usos de dominación política e social; pero tamén reprodución, xa que a lingua, no ámbito da comunidade tradicional, se traslada de pais a fillos sen maiores interferencias –mesmo en períodos onde a escolarización en castelán era case universal.

Aventúrome a dicir algo máis, que os usos lingüísticos en Galiza funcionaron como unha marca de clase que era funcional para as clases dominantes, en canto que o castelán os distinguía dos «sectores populares»: labregos, traballadores manuais, etc., e ata certo punto estaban interesados en reproducir a diferenza.

Podería dicir que o idioma galego conservou tan amplo nivel de uso ata data recente, debido a un certo «arcaísmo» da sociedade galega, que garantía a súa reprodución lingüística diglósica. Tamén neste sentido nos advertía o *Euromo-*

saic de que a maioría dos grupos lingüísticos minoritarios da Unión Europea, case todos eles de linguas non estatais, están na periferia económica.

Mobilidade social e non reprodución da lingua galega

O tránsito de «comunidade tradicional» a «sociedade moderna» –en palabras de Ferdinand Tönnies– é a transformación de fondo que ensancha as posibilidades da mobilidade social e que establece certos requisitos para medrar na sociedade moderna. No noso caso, o ascenso social –a partir dun determinado nivel– levaba asociado a utilización do idioma en que operaban as clases dominantes, e que era o instrumento de utilización escrita no que se atopaba calquera documentación, ademais de estar prohibida a utilización do galego en moi diversos ámbitos.

Como dixen, a gran mudanza da sociedade galega a partir da década dos sesenta é a clave para comprender a amplitude e profundidade do proceso de substitución lingüística actual. Con anterioridade, o castelán xa tiña unha presenza relevante nos ámbitos urbanos (Rei Doval), pero ata esa altura Galiza era unha sociedade maioritariamente rural –e tradicional. A medida que o groso da poboación se traslada ao ámbito urbano, rómpese de maneira masiva a reprodución da lingua galega, dado que os pais e as nais educan os/as seus/súas fillos/as na lingua en que estiman que lles vai ir mellor na vida. Pero, ademais, outras axencias de transmisión do castelán, como a educación ou os medios de comunicación, eran máis accesíbeis ao conxunto da poboación e máis determinantes para a evolución social.

Neste contexto, o castelán convértese na lingua do progreso e o galego asóciase co atraso, con aquilo do que se quería fuxir. A lingua galega aparece como un marcador de identidade negativa, un estigma de procedencia que é deostado no mundo «moderno», unha característica que identifica ao seu portador cun mundo que valora negativamente e, xa que logo, unha «diferenza» que preferiría non ter.

En sentido complementario, a lóxica de diferenciación social conduciu a extremar esta marca; en moitos contextos a cuestión xa non era que falases en castelán, senón demostrar canto de lonxe estabas do galego –xa que se valoraba a súa ignorancia.

Proceso político. Democracia e institucionalización da Comunidade Autónoma

A instauración dun réxime democrático en España e a constitución de Galiza como Comunidade Autónoma estableceron a estrutura de oportunidade que permitiu a actuación pública de salvagarda duns mínimos dereitos para os galegofalantes, nun primeiro momento, e a promoción da lingua galega, posteriormente.

Transición democrática

A instauración da democracia estableceu a estrutura de oportunidade política que fixo posible a cobertura pública para os dereitos dos galegofalantes, e do propio idioma galego como un valor que salvagardar e promover. No caso español, o proceso de conquista das liberdades e de reivindicación das nacións históricas foi bastante parello; e do mesmo xeito os procesos de instauración dun réxime democrático e a descentralización política.

Neste sentido, o momento histórico do último franquismo e da transición á democracia xerou un ambiente favorable a reivindicacións como as da lingua; considerábase que a falta de democracia atinxía non só ás liberdades e á representación política, senón tamén á pluralidade cultural e lingüística do Estado. A utilización pública de idiomas diferentes ao castelán vivíase como un exercicio de conquista das liberdades e de xustiza histórica; pero tamén noutro sentido, reivindicacións de carácter nacional incluían esa dimensión de conquista das liberdades; na linguaxe da época, a liberación do «pobo oprimido» –democracia para o conxunto dos cidadáns– estivo bastante ligada á liberación dos «pobos oprimidos» –vindicación de dereitos colectivos.

Ao feito de que o galego fose a lingua da maioría da sociedade, e a lingua das clases menos favorecidas, xuntouse a súa consideración como lingua que nos definía como colectividade diferenciada ao longo da historia. A idea de pobo utilizábase en sentido múltiple e impreciso, xa que en si mesma é un significante evocador e con potencialidade mobilizadora; isto permitía confundir vindicacións de orde democrática, de esquerdas, e as galeguistas/nacionalistas.

Todo isto producíase en oposición a un réxime autoritario que incorporaba como parte fundamental do seu discurso o nacionalismo español, cunha concepción monolítica e represiva de España, na que non había cabida para dife-

renzas culturais, e menos cando estas tivesen significación política. Máis adiante comentarei o significado da Constitución española na configuración do novo marco de liberdades no ámbito lingüístico.

O Estado das Autonomías

O proceso de descentralización fixo confluír en España as dimensións política e administrativa. Dun Estado fortemente centralizado pasouse a un sistema que daba conta da necesidade de descentralización administrativa –de cara a un mellor servizo aos cidadáns e unha maior eficiencia– e das reivindicacións políticas en favor da autonomía política de diversos territorios –onde distintos suxeitos internos reclamaban dereitos de autogoberno.

O Estado das Autonomías é unha resposta única a estas dúas cuestións, que acabou conformando unha dinámica de descentralización política de corte federalizante; outorgáballe carácter político a cadansúa unidade –existencia de parlamentos autónomos, executivos, competencias propias, etc.–, e, dalgún xeito, equiparaba o conxunto das comunidades autónomas, agás no plano cultural e lingüístico.

Os motores do proceso de descentralización política foron protagonizados polas reivindicacións catalá e vasca, e en menor medida por outras comunidades. Isto provocou que se establecese un contexto máis favorable ás reivindicacións do conxunto das linguas minorizadas. Foi frecuente que Cataluña e o País Vasco establecesen o marco de relación co Estado, ou a normativa de promoción da lingua propia constitucionalmente aceptable, pero, sobre todo, establecían o modelo de referencia –para o noso caso, a normativa do galego tendeu a imitar principalmente á catalá.

Institucionalización da Comunidade Autónoma Galega

A instauración de Galiza como Comunidade Autónoma foi o factor determinante para a existencia da política lingüística. O Estatuto de autonomía establecía un marco de competencias propias, entre as que se atopaba a materia lingüística, e outras en que o Parlamento e a Administración autonómicos estaban obrigados a facer xestión das linguas, como o ensino, os medios de comunica-

ción públicos, ou a lingua de expresión da propia Administración. Tamén abría un campo de posibilidades no resto das competencias, que coincidiu no tempo cun período de expansión de determinados servizos públicos –por exemplo a sanidade–, onde, desde os anos oitenta ata mediados dos noventa, a Comunidade Autónoma Galega foi adquirindo importantes competencias.

Cómpre chamar a atención sobre a importancia que cobrou a lingua como capital simbólico de lexitimación das institucións autonómicas e de diferenciación política. Durante estes vinte e cinco anos, estableceuse unha dinámica política entre as forzas que encabezaban os gobernos autonómico e central, que levaba á confrontación cando non coincidía a mesma forza política nos dous gobernos. Un exemplo disto foi cando en setembro de 1987 o goberno de Alianza Popular promulgaba o decreto que establecía o galego como idioma vehicular de varias materias no Ensino Medio, impugnado polo executivo de Felipe González diante do Tribunal Constitucional, que deu lugar á histórica manifestación de decembro de 1987, á que asistiu Xerardo Fernández Albor.

A actuación pública sobre a lingua na Galiza democrática

Caracterización da política lingüística en Galiza

- O principal obxectivo implícito da política lingüística foi evitar a confrontación por motivos lingüísticos e asemade rendibilizar o capital simbólico da lingua galega. Creo que a relevancia da ausencia de conflictividade social arredor das linguas podemos valorala hoxe de xeito máis benevolente, xa que está comprobado que as reaccións en contra da normalización lingüística poden ter un certo alcance social.
- Podemos considerar a política lingüística da Xunta de Galicia como de baixa intensidade (A. Lorenzo), caracterizada polo seu carácter morno e a súa escasa densidade e diversificación. En termos politolóxicos, poderíamos denominala «incrementalista»: ir facendo. Un facer sen molestar, que equivaleu segundo os casos a non facer, ou ben a facer en asuntos pouco problemáticos –acotío de escasa relevancia para a promoción social da lingua–, e sobre todo a establecer normas declarativas de dereitos cun certo grao de ambición para as que logo non se habilitaban medios para o seu cumprimento.

Tamén é certo que o contido declarativo da lexislación tiña un carácter simbólico, tendo a pretensión de ser utilizada como factor de concienciación (Ferreira, Nogueira, Tato e Villares). A lexislación en moitos casos tiña un carácter «tendencial», operaba como unha referencia á que se debería chegar, máis que como uns mínimos exixibles; cabe dicir que isto é relativamente frecuente noutros campos, como o medio natural, as políticas de igualdade, etc.


- Confrontación cos principais axentes promotores da normalización lingüística.
- A política lingüística galega foi unha imitación adaptada do modelo catalán, como xa expliquei. Cataluña definía o marco do posible e aceptable, o marco conceptual –normalización, lingua propia, etc.–, e xogaba como punta de lanza de accións que desenvolver –se ben pola súa vez estes imitaban maioritariamente o modelo do Quebec.

Contidos principais da política lingüística da Xunta de Galicia

- Estandarización do *corpus* e centralidade do lingüístico. Durante o período preautonómico estableceuse a norma do idioma galego –Instituto da Lingua Galega-USC e Real Academia Galega–, que tivo un desenvolvemento do *corpus* lingüístico durante todo o período: vocabularios, dicionarios, gramáticas, etc. Este foi un dos campos máis atendidos durante este período e tamén un dos máis controvertidos, e orixinou un conflito sobre a norma que enfrontou a boa parte dos axentes promotores da lingua galega.
- As principais actuacións da Xunta de Galicia atenderon ao desenvolvemento da Lei de normalización lingüística:
 - No ámbito da educación, incorporar o idioma galego como materia e logo como lingua parcialmente vehicular do ensino, establecendo os decretos que tiveron maior repercusión pública, e que foron obxecto de reclamación polo seu incumprimento por parte dos axentes da NL.
 - A Administración autonómica asumiu a utilización da lingua galega na súa comunicación escrita, tanto interna como na relación cos cidadáns –por exemplo, o DOG difúndese case exclusivamente neste idioma.
 - Na creación dos medios de comunicación públicos galegos, radio e televisión, decidiuse que utilizasen en exclusiva o idioma galego –agás na publicidade no caso da TVG.

–No tocante aos topónimos das poboacións galegas, aprobáronse as formas galegas como legais para todos os efectos. Un dos conflitos simbolicamente máis relevantes do período tivo que ver coa utilización en castelán do topónimo da Coruña.

- A Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación –actualmente Secretaría Xeral vinculada á presidencia da Xunta de Galicia– interveu en diversos campos, destacando as súas actuacións no referido á formación en lingua galega para adultos, nas axudas para promover o uso do galego en diversas entidades, na xeración de recursos para a galeguización e nas campañas de promoción e sensibilización social. Vemos de maneira sintética o conxunto das actuacións da Xunta de Galicia, especialmente as da DXPL/SXPL.



7. Creación de SNL/ENL en entidades e organismos públicos e privados.
8. Subvencións e axudas a empresas e asociacións.
9. Subvencións para a promoción da edición.
10. Subvencións a medios de comunicación privados.



7. Facilitar e promover o seu uso nas entidades. Garantir o uso correcto.
8. Promover a galeguización dos usos escritos públicos das organizacións.
9. Aumentar a oferta de recursos en galego, sobre todo no ensino.
10. Incrementar o uso do galego nos medios de comunicación.

Fonte: elaboración propia sobre a base do libro *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Volume I: *Política lingüística: análise e perspectivas*

Emerxencia dun novo ciclo de política lingüística en Galiza

Nos últimos anos producíronse unha serie de cambios arredor da política lingüística no noso país que apuntaban cara a unha actuación máis consensuada en favor da lingua galega; un impulso decidido que abrise un novo ciclo, tan agardado polos axentes promotores do idioma galego. Os cambios aos que me refiro son, segundo A. Lorenzo: a modificación da normativa (RAG) en 2003, a aprobación do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega en 2004, e o cambio de goberno en 2005 coa creación dunha Secretaría Xeral de Política Lingüística na presidencia da Xunta de Galicia.

A Real Academia Galega procedeu á modificación das normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego no ano 2003, a partir do traballo dunha comisión integrada por académicos numerarios, representantes dos departamentos de Filoloxía Galega das tres universidades de Galiza e do Instituto da Lingua Galega. Para o seu presidente, Xosé Ramón Barreiro Fernández, «a busca da concordia lingüística explica que se introducirán aspectos asumibles doutras propostas normativas». Esta situación estableceu un novo consenso, máis integrador das diferenzas que sostían os/as diversos/as especialistas e axentes promotores da lingua galega.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG) promovido pola anterior Administración da Xunta de Galicia foi tamén un exercicio na procura dun novo consenso sobre a política lingüística. A implicación de diversos sectores con diferentes sensibilidades sobre o tema permitiu chegar a un acordo base

de planificación lingüística que establecía novos retos e un compromiso público como nunca houbera desde a Lei de normalización lingüística en 1983.

O cambio no goberno tamén supuxo unha nova expectativa, por unha banda, o propio cambio xa significaba unha renovación, e por outra, desprazar o departamento responsable da Consellería de Educación á presidencia da Xunta de Galicia recollía unha vella demanda que o concibía como dinamizador dunha actuación transversal do conxunto do goberno galego. Pero, sobre todo, agardábase unha actuación máis decidida e coherente, máis atenta á efectividade social da intervención pública.

Ao meu xuízo, nesta década tamén se asistiu a un certo cambio de paradigma na promoción da lingua galega, que procuraba unha maior efectividade das accións e un mellor acomodo democrático no tocante á recepción destas. O discurso hexemónico do activismo e a «macrosociolingüística» complementouse co discurso e a práctica dos/as profesionais de diversas institucións, que procuraban recursos máis operativos para a intervención concreta desde as administracións públicas a nivel micro/meso.

Os plans dalgúns concellos e universidades comezaron a incorporar fórmulas de planificación estratéxica, concibindo os plans como un proceso de intervención social en si mesmo, un proceso que procuraba activar dinámicas de colaboración entre os axentes promotores do galego e poñer estas accións en diálogo co conxunto da sociedade. Pártese da idea de que a implicación dos actores no proceso de reflexión e proposta activa os recursos precisos para a súa posta en marcha e resulta unha garantía do seu compromiso e efectividade. Considerase aos actores do proceso como suxeitos con criterio propio que dispoñen de ideas e recursos, non só como un obxecto sobre o que se actúa.

A nova situación, froito dos cambios confluentes, anunciaba un momento de consenso e novo impulso, xerou unhas expectativas que polo momento non foron cumpridas. Por unha parte, o cambio no goberno fixo que o Partido Popular adoptase posicións moi diferentes ás que mantiña cando gobernaba; unha vez na oposición, está a dar unha certa cobertura a algúns movementos contrarios á normalización lingüística e ao propio PXNLG consensuado baixo a presidencia do señor Fraga Iribarne; un dos obxectivos desta nova estratexia é connotar as accións do goberno como radicais e impositivas. Por outra parte, o departamento responsable da política lingüística no novo goberno non foi quen

de establecer retos ambiciosos e xerar alianzas estratéxicas cos activos para a promoción do galego na sociedade. Houbo diversos aspectos que melloraron de forma substancial, pero non se atenderon de todo as expectativas xeradas.

Ao meu xuízo, o cambio de goberno desenvolveu actuacións positivas en diferentes campos:

- O decreto do ensino que establece que o 50% das materias teñan o galego como lingua vehicular. Tamén considero interesantes os esforzos por coordinar, dinamizar e proporcionar materiais aos equipos de NL dos centros de ensino.
- A mudanza nos cursos de formación en lingua galega; o sistema CELGA define a aprendizaxe en termos de capacitación comunicativa e homólogos coa formación noutras linguas.
- Activouse a Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia, con reunións a distintos niveis que procuran concertar diferentes actuacións de carácter transversal. Considero moi razoable que as primeiras accións se dirixiran a aproveitar as propias potencialidades da Administración autonómica –estratexia de dentro cara a fóra.
- A oferta para a «escolarización» en galego na primeira infancia, especialmente a introdución do galego como lingua da rede pública de escolas infantís. O momento da adquisición da linguaxe é clave para a reprodución da lingua galega e para que o conxunto das nenas e nenos estea familiarizado con esta lingua.
- O importante aumento de recursos tecnolóxicos en lingua galega. Así como a dinámica de promoción do galego no tocante á sociedade da información: TIC, contidos nas web, a proposta do dominio «.gal», etc.
- Promover a creación e a xeración de contidos culturais en lingua galega. Facerlle accesibles ao conxunto da poboación recursos culturais diversificados neste idioma. Tamén a proxección internacional da cultura galega e a xeración dun tecido económico arredor da cultura en lingua galega.
- Unha actuación integrada no ámbito empresarial, a través dos servizos que se ofrecen desde a Confederación de Empresarios de Galicia.
- Reorientación dalgunha programación dos medios públicos galegos, dirixidos a atraer xente nova sen reducir a audiencia de sempre, como no caso da radio galega.

- Establecemento de cláusulas que condicionen os apoios públicos á utilización dun mínimo de comunicación pública en idioma galego, salvagardando os dereitos dos consumidores –como no caso do comercio.

Do lado das carencias poderíamos comentar:

- Unha actuación máis decidida da Secretaría Xeral de Política Lingüística que puidese exercer un novo liderado social neste campo, incorporando os diferentes actores a unha estratexia pública concertada.
- Establecer os medios para poder facer cumprir as normativas legais sobre o galego, especialmente no ensino.
- A actuación coordinada entre as diferentes administracións, especialmente o tan nomeado Consorcio coas administracións locais; o que permitiría unha coordinación «multinivel», gañando en eficiencia e diferenciación por tipos de contextos; este Consorcio tamén facilitaría unha mellor dotación e cualificación de profesionais neste campo.
- As axudas aos medios de comunicación privados continúan carecendo de efectos perceptibles na evolución dos usos do idioma galego.
- Falta explorar en varios ámbitos o efecto social da galeguización da Administración.
- Continúa a haber dificultades graves en certos ámbitos tradicionalmente reticentes á incorporación do idioma galego; a Mesa pola Normalización Lingüística facilitou o dato de que as sentenzas en galego representan o 7% do total.
- Necesidade de acordos estratéxicos, como plans, pactos sociais que se elaboren en colaboración cos propios sectores, que permitan ensamblar a acción pública coa social.
- Producción de materiais en lingua galega, máis orientada a atender eficientemente as necesidades de maior importancia social.

Considero que segue sendo o momento de promover grandes consensos que incorporen nunha estratexia compartida os principais actores: as forzas políticas galegas, os axentes de promoción da lingua galega na sociedade, os axentes representativos da sociedade galega, incluíndo as institucións máis relevantes. En

períodos anteriores había unha certa confusión sobre a maneira de acadar este consenso. A procura dunha boa receptividade das accións da política lingüística –cando menos que non se dese un rexeitamento activo– adoitaba ir ligada á lasitude; evitar problemas conxugando un alto nivel de compromiso e un baixo nivel de intervención. Entendo que evitar a crispación social en materia de linguas é un obxectivo valioso para a sociedade galega e para o propio proceso de normalización lingüística, pero este debe fundamentarse en consensos fortes sobre bases sólidas: compromisos integradores para o conxunto da sociedade.

2ª PARTE: A DEMOCRACIA NAS POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS

Reflexión sobre os fins da política lingüística en Galiza

Na segunda parte mudarei de linguaxe e introducireime en campos pouco transitados polo mundo das análises sobre as linguas por esta latitudes. Nesta sección intentarei desenvolver razoamentos que fundamenten o «para que» do uso do idioma galego. A maioría das discusións na nosa comunidade circunscríbense ao «por que» a lingua galega está na situación actual –explicación sociolingüística– e o «como» da intervención –a normalización lingüística–. O «para que» cambia en parte o foco da cuestión; xa non se concentra en como pode mellorar a lingua galega, senón en que beneficios obteñen as persoas que utilizan esa lingua.

Procurarei facer unha reflexión aberta sobre cales son as razóns que avalan a intervención pública en favor da lingua galega. Falo de reflexión aberta, no sentido de non estar prefixada e tamén polo feito de ser unha tentativa inicial de abordar argumentos «universais» sobre o «para que» da promoción pública da lingua galega, e cales serían as intervencións lícitas das administracións públicas. Creo conveniente reflexionar de maneira aberta sobre os «fins» da normalización lingüística e, xa que logo, abordar a razoabilidade da política lingüística en Galiza.

Obviamente, a razón está presente nos argumentos da normalización lingüística, o que acontece é que estas razóns son maioritariamente de carácter instrumental. É dicir, a racionalidade aplícaselle ao medio a través do que debemos che-

gar a unha situación desexada, pero raramente se valora a bondade dos obxectivos que se perseguen, o que tamén sucede de forma habitual noutros ámbitos sociais e políticos. Os argumentos que se recollen no presente texto atenden fundamentalmente á razoabilidade destes, e non á súa racionalidade instrumental. Dito de forma máis concreta, máis que reflexionar sobre a mellor forma de chegar á normalización da lingua galega, pensamos en cales son os obxectivos que se deben perseguir en materia de lingua en Galiza e cales son as vías lícitas para acadalos.

Tamén creo necesario introducir a cultura da razoabilidade noutro sentido, e transitar da lóxica da evidencia á lóxica da argumentación, incorporando as razóns de carácter universal na promoción do idioma galego. Considero que non se lle debe ter medo ao debate aberto, a introducir as discusións do plano internacional e a promover razóns substantivas, non só as razóns de carácter instrumental para un obxectivo prefixado; a cuestión sería achegar novas razóns e apuntalar as supostas evidencias nos debates sobre a lingua galega.

Por que e de que maneira as administracións públicas deben promover a lingua galega

Poderes públicos e linguas

O primeiro que cabe dicir é algo obvio, os poderes públicos non son neutros en materia lingüística; «se é posíbel e incluso recomendábel que un Estado permaneza neutral respecto da etnicidade ou da relixión, non é posíbel facelo coa lingua» (IDH, 2004). E isto por varias razóns: primeiro porque os Estados se comunican nunha ou varias linguas determinadas; segundo porque oficializan o seu uso e obrigan os seus cidadáns a que a/s coñezan, e determinan cales deben ser utilizadas no espazo público –por exemplo polos medios de comunicación–, e tamén definen como deben ser aprendidas e utilizadas no ámbito educativo. En moitos sentidos, o Estado está na obriga de facer unha xestión das linguas que operan no seu territorio, máis ou menos consciente.

O Estado moderno caracterizouse por ser un Estado nacionalizador, é dicir, procurou que o conxunto dos seus súbditos –posteriormente cidadáns– dispuxese dunhas características culturais homoxéneas. A diferenza do poder medie-

val, ou do poder dos imperios, o Estado moderno procurou unha correspondencia cultural cos límites do seu territorio, a creación dunha nación axustada ás súas fronteiras (E. Gellner). En palabras de Will Kymlicka,

os Estados-nación non apareceron no principio dos tempos e tampouco xurdiron da noite para a mañá: son o produto de meticulosas políticas de construción nacional, adoptadas polos Estados para difundir e robustecer o sentimento vinculado á condición de nación. Estas políticas inclúen currículos educativos nacionais, apoio para uns medios de comunicación nacionais, adopción de símbolos nacionais e de leis sobre a lingua oficial, leis de cidadanía e naturalización, etc. Por esta razón, quizá sexa mellor describir estes Estados como «Estados de construción nacional» ou como «Estados nacionalizantes» no canto de facelo como «Estados-nación».

No caso español, é ben coñecido o carácter obrigatorio do castelán e as trabas para o uso da lingua galega ata épocas recentes. Os poderes públicos do Estado buscaban a homoxeneidade lingüística e cultural nos límites do Estado-nación, para o que desenvolveron políticas asimilacionistas semellantes ás da maioría dos Estados europeos. Podía haber certa diversidade interna sempre que non tivese significado político de diferenza e que se percibise como xerarquicamente inferior á lingua española por antonomasia: o castelán.

Por suposto, a Constitución habilitou un marco que permitía desenvolvementos estatutarios que amparasen a protección xurídica das demais linguas do Estado; establecendo diversas consideracións: «o castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de a coñecer e o dereito de a usar»; o carácter cooficial das outras linguas, se así se define nos estatutos; o principio territorial que circunscribe ás outras linguas ao ámbito da súa comunidade autónoma.

A implantación dunha política lingüística en Galiza hai que enmarcala a partir deses antecedentes: o castelán é a lingua do Estado, define este idioma como oficial para todo o territorio e establece a pauta do «normal»: un Estado = unha lingua, e o que se escape de aí é unha anomalía á que hai que procurarlle un aco modo nun Estado democrático. Establécese unha especie de política lingüística de oficio –por defecto–: de entrada, o castelán é o idioma de obrigado coñecemento para toda a poboación española e presuponse que toda comunicación no espazo público debe ser en castelán en todo o territorio español; calquera varia-

ción desta pauta hai que argumentala en boa medida como unha excepción á norma xeral.

Os estatutos de autonomía definiron este desenvolvemento constitucional, procurando que as institucións das comunidades autónomas con lingua propia se erixisen nas principais valedoras destas. En Galiza hai política lingüística en boa medida porque hai institucións autonómicas. Queda por analizar como o aparato autonómico tamén operou como un axente «nacionalizante», asentado nunhas fontes de lexitimidade diferentes ás do Estado central, nas que a lingua galega tivo un importante papel.

Distribúense de xeito tácito os papeis das administracións na protección de cada lingua: as institucións centrais do Estado deben ser as valedoras preferentes da lingua castelá, e as institucións autonómicas, das linguas propias de cada Comunidade; o que sucede é que a actuación do Estado central é apenas perceptible, e só se valoran como políticas de promoción dunha lingua as das autonómicas.

Política lingüística democrática

Todos os Estados están na obriga de realizar algún tipo de xestión das linguas, pero non todas son igualmente democráticas. Neste apartado analizamos diversos requirimentos para que unha política lingüística poida considerarse democrática; de entrada, cómpre ter en conta que a receptividade cara a estas políticas ten un carácter dinámico, no que o marco social interacciona coas propias actuacións públicas. En termos de François Grin, na oferta de políticas hai que ter en conta a demanda de políticas.

Aquí imos expoñer de que maneira a política lingüística é unha responsabilidade dos poderes públicos para facer efectivos os dereitos de todos os cidadáns, ou salvagardar un ben que ten un valor público para o conxunto da sociedade. Pero os fundamentos morais da democracia pluralista e o liberalismo político –cos que case todos/as coincidimos– indican que as persoas deben ser capaces de formar o seu propio sentido do ben (J. Rawls), e, xa que logo, para os poderes públicos democráticos non son lícitas –moralmente aceptables– todas as formas de promoción dunha lingua; como ben dicía John Locke: «a fe imposta politicamente é un absurdo que non lle pode compracer a Deus».

Liberdade cultural, linguas e desenvolvemento humano

As linguas a favor dos galegos e galegas

Considero un requirimento democrático central que a política lingüística se desenvolva en favor dos galegos e galegas (Amartya Sen). Isto pode semellar unha obviedade pero é bastante habitual que os humanos nos afastemos das nosas propias creacións, e estas cobren unha natureza que se volve contra nós.

Isto tamén sucede no caso das linguas. É frecuente que utilicemos versións reificadas das linguas, de maneira que consideremos os obxectivos lingüísticos un fin para o que as persoas que o utilizan son o instrumento portador. Neste texto mudamos o enfoque: os/as falantes somos portadores dun ben e, xa que logo, instrumentos para a continuación dese ben; pero a cuestión relevante é como ese ben pode ser valioso para as persoas que o teñen e para os seus descendentes. Desde este punto de vista, as linguas son valiosas na medida en que o son para as persoas e as comunidades que as falan; fundamentamos este argumento nas ideas de «desenvolvemento humano» e «liberdade cultural» que utilizan o Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) e a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), recollido de forma extraordinaria no *Informe sobre desenvolvemento humano 2004. A liberdade cultural no mundo diverso de hoxe*.

«O desenvolvemento humano é o proceso polo que se amplían as opcións da xente para que esta faga e sexa o que valora na vida»; deste xeito, outros procesos que inflúen no desenvolvemento humano, como o crecemento económico, son importantes pero de ningunha maneira exclusivos; este concepto máis integrador trae as persoas e as súas vontades a primeiro termo, e por iso as dimensións culturais e identitarias cobran un novo valor, en canto xeradoras de sentido para os seres humanos.

«A liberdade cultural constitúe unha parte fundamental do desenvolvemento humano, posto que para vivir unha vida plena é importante poder elixir a identidade propia –o que un é– sen perder o respecto polos demais ou verse excluído doutras alternativas». A modernidade defínese pola autonomía, pola liberdade de elección individual, pero esta hai que considerala nun sentido amplo, «a liberdade cultural é que a xente poida vivir e ser aquilo que

escolle e contar ademais coa posibilidade adecuada de optar tamén por outras alternativas».

A concepción que facemos aquí das linguas e as políticas lingüísticas ten que ver con estas ideas: como definimos unha política lingüística que amplíe as capacidades humanas das galegas e galegos, considerando de forma substantiva a súa vontade e as posibilidades de optar. Isto, ao meu xuízo, fundamenta unha actuación decidida en favor da lingua galega, para que sexa unha opción efectiva que se converta nunha oportunidade real para a cidadanía galega. Pero tamén acouta cales son accións públicas lícitas na promoción das linguas, e cales son os límites da normalización lingüística en canto enxeñaría social. A primacía da autonomía persoal e a consideración kantiana das persoas como un fin en si mesmo fan que estableza unha certa prevención cara á reificación das linguas, «a liberdade cultural consiste en ampliar as opcións individuais e non en preservar valores nin prácticas como un fin en si cunha lealdade cega cara ás tradicións».

Por que é bo falar en galego

Neste apartado imos argumentar máis en concreto cal é o valor que pode ter a lingua galega para as galegas e galegos, globalmente para a nosa sociedade e para o conxunto da humanidade. Na mesma liña que o exposto anteriormente, mostramos en que sentido a promoción pública da lingua galega pode comprenderse como un factor de desenvolvemento humano.

O VALOR PARA AS PERSOAS. O PLURILINGÜISMO AMPLÍA AS CAPACIDADES DAS PERSOAS

A Unión Europea indícanos que «o termo multilinguismo aplica-se a uma situação na qual diversas línguas são faladas numa dada área geográfica e à capacidade de uma pessoa dominar várias línguas. Assim, o multilinguismo é uma característica-chave da Europa em ambas as suas acepções.

As vantagens de conhecer línguas estrangeiras são inquestionáveis. A língua é via para a compreensão de outros modos de vida, o que, por sua vez, abre o caminho para a tolerância intercultural. Além disso, as competências lingüísti-

cas tornam mais fácil traballar, estudar e viajar através da Europa e permiten a comunicación intercultural».

Tamén establece como: «Factores determinantes numa sociedade multilingüe:

- O obxectivo a longo prazo de que todos os cidadáos da UE falem dúas línguas para além da súa lingua materna
- Aprendizagem de línguas ao longo da vida desde uma idade muito precoce
- A importância da educación».

A campaña da Universidade de Vigo: *Europa é plurilingüe, quen sabe galego sabe algo máis* recolle de forma sintética os beneficios do plurilingüismo no tocante á ampliación das capacidades cognitivas, capacidades de aprendizaxe e, en xeral, un ensanchamento das oportunidades en sentido amplo. «A experiencia en moitos países mostra que a educación bilingüe que combina a instrución na lingua materna co ensino na lingua nacional dominante abre oportunidades educacionais e doutro tipo» (IDH, 2004). E como ben di o mencionado documento «ninguén terá liberdade para falar/escribir entre varias linguas se só sabe falar e escribir unha. Non pode haber liberdade lingüística sen coñecemento lingüístico».

MULTILINGÜISMO ADITIVO

O conxunto das políticas lingüísticas desenvolvidas en Galiza, mesmo as propostas máis ousadas neste sentido, tenden a procurar o bilingüismo, comprendido como unha forma en que o conxunto da cidadanía dispón de xeito efectivo de dúas linguas. Ao meu xuízo, as accións públicas, privadas e sociais de promoción do idioma galego teñen o bilingüismo como meta social; outra cousa é que para acadar este obxectivo os poderes públicos deban actuar decididamente en favor do galego, para compensar a desigualdade estrutural de partida entre as diferentes comunidades de falantes. Ten xerado gran confusión a utilización do termo bilingüismo, non como un obxectivo social, senón como forma de actuación pública que trata de xeito formalmente equiparable dúas realidades cunha desigualdade real de fondo.

Xa teño comentado que en Galiza a única sociedade monolingüe imaxinable é en castelán, e que na práctica os galegofalantes somos os bilingües reais. As

accións en favor do galego son para que Galiza sexa unha comunidade efectivamente bilingüe; por iso, un non acaba de entender como este termo, xunto a outros como liberdade, tolerancia, etc., son valores socialmente hexemonizados polos detractores da normalización lingüística.

É importante comprender a promoción do idioma galego como unha estratexia para aumentar as capacidades humanas; dito en negativo, que non reducimos as oportunidades relacionadas co uso do castelán. Como sinala Will Kymlicka «as desigualdades no acceso a unha lingua privilexiada eran unha das principais orixes doutras desigualdades sociais. A igualdade social só podería acadarse a través da igualdade na aprendizaxe e o uso da lingua». Entendo que a promoción do idioma galego non debe identificarse cunha mingua das posibilidades que nos ofrece o castelán, non só porque sexa pouco realista, senón porque estaríamos pechándolles portas ás galegas e galegos. En todo caso, non hai base empírica ningunha que poida sustentar ese futuro; o que sabemos a día de hoxe é que as persoas que dispoñen de altas destrezas en lingua galega tamén as teñen en lingua castelá.

IDENTIDADE EXPRESIVA, A LINGUA GALEGA E A IDENTIDADE COMO PROXECTO

O cambio cultural que se está a producir nas sociedades occidentais asígnalles maior importancia aos «valores de autoexpresión». «Estes valores danlles crecente importancia ás liberdades políticas e civís da democracia, que lles ofrece máis liberdade ás persoas para perseguir a liberdade de expresión e autorrealización. Os novos valores de autoexpresión transforman a modernización nun proceso de desenvolvemento humano ao fomentar unha sociedade que está cada vez máis centrada nas persoas. Velaquí un reflexo dunha transformación humanista da modernidade [...]. Unha maior énfase nos valores de autoexpresión conduce a xente á demanda de defender a liberdade de elección» (Inglehart e Welzel).

Na sociedade moderna, a identidade non é algo dado, unha mera adscrición a un colectivo, senón un exercicio de liberdade de opción no que se conectan elementos dunha traxectoria vital ou colectiva cun proxecto que te vincula a determinada comunidade humana. A identidade cobra sentido cando hai posibilidade de opción. «Despois de todo, preguntar “quen es ti” só cobra sentido cando se cre que un pode ser alguén diferente ao que é» (Zygmunt Bauman).

Que un opte polo que ten máis próximo, polo «propio», non deixa de ser unha opción, «mesmo a decisión de afirmar unha identidade minoritaria adquirida ao nacer non é xa unha actitude natural senón que se converte nun acto de elección fronte a toda unha gama de alternativas accesibles» (Rainer Baubök).

A feliz expresión adoptada por Xan Bouzada e Anxo Lorenzo, de «lingua de liberdade», sintetizaba moi ben os novos usos da lingua galega; o idioma aparece como un compoñente dunha identidade expresiva, que os suxeitos utilizan como unha maneira de mostrarse no mundo. Pero a identidade tamén é complexa –múltiple e variable– e muda en función dos contextos e dos «outros» sobre os que se define o «eu». Ademais, non é algo simplemente externo, no que as persoas se relacionan co mundo exterior, senón algo constitutivo do propio «eu», a identidade é un proxecto sempre en proceso. Neste sentido, desde estas liñas alentamos a promover a consciencia da propia identidade; se a identidade non é só o que un/ha é senón como un/ha se vai facendo –en relación co contorno–, cobra moita relevancia a reflexividade. Unha identidade reflexiva que poña en relación o que un/ha é co que un/ha ambiciona ser, a identidade debe ser tamén unha estratexia emancipadora que nos permita mellorar na vida.

A LINGUA GALEGA E A POTENCIALIDADE DA COMUNICACIÓN LUSÓFONA

É unha oportunidade extraordinaria –que rompe en parte a consideración do galego como lingua minoritaria– o vínculo que ofrece o idioma galego para conectarnos cun espazo comunicativo internacional nunha das linguas máis faladas do mundo. Neste sentido, deberíamos estreitar a relación simbólica co mundo lusófono e incrementar de xeito importante os intercambios comunicativos entre as comunidades de lingua portuguesa e Galiza. Ao meu xuízo, deberíamos «desconnotar» ideoloxicamente esta conexión e apreciar a potencialidade para a cidadanía galega –que a Comunidade Estremeña nos leve a dianteira neste ámbito débese a un complexo bastante absurdo–; o feito de non a aproveitar limita as oportunidades das que os galegos e galegas xa poderían dispor con escaso esforzo suplementario. Obviamente, este lazo ten proveito para a sociedade galega en diversas dimensións e resulta especialmente interesante para reforzar os nosos vínculos coa eurrrexión Galiza-Norte de Portugal, e tamén a potencialidade de Brasil para a nosa relación con América.

O VALOR PARA A COMUNIDADE. SUSTENTABILIDADE: VALOR PÚBLICO DA LINGUA

«Para expandir as liberdades culturais, requírense políticas explícitas que aborden as negacións das liberdades culturais» (IDH, 2004); as políticas lingüísticas en Galiza abordan esta situación. Para que unha comunidade cultural «minoritaria» exista como opción cómpre que as institucións velen pola súa supervivencia. As maiorías teñen dereito a utilizar os poderosos recursos do Estado moderno para manter e desenvolver a súa cultura nacional (W. Kymlicka).

No noso caso, as institucións do autogoberno deben salvagardar a lingua galega como un valor público que protexer, algo valioso que debe desenvolverse para que poida ser unha alternativa que permaneza viva para os habitantes de Galiza presentes e futuros. A sustentabilidade dunha comunidade lingüística (A. Bastardas) quere dicir salvagardar un compoñente valioso para as persoas.

O concepto de lingua propia pode ser considerado neste sentido, os poderes públicos galegos son os encargados de velar polo desenvolvemento da lingua como un ben público intanxible, valioso para o conxunto da comunidade, e como unha opción efectiva na nosa sociedade. As institucións públicas galegas deben garantir a súa sustentabilidade.

DIGNIDADE IGUALITARIA E INTEGRACIÓN SOCIAL

A idea de liberdade cultural inclúe a igualdade efectiva de oportunidades; isto precisa políticas de acción positiva para compensar as desvantaxes estruturais; en termos constitucionais, «remover os obstáculos» que manteñen a discriminación social. A política lingüística procura, entre outras cousas, velar polo dereito dos galegofalantes a utilizar a súa lingua en todos os ámbitos da vida –dereito que teñen garantido os que falan en castelán en Galiza.

Ademais, a promoción da lingua galega ten en Galiza unha dimensión de «inclusividade simbólica» e de integración social; «recoñecer unha lingua implica máis que a súa mera utilización. Simboliza o respecto polas persoas que a falan, a súa cultura e inclusión total na sociedade» (W. Kymlicka). Ten un valor importante para a cohesión social e territorial das galegas e galegos.

Fronte á «identidade negativa» aínda presente no noso país, a política lingüística ten un compoñente de promoción da dignidade igualitaria e a identi-

dade positiva de todas as persoas. Unha «política de recoñecemento» (Charles Taylor) outórgalles unha igual dignidade aos falantes da lingua que ten unha consideración social desprestixiada. Os poderes públicos deben actuar sobre unha das fontes de discriminación social que opera na sociedade galega.

En moitos sentidos, o galego é a lingua do pobo, «a énfase na importancia do “pobo” representa unha fonte de dignidade para todos os individuos, sexa cal sexa a súa clase [...]. O uso da lingua do pobo é unha confirmación de que a comunidade política lle pertence en realidade ao pobo e non á elite. De modo que non debера sorprendernos que a maioría das persoas sintan un profundo vínculo emocional co vernáculo, un vínculo que vai máis alá do interese puramente instrumental» (W. Kymlicka).

O VALOR PARA A HUMANIDADE. DIVERSIDADE CULTURAL

A diversidade consiste en apreciar o valor externo da cultura para os que non pertencen a ela, pero tamén ten un valor para os individuos en canto accesibilidade a outras culturas asociadas a grupos diferentes do propio. É dicir, creo que a importancia da diversidade non ten que ver coa «diferenza» cultural, senón coa ampliación das oportunidades das persoas a través do diálogo intercultural.

En palabras de Rainer Baubök, «o valioso da diversidade non é simplemente a diferenza, senón o feito de que proporciona oportunidades de comunicación entre formas de vida elixidas e reflectivas. Non hai, xa que logo, xustificación ningunha para impor a diversidade segregando grupos e animándoos a procurar preservar prácticas culturais tradicionais. A diversidade accesible é algo que se opón tanto á uniformidade a través da asimilación como á diferenza a través da segregación». Entendo que as sociedades modernas non poden comprender as culturas como totalidades holísticas e, polo tanto, a diversidade é algo constitutivo de calquera sociedade moderna, que pode reforzar por consideralo algo valioso a través do diálogo con «outras culturas».

PECHE

É posible que o exercicio que veño de facer non achegue novos argumentos para a promoción da lingua galega, e que vaia máis ben na liña de lexitimación do

que hai. En todo caso, penso que é útil apuntalar as razóns da normalización lingüística que están na base da intervención pública das nosas institucións.

Como diría Will Kymlicka, «os liberais igualitaristas desexan ser tomados en serio, e tipicamente concíbense a si mesmos como articuladores das normas e valores básicos da cultura política existente, máis que como creadores dun sistema utópico de valores que nada ten que ver coas conviccións da xente». Penso que é un exercicio que debemos facer, pretensioso, pero necesario.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ CÁCCAMO, Celso (1987): «Fala, bilingüismo, poder social», *Agália* 10, AGAL, 127-150.
- BASTARDAS I BOADA, Albert (2004): «Cap a una 'sostenibilitat lingüística': conceptes, principis i problemes de l'organització comunicativa dels humans per al segle XXI», en *Diàleg sobre 'Diversitat lingüística, sostenibilitat i pau'*, Barcelona, Fòrum Universal de les Cultures.
- BAUBÖK, Rainer (1999): «Justificaciones liberales para los derechos de los grupos étnicos», en Soledad GARCÍA & Steven LUKES, *Ciudadanía: justicia social, identidad y participación*, Madrid, Siglo XXI.
- BAUMAN, Zygmunt (2005): *Identidad*, Madrid, Losada.
- BECK, Ulrich; Anthony GIDDENS & Scot LASH (2001 [1994]): *Modernización reflexiva*, Madrid, Alianza.
- BENHABIB, Seyla (2006 [2002]): *Las reivindicaciones de la cultura. Igualdad y diversidad en la era global*, Buenos Aires, Katz.
- BERLIN, Isaiah (1998 [1969]): «Dos conceptos de libertad», en *Cuatro ensayos sobre la libertad*, Madrid, Alianza.
- BOURDIEU, Pierre (1999 [1985]): *¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*, Madrid, Akal.
- BOUZADA, X. (2005): «Cambio de valores e o futuro da lingua galega», *Grial* 165, 80-93.
- BOUZADA, X. & A. M. LORENZO SUÁREZ (1997): *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- CABRERA, Julio (1992): *La nación como discurso. El caso gallego*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.
- CALVET, Louis-Jean (1998 [1996]): *A (Socio)lingüística*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- CARBALHO CALERO, Ricardo (1990): *Do galego e da Galiza*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- CASARES BERG, Håkan *et al.* (2003): «Actitudes lingüísticas en Galicia», *Grial* 160, pp. 52-59.
- CASTELLS, Manuel (2003 [1997]): *La era de la información, vol. 2. El poder de la identidad*, Madrid, Alianza.
- CIDADANIA, REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS (2002). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I: Política lingüística: análise e perspectivas*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- COOPER, Robert Leon (1997 [1989]): *La planificación lingüística y el cambio social*, Cambridge, Cambridge University Press.
- DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA (2004): *Plan xeral de normalización da lingua galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- FERNÁNDEZ PAZ, A.; A. M. LORENZO SUÁEZ & F. RAMALLO (2007): *A planificación lingüística nos centros educativos*, Santiago de Compostela, SXPL-Xunta de Galicia.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Mauro (2000): «Cuando los hablantes se niegan a elegir: multilingüismo e identidade múltiple en la modernidad reflexiva», *Estudios de Sociolingüística* 1, Universidade de Vigo.
- FERREIRA, Xavier *et al.* (2005): *Estatuto xurídico da lingua galega*, Vigo, Xerais.
- FLETCHER, George (2003): «Razones para la autodefensa lingüística», en Robert MCKIM & Jeff MCMAHAN (comps.), *La moral del nacionalismo*, Barcelona, Gedisa.
- GARCÍA NEGRO, María Pilar (2000): *Direitos lingüísticos e control político*, Santiago de Compostela, Laiovento.

- GRIGNON, Claude & Jean Claude PASSERON (1992): *Lo culto y lo popular*, Madrid, La Piqueta.
- GRIN, François (2000): *Evaluating policy measures for minority language in Europe*, Flensburg, European Centre for Minority Issues (ECMI).
- IBARRA, Pedro (2005): *Nacionalismo: Razón y pasión*, Barcelona, Ariel.
- IGLESIAS ÁLVAREZ, Ana (2003): *Falar galego: «no veo por qué»*, Vigo, Xerais.
- INGLEHART, Ronald & Christian WELZEL (2006 [2005]): *Modernización, cambio cultural y democracia: la secuencia del desarrollo humano*, Madrid, CIS.
- JARDÓN, Manuel (1993): *La «normalización lingüística», una anomalía democrática. El caso gallego*, Madrid, Siglo XXI.
- KOENIG, Matthias (1998): *El buen gobierno democrático en las sociedades multiculturales*, Documento de debate n.º 30, MOST, UNESCO.
- KYMLICKA, Will (1996 [1995]): *Ciudadanía multicultural. Una teoría liberal de los derechos de las minorías*, Barcelona, Paidós.
- KYMLICKA, Will (2003 [2001]): *La política vernácula. Nacionalismo, multiculturalismo y ciudadanía*, Barcelona, Paidós.
- LORENZO GALLEGU, Marcos (2005): *Liquidación de existencias*, Ourense, Difusora.
- LORENZO SUÁREZ, Anxo (2005) «Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego», *Cadernos de Lingua 27*, Real Academia Galega.
- LOSADA, Antón (2002): «Las instituciones importan: Identidad nacional y autogobierno en España: el caso gallego», en *Identidad y autogobierno en sociedades multiculturales*, Barcelona, Ariel.
- MAIZ SUÁREZ, Ramón (1997): *A idea de nación*, Vigo, Xerais.
- MAIZ, Ramón & Willian SAFRAN (coords.) (2002 [2000]): *Identidad y autogobierno en sociedades multiculturales*, Barcelona, Ariel.
- MILLER, David (1997 [1995]): *Sobre la nacionalidad*, Barcelona, Paidós.
- MONTEAGUDO, H. (1997): «Quince anos de política lingüística», *Grial* 136, 527-548.
- MONTEAGUDO, H. (1999): *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- MONTEAGUDO, H. (2002): «A lingua galega na sociedade: descrición actual e perspectivas de futuro», en VV.AA., *A normalización lingüística a debate*, Vigo, Xerais, 7-46.
- MORIN, Edgar (2003 [1990]): *Introducción al pensamiento complejo*, Barcelona, Gedisa.
- MOURE, Teresa (2003): «A batalla das linguas no mundo actual. Multilingüismo e antiglobalización», *Grial* 160, pp. 19-29.
- NELDE, Peter; Miquel STRUBELL & Glyn WILLIAMS (1996): *Euromosaic: Producción e reprodución de grupos lingüísticos minoritarios da Unión Europea*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- NINYOLES, Rafael (1990 [1975]): *Estructura social e política lingüística*, Vigo, Ir Indo.
- NUSSBAUM, Martha C. (1999 [1996]): *Los límites del patriotismo. Identidad, pertenencia y «ciudadanía mundial»*, Barcelona, Paidós.
- PROGRAMA DAS NACIÓNS UNIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO (PNUD) (2004): *Informe sobre desarrollo humano 2004. Libertad cultural en el mundo diverso de hoy*, Barcelona, Mundi-Prensa.
- RAMALLO, Fernando; Gabriel REI DOVAL e Xoán Paulo RODRÍGUEZ YAÑEZ (2000): *Manual de Ciencias da Linguaxe*, Vigo, Xerais.
- REGUEIRO TENREIRO, Manuel (1999): *Modelo harmónico de relación lingüística. Estudio en Galicia*, [A Coruña], 3C3.

- REI-DOVAL, Gabriel (2007): *A lingua galega na cidade no século XX. Unha aproximación sociolingüística*, Vigo, Xerais.
- REQUEJO, Ferran (coord.) (2002): *Democracia y pluralismo nacional*, Barcelona, Ariel.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel: (2000 [1961]): *Sempre en Galiza*, Vigo, Galaxia.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Francisco (1991 [1976]): *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- ROMAINE, Suzanne (2002): «The Impact of Language Policy on Endangered Languages», en Matthias KOENIG (ed.), *IJMS Vol. 4, N.º 2, 2002 Protecting Endangered Minority Languages: Sociolinguistic Perspective*, UNESCO.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (1998): *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisado ós 30 anos do seu ingreso na RAG*, A Coruña, Real Academia Galega.
- SECCIÓN DE LINGUA (2005): *A sociedade galega e o idioma: evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- SIGUÁN, Miquel (2005): *La europa de las lenguas*, Madrid, Alianza.
- SUBIELA, X. (2002): «Política lingüística en Galicia», en VV.AA., *A normalización lingüística a debate*, Vigo, Xerais, 83-130.
- TAYLOR, Charles (2001 [1992]): *Multiculturalismo y la «política del reconocimiento»*, Madrid, FCE.
- UNESCO-AD HOC EXPERT GROUP ON ENDANGERED LANGUAGES (2003): *Language Vitality and Endangerment*, UNESCO.
- VARENNES, Fernand de (1997): *Hablar o no hablar. Los derechos de las personas pertenecientes a minorías lingüísticas*, Documento do Grupo de traballo sobre as minorías das Nacións Unidas.
- VV.AA. (1997): *Perspectivas da normalización lingüística*, Grial 136, Vigo, Galaxia.

Retruque

**DEREITO E PLURILINGÜISMO.
EVOLUCIÓN NORMATIVA E
GARANTÍA DOS DEREITOS
LINGÜÍSTICOS**

Alba Nogueira

Universidade de Santiago de Compostela

CONTEXTO HISTÓRICO DAS PRIMEIRAS LEIS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O bloque de constitucionalidade, integrado pola Constitución e o Estatuto, deixou en mans dos lexisladores autonómicos a determinación do contido efectivo da declaración de oficialidade e a definición do proceso de normalización lingüística. O Estatuto de autonomía de Galicia deixou practicamente sen desenvolver a regulación lingüística e isto foi un elemento que o Tribunal Constitucional usou posteriormente na sentenza do Tribunal Constitucioanal (STC) 64/1986 para declarar inconstitucional a obriga que introducía a Lei de normalización lingüística de coñecer o galego, ao entender que a remisión da Constitución para a regulación do contido da oficialidade se facía ao Estatuto e non a unha lei ordinaria. Ben cedo, en 1983, Galicia aproba por unanimidade a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística¹. Tan só uns meses antes, Euskadi e Cataluña aprobaran as súas respectivas leis (Lei 10/1982, do 24 de novembro, de normalización do uso do éuscaro, e Lei 7/1983, do 18 de abril, de normalización lingüística de Cataluña).

O principio de xerarquía normativa establece a posición das normas no ordenamento xurídico. Os preceptos do Estatuto de autonomía deben ser interpretados conforme á Constitución e, asemade, as leis interpretaranse no marco dos preceptos da Constitución e mais o Estatuto. Igualmente, cómpre ter presente o principio de competencia que fai que, en materias onde poida haber normativa concorrente do Estado e as comunidades autónomas –por exemplo en Xustiza ou Lingua–, a decisión sobre quen pode regular a cuestión atenderá a un principio de competencia, ao non existir unha relación de xerarquía entre as normas do Estado e das comunidades autónomas. O Tribunal Constitucional

¹ A lei foi obra dun relatorio conxunto do Parlamento logo da iniciativa de Esquerda Galega, que se adiantara un pouco no tempo a outra do BNPG que non chegou a tramitarse pola súa expulsión do Parlamento por non acatar a Constitución.

determinou que, aínda que os estatutos de autonomía non estableceran unha competencia en materia de lingua de forma expresa, esta debe extraerse da declaración de oficialidade das linguas que permitiría «el establecimiento de los derechos y deberes lingüísticos de los ciudadanos frente *a todas* [a cursiva é nosa] las Administraciones Públicas» (Fundamento Xurídico 4, STC 87/1997).



Non obstante, e nisto entran os matices, a competencia en materia lingüística pode concorrer con outras estatais se recae sobre títulos competenciais –por exemplo a Administración de Xustiza– que a Constitución lle atribúe ao Estado de forma exclusiva. En xeral, o Tribunal Constitucional defendeu en diversas sentenzas que as comunidades autónomas poden regular «el alcance inherente a la cooficialidad» (FX10 STC 253/2005, en relación coa Administración de Xustiza, e en parecidos termos FX11 STC 82/1986; en relación coa defensa, FX5 STC 123/1988), pero esta afirmación límitase indicando que os aspectos organizativos ou procesuais para poñer en práctica as decisións sobre a oficialidade nestes ámbitos deberán ser determinados polo Estado en virtude da súa competencia exclusiva nestas materias.

Tendo presentes estas premisas, a Lei de normalización lingüística de Galicia debe ser examinada no seu contexto histórico para apreciar o alto valor simbólico e político da súa aprobación. Acabadas de instaurar as institucións autonómicas, cun goberno da dereita centralista e un Parlamento autonómico onde a presenza nacionalista era moi minoritaria, Galicia dotouse dunha norma equiparable no seu contido ás leis vasca e catalá de normalización lingüística.

Este primeiro chanzo no camiño da normalización da lingua, definida no preámbulo da propia lei como «núcleo vital da nosa identidade», ten, por unha

banda, un carácter, como xa se dixo, simbólico, polo contido eminentemente declarativo dos seus preceptos, pero tamén un alcance xurídico-político evidente. É ben certo que o elemento de concienciación está presente nos tres textos e a el débense algunhas das críticas máis fundadas que adoitan recibir: a ausencia de concreción nos compromisos, a falta de enunciado de deberes correlativos a eses dereitos que si aparecen presentes e a carencia de medidas que actúen contra os incumprimentos.

Mais esas eivas, certas, teñen explicación tanto desde a vertente histórico-constitucional, como desde a técnico-xurídica.

En primeiro lugar, a Lei de normalización lingüística de Galicia, igual que a vasca e mais a catalá, tivo a virtualidade de abrir un debate difícil nas respectivas comunidades autónomas, pero tamén no seo do Estado. Na propia tramitación parlamentaria da lei galega menciónase reiteradamente que debe ser entendida como un punto de partida e non de chegada e indícase que no Estado autonómico existe «un cativo entendemento do bilingüismo». Boa proba diso son as tres sentenzas que simultaneamente dita o Tribunal Constitucional o 26 de xuño de 1986 (STC 82, 83 e 84/1986) sobre as tres leis de normalización lingüística. Nestas sentenzas o Tribunal Constitucional aproveita para sentar unha boa parte da doutrina sobre os límites tanto das competencias como dos dereitos lingüísticos, que utilizará posteriormente en moitas outras. Pódese dicir que as tres leis tiveron a dubidosa honra de «medir a flexibilidade» da interpretación constitucional do que cabía ou non nos amplos enunciados da Constitución e os Estatutos.

En segundo lugar, é frecuente –aínda que poida ser criticable pola concepción que amosa do papel dos Parlamentos– que, especialmente en materias de nova regulación e cando existen maiorías suficientes, os textos lexislativos se limiten a expresar declaracións de principios que deberán ser posteriormente desenvolto a través de regulamentos elaborados polos gobernos. As leis de normalización lingüística aprobadas nos primeiros anos dos oitenta responden claramente a este esquema. A dificultade de agrupar vontades ao redor de textos máis constrictivos nun tema de alta «sensibilidade», a inexistencia de precedentes que marcaran as pautas para unha regulación máis exhaustiva e a propia conciencia de que se estaba no «momento cero» dun proceso que se iniciaba coas leis pero que progresivamente requiriría unha normativa cambiante diferiu

novamente a regulación concreta dos dereitos e obrigas que levaba consigo a declaración de oficialidade do galego á normativa de desenvolvemento.

ANÁLISE DOS TRAZOS DEFINIDORES DA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A Lei de normalización lingüística ten vinte e cinco artigos, divididos en seis títulos. O título primeiro recolle a declaración do galego como lingua propia de Galicia e o principio de non discriminación dos cidadáns pola escolla lingüística que fagan. Tamén se fai mención á protección xudicial dos dereitos lingüísticos dos cidadáns. Neste primeiro título atopábase recollida a obriga de coñecer o galego que o Parlamento de Galicia introducira para igualar o *status* xurídico do galego e mais do castelán. A STC 84/1986 declarou inconstitucional este precepto, por entender que a Constitución non facía mención a ese deber e o Estatuto tampouco establecera a obriga de coñecelo como parte do contido da oficialidade do galego.

O título segundo da Lei de normalización lingüística declara que o galego, «como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma» (artigo 4). O galego é, xa que logo, a lingua de uso preferente de todas as administracións radicadas en Galicia e dos entes que delas dependen: organismos autónomos, entidades públicas empresariais...

Este título, que regula o «uso oficial do galego», establece, entre outras cuestións:

- A publicación das normas en galego.
- A plena validez das relacións efectuadas no ámbito público en calquera das linguas oficiais, incluída a Administración de Xustiza.
- A exclusividade da toponimia en galego.
- A posibilidade de outorgar documentos públicos en calquera lingua oficial.
- A forma de realizar asentamentos e expedir certificacións nos rexistros públicos, cunha preferencia pola lingua de elección do cidadán.

- A valoración do coñecemento do galego para ingresar nas administracións autonómica e local do xeito que fixen as leis e a valoración como mérito preferente na Xustiza.

En xeral, as disposicións deste título establecen un mandato de normalización e uso preferente do galego para as administracións e un dereito de opción lingüística para os cidadáns. Cómpre salientar tamén a regulación da toponimia, que establece como «única forma oficial a galega».

O título terceiro da lei regula o uso do galego no ensino. Os seus artigos establecen as premisas básicas sobre as que se poden construír os modelos educativos en relación coa lingua:

- Ensino obrigatorio do galego nos niveis de ensino obrigatorio, no ensino para adultos, no ensino especializado de linguas e nas escolas de formación de profesorado.
- Primeira escolarización na lingua materna.
- Non separación dos estudantes en razón da lingua materna.
- Normalización progresiva nos outros ámbitos: universidade, profesorado...

O título cuarto, que aborda o tocante aos medios de comunicación, indica que o galego é a lingua de comunicación «usual» de competencia ou xestión autonómica e establece, a continuación, unha serie de ámbitos en que debe haber unha actividade administrativa de fomento: outros medios de comunicación, libro, sector audiovisual, producións culturais e teatrais.

O galego exterior é o obxecto do título quinto, que contén un duplo mandato de promoción do idioma e a cultura de Galicia entre os emigrantes galegos e, tamén, de accións de protección da lingua nos territorios limítrofes onde se fala.

Finalmente, un último título establece as previsións organizativas e de planificación necesarias para apoiar a normalización do galego. Así, regúlase a dirección do proceso polo goberno galego, un mandato de normalización en todos os ámbitos da Xunta e mais dos entes locais, o apoio da Escola Galega de Administración Pública no labor de formación dos funcionarios, e a necesidade de elaboración dun plan para a promoción, conservación e transmisión.

AS SENTENZAS DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

O Tribunal Constitucional resolveu en tres sentenzas sucesivas, e con razoamentos comúns, os recursos de inconstitucionalidade contra determinados preceptos das leis de normalización lingüística formulados polo goberno do Estado. As STC 82, 83 e 84/1986, do 26 de xuño, recollen a argumentación principal no tocante á oficialidade das linguas propias, o seu alcance e efectos. Nalgúns aspectos, esta xurisprudencia foi superada co tempo ou matizada en ámbitos sectoriais, pero segue a ser o sostemento das sentenzas posteriores sobre a lingua.

Unha lectura dalgúns dos pronunciamentos destas sentenzas pode axudar a comprender a interpretación constitucional do réxime de cooficialidade lingüística:

- **Fundamentos constitucionais do pluralismo lingüístico: Constitución e Estatutos**

«El artículo 3.1 y 2 de la Constitución y los artículos correspondientes de los respectivos Estatutos de Autonomía son la base de la regulación del pluralismo lingüístico en cuanto a su incidencia en el plano de la oficialidad en el ordenamiento constitucional español» (FX1 STC 82/1986).

- **Significado da oficialidade**

«Aunque la Constitución no define, sino que da por supuesto lo que sea una lengua oficial, la regulación que hace de la materia permite afirmar que es oficial una lengua, independientemente de su realidad y peso como fenómeno social, cuando es reconocida por los poderes públicos como medio normal de comunicación en y entre ellos y en su relación con los sujetos privados, con plena validez y efectos jurídicos» (FX2 STC 82/1984).

- **Alcance da oficialidade territorial: todas as administracións con presenza no territorio**

«Al añadir el número 2 del mismo artículo 3 que las demás lenguas españolas serán también oficiales en las respectivas Comunidades Autónomas, se sigue

asimismo, que la consecuente cooficialidad lo es con respecto a todos los poderes públicos radicados en el territorio autonómico, sin exclusión de los órganos dependientes de la Administración central y de otras instituciones estatales en sentido estricto, siendo, por tanto, el criterio delimitador de la oficialidad del castellano y de la cooficialidad de otras lenguas españolas el territorio, independientemente del carácter estatal (en sentido estricto), autonómico o local de los distintos poderes públicos» (FX2 STC 82/1984).

«Es evidente que ninguna Comunidad Autónoma puede encontrar en la regulación de la materia lingüística una competencia que la habilite para dictar normas relativas a la organización y funcionamiento de la Administración estatal, como puede hacerlo con respecto a la propia Administración autonómica, e incluso a la local en virtud de lo que establezcan los respectivos Estatutos. Pero sí puede la Comunidad Autónoma determinar el alcance de la cooficialidad, que se deriva inmediatamente de la Constitución y de su Estatuto de Autonomía y es inherente al concepto de aquélla, correspondiendo a la Administración estatal la ordenación concreta de la puesta en práctica de aquella regulación legal en cuanto afecte a órganos propios. La instauración por el artículo 3.2 de la Constitución de la cooficialidad de las respectivas lenguas españolas en determinadas Comunidades Autónomas tiene consecuencias para todos los poderes públicos en dichas Comunidades, y en primer término el derecho de los ciudadanos a usar cualquiera de las dos lenguas ante cualquier Administración en la Comunidad respectiva con plena eficacia jurídica.

Puede ésta, pues, enunciar este derecho y, junto a él, el consiguiente deber de todos los poderes públicos (estatales, autonómicos y locales) radicados en la Comunidad de adaptarse a la situación de bilingüismo constitucionalmente prevista y estatutariamente establecida» (FX5 STC 82/1984).

- **Competencia estatal: garantías básicas de igualdad no uso do castelán**

«El Estado puede regular, si lo considera oportuno, las garantías básicas de la igualdad en el uso del castellano como lengua oficial ante todos los poderes públicos, así como las garantías del cumplimiento del deber de conocimiento

del castellano, entre las que se halla la obligatoriedad de la enseñanza en ese idioma» (FX3 STC 82/1984).

- **Competencia lingüística autonómica, derivada do artigo 3 da Constitución e o Estatuto aínda que non figure de forma expresa**

«La competencia que al Estado otorga el artículo 149.1.1.^a de la Constitución no se opone a la que para las Comunidades Autónomas se deriva del artículo 3.2 de la Constitución y de sus respectivos Estatutos de Autonomía, y en concreto, para el País Vasco, del juego entre el artículo 3.2 de la Constitución y los números 1 y 2 del artículo 6 de su Estatuto» (FX4 STC 82/1984).

- **Deber de coñecer o castelán e só dereito de usar as outras linguas**

«2. El apartado segundo del artículo 1 es impugnado por el Abogado del Estado en cuanto impone a los gallegos el deber de conocer el idioma gallego.

Ahora bien, tal deber no viene impuesto por la Constitución y no es inherente a la cooficialidad de la lengua gallega. El artículo 3.1 de la Constitución establece un deber general de conocimiento del castellano como lengua oficial del Estado; deber que resulta concordante con otras disposiciones constitucionales que reconocen la existencia de un idioma común a todos los españoles, y cuyo conocimiento puede presumirse en cualquier caso, independientemente de factores de residencia o vecindad. No ocurre, sin embargo, lo mismo con las otras lenguas españolas cooficiales en los ámbitos de las respectivas Comunidades Autónomas, pues el citado artículo no establece para ellas ese deber, sin que ello pueda considerarse discriminatorio, al no darse respecto de las lenguas cooficiales los supuestos antes señalados que dan su fundamento a la obligatoriedad del conocimiento del castellano.

La inexistencia de un deber constitucional de conocimiento del gallego nada tiene que ver con las previsiones del Estatuto de Autonomía de Galicia (EAG) respecto del derecho de los gallegos a conocer y usar la lengua propia de su Comunidad (artículo 27.20), a fin de garantizar su “uso normal y oficial” (artículo 5.3); pues el deber de conocimiento del gallego no es un simple

instrumento para el cumplimiento de los correspondientes deberes y el ejercicio de las mencionadas competencias, como alega el representante de la Junta de Galicia, sin perjuicio de que la acción pública que en tal sentido se realice pueda tener como finalidad asegurar el conocimiento de ese idioma por los ciudadanos de Galicia.

En cuanto a la argumentación en defensa del precepto impugnado fundada en la igualdad de las dos lenguas oficiales en el territorio de Galicia, pasa por alto que el principio constitucional y estatutario de igualdad se predica de los ciudadanos, y no es discriminatorio respecto de éstos, como vimos antes, la existencia de un deber de conocimiento del castellano y la inexistencia del mismo deber respecto del gallego.

Alega ciertamente el representante del Parlamento de Galicia, que el deber de conocer el gallego establecido por el impugnado apartado “carece de exigibilidad coercitiva”, está “referido al mundo de los valores”, y “tendrá, pues, que interpretarse como imperativo ético que, jurídicamente, no es exigible y se traduce en un deber social de los gallegos como colectividad, dirigido más bien a los poderes públicos autonómicos”. Ahora bien, tal sentido y su interpretación no se desprenden del texto del apartado en cuestión, y no resulta tampoco, por amplio que sea el margen de la facultad interpretativa de este Tribunal, del contexto de los artículos invocados. Tampoco se desprende del texto que consideramos, que sean su destinatario único los poderes públicos autónomos como tales, ya que el deber de conocimiento se predica de “todos los gallegos”, con lo que no cabe en puridad no ver en él un deber individualizado y exigible de conocimiento.

La conclusión no puede ser otra que considerar inconstitucional el apartado segundo del artículo 1 de la Ley 3/1983 del Parlamento Gallego» (FX2 STC 84/1986).

A NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO SECTORIAL OU REGULAMENTARIO POSTERIOR ÁS LEIS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O adiamento da normativa de desenvolvemento da oficialidade do galego fíxose en Galicia *sine die*. Ao contrario do que aconteceu en Cataluña e Euskadi, en

Galicia apenas se pode falar dun desenvolvemento sectorial e regulamentario máis proactivo e concreto.

Con este punto de partida, unhas leis de normalización lingüística declarativas e programáticas, pódese afirmar que hoxe Cataluña e Euskadi conseguiron uns niveis aceptables de normalización nos sectores afectados por esa primeira xeración de normas: función pública, procedemento administrativo, toponimia, ensino... Isto debeuse a un intenso traballo nese segundo terreo do labor normativo que é a aprobación de leis ou decretos sectoriais que configuran obxectivos concretos e medidas para poñelos en práctica.

En Galicia, os escasos avances experimentados son o resultado evidente do desinterese por realizar ese labor de desenvolvemento normativo que precisaba claramente a Lei de normalización lingüística. Se exceptuamos o ámbito do ensino –sen incluír a Universidade– e, máis relativamente, o da función pública, as normas con contido lingüístico son anecdóticas. E, aínda neses ámbitos, resulta evidente a ausencia dunha verdadeira planificación lingüística que, de xeito progresivo, vaia fixando obxectivos de mellora e avaliando os resultados.



A LEI 5/1988 DE USO DO GALEGO COMO LINGUA OFICIAL DE GALICIA POLAS ENTIDADES LOCAIS

Tan só a Lei 5/1988, de 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais supuxo un certo afastamento da opción delibera-

da pola exclusiva acción da «providencia» no futuro da nosa lingua. Esta lei –presentada polo PSG-Esquerda Galega e aprobada cos seus votos, os do BNG e os de AP, que tivo en contra os do goberno tripartito– debe ser destacada porque introduce obrigas claras de uso do galego nas actuacións dos entes locais e lle deu un pulo evidente ao emprego do idioma nesas administracións.

Os entes locais, concellos e deputacións provinciais, como administracións que teñen a súa sede no territorio galego, están incluídos no ámbito de aplicación tanto da normativa xeral no tocante á lingua –Lei de normalización lingüística– como das normas sectoriais –función pública, réxime xurídico das administracións, contratación...– que eventualmente puidesen contar con preceptos lingüísticos. Así, as previsións en relación coa esixencia de coñecer o galego no acceso ao emprego público, que figuran na Lei de función pública de Galicia, sonlles aplicables a todos os entes locais.

Porén, o Parlamento autonómico decidiu aprobar en 1988 unha lei que engade a regulación dun aspecto que, paradoxalmente, non figura aínda en normas autonómicas. Malia contar con tan só dous artigos, a Lei 5/1988 introduce a obriga de que todos os documentos –preparatorios ou definitivos– dos órganos colexiados dos entes locais sexan redactados en galego.

Tamén se fixa, nuns termos máis rebaixados que foron posteriormente acentuados coa normativa xeral de función pública, a capacitación lingüística do persoal ao servizo das administracións locais.

Artigo 1

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega.

Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as devanditas entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial.

Artigo 2

Correspóndelle á Xunta de Galicia o impulso do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega.

Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou algunhas sentenzas en relación con ordenanzas municipais de uso da lingua. A máis recente, en relación coa Ordenanza de Cambre (Sentenza núm. 505/2008, do 3 xullo), continúa na liña de sentenzas precedentes (STXG do 23.2.06 Ordenanza das Pontes, STXG 2.12.04 Narón) de esixir a mención expresa do castelán ou a non exclusividade do galego para considerar válidos os preceptos pero ratifica a plena validez das previsións que, aplicando a Lei 5/1988, establecen que o uso lingüístico normal dos entes locais é o galego, sen prexuízo da utilización do castelán por quen o solicite. A interpretación que fixa o TSXG nestas sentenzas é discutible dado que a declaración do galego como lingua propia destes entes locais sen facer mención ao castelán non implica a ausencia de sometemento destes concellos ao ordenamento xurídico vixente. É un principio de boa técnica normativa a non reprodución en normas de rango inferior do establecido noutras normas.

Tamén incorren en interpretacións pouco coherentes co ordenamento ao anular as mencións desta normativa municipal a que os concesionarios e contratistas da Administración están sometidos aos mesmos usos lingüísticos que esta. O TSXG fai unha asimilación destas empresas que traballan por conta da Administración cos cidadáns dotados de plenitude de dereitos lingüísticos. Esta asimilación é totalmente contraria ao papel que desempeñan estas empresas dado que se a Administración decidise non «externalizar» a prestación deses servizos e os prestase directamente, os usos lingüísticos establecidos rexerían na súa plenitude. Do mesmo xeito que a Administración impón a súa potestade de dirección e modificación sobre os contratistas e concesionarios en moitas outras cuestións da prestación establecida (control de aspectos sanitarios, de seguridade, puntualidade, atención ao público, taxas...), parece claro que os dereitos lingüísticos dos cidadáns teñen que ser os mesmos se son atendidos directamente pola Administración ou a través dunha fórmula de xestión indirecta contractual.

O PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega é un documento sen carácter normativo que foi impulsado polo goberno galego e posteriormente aprobado polo Parlamento de Galicia. Para a súa elaboración constituíronse unha serie de grupos de traballo sectoriais e fixéronse consultas a unha serie de persoas. O texto foi enviado pola Xunta de Galicia ao Parlamento para o seu debate a través dunha fórmula prevista no seu Regulamento (art. 140-141) de presentación de comunicacións². A elección desta fórmula para o debate no Parlamento de Galicia é singular xa que o propio regulamento da Cámara recolle no art. 142 un procedemento para o «exame dos programas e plans remitidos pola Xunta de Galicia». Unicamente parece explicable a non tramitación por este procedemento pola previsión de que esta vía sería a oportuna para un plan ou programa «que requira o pronunciamento do Parlamento».

Finalmente, logo dun debate³ en que non faltaron expresións bastante críticas por parte dos grupos parlamentarios da oposición –PSOE e BNG– en relación coa responsabilidade do goberno pola ausencia dunha política lingüística máis activa, a excesiva prudencia dalgúns dos obxectivos marcados e a necesidade de que a Xunta impulse a lexislación inexistente en moitos ámbitos, adoptouse o seguinte acordo:

² «Art. 140: 1. Cando a Xunta de Galicia lle remitir ó Parlamento unha comunicación para o seu debate, que poderá ser ante o Pleno ou en Comisión, aquel iniciárase coa intervención dun membro da Xunta, trala cal poderá facer uso da palabra por tempo máximo de quince minutos, un representante de cada grupo parlamentario. 2. Os membros da Xunta de Galicia poderán contestar ás cuestións formuladas de forma illada, conxunta ou agrupadas por razón da materia. Tódolos intervinientes poderán replicar durante un prazo máximo de dez minutos cada un.

Art. 141: 1. Rematado o debate, abrírase un prazo de trinta minutos durante o cal os grupos parlamentarios poderán presentar ante a Mesa propostas de resolución. A Mesa admitirá as propostas que sexan congruentes coa materia obxecto do debate. 2. As propostas admitidas poderán ser defendidas durante un tempo máximo de dez minutos. O presidente poderá conceder unha rolda en contra polo mesmo tempo trala defensa de cada unha delas. 3. As propostas de resolución serán votadas segundo a orde de presentación, agás aquelas que signifiquen o rexeitamento global do contido da comunicación da Xunta, que se votarán en primeiro lugar».

³ Diario de Sesións do Parlamento de Galicia n.º 120 do 21 de setembro de 2004.

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, adoptou o seguinte acordo en relación coa comunicación da Xunta de Galicia sobre o Plan xeral de normalización da lingua galega, ao abeiro dos artigos 140 e 141 do Regulamento:

Aprobación pola unanimidade dos 55 deputados e deputadas presentes do Plan xeral de normalización da lingua galega (doc. núm. 17629, BOPG núm. 622 do 07.09.04) e das resolucións presentadas polos grupos parlamentarios que se relacionan a seguir

b) Resolucións aprobadas sen modificacións, co contido literal seguinte:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: Núm. 5

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia ao establecemento de procedemento de seguimento, avaliación e control do Plan xeral de normalización da lingua galega, informando con regularidade ao Parlamento».

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia: Núm. 1

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar ante o Parlamento a programación anual para o desenvolvemento das medidas propostas no Plan xeral de normalización da lingua galega»

Núm. 2

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer o procedemento para a avaliación do desenvolvemento do Plan de Normalización da lingua galega e dos resultados acadados. O dito informe será presentado no Parlamento periodicamente ao finalizar o período de aplicación da planificación anual».

- Do G. P. Popular de Galicia:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a modificar a redacción da medida 2.1.15, substituíndo o texto: “Crear un corpo de inspectores específico que se encargue de atender as funcións da inspección educativa, no ámbito do ensino do galego e en galego”, polo seguinte:

“Encargar aos inspectores especialistas en lingua galega atender as funcións de inspección educativa no ámbito do ensino do galego”».

Resulta evidente que a ausencia de valor normativo do Plan non debe restarlle relevancia ao feito de ser un documento impulsado polo goberno autonómico e avalado polo conxunto das forzas políticas con representación parlamentaria. É frecuente que os documentos planificatorios carezan dese carácter normativo pero non por iso deixan de constituír directrices de funcionamento, especialmente para aqueles que os promoven –neste caso o goberno galego.

Non se debe deixar de lembrar, porén, que no apartado de ensino o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega si que acadou carácter normativo xa

que os obxectivos previstos no Plan para os niveis de ensino obrigatorio foron incorporados cunha publicación literal no Anexo que acompaña ao Decreto de uso do galego no ensino de 2007⁴, nunha forma de visualizar o consenso parlamentario nunha norma do goberno para o ámbito da educación.

O compromiso adoptado polo conxunto dos parlamentarios da Cámara de avaliar o cumprimento do Plan é unha mostra máis da vontade de que este documento fora o punto de referencia para o desenvolvemento das políticas lingüísticas nos sectores tratados (Administración; Educación, Familia e Mocidade; Medios de Comunicación e Industrias Culturais; Economía; Sanidade; Sociedade; Proxección Exterior da lingua galega)⁵.

A NOVA NORMATIVA LINGÜÍSTICA E A INTERVENCIÓN NAS RELACIÓNS PRIVADAS

Agás en casos illados –como o Regulamento de uso do galego da universidade de Santiago de Compostela ou as Ordenanzas de uso da lingua– non existe en Galicia –non, desde logo, desde as institucións autonómicas– nada semellante á Lei de política lingüística de Cataluña de 1998.

Unha norma que poderíamos denominar de segunda xeración no proceso de normalización lingüística xa que:

- Abre novos terreos de actuación para a acción normalizadora.
- Amplía o abano de suxeitos obrigados a garantir os dereitos lingüísticos dos cidadáns, establecendo medidas concretas de normalización fóra do ámbito estrito das relacións xurídico-públicas.
- Os servizos públicos, as actividades de cara ao público, a cinematografía ou os medios de comunicación privados son obxecto dunha regulación que abre novos camiños.

⁴ Estes obxectivos foran deseñados por unha comisión que tiña por certo como secretario ao futuro secretario xeral de Política Lingüística, que ten como labor a derogación do Decreto de 2007 que os eleva a rango normativo.

⁵ O Consello da Cultura Galega reclamoulle ao Parlamento de Galicia na súa sesión do 17 de novembro de 2009 o desenvolvemento consensuado do Plan na lexislatura 2009-2012.

A normativa autonómica de normalización lingüística existente ata hai ben pouco centraba os seus esforzos na normalización das relacións xurídico-públicas, entre administracións e cidadáns, tanto por razóns de efectividade como pola especial posición e obrigas dos poderes públicos na garantía dos dereitos dos cidadáns. As escasas referencias existentes na normativa autonómica ás relacións entre particulares situábanse no terreo do fomento, evitando articular obrigas lingüísticas.

Non obstante, a nova Lei 1/1998, do 7 de xaneiro, de política lingüística de Cataluña supuxo un cambio substancial neste terreo. Configurouse, por primeira vez, un catálogo de deberes lingüísticos para suxeitos distintos das Administracións públicas, co obxecto de garantir os dereitos dos cidadáns nas súas relacións privadas en actividades consideradas como servizos públicos ou con transcendencia pública. Fronte á lentitude do proceso de normalización no ámbito privado, a lei pretende darlle un pulo, establecendo a obriga de comunicación oral ou escrita, polo menos en catalán, nunha serie de ámbitos. O salto cualitativo no esforzo normalizador que se deriva desta norma radica na súa intervención no ámbito privado a través non só de medidas de fomento, tamén de limitación. De todos os xeitos, tamén hai que ter en conta que a normativa existente ata ese momento, que centraba os esforzos no ámbito privado en medidas de apoio e fomento, tiña unhas consecuencias algo máis leves pero similares, na medida en que se podía intervir na esfera privada primando unha lingua en detrimento da outra e polo tanto condicionando, aínda que non impondo, unha conduta lingüística concreta nos axentes privados.

A CARTA DE LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS DO CONSELLO DE EUROPA

A Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, aprobada no seo do Consello de Europa o 25 de xuño de 1992, foi votada practicamente por unanimidade polo Congreso dos Deputados o 23 de novembro de 2000 e ratificada por España o 9 de abril de 2001.

A Carta pretendía protexer nos países membros do Consello de Europa –máis de cincuenta, aínda que tan só está ratificada pola metade– aquelas lin-

guas que fosen «as practicadas tradicionalmente no territorio dun Estado polos naturais dese Estado que constitúen un grupo numericamente inferior ao resto da poboación do Estado e diferentes da(s) lingua(s) oficial(ais) deste Estado» (artigo 1.a). Non fai referencia ás linguas dos emigrantes senón ás linguas históricas de Europa. A carta non dá unha definición de lingua, xa que lles deixa aos Estados a decisión sobre se un modo de expresión interno constitúe ou non unha lingua rexional ou minoritaria nos termos definidos anteriormente. Hai que ter en conta que este documento parte do pleno respecto ás linguas oficiais dos Estados e aos principios de soberanía e integridade territorial.

A Carta compromete aos Estados que a ratificaron a dous tipos de obrigas. Existe un grupo de disposicións obrigatorias mínimas que deben aplicarse na súa integridade ao conxunto das linguas rexionais ou minoritarias dos Estados que son as que se atopan na parte II:

- Recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias; o que non implica a oficialidade da lingua.
- Respecto da área xeográfica da lingua en función da práctica significativa aínda que sexa minoritaria.
- Necesidade dunha acción positiva decidida a prol desas linguas para garantir a súa supervivencia.
- Garantía do ensino e o estudo nesa lingua.
- Fomento das relacións entre falantes desa lingua para protexer a conciencia dunha mesma identidade.

Xunto a estas, existen unhas disposicións optativas que figuran na parte III, que son unha concreción das da parte II, nas que o Estado debe decidir a que linguas llelas vai aplicar –pode haber polo tanto linguas rexionais ou minoritarias que se benefician das partes II e III e outras que non– e, ademais, definir o grao de protección ao que se acolle dentro do abano de compromiso que ofrece cada artigo. No caso do Estado español, ratificouse a Carta na súa integridade, sen formular reservas e escollendo o nivel de protección máis elevado. Así, por exemplo, o artigo referido ao ensino foi ratificado en toda a súa extensión e pode apreciarse no anaco do artigo que se reproduce que hai diferenzas relevantes

entre os distintos apartados –ensino preescolar garantido na lingua, parte substancial da educación preescolar; ensino a demanda das familias se hai un número suficiente de estudantes; fomento.

Artigo 8. Ensinanza

1. En materia de ensinanza e, no tocante ao territorio en que se fan as devanditas linguas e segundo sexa a situación de cada unha delas, sen prexuízo do ensino da(s) lingua(s) oficia(l)(is) do Estado, as partes comprométese a:

I) prever unha educación preescolar garantida nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou

II) prever que unha parte substancial da educación preescolar se faga nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes; ou

III) aplicar unha das medidas ás que se refiren os puntos I e II anteriores, polo menos, para os alumnos cuxas familias o desexen e cuxo número se considere suficiente; ou

IV) se os poderes públicos non teñen competencia directa en materia de educación preescolar, favorecer e/ou fomentar a aplicación das medidas ás que se refiren os puntos I-III anteriores.

A parte III ten preceptos específicos dedicados á ensinanza, á xustiza, á Administración e aos servizos públicos, os medios de comunicación, actividades e servizos culturais, vida económica e social e intercambios transfronteirizos. Os Estados, ao ratificar este documento, acollen os seus preceptos, pero poden facer unha ratificación «á carta».

Para garantir o funcionamento da Carta, incorpóranse unha serie de mecanismos de seguimento de carácter informativo, entre os que teñen importancia os informes periódicos que deben presentar os Estados cada tres anos e a existencia dun comité de expertos que fai unha avaliación tamén trianual do funcionamento da Carta en cada Estado. Non se prevén sistemas de recursos xurisdicionais.

A posición xurídica da Carta no ordenamento interno español é a dunha norma vixente e que compromete ao Estado. Hai autores, como Agirreazkuenaga⁶, que defenden que a Carta forma parte do bloque de constitucionalidade e, xa que logo, debe servir de parámetro de interpretación do resto das normas do

⁶ Véxase I. Agirreazkuenaga: *Diversidad y convivencia lingüística*, Diputación Foral de Gipúzkoa, 2003.

ordenamento xurídico xunto á Constitución e os estatutos de autonomía. Esta interpretación levaría a formulacións máis avanzadas nalgúns puntos que as que figuran actualmente en normas estatais vixentes, como a LOPX.

UNHA NOVA XEIRA. A LINGUA NO ESTATUTO DE CATALUÑA DE 2006

O Estatuto de autonomía de Cataluña de 2006 supón un avance na liña de establecer un marco normativo definido en materia lingüística. En concreto, tres cuestións constitúen modificacións que intentan achegar solucións a cuestións controvertidas con respecto ao réxime xurídico das linguas no Estado español:

- En primeiro lugar, o Estatuto de Cataluña establece un deber xurídico de coñecer o catalán que levaría idénticas consecuencias que as que extrae o Tribunal Constitucional para o deber de coñecer o español do artigo 3 da Constitución: a súa plena validez xurídica nas relacións xurídico-públicas.
- En segundo lugar, fíxanse previsións que pretenden garantir que o principio de territorialidade do uso das linguas ten unha aplicación completa e sen excepcións para todas as administracións –autonómica, local, estatal– con presenza no territorio catalán.
- Finalmente, ábrese a posibilidade dun «estatuto lingüístico persoal» diante das institucións centrais e comúns do Estado –Cortes Xerais, Tribunal Constitucional, Tribunal Supremo– que, segundo o procedemento establecido pola lexislación correspondente, lles permita aos cidadáns de Cataluña relacionarse por escrito en catalán con estas.

Estas tres cuestións introducidas polo novo Estatuto catalán formulan debates xurídicos e políticos que deberán ser resoltos polo Tribunal Constitucional, xa que foron recorridas diante deste órgano. No entanto, a xurisprudencia constitucional existente, tanto en materia de linguas como no tocante á distribución de competencias, e unha análise do ámbito competencial que corresponde a cada nivel territorial poden permitir avanzar unha interpretación favorable á constitucionalidade dos preceptos incluídos no Estatuto de Cataluña de 2006.



O Estatuto de autonomía de Cataluña supón un intento de superación dalgúns problemas detectados no longo tempo transcorrido desde a aprobación da Constitución, os estatutos de autonomía e as leis de normalización lingüística. Pódese apreciar que os esforzos realizados para que a cooficialidade das linguas sexa efectiva nos territorios que dispoñen dunha lingua propia poden ser máis ou menos frutíferos no tocante ás administracións autonómicas e locais nas súas relacións cos cidadáns, pero presenta semellantes deficiencias en todas as comunidades con lingua propia no que se refire á Administración estatal: Administración xeral do Estado, Administración de Xustiza, Administración militar.

O principio de territorialidade, que aparentemente rexería no uso das linguas e que, xa que logo, implicaría que a normativa lingüística lles afecta a todas as administracións con presenza nos territorios con lingua propia, atopa serias trabas nos órganos e entes dependentes do goberno central. Dentro destes, ademais, aquelas administracións máis ligadas ás manifestacións da soberanía do Estado –xustiza e defensa– son claramente remisas a incorporar o plurilingüismo á súa actividade. Os dereitos lingüísticos dos cidadáns ceden aquí, pódose ao servizo da «impermeabilidade institucional», fronte ao uso doutras linguas oficiais que non sexan o español.

O novo Estatuto de Cataluña regula de forma máis concreta os termos en que se manifesta a cooficialidade en todas as administracións con presenza en

Cataluña e, singularmente, establece previsións específicas sobre a necesidade de capacitación lingüística dos xuíces e maxistrados que vaian exercer en Cataluña. É dicir, regula o alcance da oficialidade na Administración de Xustiza en Cataluña, aínda que lles deixa ás leis, enténdese estatais, en materia de xustiza a materialización das fórmulas de capacitación lingüística dos xuíces e maxistrados. Ese precepto, que as Cortes Xerais aceptaron nesa redacción, combina os dous elementos que aparecen na xurisprudencia constitucional: competencia autonómica para regular o alcance da cooficialidade e competencia material estatal sobre un determinado ámbito que lle atribúe as decisións organizativas para pór en práctica os usos lingüísticos na súa Administración.

A POLÍTICA LINGÜÍSTICA DO ESTADO

Relatorio

A POLÍTICA LINGÜÍSTICA DO ESTADO

Emili Boix-Fuster

Universitat de Barcelona

INTRODUCCIÓN

En España está pendente o tema da acomodación do pluralismo nacional, cultural e lingüístico internos. Lembremos que a descentralización española é bastante limitada: a única cita do federalismo na Constitución española é para prohibilo. A continuación, presentaremos un balance tanto das ideoloxías lingüísticas en España como do desenvolvemento plurilingüe do marco político español. Empezarei cunha cita que enmarcará a miña intervención: «Rien ne marque d'avantage la grandeur d'un Empire, que la multitude des nations et langues qu'il embrasse» (Leibniz, en *Projet de lettre à Lefort le Jeune*).

Mediante esta cita, quixera facer fincapé en que é posible conciliar o desenvolvemento económico e social co recoñecemento equitativo e xusto do plurilingüismo dos cidadáns, como o demostran os casos suízo, finlandés ou canadense.

Na miña exposición presentarei en primeiro lugar o panorama do multilingüismo español; logo lembrarei o marco legal actual deste plurilingüismo; en terceiro lugar, explicarei con certo detalle as dúas principais posicións diante do multilingüismo español: a hexemonía do español como lingua común ou a igualdade radical entre todas as linguas españolas; finalmente, reivindicarei a extraterritorialidade para as linguas non castelás.

UN BREVE PANORAMA DO MULTILINGÜISMO ESPAÑOL

Xa Joshua Fishman, o patriarca da Sociolingüística internacional, en 1991, destacaba o peso do multilingüismo en España e o papel decisivo que xogara neste tema Cataluña:

Acotío esquecese [ou descoñécese por completo] que, despois da Unión Soviética, España é o país multilingüe desenvolvido economicamente máis poboado no mundo e o

Estado multilingüe máis antigo; mesmo é anterior á confederación suíza neste tema. Do mesmo xeito, é esquecido ou pouco valorado o feito de que a contribución catalá a ambas as dúas circunstancias é e foi a principal (Fishman, 1991, p. 299¹).

Estas observacións de Fishman son especialmente certas se consideramos as porcentaxes de poboación española que vive en territorios con dobre oficialidade: aproximadamente un 40% habita nestas comunidades. Cómpre destacar que a minoría máis importante é a poboación da área catalanfalante, cun 27% do total da poboación española. Mesmo rebaixando estas porcentaxes aos que usan habitualmente as linguas españolas non castelás, supera o 20% da cidadanía española, unha porcentaxe similar á dos francófonos na Suíza actual².

A pregunta que nos facemos é cara a onde tería que orientarse nun futuro próximo este recoñecemento do plurilingüismo para que a diversidade interna española fose tratada dunha maneira xusta e satisfactoria.

Para empezar, é conveniente lembrar en que situación se atopa o complexo multilingüismo peninsular, moi distinto en cada zona lingüística. Como é ben coñecido, non ten nada que ver a situación do éuscaro en zonas de Álava, o oeste de Biscaia ou o sur de Navarra, cun papel marxinal ou nulo desta lingua desde hai séculos, coa da maioría social clara do galego na Galicia central ou do catalán na Cataluña ou na Mallorca centrais, onde a lingua propia, como sentenciaba rasa e simplemente un dos primeiros clásicos da Sociolingüística catalá, é «a lingua do pobo» (Reixach, 1985), practicamente a lingua de todo o pobo. Cabe agora presentar a prospectiva sociolingüística que bosquexou o sociólogo Juan José Linz en 1975, o ano da morte do ditador, coa que se abriu

¹ Unamuno (Resina, 2004) destacaba esta singularidade catalá no marco hispánico: «No sé si es un bien o un mal el que en eso de la lengua se encuentren solos, pero es así. Su problema lingüístico es único en España y querer transferirlo a otras regiones es algo así como si quisieran predicar en Chile los derechos del araucano, en el Perú los del quechua o en Paraguay los del guaraní».

² Este acusado carácter plurilingüe español foi destacado polo propio goberno español no seu segundo informe de seguimento da CELRM (Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, Dirección Xeral de Cooperación Autonómica, 2007): «...no territorio de España fálanse os idiomas máis importantes en Europa dos que segundo a Carta poderían ser cualificados como “rexionais ou minoritarios”, tanto polo seu número de falantes como polo número de habitantes dos territorios en que estes idiomas son cooficiais [...]. A poboación total española á que se lle aplican estes dereitos lingüísticos da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias é de 18 151 302 habitantes, o que non ten comparación posible con ningún outro Estado europeo».

o proceso democrático español que nos conduciu á situación actual. Naquel momento, Linz sintetizou moi ben tres trazos simultáneos do multilingüismo español: en primeiro lugar, Linz constatou o fracaso do proceso de uniformización lingüística de España. A lingua dominante, o español, a diferenza do que ocorrera na veciña e xacobina Francia, e mesmo na máis tolerante e rexionalizada Italia, non foi quen de converterse na única lingua, sentida como propia por todos os cidadáns españois. En Ourense, Guipúscoa, Lleida, Valencia ou Mallorca, moitos falantes con pasaporte español teñen como lingua primeira e mesmo principal o galego, o éuscaro ou o catalán. O nacionalismo español, como relatou tan claramente Álvarez Junco (2002) respecto do século XIX, non logrou, por impotencia e polo maior desenvolvemento industrial relativo das zonas multilingües –Cataluña e mais o País Vasco–, impoñerse aos movementos particularistas que foron, sobre todo nestas dúas zonas, asemade, modernizadores. Este desenvolvemento foi lamentado por Américo Castro en 1930: «Hay que partir del hecho –del dolor, no me asusta decirlo– de que la lengua más importante de la nación no haya podido convertirse, como el francés, en el común denominador, amado y respetado de todas las culturas españolas» (Américo Castro, *Cataluña ante España*, 1930).

A modernización e o desenvolvemento económicos españois, moi centralizados en Madrid nestes últimos trinta anos, cambian estes esquemas de interpretación tradicionais. O español, lingua central planetaria, asociouse a novas imaxes de concordia, universalismo e rendibilidade (J. del Valle, 2007), coas que teñen que competir as outras linguas españolas.

En segundo lugar, Linz constata, con razón, que o castelán ou español se converteu na lingua franca peninsular. Os movementos de recuperación lingüística, especialmente vigorosos en Cataluña e mais no País Vasco, non conseguiron –e só aspiran a iso sectores minoritarios– volver a ningún tipo de monolingüismo. No mellor dos casos, como acontece especialmente en Cataluña, aplicouse un bilingüismo asimétrico que lle intenta dar preferencia á lingua histórica ou propia do territorio. Atopamos, pois, en Cataluña un uso oficial claramente preferente da lingua propia –nas administracións locais ou autonómica– pero non un uso único ou exclusivo, que non está contemplado polo noso ordenamento xurídico constitucional. Os grandes cambios demográficos do século XX, comezando polas importantes migracións cara ao País Vasco, Cataluña, Illas Baleares e

Valencia, como tamén cara a Madrid; os cambios comunicativos coa difusión do castelán a través da televisión, a radio e mais o sistema escolar; as dúas ditaduras do século XX –a de Primo de Rivera e mais a de Franco–, que prohibiron o uso público e oficial das linguas non castelás, acabaron de estender a difusión do español. Esta difusión, así e todo, non comportou necesariamente o abandono da lingua primeira, igual que pode ocorrer, nun futuro próximo, que o inglés se converta en lingua coñecida por todos os europeos sen que iso supoña o abandono nin a subordinación das primeiras linguas de cada zona lingüística do continente. Este experto, non obstante, matiza que o español debe ocupar o primeiro lugar na xerarquía lingüística, gozar de vantaxes como lingua común e asegurar o seu dominio, como se nalgunha zona non fose así. «En el caso español el límite es sencillo: hay una lengua común para todos que es, además, lengua internacional de primer orden. No se puede privar a los ciudadanos de esa ventaja» (Marcos Marín, 1995a, p. 56).

Esta posición coincide co denominado internacionalismo lingüístico que propugnou Juan Ramón Lodares (Lodares, 2000, 2002 e 2004); segundo el, o que primaría nos conflitos de linguas serían unicamente os criterios instrumentais, o que suporía o abandono das linguas pequenas en favor das maiores, «dos camiños de carro polas autoestradas». En sentido contrario pode verse a alegación de Albert Branchadell no diario *El País* (Branchadell, 2007).

Finalmente, en terceiro lugar, sinala Linz, entre outras consideracións, que este panorama sociolingüístico comportará a esixencia do bilingüismo nas zonas non castelás, o que ocasionará posibles conflitos e limitacións para a poboación monolingüe: «El bilingüismo, independientemente de un nacionalismo excluyente, creará barreras a la movilidad interregional –excepto en las actividades industriales menos calificadas– y barreras a la movilidad ascendente de los inmigrantes y de sus hijos, sólo superables con el tiempo, dando lugar a una estructura social segmentada» (Juan José Linz, 1984). Esta advertencia de Linz encaixa coa visión do plurilingüismo que terán os liberais conservadores españois, como vemos a continuación³.

³ Unha recente campaña, organizada polas xuventudes do PP de Castela e León (outono, 2007) denunciaba precisamente a esixencia do catalán en Cataluña, argumentando que era unha arma de discriminación dos españois, sen decatarse de que o monolingüismo español en Cataluña marxina o catalán.

AS IDEOLOXÍAS FRONTE AO PLURILINGÜISMO ESPAÑOL

Presentarei as principais concepcións ideolóxicas coas que se aborda a diversidade lingüística española. A primeira, por orde de aparición e, por desgraza, aínda vixente, foi a concepción asimilista. Deixaremos de lado os intentos de prohibición en ámbitos públicos e privados que caracterizaron o século XIX e as dúas ditaduras do XX, así como as mostras de intolerancia máis recentes, como os asubíos do público da praza de Las Ventas de Madrid, o 10 de novembro de 1997, contra o cantante de Xàtiva, Raimon, polo mero feito de falar en catalán.

O fragmento de Laguna, na primeira metade do XIX representa a visión asimiladora dominante:

El referir la historia de todas las lenguas que se han usado en España desde que llegaron los charlatanes de Babel, sería una cosa demasiado prolija y aventurada y así sólo diremos que nuestra lengua castellana es la más rica, la más sonora, la más amena, la más elegante, la más expresiva, la más graciosa, la más melodiosa y la más adecuada, en fin, para expresar conceptos de cualquier categoría. Este idioma se habla en toda la Península a excepción de Portugal donde se habla el portugués, de las provincias Vascongadas y Navarra donde se habla el vascuence y de Cataluña y Valencia en donde sigue la lengua limosina: *aunque se está trabajando por desterrar* [a cursiva é miña] de la Península tales idiomas –si pueden llamarse así– y uniformar todas las provincias en el uso del idioma común (Martín Laguna: *Historia Universal*, 1836).

Un asimilacionismo máis suave, pero asimilacionismo no fin de contas, é o que formulaban tanto o grande intelectual vasco Miguel de Unamuno, como unha mostra de estudantes de secundaria de Salamanca, un século despois, que responderon a unha enquisa sobre a diversidade lingüística en España. «Es en nombre de la cultura, no sólo del patriotismo, es en nombre de la cultura como debemos pelear por que no haya en España más lengua oficial, más lengua de cultura nacional, que la lengua española que hablan más de veinte naciones. Y esto, sean cuales fueren las hermosuras, los méritos y las glorias de otros lenguajes españoles, a los que se debe dejar a su vida doméstica» (Miguel de Unamuno, 1906, en Francisco González Ollé, 1993, p. 145).

Pola súa parte, os estudantes de Salamanca, preguntados en 2002, manifestan, en xeral, unha actitude ou mal informada, reticente ou asimilista diante das linguas non castelás de España, se non é puro desinterese. Un 53% cre que, como estamos en España, todos temos que falar español. Un 38% pensa que os cataláns falan a súa lingua co obxectivo de diferenciarse e porque se consideran superiores. Un 76% afirma que convén que haxa unha lingua dominante que sexa considerada máis útil en todos os territorios. Un 50% asegura que o catalán é un dialecto. Un 78% di que se poden respectar as outras linguas, pero tendo en conta que a lingua prioritaria é o castelán, que, como tal, debe de ter privilexios (Bellver, 2005).

A visión de Linz recolle o eco, aínda que con matices, da vella idea liberal de que unha mínima homoxeneización sería indispensable para a eficacia dun Estado moderno. Así o enunciaba John Stuart Mill en 1861: «As institucións libres son case imposibles nun país composto de diferentes nacionalidades. Nun pobo sen sentimento común, especialmente se le e fala distintos idiomas, non pode existir unha opinión pública unida, necesaria para que funcione o goberno representativo» (John Stuart Mill, 1861, en A. D. Lindsay (ed.), 1947, p. 361).

Esta visión liberal clásica confunde a igualdade de características –*sameness*– coa igualdade de dereitos –*equality*. Non por ter os mesmos dereitos os cidadáns teñen que ter as mesmas características. En cambio, o Partido Popular pretende impoñer o español como lingua común, chamando ao Estado a recuperar o seu papel homoxeneizador (Pericay, 2007).

En España, o coñecemento xeneralizado do español garante a posibilidade de que se constituía un imaxinario colectivo español, unha «comunidade imaxinada», en expresión feliz de Benedict Anderson (1983). O mercado comunicativo en español, a través dos programas televisivos –concursos, telenoticias–, as emisoras de radio, a prensa diaria, as revistas do corazón ou a simboloxía nacional permítenlles aos cidadáns españois imaxinarse como partes dun todo común superior, malia que non teñan contacto directo e cotián con cada un dos compatriotas, membros tamén desa comunidade. O español é omnipresente e logra as características do anonimato: a neutralidade e mais o interclasismo (Woolard, 2004). Non hai razóns, cos datos de que dispoñemos, para preocuparse pola difusión do castelán en España, que ten unha vitalidade social moi asegurada, pero si para inquietarse polas outras linguas españolas nunha sociedade capita-

lista e globalizada, na que, ademais dos tristes casos de pura intolerancia lingüística, as razóns estritamente utilitarias favorecen inevitavelmente unha das linguas globais, fronte ás linguas de dimensións reducidas. Neste contexto vén ao caso a coñecida frase de que o lobo e mais a gacela poden durmir xuntos, pero a gacela non o fará tranquila.

O MARCO LEGAL DO PLURILINGÜISMO ESPAÑOL ACTUAL

A Constitución española representou un avance positivo pero insuficiente con respecto á extensa listaxe de constitucións españolas que obviaron a diversidade lingüística. Xa no seu preámbulo, a Constitución española establece a vontade da Nación de «protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, as linguas e institucións». No seu título preliminar está deseñada, mediante o famoso artigo 3, unha territorialidade desigual, xa que se recoñece a oficialidade do castelán en todo o territorio, ao tempo que se restrinxe a das demais linguas españolas –non denominadas– aos ámbitos respectivos das comunidades autónomas. Os tres apartados deste artigo 3 parecen establecer unha gradación de recoñecemento das linguas e modalidades lingüísticas españolas. Así, o apartado 3.1 establece que «o castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala»; unha obriga insólita no dereito comparado internacional que só o novo Estatuto de Cataluña, de 2006, incorpora para o catalán. O apartado 3.2 fai referencia ás demais linguas españolas, que «serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas, segundo os seus Estatutos». Cada estatuto, e as leis que o desenvolven desde cada goberno autónomo, modulou esta oficialidade, que foi cernada ou aprobada, como veremos, pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Esta competencia autonómica apóiase no artigo 148.17, que establece que as comunidades autónomas poderán asumir as competencias no «fomento da cultura, da investigación e, no seu caso, do ensino da lingua na comunidade autónoma». Por último, o apartado 3.3 establece moi xenericamente que «a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección». Así pois, parece establecerse unha xerarquía entre as linguas (artigo 3.2) que se normalizan e as modalidades que

simplemente se conservan (artigo 3.3). Finalmente, cabe destacar, pola súa repercusión social, o artigo 20.3 referido aos medios de comunicación: «A lei regulará a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso a estes medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España». Cómpre lembrar que a regulación das televisións privadas non tivo en conta, nin en 1989 –Antena 3 e Tele 5– nin xa neste século –Cuatro e Sexta–, o pluralismo lingüístico.

O Estado convértese en garante da realidade plurilingüe do seu territorio, como estableceu a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, que lle atribúe unha «considerable importancia, simbólica e afectiva na estruturación autonómica do Estado».

A política normalizadora comportou o bilingüismo de parte do persoal estatal e unha certa preeminencia, no caso do catalán, no sector educativo. Diversas sentenzas do Tribunal Constitucional déronlles o visto e praxe a ambos os dous aspectos. Por unha banda, a STC 46 de 1991 consideraba axustado a dereito o artigo 34 da Lei da función pública de Cataluña. Pola súa parte, a STC 337 de 1994 recoñecía as competencias plenas en materia de ensino da Generalitat de Catalunya, así como o carácter «central» que ocupaba a lingua catalá en todo o ámbito educativo non universitario.

DÚAS POSICIÓNS CONTRARIAS FRONTE AO MULTILINGÜISMO: A PRIORIDADE DO ESPAÑOL COMO LINGUA COMÚN OU A IGUALDADE RADICAL ENTRE TODAS AS LINGUAS ESPAÑOLAS

Nunha formulación máis dura, a posición programática de intelectuais próximos ao Partido Popular propugna que o español bastaría para todo tipo de comunicación interterritorial, como «lengua común, única que les [aos nenos e ás nenas das zonas bilingües] garantiza la igualdad de oportunidades en todo el territorio español» (Marcos Marín, 1995a). Lodaes foi quizais o intelectual que formulou máis claramente esta defensa da desigualdade entre as linguas españolas en favor, evidentemente, do español, alegando criterios estritamente utilitaristas e economicistas: «la crítica del nacionalismo lingüístico, la inevitabilidad de la sustitu-

ción de unas lenguas por otras y la superioridad de aquellas cuyo conocimiento y uso pueden más fácilmente traducirse en dinero» (Del Valle, 2007). Detrás deste razoamento «frío» está agachada unha visión simplemente darwinista e discriminatoria, nacionalista dominante⁴, que ás veces roza o ridículo. Así, segundo Marcos Marín (1995a, p. 67), as linguas en España corren o perigo de «convertirse en lenguas pijama, muy cómodas para andar por casa, pero impresentables cuando se cruza la puerta». Na xurisprudencia española atopamos a formulación desta visión unitarista. Chega a considerar lóxico que da idea de lingua común se derive o uso do castelán para todos os españois, sen ter en conta a opinión destes cidadáns. Así constou nunha resolución do 22 de novembro de 1985 da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, dependente da Administración central, que daba resposta a dous recursos presentados por un cidadán catalán nos que este solicitaba que os asentos dunha inscrición de nacemento se fixesen en catalán e que os apelidos do nacido aparecesen unidos coa conxunción copulativa catalá, o «i» latino, no canto da castelá, o «y» grego.

Hai dous aspectos significativos nesta resolución denegatoria. En primeiro lugar, alégase que o Estado central non pode ser bilingüe: «Cuarto. Cuestión completamente distinta es la que si en un futuro podría o no ser conveniente que los órganos competentes del Estado implantaran un bilingüismo, que no parece compaginarse bien con el carácter estatal del Registro Civil ni con su eficacia nacional e internacional»; deste xeito, equipara estatalidade con monolingüismo castelán, dándolle un predominio desigual á devandita lingua. En segundo lugar, aínda máis interesante, argumenta que o uso do castelán non é discriminatorio, de tal modo que antepón a preferencia da Administración á do administrado: «Sexto. Ningún atisbo de discriminación puede existir por el hecho de imponer a un español el uso del castellano, ante el deber de conocer esta lengua establecido para todos los españoles por el artículo 3.1 de la Constitución».

Esta política de prioridade do castelán-español contrasta coa dun representante dun partido clave no xogo político catalán actual, o Partido dos Socialistas de

⁴ Aquí cabe remitir ao recente libro-panfleto de Moreno Cabrera: «El nacionalismo disimulado de la nación dominante suele ser mucho más intransigente, antidemocrático y particularista que los nacionalismos dominados, dado que la etnia dominante dispone de los mecanismos políticos, económicos, administrativos y militares para aplastar por la fuerza cualquier intento importante de autoafirmación de los grupos o naciones minoritarios o no dominantes» (p. 193).

Cataluña (PSC-PSOE), un partido xuridicamente independente, pero federado ao PSOE, que manifesta claramente estar disposto a un uso instrumental, se fose preciso, do español, pero prefire comunicarse coa Administración –unha Administración que aspira a que sexa federal– a través da súa lingua propia, o catalán⁵:

Evidentemente, este futuro federalismo no puede ser verdad si no está hecho en libertad, si no está hecho en igualdad, e incluso, ¿por qué no?, con el contenido fundamental de la fraternidad. Que no se hable de bilingüismo en Cataluña, si no se habla de bilingüismo en todas partes. Porque en Cataluña, es interesante y útil que los catalanes sepamos, o podamos, utilizar el castellano cuando sea conveniente. Lo que hay que reconocer es que también el Estado, si quiere ser el Estado de todos, tendría que pensar que un ciudadano de Cataluña no tiene por qué hacer la comedia de dirigirse al Estado en una lengua que no es la suya. Mientras sea así, el Estado nos parecerá siempre un estado extranjero (Alexandre Cirici Pellicer, 1983, p. 168).

Esta reivindicación do plurilingüismo do Estado é unha vella melodía que xa cantaron os poetas e que chegou con demasiada frecuencia a oídos xordos. Non quero recordar hoxe vellos agravios, episodios non tan afastados de intolerancia lingüística.

Ata o de agora, o alcance e a profundidade do que Rodríguez Zapatero denominou a España plural foron moi escasos. Quero destacar dúas iniciativas recentes para lograr esa España plural, ambas as dúas de orixe catalá.

Por unha parte, a reivindicación do uso extraterritorial do catalán forma parte do pacto de coalición PSC/ERC/ICV, que propiciou a formación do actual goberno autónomo catalán, denominado catalanista e de esquerdas. Este acordo establece que, no tocante ao recoñecemento da plurinacionalidade do

⁵ Un precedente desta proposta lingüística igualitaria pode atoparse en Ninyoles (1977) en plena transición política española. Naquel período, a ideoloxía alternativa á asimilacionista estaba vinculada con aspiracións de transformación socialista do Estado. Era esta a visión de Rafael Lluís Ninyoles, que, desde a periferia, avoga por un certo predominio das linguas non castelás, para así compensar a súa subordinación histórica, ao lado dun respecto escrupuloso das novas minorías castelanfalantes do territorio:

«Quizá la alternativa más coherente implicaría la instrumentación de un modelo de unilingüismo territorial en las regiones autónomas, combinado con garantías eficaces respecto a los sectores de habla castellana sobre la base de unos derechos lingüísticos personales, e inserto en un programa socialista capaz de asumir una transformación cultural democrática y de instaurar una relación de auténtica coigualdad y reciprocidad entre las distintas comunidades de un Estado español multilingüe».

Estado e dos seus aspectos simbólicos e culturais, as partes adoptarán as iniciativas lexislativas e políticas necesarias para incorporar ao *currículum* estatal en todos os niveis do ensino obrigatorio as materias que expresen a diversidade cultural e lingüística; tomar as iniciativas políticas e legais que leven ao recoñecemento da realidade plurilingüística do Estado na súa denominación oficial, nos rexistros públicos, na emisión de moeda e selos, o DNI e mais o pasaporte, e a etiquetaxe de produtos; promover a declaración do catalán e mais das outras linguas do Estado como linguas cooficiais en todo o seu territorio –como observou oportunamente Branchadell (17 de febreiro de 2004), a formulación máis correcta sería «nos órganos centrais do Estado»– e a súa declaración como linguas oficiais da Unión Europea; impulsar polas vías lexislativa e política a creación dun Consello de Culturas, encargado de levar a cabo as funcións previstas no artigo 149.2 da Constitución española⁶, e ao que se lle irán transferindo estas funcións por parte do goberno do Estado⁷; establecer o requisito de uso das distintas linguas cooficiais nas condicións das concesións administrativas para a comunicación audiovisual; fomentar por parte da Generalitat a actividade cultural nas linguas recoñecidas no Estatuto de autonomía de Cataluña.

A REIVINDICACIÓN DE EXTRATERRITORIALIDADE PARA AS LINGUAS NON CASTELÁS: CARA A UNHA IGUALDADE RADICAL

O camiño cara a un plurilingüismo estatal non está imposto, pero tampouco prohibido polo noso marco legal. Talvez este treito sexa lento, como xa o foi, por exemplo, o recoñecemento estatal do neerlandés ou flamengo en Bélxica, ou o do sueco e o finlandés en Finlandia, ou do francés en Canadá. Como xa prevía Miquel Siguan en 1992, continuaré a presión, sobre todo por parte de Cataluña, para acadar o recoñecemento do plurilingüismo, tanto no conxunto do Estado como nos organismos europeos (Milian, 2003).

⁶ Este artigo establece que, «sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas, de acordo con elas».

⁷ Nesta liña, o 8 de outubro de 2004 celebrouse unha reunión no Institut d'Estudis Catalans, para preparar unha proposta de Lei de linguas estatal.

Así e todo, non existe aínda un proxecto político coherente sobre o desenvolvemento futuro do Estado das Autonomías e dos seus correlatos sociolingüísticos. Agora limitarémonos a presentar un horizonte próximo cara ao que penso que tería que camiñar España para ser un país máis respectuoso e xeneroso coa súa diversidade interna. En primeiro lugar, describirei, sucintamente, a experiencia internacional máis favorable: o caso suízo. En segundo lugar, presentarei algunhas propostas para un desenvolvemento plurilingüístico no caso español.

O caso suízo. Unha experiencia única?

A tradición plurilingüe suíza é froito dun lento proceso de acumulación de experiencia, do que se poden tomar leccións para o caso español *mutatis mutandis*. Seguindo a obra clásica de síntese de McRae (McRae, 1983), podemos destacar as súas principais características.

En primeiro lugar, Suíza ten unha tradición histórica peculiar na que se desenvolveron ben técnicas de neutralidade, mediación e descentralización. Ademais, no tocante á súa estrutura social e económica, as comunidades lingüísticas helvéticas tiveron, e teñen, unha acusada estabilidade, grazas á política estrita de territorialidade nos cantóns, mesmo nos cantóns bilingües ou multilingües. A visibilidade da diversidade lingüística é tan elevada en Suíza que «os nenos suízos pensan que as comunidades lingüísticas son máis iguais do que son» (McRae, 1983, p. 233).

En terceiro lugar, no tocante ás actitudes e valores, unha socialización política peculiar logrou que haxa profundas simpatías entre os membros dos distintos grupos lingüísticos suízos. Esta simpatía contrasta cos vellos estereotipos existentes en España, onde moitos e moitas dos que falan catalán son denominados polacos. Os temas lingüísticos poden emerxer e emerxen na vida política suíza, pero non se acumulan. Isto é produto dunha continua vixilancia e esforzo por parte das elites e de moitos miles de cidadáns suízos activos.

En cuarto lugar, as institucións políticas e legais suízas teñen as seguintes características: existe un recoñecemento da igualdade formal entre as distintas linguas; hai unha participación das minorías no goberno confederal, axustada e mesmo superior ao seu peso específico; redúcense as disparidades económicas entre as distintas zonas por medios directos e indirectos; e existe unha profunda autonomía cultural mediante a descentralización.

En quinto lugar, *last but not least*, hai unha política decidida de promoción da comprensión e comunicación a través das fronteiras lingüísticas, que se concreta en requisitos de bilingüismo funcional entre funcionarios e xuíces, na posibilidade de visión das distintas cadeas de televisión en todo o territorio e na organización Pro Helvetia (Fundación Suíza para a Cultura), que difunde a cultura en todas as linguas do país.

Propostas plurilingüísticas para un horizonte próximo en España

Como chegar á unidade desde o múltiple? Como conciliar o intercambio e mais a cohesión? Este é un dilema da maioría dos Estados, dado que hai como mínimo cinco mil linguas e uns douscentos Estados no planeta.

McRae analizou Estados plurilingües occidentais: prósperos, cun recoñecemento da súa diversidade e con niveis de violencia baixos: a Confederación Helvética, Bélxica, Finlandia e o seu nativo Canadá. Pensamos que España tería que engadirse a esta listaxe, malia certa violencia en e desde Euskadi.

Antes de presentar propostas para unha mellor regulación española do plurilingüismo, examinaremos brevemente cal é a regulación vixente.

A Constitución española outórgalle tres privilexios ao castelán. En primeiro lugar, é a lingua oficial única no seu territorio histórico. Ademais, o castelán é lingua oficial tamén no territorio histórico das outras linguas; e, en terceiro lugar, ten a oficialidade exclusiva nos órganos centrais do Estado –lexislativos, executivos e xudiciais.

Os principios da igualdade lingüística nos espazos políticos compartidos –a Unión Europea, por exemplo– son máis ou menos a inversión destes tres devanditos privilexios do español. Por unha banda, respéctase a primacía funcional de cada lingua no seu territorio –como lingua común de uso público. Por outra, hai simetría dos dereitos persoais extraterritoriais –por exemplo, os que falan en catalán terían dereitos lingüísticos en Madrid, igual que os que falan castelán os teñen nos países de lingua catalá. E en terceiro lugar, hai igualdade estrita de dereitos lingüísticos nas institucións políticas comúns.

Aínda non se fixo un exame sistemático do plurilingüismo en España, como o que realizou exemplarmente Canadá mediante a *Royal Commission on Bilingualism and Biculturalism*, establecida en 1963. Esta revisión tería que

responder as preguntas claves de McRae: quen decide que comunicacións se deben realizar nunha lingua ou noutra?, quen recibe que en cuestións lingüísticas?, como se dan estes servizos?, que servizos teñen que ser proporcionados en cada lingua?, en que versión da lingua seleccionada se prestan estes servizos?

Só a Organización polo Multilingüismo (OM) intenta que o plurilingüismo do Estado sexa un problema, sobre todo desde Cataluña⁸.

Cómpre facer unha pregunta previa: danse as condicións para o diálogo? Como sinala Isidor Marí, é preciso lograr un marco satisfactorio de debate político. Para empezar hai que evidenciar de xeito continuado as desigualdades do marco actual e lexitimar a necesidade da igualdade formal e dunha reparación dos efectos da longa desigualdade.

Habería que concretar un horizonte plurilingüe xusto e satisfactorio para a maioría. Como afirma Marí (2004):

En ausencia dun referente amplamente coñecido de ordenación xusta do plurilingüismo, é moi fácil que calquera pequeno adianto no uso das linguas nalgún organismo estatal –o plurilingüismo no Senado, por exemplo– se presente como un teito de magnanimidade insuperable. Ata o de agora resultou moi cómodo para os poderes estatais o feito de que nunca se cuestionase seriamente a desigualdade do modelo, que nunca tivesen que explicar e xustificar o plurilingüismo desigual que practican.

Desenvolvo as miñas propostas en tres aspectos: institucionais, simbólicos e os que denomino culturais.

Os aspectos institucionais

En primeiro lugar, é imprescindible revisar a lexislación vixente, tanto de Dereito Privado como de Dereito Público, para formular propostas de modificacións

⁸ Os obxectivos de OM son os seguintes: adiantar no pleno recoñecemento político e institucional da pluralidade lingüística do Estado español; defender os dereitos lingüísticos dos cidadáns do Estado español nun marco de pluralismo igualitario; promover a lingua catalá dentro e fóra do seu territorio histórico e colaborar con asociacións afíns na promoción das outras linguas do Estado diferentes do castelán dentro e fóra do seu territorio histórico.

lexislativas acordades co pluralismo lingüístico. En segundo lugar, habería que tratar de garantir o dereito a ser atendido na lingua de elección do cidadán. Os organismos dependentes do Estado en territorios autónomos con dobre oficialidade han de aplicala pero, como establece a STC 82/1986 no seu FX5, correspóndelle á «Administración estatal a ordenación concreta da posta en práctica daquela regulación legal na medida en que lles afecte a órganos propios». Finalmente, outra sentenza citada reiteradamente (STC 82/1986), no seu FX8 establece que a cada poder público lle corresponde concretar «gradualmente» a atención aos cidadáns, segundo as posibilidades e os criterios organizativos. Se repasamos os distintos organismos gobernamentais, veremos que esta gradualidade se aplica de xeitos moi distintos, sen que se observe un deseño sociolingüístico global por parte da Administración central. Examinemos, para exemplificar esta desorde, a situación sociolingüística de distintas administracións estatais (Milian, 2004):

No tocante á Administración xeral do Estado, a Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, regula as administracións públicas de tal maneira que establece que os procedementos poidan ser nas linguas cooficiais. Así e todo, o Estado non pon os medios para facer posible esta medida. Nin os textos, nin os formularios nin as páxinas web dos distintos ministerios están nas linguas oficiais. En canto aos requirimentos lingüísticos de prazas en determinados postos de traballo na Administración periférica do Estado, a Orde do 20 de xullo de 1990 do Ministerio de las Administraciones Públicas, referida á provisión de determinados postos de traballo na Administración periférica do Estado, en relación co coñecemento das linguas oficiais propias das comunidades autónomas, especifica que estes coñecementos serán un mérito nos lugares de información ao público, de recepción e rexistro de documentos e, en xeral, de proximidade ao público.

No tocante á Administración de xustiza, a Lei orgánica do poder xudicial 6/1985, modificada pola Lei 16/1994, establece que os coñecementos da lingua oficial serán un mérito, mais non un requisito. En canto ao ministerio fiscal, non se establecen méritos lingüísticos; pola contra, para xuíces e maxistrados o coñecemento lingüístico é un mérito preferente. Estas mínimas esixencias no campo xurídico contrastan extraordinariamente coa obriga universal de coñecer

o catalán no ensino non universitario. O resultado é que en Cataluña actualmente só un 6% das sentenzas están en catalán.

No tocante a outras axencias da Administración central do Estado, como as Oficinas de loterías e apostas, MUFACE, a UNED, a Administración tributaria, Renfe e AENA, por exemplo, hai un bilingüismo non sempre sistemático e acotío un monolingüismo exclusivo en castelán. As campañas de publicidade do Ministerio de Sanidad contra a sida ou do Ministerio del Interior contra a accidentalidade de tránsito son exclusivamente en castelán. As publicacións dos distintos ministerios do goberno central son tamén case exclusivamente en castelán. No ámbito educativo habería que asegurar o recoñecemento do carácter plurinacional e plurilingüístico nos currículos nacionais; particularmente, estimular a creación de departamentos das distintas linguas do Estado, sobre todo nas facultades de Filoloxía, de Tradución e Interpretación, de Educación e nas escolas oficiais de idiomas. Así mesmo, na Radiotelevisión pública española, as linguas non castelás poderían tamén representar a España en festivais como Eurovisión. Esta falta de política lingüística sistemática agudízase nos servizos privatizados ou semiprivatizados, como Correos (Milian, 2000). Nestes casos, como aconteceu en Canadá, o proceso de privatización tería que ter en conta o tratamento do plurilingüismo. O Estado central debería defender todas as linguas españolas fronte ás grandes empresas informáticas e de telecomunicacións cuxa lóxica mercantilista favorece o uso exclusivo do español; véxase un exemplo no conflito, a fins dos noventa, entre o goberno autónomo catalán e as maiores empresas cinematográficas americanas, que acabou coa derrota catalá.

Finalmente, no tocante aos compromisos internacionais, a regra foi o desinterese do Estado por promover a diversidade plurilingüe española de cara ao exterior. Así, habería que incluír, de acordo coas comunidades autónomas implicadas, dentro da acción educativa española no exterior, o ensino das linguas e culturas non castelás. Por exemplo, tería que ser España, e non só Andorra, quen propuxera o ensino do catalán no Instituto Español no Principado pirenaico. Así mesmo, correspóndelle ao Estado garantir a promoción e difusión de todas as linguas españolas no ámbito internacional, e especialmente no territorio da Unión Europea, adaptando a organización e o funcionamento do Instituto Cervantes á realidade plurilingüe española. Tería que ser España, como propuxo no seu momento a ministra de Exteriores, Ana Palacio (*Avui*, 29-X-2003), quen

establecese canais de colaboración coas minorías vasca e catalá en Francia. Ademais, España, como fixo o ministro actual de Exteriores, Miguel Ángel Moratinos, debe avalar a solicitude de uso oficial das linguas non castelás en Europa. Linguas como o catalán, con preto de oito millóns de falantes, terían que estar incluídas dentro dos programas lingüísticos de mobilidade da Unión Europea. A ausencia de programas previos de preparación de linguas non castelás imposibilita ou reduce o uso destas linguas na docencia, particularmente nas universidades de Cataluña, onde o uso do catalán é relativamente alto. Algo parecido ocorre coas novas migracións. Os inmigrantes chegados a territorios cunha lingua diferente do castelán han de ser informados apropiadamente da situación sociolingüística das terras que os reciben e dispoñer dos medios –cursos gratuítos, mais obrigatorios, por exemplo– para acceder ao dominio das linguas da sociedade receptora. Mariano Rajoy, poucas semanas antes das eleccións xerais, esixiu que os inmigrantes aprendesen castelán, pero esqueceu completamente as outras linguas oficiais.

Os aspectos simbólicos

Consideramos necesaria unha representación emblemática do carácter plurilingüe do Estado, que tería que verse plasmado no propio nome do Estado, nas moedas e billetes, nos selos e en calquera documento estatal, como o DNI, pasaporte, libro de familia, carné de conducir, tarxeta de residencia, o BOE e, en xeral, nas páxinas web. Así mesmo, os membros da Coroa terían que facer un uso proporcionado das distintas linguas oficiais. Recentemente, en febreiro de 2007, a princesa Letizia dirixiuse a unha reunión de mulleres empresarias nun máis que correcto catalán.

Os aspectos culturais

Alén de regulamentacións máis ou menos puntillistas do bilingüismo, o reto principal dun Estado plurilingüe é fomentar e arraigar unha cultura cívica de respecto por este plurilingüismo, como invita o propio mandato constitucional. Pensamos que é necesaria, como tamén propón o goberno tripartito catalán actual, a creación dunha axencia do multilingüismo estatal, que tería dous cam-

pos de actividade. Por unha banda, debería coordinar a política lingüística da Administración central do Estado, que, como xa vimos, é anárquica ou mesmo inexistente. Por outra, e principalmente, tería que difundir unha visión positiva do plurilingüismo no interior da propia poboación española, empezando por un coñecemento básico das linguas españolas non castelás e, sobre todo, un coñecemento xeral da realidade pluricultural e plurilingüe do país. Como é sabido, a situación das zonas bilingües españolas é vista pola España monolingüe, acoitío, a través dun filtro de ignorancia, reticencia, molestia ou simplemente desgusto. Coidamos que unha axencia estatal, coordinada cos distintos gobernos autonómicos correspondentes, podería facer arraigar unha cultura positiva da pluralidade e diversidade lingüísticas. Trataríase de avanzar, seguindo os pasos da confederación suíza, cara a un novo sentimento de nós, cara a un federalismo de novo cuño que teña en conta todas as partes do todo do Estado, tal como son, non como alguén establece que terían que ser. Nesta liña habería que programar actividades de divulgación, fóra e dentro da escola, que permitan a difusión do que eu denomino multilingüismo banal. O catalán na vida cotiá en Maó, Alcoi ou Barcelona é tan normal como «un vaso de agua clara», en frase famosa enunciada por José María Pemán en pleno franquismo. Trátase de que nos medios de comunicación ou na etiquetaxe comercial esta vitalidade lingüística se plasme de maneira absolutamente ordinaria, sen necesidade de enarborar bandeira identitaria ningunha. A lingua, as linguas, non son patrimonio dun só grupo político, senón da sociedade no seu conxunto. Unha mostra deste multilingüismo banal xa se citou nos usos institucionais e simbólicos do Estado, pero vai moito máis alá. Nunha película como *Mar adentro*, de Amenábar, o catalán e mais o galego aparecen usados con absoluta normalidade por algúns protagonistas. De igual modo, moitos medios de comunicación deberían reflectir este multilingüismo, mediante os subtítulos, se fose preciso. O uso das outras linguas españolas en Eurovisión ou en concursos televisivos de éxito faría visible e normal o multilingüismo español.

Esta cultura cívica plurilingüe é unha manifestación dunha cultura federal, ben oposta á cultura nacionalista de calquera tipo. Unha cultura federal que en España forzosamente ha de ser asimétrica, porque así o son as diferenzas entre as rexións e nacionalidades españolas. Como sintetizaba moi ben Caminal (2002, p. 37), «la cultura nacionalista defiende el nosotros, la cultura federal es

imposible sin el otro». O feito de ter en conta ao outro na España actual significa asumir a súa diferenza lingüística. Cabe matizar, non obstante, que as propostas plurilingüísticas que aquí presento serían aplicables tanto nunha estrutura federal como nunha rexional.

O nacionalismo español desconfía da solución federal, polos seus supostos efectos centrífugos incontrolables, e os nacionalismos periféricos temen o federalismo polo medo a ser uniformados. Pola contra, a federación créase para asegurar o que se ten, a pluralidade de unidades constituíntes, e non para destruílas ou disolvelas. Pensamos que, entre as tentacións do xacobinismo e o etnonacionalismo, o federalismo é a mellor forma de compatibilizar a unidade e a diversidade, a mellor maneira de regular os conflitos. O primeiro paso nesta política de recoñecemento da diferenza lingüística tería que dalo a maioría de matriz cultural castelá, que é a que pode dar as maiores mostras de xenerosidade, se sabe abandonar o lastre de moitos anos ou séculos de menosprezo.

En todas estas actividades de impulso ao plurilingüismo, o Estado tería que manter unha posición de respecto á unidade interna do catalán-valenciano, posición absolutamente congruente coa STC 75/1997, que considera equivalentes o valenciano e mais o catalán, e co decreto de creación da Academia Valenciana de la Llingua en 1998, que tamén declara esta unidade, aínda que sexa mediante eufemismos (Esteve *et al.*, 2005).

Finalmente, cabe resaltar dúas accións gobernamentais recentes que manifestan unha visión máis aberta respecto ao plurilingüismo. Por un lado, cómpre destacar o segundo informe de seguimento e avaliación da aplicación de Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, que foi asinada e ratificada por España en 2001, pola súa visión positiva do multilingüismo español. Este informe, redactado por funcionarios anónimos da Administración central do Estado, presenta propostas que poderían asumir moitos dos que non falan en castelán:

Bajo la justificación de que existe una lengua común que pueden entender todos los ciudadanos se margina y se esconde la realidad plurilingüe del Estado [...]. También el Estado, como tal, mantiene unas obligaciones generales de difusión del conocimiento de la pluralidad lingüística que encierra su territorio, de respeto a los derechos lingüísticos de los ciudadanos que elijan hacer uso de esas lenguas oficiales distintas del castellano, de promoción de los valores positivos relacionados con la diversidad y la convi-

vencia, haciendo pedagogía en este sentido en lugar de aplicar en todo caso una interpretación restrictiva y uniformista que reduce, *de facto*, a una sola lengua, la favorecida por el apoyo institucional del Estado [...]. Se trata de un camino [...] que lleva, por tanto, un retraso preocupante [...], falta una acción decidida, firme y urgente del Estado por hacer pedagogía de los valores intrínsecos al pluralismo lingüístico.

Por outro lado, máis recentemente, presentouse o proxecto –algo tardío, a poucos días das eleccións españolas do 9 de marzo de 2008– dunha lei de linguas. O 6 xullo de 2007, o Consejo de Ministros aprobou o real decreto polo que creaban o Consello das Linguas Oficiais na Administración Xeral do Estado e a Oficina para as Linguas Oficiais. Rosa Urbano, directora xeral de Cooperación Autonómica, do Ministerio de Administraciones Públicas, presentou estas novas nun acto preelectoral o 2 de febreiro de 2008 en Barcelona, encabezado por un póster en catalán, castelán, galego e vasco. O 28 de xaneiro dese ano constituírase o Consello das Linguas, onde as comunidades autónomas teñen voz pero non voto. Aínda non está clara a distribución da política lingüística polos ministerios. O Consello das Linguas ten máis un carácter técnico. Preténdese impulsar mediante ambos os dous órganos unha valoración positiva do plurilingüismo. Estes dous organismos, que non teñen nin orzamento propio, acordaron na primeira reunión examinar o estado da cuestión; axilizar a publicación do BOE nas linguas non castelás; asegurar que os rexistros teñan a documentación nas linguas non castelás; introducir as linguas non castelás nas relacións electrónicas. Estas medidas eran programáticas e haberá que agardar a este mandato do PSOE no goberno para valorar se son aplicadas ou mesmo ampliadas.

CONCLUSIONES

Esta contribución é sobre todo unha invitación a empezar a construír, soterrando experiencias ominosas do pasado, unha tradición plurilingüe española. Certamente, con demasiada frecuencia, a igualdade e a fraternidade estiveron ausentes nas relacións interlingüísticas españolas. Acotío primaron a impermeabilidade e a imposición sobre a solidariedade. Estou convencido, así e todo, de que un avance é posible e factible, se se cumpren certas condicións. Para empezar con-

viría romper coa inercia histórica que fai ás comunidades autónomas valedoras exclusivas das súas linguas propias e, pola súa parte, ao goberno central valedor exclusivo da lingua castelá ou española. Paga a pena recordar que existen, por exemplo, máis de duascentas disposicións legais que obrigan a usar exclusiva ou prioritariamente o castelán (www.contrastant.net/llengua/obligatori.htm). Por unha banda, as zonas que non falan castelán terían que recoñecer ao máximo as minorías que utilizan esta lingua e aceptar o castelán como patrimonio cultural de primeira orde, impulsando, como adoita acontecer, un ensino desta lingua de calidade. Por outra, o goberno español, os órganos centrais –talvez no futuro federais– da Administración do Estado, quer nos seus servizos periféricos, quer nos seus servizos centrais, terían que usar e defender como propias as distintas linguas de España, mediante, se fose preciso, algún organismo coordinador –unha axencia española para o multilingüismo hispánico, por exemplo– ou cunha Lei de linguas. Neste sentido, a capital de España tería que ofrecer máis servizos multilingües –como xa o fai, por exemplo, o museo Thyzen-Bornemisz–; os servizos de atención ao cliente, os famosos e caros 902, tamén terían que ofrecer servizos multilingües, tanto en organismos privados como públicos.

Esta actuación do goberno central a prol do multilingüismo debe partir dunha visión positiva da diversidade cultural e lingüística e dunha actitude xenerosa que pode permitir para si o grupo dominante español, o de lingua castelá, se chega a entender a paixón e adhesión que esperta un idioma cando corre o risco de perderse.

Froito da hexemonía social do castelán ou español, a poboación española que non o ten como primeira lingua seguirá a dominalo con seguridade. Esta poboación, non obstante, se quere manter a funcionalidade e o prestixio das súas linguas propias, quererá seguir usando a súa lingua en todos os ámbitos públicos e oficiais posibles, diante das administracións locais, autonómicas, españolas e europeas que o teñan que asistir e atender. Do mesmo xeito, nun futuro non tan afastado, quizais todos os europeos saibamos inglés, pero non por esta razón deixaremos de querernos relacionar na nosa lingua –alemán, estonio, castelán-español, danés ou catalán-valenciano– coa administración europea. Pensamos que un bo modelo lingüístico para os órganos centrais da Administración española é a Administración helvética. Alí o francés, cun 20% de falantes, ou o italiano, con apenas un 5%, son recoñecidos como linguas oficiais, mentres o romanche,

que non chega ao 1%, é considerado lingua nacional. Talvez máis que os regulamentos plurilingües helvéticos, que non se poden trasladar facilmente ao caso español, como a súa estrutura social e os seus acordos constitucionais e institucionais, o digno de encomio da adaptación de Suíza é a súa tradición consolidada de respecto polo plurilingüismo, apuntalada por outra tradición tamén venerable de pragmatismo e subsidiariedade (McRae, 1983; Bickel e Schläpfer, 1994; e Windish, 2002).

McRae, a quen xa citamos, facía a pregunta clave: De que maneira pode un país multilingüe conseguir a paz e a xustiza lingüística para os distintos grupos en contacto? Unha convivencia lingüística de proveito en España é posible. Existen modelos de organización que salvagarden a continuidade das linguas históricas e, asemade, manteñan as pontes de comunicación intergrupar. España pode ser precisamente un modelo. Non bastará, non obstante, a intervención estatal para alcanzar cotas superiores de multilingüismo. Será necesaria tamén a presión de minorías militantes que esixan este multilingüismo, como cidadáns e como consumidores, tanto nos impresos oficiais, como na atención telefónica ou na etiquetaxe. Esta mobilización –unha mobilización, entendámonos, de minorías importantes desde a España non castelá– terá que facerlle fronte á inercia da maioría da poboación, xa acostumada ao castelán, unha lingua que xa entende.

En definitiva, cómpre intentar que en España se superen tanto o centralismo herdado, que é un tipo de separatismo, con frecuencia esporeado polos medios de comunicación, como o independentismo clásico ou o constitucionalismo e federalismo tradicionais. Hai que construír un novo modelo en que as soberanías sexan limitadas e compartidas. Marí (2004) concluía moi ben a súa análise do debate polo plurilingüismo e pola plurinacionalidade: «Non hai problema catalán, senón problema español: o problema dunha nacionalidade hexemónica que se cre no dereito, e ademais democrático, de decidir cal é a nación, a cultura e mais a lingua dos outros. Por que a cidadanía española non había de ser como a europea, compatible coas diversas opcións lingüísticas, culturais e nacionais?».

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ JUNCO, J.: *Mater dolorosa. La idea de España en el siglo XIX*, Madrid, Taurus, 2002.
- ANDERSON, B.: *Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*, Londres, Verso, 1983.
- BARRERA, A.: «La diversidad de lenguas en España en los últimos 25 años. Perspectivas desde territorio monolingüe», 7 de maio de 2004, organizada polo Centre Universitari de Sociolingüística i Comunicació, 2004, e publicado electronicamente en *Llengua, Societat i Comunicació (LSC)*, <http://www.ub.edu/cusc>.
- BASTARDAS, A. e E. BOIX (ed.): *¿Un estado, una lengua? La organización política de la diversidad lingüística*, Barcelona, Octaedro, 1994.
- BELLVER, C.: «Pluralitat lingüística i llengua catalana», *Llengua i Ús*, 32 (2005), p. 49-57.
- BICKEL, H. e R. SCHLÄPPER (ed.): *Mehrsprachigkeit-eine Herausforderung*, Aarau, Verlag Sauerländer, 1994.
- BOIX-FUSTER, E.: «Les llengües en els òrgans centrals de l'Estat espanyol (un balanç de 25 anys de la Constitució Espanyola)», 7 de maio de 2004, organizada polo Centre Universitari de Sociolingüística i Comunicació, 2004a, e publicado electronicamente en *Llengua, Societat i Comunicació (LSC)*, <http://www.ub.edu/cusc>.
- BOIX-FUSTER, E.: «Las lenguas en los órganos centrales del Estado español (un balance de los 25 años de la Constitución Española)», *Revista de Llengua i Dret*, 41 (2004b), p. 195-217.
- BOIX-FUSTER, E.: «25 años de la Constitución española: un balance sociolingüístico de los (y las) catalanohablantes», en M. CASTILLO e J. KABATEK (ed.): *Las lenguas de España. Política lingüística, sociología del lenguaje e ideología desde la Transición*, Madrid, Iberoamericana-Vervuert, 2006.
- BRANCHADELL, A.: «Algunes propostes de promoció del català. El cas de les institucions de l'Estat i el sector privat», *Idees*, 18 (2003), p. 32-45.
- BRANCHADELL, A.: «La gestió de la diversitat lingüística», conferencia impartida o 17 de febreiro de 2004.
- BRANCHADELL, A.: «La regulació constitucional del multilingüisme a Espanya: qui vol canviar què», 7 de maio de 2004, organizada polo Centre Universitari de Sociolingüística i Comunicació, 2004, e publicado electronicamente en *Llengua, Societat i Comunicació (LSC)*, <http://www.ub.edu/cusc>.
- BRANCHADELL, A.: «¿Plural o singular?», *El País*, 27 de xullo de 2007.
- CAMINAL, M.: *El federalismo pluralista. Del federalismo nacional al federalismo plurinacional*, Barcelona, Paidós, 2002.
- CIRICI PELLICER, A.: *Relaciones de las culturas castellana y catalana (Encuentro de intelectuales, Sitges, 20-22 de diciembre de 1981)*, Barcelona, Generalitat de Catalunya, 1983.
- CRUZ, J.: «Catalanes», *El País*, 29 de setembro de 2005.
- ESTEVE, F. et al.: *El nom, la unitat i la normalitat*, Barcelona, Observatori de la Llengua, 2005.
- FISHMAN, J. A.: *Reversing Language Shift*, Clevedon, Multilingual Matters, 1991.
- GONZÁLEZ ABREU et al. (ed.): «Tradicionalistas y progresistas ante la diversidad idiomática de España», en M. FERNÁNDEZ ABREU et al. (ed.): *Lenguas de España, lenguas de Europa*, Madrid, Fundación Cánovas del Castillo, 1993, p. 129-160.
- LINZ, J. J.: «Politics in a multilingual society with a dominant world language: the case of Spain», en J. G. SAVARD e R. VEGNEAULT (ed.): *Multilingual Political Systems, problems and solutions*, Québec, Les Presses de l'Université Laval, 1975.
- LINZ, J. J.: «La sociedad española: presente, pasado y futuro», en J. J. LINZ (ed.): *España, un presente para el futuro*, Madrid, Instituto de Estudios Avanzados, 1984.
- LODARES, J. R.: *El paraíso poliglota*, Madrid, Taurus, 2000.
- LODARES, J. R.: *Lengua y patria*, Madrid, Taurus, 2002.

- LODARES, J. R.: *El porvenir del español*, Madrid, Taurus, 2004.
- MARCOS MARÍN, F.: *Conceptos básicos de política lingüística para España*, Madrid, FAES, 1995a.
- MARCOS MARÍN, F.: «El español, lengua internacional», en M. SECO e G. SALVADOR (ed.): *La lengua española, hoy*, Madrid, Fundación Juan March, 1995b.
- MARÍ, I.: «Cinc qüestions entorn el multilingüisme estatal», 7 de maio de 2004, organitzada polo Centre Universitari de Sociolingüística i Comunicació, 2004, e publicat electrònicament en *Llengua, Societat i Comunicació (LSC)*, <http://www.ub.edu/cusc>.
- MCRAE, K. D.: *Conflict and compromise in multilingual societies. Switzerland*, Waterloo, Wilfrid Laurier University Press, 1983.
- MCRAE, K. D.: «El establecimiento de una política lingüística en sociedades plurilingües: cinco dimensiones cruciales», en A. BASTARDAS e E. BOIX (ed.): *¿Un estado, una lengua? La organización política de la diversidad lingüística*, Barcelona, Octaedro, 1994, p. 75-98.
- MILIAN I MASSANA, A.: *Público y privado en la normalización lingüística. Cuatro estudios sobre derechos lingüísticos*, Barcelona, Atelier-Institut d'Estudis Autònoms, Generalitat de Catalunya, 2000.
- MILIAN I MASSANA, A.: *La igualtat de les llengües a les institucions de la Unió Europea. Mite o realitat?*, Bellaterra, Universitat Autònoma de Barcelona, 2003.
- MILL, J. S.: «Representative Government», orixinal 1861, en A. D. LINDSAY (ed.): *Utilitarianism, Liberty and Representative Government*, Londres e Nova York, 1947.
- MORENO CABRERA, J. C.: *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva*, Barcelona, Península, 2008.
- NINYOLES, R. L.: *Cuatro idiomas para un estado*, Madrid, Cambio 16, 1977.
- PERICAY, X. (ed.): *¿Libertad o coacción? Políticas lingüísticas y nacionalismos en España*, Madrid, FAES, 2007.
- PONS, E. e F. X. VILA: *Informe sobre la llengua catalana*, Barcelona, Observatori de la Llengua Catalana, 2005.
- REIXACH, M.: *La llengua del poble*, Barcelona, Nova Terra, 1975.
- RESINA, J. R.: «“Por su propio bien”. La identidad española y su gran inquisidor, Miguel de Unamuno», en J. DEL VALLE e L. GABRIEL-STHEEMAN (ed.): *La batalla del idioma. La intelectualidad hispánica ante la lengua*, Madrid, Iberoamericana-Vervuert, 2004, p. 137-166.
- SIGUAN, M.: *España plurilingüe*, Madrid, Alianza, 1992.
- TURELL, M. T. (ed.): *Multilingualism in Spain*, Clevedon, Multilingual Matters, 2001.
- VALLE, J. DEL e L. GABRIEL-STHEEMAN (ed.): *La batalla del idioma. La intelectualidad hispánica ante la lengua*, Madrid, Iberoamericana-Vervuert, 2004.
- VALLE, J. DEL (ed.): *La lengua ¿patria común? Lengües e ideologies del español*, Madrid, Iberoamericana-Vervuert, 2007.
- VERNET, J.: *Dret lingüístic*, Valls, Cossetània Edicions, 2003.
- WINDISH, H.: «Multilinguisme et plurilinguisme: le cas suisse», en D. LACORNE e T. JUDT (ed.): *La politique de Babel. Du monolingüisme d'État au monolingüisme des peuples*, París, Karthala, 2002.
- WOOLARD, K. A.: «Les ideologies lingüístiques: una visió general d'un camp des de l'antropologia lingüística», *XII Col.loqui Lingüístic de la Universitat de Barcelona, 13-XII-2004*, 2004.

Retruque

**POLÍTICA LINGÜÍSTICA DO
ESTADO: PROBLEMAS E
OPORTUNIDADES**

Fernando Ramallo

Universidade de Vigo

A análise do alcance da política lingüística do Estado español con respecto á diversidade lingüística constitúe un obxecto de estudo de atención constante na nosa recente historia sociolingüística. Este é, asemade, un debate cunha forte dimensión ideolóxica que transcende o pechado mundo académico e se proxecta ao conxunto da sociedade a través de axencias como os medios de comunicación. De xeito semellante ao que di Emili Boix no seu texto, unha ponderada simplificación permítenos falar de dúas ideoloxías contrapostas: a dos defensores da lingua común e a da resistencia desde as minorías lingüísticas. Trátase de dous sistemas de crenzas que fundamentan prácticas sociais dos seus membros e que contan xa cunha certa tradición. Como a maioría das ideoloxías, son heteroxéneas e flexibles na medida en que se van actualizando cos cambios sociais.

Nas páxinas que veñen a continuación, ofrezco unha breve reflexión crítica sobre algunhas das materias que Emili Boix elixiu na súa interpretación do feito e propoño algunhas cuestións adicionais para introducir o debate. Adiántome a dicir que o texto de Emili Boix me parece unha acertada diagnose, con algunhas propostas moi suxestivas para favorecer unha visión en positivo do multilingüismo en España. Trátase, ademais, dun autor que ten reflexionado atinadamente sobre a cuestión nos últimos anos. Polo tanto, os comentarios que aquí fago pretenden ser un complemento ás achegas do seu texto.

PANORAMA DO MULTILINGÜISMO ESPAÑOL

Un aspecto esencial sobre o que nos convoca esta sesión é o alcance da propia diversidade lingüística. E aquí xa non me estou a referir a recoñecementos totais –oficialidade– ou parciais de determinadas linguas, senón a poñer sobre a mesa un completo mapa da realidade sociolingüística de España. A

propia cita de Fishman coa que Emili Boix principia o seu texto vai nesa dirección¹.

Achegarse á diversidade lingüística implica asumir unha determinada concepción sobre o que é unha lingua, pero esta asunción non sempre resulta fácil de argumentar. Desde a Lingüística, a discusión ten un relevante valor teórico, malia que na práctica as decisións sobre o que é unha lingua están afastadas dos debates dos lingüistas. Case sempre é unha consideración política, desoíndo os criterios lingüísticos, a que serve de criterio para imaxinar construtos que acaban por ser identificados como linguas, mesmo cando tradicionalmente non reparara niso ninguén. E estas decisións, de carácter arbitrario, son cruciais polas repercusións que teñen en termos de construción das identificacións (Makoni e Pennycook, 2007). Os mecanismos son ben coñecidos e podemos atopalos en múltiples contextos: invención dun *estándar*, creación de institucións que amparen «cientificamente» as súas decisións, institucionalización da «lingua», etc. (Milroy, 1999). Fronte a isto, moitas outras variedades, ás veces claramente definidas desde a Lingüística, carecen da consideración política de lingua, que, como se pode inferir do sinalado, é a consideración crucial.

En todo caso, quer con criterios lingüísticos, quer con criterios políticos, ou con ambos os dous, a diversidade lingüística en España é moi notable, non só polo número de linguas distintas que atopamos no seu territorio, senón tamén porque algunhas delas están entre as linguas socialmente minoritarias con máis falantes de Europa. Así, a suma dos individuos que pertencen a unha minoría lingüística no Estado español é a máis elevada de toda Europa.

A relación de linguas faladas actualmente e que teñen unha presenza histórica nos distintos territorios do Estado son as seguintes –ordenadas de maior a menor segundo o seu número de falantes–: castelán, catalán, galego, éuscaro, asturiano, aragonés, tamazight, romaní, aranés e portugués². Así pois, en doce das dezasete comunidades e nas dúas cidades autónomas recoñécese, con alcan-

¹ A cita de Fishman contén unha esaxeración. Dentro dos Estados multilingües economicamente desenvolvidos, España está lonxe de ser o máis poboado. Entre outros, Francia e Italia teñen máis poboación que España e en calquera dos dous a diversidade lingüística é moi elevada.

² Esta listaxe non deixa de ser unha simplificación. A complexidade lingüística é bastante maior, como así se demostra nas novas reivindicacións derivadas da toma de conciencia sobre o valor diferencial de determinadas linguas tradicionalmente infravaloradas. Un exemplo do que estamos a dicir é Fernández e Redondo (2006). Por outro lado, á listaxe anterior hai que engadir as linguas signadas española e catalá.

ce xurídico moi diverso, a diversidade lingüística. A este fenómeno, xa importante de seu, hai que engadirlle un numeroso grupo de linguas de inmigración que, desde as tres últimas décadas, teñen unha notable e progresiva presenza en España (Junyent, neste mesmo volume; e Nadal Ferreras, 2007).

Hai un problema adicional á hora de abordar con rigor a diversidade lingüística en España. Trátase dunha cuestión ontolóxica: que é o que consideramos como un falante de catalán, de galego, de éuscaro ou de aragonés?, por exemplo. Tres son as caracterizacións habituais: dun lado, é habitual que as cifras se refiran á poboación que habita nunha das comunidades bilingües de España; iso é ao que remite a cifra de 18 151 302 que recolle o segundo informe de seguimento da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias e que cita Boix no seu traballo. Ao lado desa cifra, hai un par delas máis que deberíamos contemplar: persoas que teñen a capacidade de falar unha determinada lingua e, finalmente, falantes habituais. Manexar unha ou outra activa unha perspectiva da realidade parcialmente diferente. Así pois, cal é o referente cando aludimos a «falantes» dunha determinada lingua? En todo caso, en contextos de contacto lingüístico, de forte hibridación de códigos, de similitude estrutural entre idiomas, etc., que é ser falante dunha lingua?

Desde logo, aventurar unha cifra sobre o número de falantes que ten unha lingua como o galego require triangular medicións de diversa índole. Dado que non é o obxecto deste traballo, para ofrecer unha aproximación da diversidade lingüística en España, optamos por presentar as cifras das persoas que se declaran competentes para falar unha determinada lingua e que, para os maiores de catorce anos, recolleemos na táboa seguinte:

TÁBOA 1. RELACIÓN DE LINGUAS AUTÓCTONAS FALADAS EN ESPAÑA

Linguas	Territorio	N.º de persoas de quince ou máis anos que saben falar...	%
Castelán	España	45 000 000	100
Catalán	Cataluña (1)	5 050 000	85*
	Illas Baleares (2)	600 500	75*
	Valencia (3)	2 170 000	52*
	Aragón (4)	50 000	89*
	TOTAL	7 870 500	17,5**

Linguas	Territorio	N.º de persoas de quince ou máis anos que saben falar...	%
Galego	Galicia (5)	2 460 000	90*
	Asturias (6)	45 000	75*
	Castela e León	35 000	50*
	Estremadura	3 000	90*
	TOTAL	2 538 000	6*
Éuscaro	País Vasco (7)	600 000	32*
	Navarra (8)	60 000	11*
	TOTAL	660 000	1,5**
Asturiano	Asturias (9)	450 000	40*
Aragonés	Aragón	50 000	5*
Tamazight	Melilla e Ceuta	60 000	50*
Aranés	Cataluña (10)	4700	62*
Romaní	Todo o territorio	Varios miles	<0,05**
Portugués	Olivenza e Cedillo (Estremadura) La Alamedilla (Salamanca)	Varios centos	<0,005*
TOTAL	sen castelán	11 750 000	26**

* Sobre a poboación da zona.
** Sobre o total de España.
Adaptación propia a partir de:
(1) Estadística d'usos lingüísticos a Catalunya, 2003.
(2) Enquesta d'usos lingüísticos a les Illes Balears, 2004.
(3) Enquesta sobre Coneixement i ús social del valencià, 2005.
(4) Enquesta d'usos lingüísticos a la Franja d'Aragó, 2004.
(5) Enquisa de Condicións de Vida das Familias, 2003.
(6) II Estudio Sociolingüístico de Asturias, 2002.
(7) IV Encuesta Sociolingüística, 2008.
(8) IV Encuesta Sociolingüística, 2008.
(9) II Estudio Sociolingüístico de Asturias, 2002.
(10) Cens lingüístic de l'Aranès, 2001.

Por outro lado, segundo o catálogo *Ethnologue* (Lewis, 2009), España ten un índice de diversidade lingüística de tipo medio entre os Estados europeos. Este índice, orixinalmente proposto por Greenberg (1956) e retomado despois por Lieberman (1981), recolle a probabilidade de que dúas persoas seleccionadas aleatoriamente nun determinado Estado teñan linguas familiares diferentes. O

índice de diversidade ten un rango que vai de 0 a 1; o 1 interprétase como máxima diversidade, mentres que o 0 como ausencia total desta. Para calcular o índice tense en conta o número de falantes de cada lingua con respecto á poboación total. Non hai Estado ningún no mundo que puntúe 1 pero algúns achéganse bastante (Papúa-Nova Guinea, 0,99). Pola parte de abaixo, Cidade do Vaticano ou Corea do Norte son exemplos de nula diversidade lingüística (0,00).

Pois ben, o índice de diversidade de España, segundo o *Ethnologue*, é de 0,509 –catorce linguas³–, idéntico ao de China –duascentas noventa e dúas linguas. En Europa, índices semellantes atopámoslos en Xibraltar con 0,498 –dúas linguas– ou en San Marino con 0,494 –dúas linguas. Con maior índice de diversidade aparecen Mónaco, un 0,521 –tres linguas–; Austria, un 0,535 –nove linguas–; Montenegro, un 0,567 –cinco linguas–; Andorra, un 0,574 –tres linguas–; Suíza, un 0,577 –doce linguas–; Albania, un 0,577 –sete linguas–; ou Letonia, un 0,584 –cinco linguas–. Os Estados europeos con maior diversidade son Bosnia e Hercegovina, un 0,659 –catro linguas– e Bélxica, un 0,747 –dez linguas.

MARCO LEGAL

Coincido con Emili Boix en que a Constitución española supón un avance parcial con respecto ao tratamento da diversidade lingüística: óptase por un modelo en que prima o principio de recoñecemento territorial pero cun alcance parcial, tipificado como de «centro monolingüe *versus* periferia plurilingüe» e denominado autonomía lingüística. Este modelo tivo como principal consecuencia, segundo Bourdieu (1985, p. 19): «La creación de un mercado lingüístico unificado y dominado por la lengua oficial: obligatoria en las ocasiones oficiales y en los espacios oficiales –escuela, Administraciones públicas, instituciones políticas, etc.–, esta lengua de Estado se convierte en la norma teórica con que se miden objetivamente todas las prácticas lingüísticas».

O constituínte tiña, cando menos outras dúas opcións, dentro dunha simple tipoloxía de políticas lingüísticas aplicadas polos Estados europeos: o bilingüis-

³ A cuantificación da diversidade lingüística recollida no *Ethnologue* non está exenta de crítica de diversa índole. Por exemplo, no caso de España, entre estas catorce linguas inclúese o «quinqui» (Lewis, 2009), lingua sen filiación xenética e que, segundo o *Ethnologue*, se fala nos arrabaldes das cidades.

mo institucional –predominio do principio de personalidade: Irlanda, Eslovenia, Hungría, Noruega e, en parte, Finlandia– e o federalismo lingüístico –predominio do principio de territorialidade: Bélxica e Suíza. Pero iso ía en contra dunha tradición que, agás nos casos citados, era dominante en Europa –e no mundo, con contadas excepcións que son ben coñecidas– desde, polo menos, a Revolución Francesa. Tal tradición ideolóxica susténtase na asociación «un Estado-unha nación-unha lingua»⁴.

Xa que logo, o exercicio de planificación lingüística que aparece explícito na Constitución española reforzou a distinción entre o racional e mais o moderno, e o emocional e mais o tradicional, o que facilitou a creación dunha poderosa vinculación entre racionalidade e orde económica (Williams, 2005). No caso do galego, por exemplo, se esa lexitimación dun mercado lingüístico unificado se pon en relación coas dinámicas históricas polas que pasou a lingua nos dous últimos séculos, podemos comprender mellor a diminución considerable do prestixio social do idioma.

Con todo, son da opinión de que o marco constituínte vixente ofrece posibilidades para a visibilidade das linguas distintas ao castelán nas institucións político-administrativas do Estado. Desde logo, son consciente de que isto é motivo dunha gran controversia, tanto doutrinal como na propia xurisprudencia do Tribunal Constitucional (Pulido Quecedo, 2005). Con todo, cómpre sinalar que hai xurisprudencia abondo que fortalece a interpretación de que a España plurilingüe pode ser unha realidade se hai vontade política. Non é preciso mudar a Constitución española para converter *de facto* o Estado nun Estado plurilingüe. Como exemplo, o artigo 3.1 non implica a exclusividade da lingua castelá nas institucións e nos órganos representativos do Estado.

⁴ Como sabemos, o artigo 3 da Constitución española, incluído, e isto xa é moi significativo, no título preliminar, constitúe o precepto constitucional básico a propósito da regulación lingüística. Este artigo foi obxecto dun amplo debate e na redacción do anteproxecto constitucional houbo propostas neste sentido, en concreto sobre a obriga de coñecer as distintas linguas faladas en España. Os grupos nacionalistas, particularmente a minoría catalá do Congreso, defenderon unha emenda –a 105– para declarar todas as linguas nacionais como linguas oficiais nos seus territorios e propoñían que os Estatutos puidesen establecer o carácter oficial exclusivo dunha lingua diferente ao castelán. Ademais, a emenda 106 establecía o deber de coñecer esoutras linguas nos seus territorios respectivos. Ambas as dúas emendas foron rexeitadas pola Comisión e posteriormente polo pleno do Congreso.

A cuestión é, basicamente, de oportunidade política, que se orienten a lexislación e mais a acción do goberno central cara a un maior respecto e protección dos grupos lingüísticos minoritarios.

A xerarquía de linguas que parece desprenderse da Constitución española, e así o recolle Emili Boix no seu texto, é motivo tamén de debate doutrinal. O artigo 3.1 parece conferirlle ao Estado a competencia para regular o uso oficial do castelán. O artigo 3.2 atribúelles unha competencia ás comunidades autónomas. Porén, onde hai un maior debate é ao respecto das «modalidades lingüísticas» das que fala o artigo 3.3. En primeiro lugar, está o alcance destas modalidades. Neste sentido, Vernet (2007, p. 55) aclara as dúas interpretacións posibles: definición ampla do concepto, na que se inclúen todas as linguas españolas; e definición xerárquica, onde se exclúen o castelán e mais as linguas cooficiais.

Intimamente relacionado con isto está o tema das competencias. Se optamos por unha interpretación ampla das modalidades lingüísticas ás que se refire o artigo 3.3, o Estado debería regular o uso das distintas linguas españolas. Para Vernet (2007, p. 58), isto é especialmente relevante, cando menos en dous ámbitos: Por unha parte, a falta de protección autonómica específica; o Estado podería asumir esta función cando a regulación autonómica fose inexistente, para cumprir o mandato constitucional de protexer e respectar a riqueza lingüística española –como sería no caso de moitos enclaves. Por outra, respecto ás institucións centrais do Estado nas que sería posible a utilización doutras linguas distintas ademais do castelán. Neste sentido, o Estatut d'autonomia de Catalunya, de 2006, parece sustentarse na segunda das interpretacións, cando no seu artigo 33.5 establece que: «Els ciutadans de Catalunya tenen el dret de relacionar-se per escrit en català amb els òrgans constitucionals i amb els òrgans jurisdiccionals d'àmbit estatal, d'acord amb el procediment establert per la legislació corresponent. Aquestes institucions han d'atendre i han de tramitar els escrits presentats en català, que tenen, en tot cas, plena eficàcia jurídica».

IDEOLOXÍAS ANTE O MULTILINGÜISMO ESPAÑOL. AS DÚAS PRINCIPAIS POSICIÓNS

Con respecto ás ideoloxías sobre o plurilingüismo español, Emili Boix céntrase nas dúas seguintes: hexemonía do español como lingua común e igualdade radical entre todas as linguas españolas.

A narrativa do «castelán como lingua común» non ten apoio xurídico en texto legal ningún, aínda que si na xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Así, na sentenza 84/1986 a propósito da Lei de normalización lingüística de Galicia, pronúnciase a favor da primacía do castelán sobre o resto das linguas españolas, fundamentada no deber de coñecelo. Para o Tribunal Constitucional este deber «resulta concordante con outras disposicións constitucionales que reconocen la existencia de un “idioma común” a todos los españoles, y cuyo conocimiento puede presumirse en cualquier caso, independiente de factores de residencia o vecindad»; esta presunción *iuris tantum* desvirtúase por proba en contrario que acredite o descoñecemento: a oficialidade non implica o deber de coñecemento polos cidadáns, senón un dereito ao uso.

Fóra do marco xurídico, esta ideoloxía ten unha notoria implantación como un elemento da hispanofonía e do panhispanismo (Del Valle, 2007; López García, 2009). Con antecedentes notables, reactivábase nos inicios dos anos noventa do século XX, cunha nova imaxe e desde unha concepción elitista sobre as linguas que chega ao conxunto da poboación a través de diversas axencias: medios de comunicación, sistema educativo, igrexa, institucións políticas e culturais, partidos políticos, goberno, poder xudicial, multinacionais, etc. Esta concepción procura proxectar unha imaxe natural e neutral do castelán presentándoo «como símbolo de la concordia, de la democracia, del progreso económico, como instrumento al servicio de una posnación, de una comunidad internacional panhispánica que deja reducidos al atavismo y al particularismo reaccionarios al catalán, gallego y euskera» (Del Valle, 2007, p. 53).

Para Moreno Cabrera (2008), este é un elemento clave da ideoloxía do nacionalismo lingüístico español. Faise invisible a imposición do español e instrúese a poboación nun marco de despolitización, de naturalización e de superioridade intrínseca do idioma «nacional».

Aínda que é certo que o valor económico do castelán se estrutura arredor duns datos obxectivos sobre a capitalización da lingua, paralelamente este discurso está deseñado para alimentar varios mitos impermeables e anacrónicos: o mito da utilidade das linguas, o da unidade lingüística, o da superioridade das linguas, etc.⁵, pero tamén traza unha revisión ampla de diversos feitos da historia de España, do papel de España no mundo e dos propios fundamentos das relacións entre as comunidades que conforman o Estado español.

Paralelamente, utilízanse distintos argumentos e probas para cuestionar o *status* legal e social das outras linguas propias de España, así como a lexitimidade ética, legal e tamén social das políticas lingüísticas levadas a cabo para a súa revitalización social e institucional, principalmente no caso de Cataluña e de Euskadi, e recentemente en Galicia.

Esta ideoloxía susténtase en argumentos como a negación da existencia do centralismo español, a negación da imposición do castelán e a afirmación da imposición das outras linguas, a antítese entre o racional-moderno e o emocional-tradicional, a presentación da diversidade lingüística como un problema para a modernización e para a comunicación ou a afirmación de que España é unha única comunidade lingüística.

Unha das xustificacións máis recentes desta ideoloxía atópase na obra de Mosterín *La cultura de la libertad*, onde o autor inclúe un par de capítulos sobre a lingua. No segundo, titulado «Libertad de lengua», Mosterín critica abertamente o principio de territorialidade, ao afirmar que «la concepción territorialista hace de los ciudadanos siervos de la gleba en sentido medieval: su suerte y sus derechos van ligados al terruño» (Mosterín, 2008, p. 148). Tamén afirma que «muchos políticos nacionalistas siguen aferrados a la igualmente absurda noción de que la lengua es asunto de Estado –o de la Comunidad Autónoma– y no del individuo, lo cual es causa de incontables conflictos y sufrimientos innecesarios, además de fuente de despilfarros, seudoproblemas y esfuerzos baldíos» (Mosterín, 2008, p. 143).

Para este autor, o modelo que se debe seguir é o de Finlandia; aínda que non podemos clasificar este modelo como personalista, senón que máis ben sería de

⁵ Véxanse os seminarios titulados *El valor económico del español: una empresa multinacional*, patrocinados pola Fundación Telefónica; <http://www.fundacion.telefonica.com/index.htm>.

tipo mixto, no que o principio de territorialidade opera nos municipios monolingües e o principio de personalidade nos bilingües –e na Administración do Estado. Tamén pode considerarse que o principio de territorialidade é preferente nas relacións coas municipalidades, mentres que o principio de personalidade o é no caso das interaccións coas institucións estatais. En todo caso, de aplicarse a España o modelo de xestión do plurilingüismo finés, as linguas socialmente minoritarias terían un futuro máis alentador.

Pola súa parte, a defensa da «igualdade radical entre todas as linguas españolas» ten o seu fundamento nunha interpretación máis aberta da Constitución española, tarefa complicada nunha democracia liberal que fixo da homoxeneidade lingüística e cultural unha condición de fondo da integración política. Co cambio de goberno no ano 2004, abriuse un novo contexto en que, ao lado das reivindicacións de soberanía territorial e da apertura dun debate amplo sobre a necesidade de abordar unha «segunda transición democrática», foi elaborándose un novo discurso lingüístico, que podemos vincular coa ideoloxía da «España plurilingüe» (Lorenzo Suárez, 2006; e Branchadell, 2008). A grandes trazos, preténdese, como dicíamos, a activación dunha interpretación máis aberta da Constitución española que faga efectivo o recoñecemento explícito do carácter plurinacional, pluricultural e plurilingüe de España.

No tocante aos contidos, búscase, en primeiro lugar, un cambio lexislativo que iguale os deberes e dereitos dos grupos lingüísticos en España. Perséguese, deste xeito, a concreción de fórmulas explícitas que establezan un recoñecemento igualitario de todas elas: é dicir, que a diversidade lingüística de España sexa un ben público para todos os españois. En segundo lugar, preténdese que as institucións do Estado actúen en consonancia co carácter plurilingüe de España. E en terceiro lugar, sinálase que a responsabilidade da promoción da diversidade lingüística española debe estar en mans non só das comunidades autónomas con lingua propia, senón tamén do goberno central, para facer realmente a toda España partícipe do seu carácter plurilingüe.

Contra a España plurilingüe alzáronse voces diversas: por un lado, aqueles que procuran salientar unha interpretación máis centralista da Constitución española, por considerala a mellor das posibles; outros, como Lodares (2004), vinculan ese discurso lingüístico novo coa posible perda de posicións, internas e externas, da lingua española: «Personalmente, creo que el proyecto “España-plu-

rilingüe” se fundamenta en una idea política arriesgada, en el desconocimiento de la relación que liga la economía de las lenguas y en la pretensión de que no somos lo que sí somos: una “comunidad lingüística”.

Nesa España plurilingüe deben ter cabida, ademais, as linguas das novas minorías, cada vez máis numerosas e con maior influencia socioeconómica. Lembremos a este respecto as palabras do grupo de intelectuais a favor do diálogo intercultural, coordinados por Amin Maalouf a petición da Comisión Europea (Maalouf, 2008, p. 22): «De igual xeito que se animaría aos inmigrantes a que adoptasen plenamente a lingua do país de acollida e a cultura que transmite, sería xusto e útil que as linguas identitarias dos inmigrantes formasen tamén parte do grupo de linguas cuxa aprendizaxe se lles aconsellase aos europeos».

REIVINDICACIÓN DA EXTRATERRITORIALIDADE

Na última parte da súa intervención, Boix presenta unha reivindicación da extraterritorialidade para as linguas diferentes do castelán, tomando como exemplo o caso de Suíza. Desde logo, no modelo suízo de federalismo lingüístico a poboación é moi consciente do valor do seu patrimonio lingüístico, que se mantén cun sólido equilibrio na política lingüística, sustentado no principio democrático de que ningunha das linguas estatais debería representar unha ameaza para as outras linguas. É un modelo de «centro plurilingüe, periferia monolingüe»⁶, que, ao contrario das autonomías lingüísticas, implica que o Estado se abstén de impoñer o uso dunha «lingua común» e precisamente nese multilinguismo oficial fomenta e reforza un sentimento común de nacionalidade. Con todo, ese modelo de «centro plurilingüe e periferia monolingüe» fai que en Suíza, e tamén en Bélxica, atopemos tres comunidades unilingües homoxéneas con pouco ou nulo acceso cultural, lingüístico e político entre os concidadáns (Grin, 1998).

É evidente que trasladar este modelo de federalismo lingüístico a España implicaría modificar a Constitución española. Ademais, os territorios con linguas

⁶ Dos vinte e seis cantóns suízos, vinte e dous son monolingües, dezasete en alemán, catro en francés e un en italiano; tres cantóns son bilingües, francés e alemán; e só hai un cantón administrativamente trilingüe, alemán, italiano e retorromanche.

propias en España están lonxe de ser exemplos de homoxeneidade lingüística; trátase, máis ben, de territorios complexos nos que é difícil deseñar lindes lingüísticos intraterritoriais. Os que si caben dentro do actual marco constitucional son os casos de bilingüismo institucional, que podemos atopar, con algunhas diferenzas entre eles, en Irlanda, Eslovenia, Hungría, Noruega e mesmo en Finlandia, na procura dun modelo de comunidade política estatal plurilingüe que sirva para que España sexa un Estado máis rico, democrático e culto.

Moitas das propostas que Boix inclúe no seu texto parécennos esenciais, aínda que levalas á practica vai necesitar tempo. Quizais o máis importante sexa promover un cambio no discurso público orientándoo a crear un clima favorable ao plurilingüismo que potencie tanto o valor da diversidade coma os dereitos dos falantes e das linguas, que son, tamén, o suxeito dos dereitos lingüísticos.

REMATE

Quixera rematar a miña intervención respondendo á pregunta que Emili Boix recolle no seu traballo: Hai condicións para o diálogo? Desde logo, é necesario que os partidos políticos maioritarios asuman con naturalidade que vivimos nun Estado plurilingüe, cun ordenamento xurídico, no tocante á diversidade lingüística, aínda con percorrido. Tanto as minorías históricas como as dos inmigrantes precisan que estas organizacións políticas se comprometan decididamente a cumprir cos instrumentos xurídicos estatais e internacionais asinados por España e que decididamente respecten as reformas dos estatutos de autonomía. Non foi así no pasado, no que a diversidade lingüística se problematizou en exceso.

BIBLIOGRAFÍA

- BOURDIEU, P.: *¿Que significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*, Madrid, Akal, 1985.
- BRANCHADELL, A.: «Un manifiesto contra España», *El País*, 7 de xullo de 2008.
- FERNÁNDEZ, J. e G. REDONDO (ed.): *Llengües ignorades*, Terrassa, Mnemòsine, 2006.
- GREENBERG, J. H.: «The measurement of linguistic diversity», *Language*, 32 (1956), p. 109-115.
- GRIN, F.: «Language policy in multilingual Switzerland: overview and recente developments», *European Centre for Minority Issues*, 2 (1998), p. 1-9; en http://www.ecmi.de/download/brief_2.pdf.
- LEWIS, M. P. (ed.): *Ethnologue: Languages of the World*, 16 ed., Dallas, Tex., SIL International, 2009.
- EBERSON, S.: *Language diversity and language contact*, Stanford, Stanford University Press, 1981.
- LODARES, J. R.: «El precio de las gramáticas», *El País*, 7 de decembro de 2004.
- LÓPEZ GARCÍA, A.: *La lengua común en la España plurilingüe*, Madrid, Iberoamericana, 2009.
- LORENZO SUÁREZ, A. M.: «Los discursos sobre las lenguas y las políticas lingüísticas en la España contemporánea: una aproximación tipológica», comunicación presentada no VI Congreso da Sociedade Arxentina de Semiótica, Bos Aires, 2006.
- MAALOUF, A. (coord.): *Un reto proveitoso. Como a multiplicidade de linguas podería contribuir á consolidación de Europa*, Bruxelas, 2008; en http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/informe_expertos_GL.pdf.
- MAKONI, S. e A. PENNYCOOK (ed.): *Disinventing and Reconstituting Languages*, Clevedon, Multilingual Matters, 2007.
- MILROY, J.: «The consequences of standardisation in descriptive linguistics», en T. BEX e R. WATTS (ed.): *Standard English: The Widening Debate*, Londres, Routledge, 1999, p. 16-39.
- MORENO CABRERA, J. C.: *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva*, Madrid, Península, 2008.
- MOSTERÍN, J.: *La cultura de la libertad*, Madrid, Espasa, 2008.
- NADAL FERRERAS, J. M.: *Las 1001 lenguas*, Girona, Aresta, 2007.
- PULIDO QUECEDO, M.: *La Constitución española con la jurisprudencia del Tribunal Constitucional*, Cizur Menor (Navara), Thomson-Aranzadi, 2005, 4ª edición.
- VALLE, J. DEL: «La lengua, patria común: la hispanofonía y el nacionalismo panhispánico», en J. DEL VALLE (ed.): *La lengua, ¿patria común? Ideas e ideoloxías del español*, Madrid-Frankfurt, Iberoamericana-Veruert, 2007, p. 31-56.
- VERNET, J.: «El pluralismo lingüístico», en J. VERNET e R. PUNSET: *Lenguas y constitución*, Madrid, Iustel, 2007, p. 17-60.
- WILLIAMS, G.: *Sustaining language diversity in Europe*, Londres, Palgrave, 2005.

**A SOCIOLINGÜÍSTICA
DE GALICIA**

Relatorio

A SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA

Anxo M. Lorenzo Suárez

Universidade de Vigo

INTRODUCCIÓN

Cando os organizadores deste foro me trasladaron o amable convite para participar nel, déronme como título provisorio un enunciado redactado en forma de pregunta: «Cabe –aínda– unha interpretación orixinal da situación sociolingüística de Galicia? O que empecei a elaborar tentaba responder esa pregunta, que en realidade conducía a formular unha análise, que pretendía ser o máis completa posible, sobre a situación sociolingüística da lingua galega desde a perspectiva diacrónica e sincrónica, atendendo a cuestións sociolingüísticas e lingüísticas, discursivas, políticas, etc.

Agora ben, cuestións de espazo e mais de tempo leváronme a delimitar o contido que finalmente presento para a discusión neste *Foro*. Realizarei unha caracterización do que aconteceu nun período de trinta anos –entre 1978 e 2008, aproximadamente– de cambio e evolución dunha situación sociolingüística, a de Galicia e a da lingua galega.

A estrutura do relatorio está dividida en catro apartados e unha síntese final. En primeiro lugar, presentamos unha interpretación sobre o punto de partida sociolingüístico en que se atopaba a lingua galega a finais dos anos setenta. En segundo lugar, propoñemos unha reflexión sobre a política lingüística desenvolvida en Galicia no período 1980-2005. En terceiro lugar, discutimos os elementos máis relevantes da situación sociolingüística actual. E, finalmente, pecharemos cunha síntese que ten a finalidade de enxergar algunhas das claves sociolingüísticas e dos escenarios futuros para o idioma.

A resposta a aquela pregunta inicial de se cabía unha interpretación orixinal sobre a situación sociolingüística de Galicia debe ser, na miña opinión, negativa: contamos con información abonda e con interpretacións o suficientemente diversas como para termos unha idea clara –e sempre orixinal– do que aconteceu nestes anos e do que está a pasar actualmente coa lingua galega, coa situa-

ción sociolingüística de Galicia e coa aplicación de políticas lingüísticas –e da súa eficacia, eficiencia e alcance. Información e interpretacións diversas –e nalgúns casos moi profundadas– non son sinónimo de consenso, por suposto: nin entre políticos, nin entre especialistas, nin entre as elites sociais e culturais que traballan a prol da cultura galega. Menos reflexións e interpretacións temos, pola contra, á hora de enxergar o futuro da lingua, sobre os pasos que debemos dar e sobre os consensos posibles que se deberan acadar.

Como hipóteses de traballo, quero formular dúas: unha sobre a situación sociolingüística do idioma e outra sobre os efectos da súa institucionalización e acción política planificada.

En primeiro lugar, a situación sociolingüística da lingua galega non mudou de xeito significativo nestes trinta anos, debido a que continuou a marcha, a un ritmo lento, do proceso de substitución social do galego polo castelán, e porque, asemade, se foron concretando cambios moi favorables para o idioma galego en aspectos como a competencia para utilizalo, a súa visibilidade social e institucional e a mellora substancial das actitudes lingüísticas declaradas polos individuos. Desde o século XIX, en Galicia substitución lingüística ou abandono da lingua galega –como preferamos denominalo– e recuperación do galego son procesos contrarios que van da man, igual que nestes últimos trinta anos.

En segundo lugar, a política lingüística institucional, desenvolvida principalmente desde a Xunta de Galicia, tivo un alcance limitado no tocante ao éxito do denominado proceso de «normalización lingüística» debido a tres motivos principais: pola interpretación errónea –intencionada ou non– da situación sociolingüística de partida, polas limitacións inherentes ás ideoloxías lingüísticas dos gobernantes e pola imposibilidade de que unha política lingüística no contexto glotopolítico democrático producise resultados milagreiros.

Estas dúas hipóteses están directamente relacionadas: consideramos que a vitalidade da lingua galega en 1978 era moito máis negativa do que se valorou naquel momento, o que facía que calquera obxectivo de recuperación da súa vitalidade social fose unha tarefa con moitas –e case insalvables– complicacións prácticas. Se a esa constatación lle engadimos o desenvolvemento dunha política lingüística de baixa intensidade, podemos entender gran parte do que aconteceu nestes anos.

Revisaremos no seguinte apartado as características da situación sociolingüística de partida, dedicaremos o punto 2 a considerar a política lingüística institucional e centraremos no punto 3 na presentación dalgúns aspectos da situación sociolingüística actual, incluída a súa evolución recente.

O PUNTO DE PARTIDA SOCIOLINGÜÍSTICO: O INEXISTENTE «ANO 0» DA LINGUA GALEGA

A primeira hipótese adiantada na introdución atinxe á situación sociolingüística da lingua galega e nela sinalamos que esta non mudou de xeito significativo nestes últimos trinta anos: o avance da desgaleguización social non se freou e, asemade, de forma paradoxal, constatamos certos avances favorables para o idioma galego en aspectos diversos. Non podemos negar, xa que logo, a evidencia dos cambios favorables para a lingua galega, pero estes non conseguiron alterar substancialmente a liña debuxada polo devalo na cantidade de falantes iniciais e habituais, menos uso oral espontáneo, co mantemento de actitudes lingüísticas negativas respecto da lingua, etc.

No remate do franquismo e no comezo da xeira democrática, a lingua galega non se atopaba nun suposto e hipotético «punto 0» do seu devir histórico: o que antes pasou, moi especialmente durante a represión franquista, e as tendencias da sociedade galega do momento impedían facer unha lectura da situación sociolingüística que obviase aqueles procesos históricos e os determinantes socioeconómicos, culturais e demográficos da Galicia do momento.

Na miña opinión, as razóns que explican esta non alteración substancial cómpre procuralas principalmente nos procesos socioeconómicos e na situación sociolingüística existente na Galicia da década dos setenta, e nas expectativas creadas pola inminencia dos cambios sociopolíticos que se enxergaban tras o remate do franquismo e o novo marco constitucional e autonómico. Esa situación dos anos setenta, que constituía o seu punto de partida, era moito máis grave e negativa para a lingua galega do que se sabía ou do que se quería saber, moito máis do que se estaba disposto a asumir e mesmo do que suxerían as observacións impresionistas da realidade social, tal como parecía apuntar a escasa información empírica manexada daquela (Iglesias, 1999).

Convén insistir en que «todo o mundo» deixou de asumir a gravidade da situación, por descoñecemento, derivado probablemente da falta de información e do desinterese por acadala, nun momento histórico de forte ideoloxización e de desprezo pola «sociolingüística empiricista» (Rei-Doval, 1999), ou por «cegueira» ideolóxica, tanto nos gobernos do PP como nos sectores sociais máis comprometidos co idioma.

O aspecto central desa grave situación para o galego era a súa vitalidade social deficiente, derivada da escasa vitalidade dos grupos sociais galegófonos. Utilizando o concepto de «vitalidade etnolingüística subxectiva», podemos caracterizala como a forza e as posibilidades que ten o grupo social que a fala de comportarse como unha entidade colectiva distinta e activa na súa relación cos outros grupos lingüísticos existentes. Se o *status* e o poder social son os seus compoñentes centrais, canto máis vitalidade social exista, maior será o poder da sociedade e, polo tanto, maiores as posibilidades de sobrevivencia lingüística para o grupo social e para a súa lingua.

Pois ben, os dous aspectos clave que influían moi negativamente na vitalidade social da lingua galega e que facían da situación sociolingüística de partida un escenario cheo de incertezas eran –e seguen a estar presentes na actualidade, en diferente medida, como veremos máis adiante– os seguintes: o perfil socio-demográfico e socioeconómico do colectivo conformado polos galegofalantes e o profundo estigma sociolingüístico construído arredor do idioma galego e dos seus usuarios.

A lingua galega aparecía no final dos anos setenta como un xigante demográfico cuns alicerces enormemente febles e inestables. O abandono da lingua galega, iso que tecnicamente podemos denominar como proceso de substitución social, xorde e desenvólvese no marco dunha xeira –longa no tempo e lenta no seu avance– de cambio social en Galicia, que é sinónimo de modernización e de mudanza socioeconómica, de transformacións sociais derivadas da urbanización e do tránsito do rural ao urbano, da progresiva xeneralización do ensino a toda a poboación, da mellora do funcionamento das administracións públicas, dos efectos da forte emigración e dos retornos posteriores, etc. (Monteagudo, 1999; e Mariño, 1998).

Coidamos que todos estes procesos de cambio, con repercusións sociolingüísticas directas e indirectas, que comezaran no século XIX, foron o punto de

partida dese proceso de abandono do galego, en termos de proceso social –supraindividual, xa que logo– consistente e sistemático, lento pero firme. Agora ben, a súa aceleración e a contemplación dos seus efectos máis salientables vaise producir máis tarde, xa no século XX, principalmente a partir das décadas dos sesenta e setenta, onde, ademais da continuación dos efectos derivados dos factores sinalados anteriormente, debemos engadir un novo factor causal de indubidable relevancia: a represión e a invisibilización acaecida durante o período franquista respecto da lingua galega. E para completar o cadro, cumpriría afirmar que nesa segunda parte do século XX, Galicia e España comezaran un profundo desenvolvemento social e económico, e que a cultura galega estaba nunha situación de case total indefensión fronte ás consecuencias negativas que para a lingua galega terían os devanditos cambios macroestruturais.

A vinculación dos galegofalantes co predominio demográfico do mundo rural provocou que, nas fases de mobilidade social dos traballadores e das familias rurais que accedían ás sociedades urbanas emerxentes, mobilidade que comezara xa no século XIX, un dos elementos sacrificados nese proceso de cambio foi, precisamente, o lingüístico: o abandono do galego e a adquisición do castelán. Asemade, as clases medias urbanas termaban do uso do castelán, en parte debido á secular castelanización dos ámbitos urbanos de Galicia (Fernández, 2003; e Rei-Doval, 2007), pero tamén debido á procura dun novo elemento simbólico diferenciador fronte aos que acababan de chegar.

Nun contexto de mobilidade social e xeográfica, as percepcións sociais de galego e castelán comezaron a diverxer. Neste punto combináronse a «discriminante estigmatización» do galego e a «constatación pragmática» do castelán, en palabras de Bouzada (2005), ás que lles debemos sumar un terceiro aspecto non menos importante: a asunción por parte dos habitantes das cidades do castelán como un código neutro e non marcado, fronte á percepción do galego como un código excesivamente semantizado con elementos valorativos dubidosos ou negativos por canto remitían a unha realidade sociolóxica que se quería ver lonxe. O resultado deste proceso valorativo foi o lento avance do castelán como variedade lingüística neutral, ubicua e adubada de características simbólicas positivas para o avance social –real ou simbólico.

Foi precisamente nos anos sesenta e setenta do século pasado cando o pulo da urbanización e a conseqüente desruralización aceleraron o proceso de substi-

tución do galego polo castelán. Ademais, a coincidencia no tempo do «boom» demográfico-económico e o feito de que este se producise co réxime franquista en marcha supuxo para a lingua galega o peor dos escenarios políticos e socioeconómicos posibles. A información sociolingüística diacrónica dispoñible –referímonos neste caso aos datos do MSG-1992– confírmanos que foi neste período cando os comportamentos lingüísticos galegófonos –transmisión familiar da lingua galega e usos lingüísticos maioritariamente favorables tamén ao galego– comezan a decrecer e os efectos dese decrecemento van ser visibles cuantitativamente a través das comparacións entre xeracións.

É moi interesante neste punto lembrar as reflexións que algúns analistas facían nos anos setenta respecto da escasa vitalidade dos grupos sociais galegófonos. Pérez Vilariño (1979) advertía do seu déficit de poder social e cultural e interpretábo en termos de desigualdades de clase social. En realidade, o que se advertía era, nin máis nin menos, que a diferenza de consideración social entre as dúas linguas non só era a manifestación dunha conxuntura histórica casual, senón que se trataba dun problema fortemente interiorizado na estrutura social de Galicia. Así, afirmaba (Pérez Vilariño, 1979, p. 25) que, sendo o galego a lingua utilizada masivamente pola poboación, era unha «lingua sen salario», isto é, sen recoñecemento social positivo ningún, e advertía deseguido da necesidade de reivindicar o recoñecemento oficial do galego para conseguir que este tivese «remuneración social», que fixese rendible a súa aprendizaxe e uso.

Outra cuestión que tampouco foi suficientemente valorada a finais dos anos setenta era a das diferenzas sociolingüísticas territoriais. Cando aínda non se albiscaban os cambios no rural e o predominio do urbano, tanto en cantidade como en valores e hábitos de consumo, que comeza a xurdir na Galicia dos anos oitenta e que hoxe contemplamos na súa plenitude, ninguén cuestionaba ou consideraba digno de interese sociolingüístico o papel das cidades como «vanguardia» no proceso de abandono, e os contrastes entre o que acontecía na «retagarda»: nas vilas e aldeas. A non incorporación destas diferenzas territoriais na análise sociolingüística do momento e a asunción dunha visión que xulgamos de excesivamente optimista da vitalidade «ruralita» da lingua galega, contemplada como unha situación óptima cara á que cumpría camiñar, axudou a producir unha observación deformada, por pouco realista e matizada, sobre a saúde demográfica e territorial do galego.

Outros aspectos non menos importantes que limitaban a vitalidade lingüística do galego foron os seguintes:

Por unha banda, o galego seguía a ser unha lingua de uso privado, na casa, coa familia e cos coñecidos e coñecidas, e cunha menor visibilidade pública e social. Ademais, a oralidade predominaba sobre a escrita.

Por outra, o divorcio entre as elites sociais e económicas de Galicia e o galego mantíñase constante; estas non asumían a lingua galega, como xa acontecera ao longo da historia. As elites favorables ao idioma eran pouco numerosas e con escasa influencia nas transformacións socioeconómicas do país.

Ademais, a reivindicación lingüística ocupaba un lugar secundario na preocupación das elites, dos gobernantes e da sociedade galega en xeral, agás no caso dunha minoría fortemente comprometida cultural e/ou politicamente. Agora ben, certos debates lingüísticos –a normativización ou o tipo de recoñecemento legal do galego no Estatuto de autonomía de 1981– crearon desunión, limitaron a capacidade de acción deses sectores mobilizados a prol do galego e esperaron moitas reticencias na «maioría silenciosa» da sociedade galega.

O panorama que acabamos de bosquexar era, a grandes trazos, a realidade sociolingüística da lingua galega a finais da década dos setenta, cando cambia o réxime político e comeza unha xeira legal e política distinta para Galicia. O idioma galego atópase exhausto, cun profundo déficit de poder social e simbólico, sometido a unha valoración social moi negativa, con prexuízos fondamente interiorizados na «cultura» lingüística¹ dos galegos e das galegas, tanto entre os non falantes como entre os falantes habituais, e institucionalmente desatendido.

Considerando ese punto de partida, podemos contextualizar mellor os cambios producidos desde ese momento ata hoxe. Pero agora estaremos en condicións de facelo con realismo, non coa fantasía de considerar aquela situación como un inmellorable comezo para percorrer o camiño da «normalización» do galego, para o que só cumpriría dar pequenos empurróns sociais e institucionais que acabarían por modificar de xeito significativo o *status* e a valoración do idioma.

¹ Véxase Schiffman, 1996, p. 5: «The set of behaviours, assumptions, cultural forms, prejudices, folk belief systems, attitudes, stereotypes, ways of thinking about language, and religio-historical circumstances associated with a particular language».

INSTITUCIONALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO E POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN GALICIA

A segunda das hipóteses avanzadas na introdución centrábase en cuestionar o alcance da política lingüística institucional, e afirmabamos que esta, desenvolvida principalmente desde os gobernos da Xunta de Galicia, tivo un efecto limitado sobre a evolución da situación sociolingüística da lingua galega por tres motivos: porque a situación sociolingüística de partida era moi negativa, polas limitacións inherentes ás ideoloxías lingüísticas dos gobernantes e pola imposibilidade de que calquera que fose a política lingüística aplicada producise resultados milagreiros.

O primeiro factor xa o consideramos no apartado anterior, daquela imos centrar a nosa atención nos dous aspectos seguintes.

Antes de comezar debemos diferenciar entre política lingüística e «pacto» ou «acordo» sobre a lingua. O que podemos denominar como «pacto», «consenso» ou «acordo» lingüístico confórmase mediante os contidos do Estatuto de autonomía de Galicia de 1981 e mais da Lei de normalización lingüística de 1983. Ao noso entender, podemos delimitar catro características principais dese «pacto lingüístico»: en primeiro lugar, a cooficialidade, en Galicia galego e castelán teñen plena igualdade xurídica; en segundo lugar, a declaración do galego como lingua propia, é dicir, sinal de identidade principal da Comunidade; en terceiro lugar, derivado do aspecto anterior, a decisión de pór en marcha un proceso institucional e social de «normalización» da lingua galega, por se atopar esta en situación de desigualdade respecto do castelán; e, en cuarto lugar, o respecto polo principio de individualidade, para que cadaquén utilice a lingua que prefira nas comunicacións non institucionalizadas.

A posta en marcha do contido da Lei de normalización lingüística de 1983 permitiu ir construíndo un proceso social e institucional de recuperación do coñecemento, uso e valoración do galego ao mesmo tempo que se daban pasos significativos cara á súa maior presenza nas institucións públicas, no sistema educativo e na vida social².

² Cómpre indicar, en calquera caso, que o contido da Lei de normalización lingüística de 1983 suscitou moitas dúbidas e críticas; por una banda, desde sectores inmobiliarios da sociedade galega, que vían con desconfianza unha aplicación intensiva dos textos legais que conducisen o galego a unha relativa igual-

A política de planificación lingüística desenvolvida desde os gobernos da Xunta de Galicia tivo un efecto limitado sobre o cambio na situación sociolingüística da lingua galega porque non foi dirixida a procurar un cambio tal, senón que pode cualificarse como política de mantemento, edificada arredor dunha ideoloxía lingüística, denominada «bilingüismo harmónico», que impregnou a acción do goberno en política lingüística³.

Consideramos o «bilingüismo harmónico» como unha ideoloxía de política e planificación lingüística, utilizada polos gobernos populares a partir dos anos noventa como xustificación da súa política lingüística explícita. Aínda que a súa formulación nunca estivo clara, partíase aparentemente da consideración de que galego e castelán son linguas de uso e de *status* pleno en Galicia —unha por ser lingua propia e a outra por ser lingua *de facto* dunha gran parte da poboación. E, o que é máis importante, estableceuse que as actividades de estimulación e promoción do galego non debían supoñer menoscabo ningún na vitalidade social do castelán, nin tampouco debían alterar un suposto «equilibrio sociolingüístico» existente en Galicia.

Segundo esta formulación ideolóxica, os obxectivos da acción lingüística institucional (Cidadanía, 2001, 60-69) conformáronse mediante a mesma ambigüidade de tales obxectivos para evitar calquera tipo de conflictividade social por mor das políticas de promoción do galego.

De facermos un resumo xeneralista, poderíamos indicar que os efectos resultantes foron, por unha banda, conseguir aumentar a visibilidade institucional e social da lingua —en maior medida no primeiro caso e en menor no segundo—, principalmente en contextos de uso oral e sobre todo escrito, e en funcións sociais formalizadas. Por outra banda, despregáronse mecanismos e ferramentas diversas para que calquera cidadán puidese realizar as súas actividades diarias e cotiás en galego. E, finalmente, procurouse incidir no decrecemento dos fortes prexuízos e actitudes lingüísticas negativas que penduraban sobre a lingua.

No caso de buscar unha análise valorativa máis polo miúdo, deberíamos reparar nos seguintes aspectos, que admiten opinións diversas e mesmo aberta-

dade co castelán (Jardón, 1993); por outra, críticas desde grupos políticos e organizacións sociais que ansiaban un grao de recoñecemento legal para o galego máis fondo e decidido (García Negro, 1991).

³ Aínda que nace nos anos noventa, esa argumentación xa estaba presente anteriormente na política lingüística. Temos que considerar, daquela, que o «bilingüismo harmónico» xorde como unha ideoloxía por decantación, a partir da praxe lingüística establecida desde os gobernos populares dos anos oitenta.

mente diverxentes. Produciuse unha certa ampliación dos ámbitos sociais de utilización do galego, así como un aumento das súas funcións sociais. A introdución da lingua na Administración, no sistema educativo, no ámbito da política ou nos medios de comunicación públicos son boa proba disto, así como o aumento, por exemplo, dos usos lingüísticos escritos nese e noutros ámbitos. Algúns autores, con todo, argumentaron que este cambio só promove un uso formal e litúrxico do galego, sen que supoña realmente un cambio de rumbo no proceso de substitución de fondo.

O aumento do prestixio e a mellora das actitudes cara á lingua galega e a eficacia da capacitación lingüística en galego son outros efectos positivos que podemos mencionar á hora de sinalar os impactos da política lingüística (Cidadanía, 2001, p. 229-36)⁴.

O modelo de política lingüística desenvolvido pola Xunta de Galicia desde 1983 ata 2005 podemos cualificalo como «de baixa intensidade» (Lorenzo, 2005), alicerzado sobre dúas características principais, a pouca densidade planificadora e a escasa intervención sociolingüística.

Con respecto ao primeiro aspecto –a pouca densidade planificadora–, desenvóléronse menos actuacións lingüísticas das necesarias, contando para iso coa intervención de poucos axentes planificadores e cunha escasa profesionalización. Ademais, non se utilizaron as ferramentas da planificación lingüística para propiciar cambios sociolingüísticos significativos, como por exemplo os plans lingüísticos.

Con respecto ao segundo aspecto –a escasa intervención sociolingüística–, desenvólvese unha política lingüística carente de incidencia social que tentase conducir a cambios significativos nas condutas lingüísticas da sociedade galega, como por exemplo a falta de actividades centradas directamente no aumento dos usos sociais da lingua, sobre todo dos usos informais e interpersoais; a ausencia de actividades que perseguisen a recuperación dos mecanismos de transmisión primaria en galego; a realización de poucas actividades dirixidas a introducir o galego en ámbitos de transcendencia social como os medios de comunicación privados, os sectores empresariais e económicos, as tecnoloxías da información e da comunicación, a universidade, etc.

⁴ Ese mesmo traballo (Cidadanía, 2001) indica dous impactos negativos: por unha banda, sinálase a ineficacia das políticas lingüísticas no tocante ao mantemento e recuperación dos usos do galego; e apúntase, por outra, a ineficacia das medidas de promoción da lingua nos medios de comunicación privados.

Foi este un modelo de xestión lingüística institucional que se distanciou tanto dos máis intervencionistas como daqueles outros que optaban pola non intervención, de maneira que se tratou dun exemplo de política lingüística de intervención intermedia, que podemos cualificar como «de baixa intensidade». Semella un modelo interesante para os casos de mantemento de linguas pero non parece tan apropiado cando se trata de recuperar linguas sometidas a procesos de substitución social.

E, para rematar este apartado, cómpre que nos centremos no terceiro factor que condicionou o impacto e os cambios suscitados pola política lingüística governamental: a imposibilidade de que calquera política lingüística produza resultados milagreiros. A acción lingüística governamental foi entendida por algúns como un xeito de enxeñaría planificada onde o planificador estaba en condicións de conseguir calquera obxectivo de transformación sociolingüística que pretendese. Non se pode negar que tanto a corrente tecnocrática e dirixista do primeiro «language planning» norteamericano (Ricento, 2000) como o modelo da «normalización lingüística» alimentaron ese tipo de iniciativas, onde políticos, planificadores e especialistas se erixían nunha especie de magos con capacidade para sacar coellos de calquera chistera.

Sabemos, porén, que estas interpretacións dos modelos de «language planning» ou de «normalización lingüística» son inexactas; o planificador pode inducir cambios pero dificilmente vai alterar maxicamente as tendencias e os procesos sociais en marcha. Dito con outras palabras: se na sociedade non se activan os elementos motrices que favorezan os cambios sociolingüísticos, a intervención pública por si soa non poderá ir contracorrente e ter éxito. Aplicado ao caso do galego, Antón Baamonde formulaba a seguinte reflexión sobre as limitacións de calquera tipo de intervención pública (2007): «non é xa na Administración pública onde está a nai do año. En realidade, nunca foi aí onde estivo. Só unha certa cegueira –e unha certa hipocrisía colectiva– pode xulgar que un goberno pode facer, neste terreo, o que a xente non quere».

Concordaremos todos en que a política lingüística pode ir por diante das demandas sociais, pero sempre e cando se conduza na mesma dirección das tendencias existentes nesa sociedade. Pola contra, se camiña nunha dirección distinta, o fracaso está asegurado, recoñecendo, por suposto, que a sociedade está en construción e redefinición.

SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA ACTUAL E EVOLUCIÓN RECENTE

Contemplada desde o 2008 en que andamos, podemos examinar a evolución da situación sociolingüística da lingua galega atendendo a varios factores. A cantidade e calidade da información sociolingüística contemporánea da que dispoñemos permítennos analizar a evolución dalgúns dos indicadores máis habitualmente utilizados para medir a vitalidade dunha lingua e do grupo etnolingüístico que a fala⁵.

A lingua galega segue a mostrar unha elevada extensión demográfica, se tomamos como referencia o conxunto da poboación de Galicia: a práctica totalidade dos galegos enténdena e ten capacidade para utilizala oralmente e por escrito; máis do 60% utilízaa, en maior medida que o castelán, nas comunicacións diarias; e continúa a ter un nivel de uso moi elevado nas interaccións familiares e nas relacións sociais.

No tocante á lingua habitual, este *ítem* segue a ser favorable ao galego, situándose por riba do punto medio da escala (2,5) ata chegar ao 2,89 (nunha escala de 1 = só castelán, a 4 = só galego). Na comparación, vemos que neste período de once anos se perde case unha décima. Os resultados indican, xa que logo, unha diminución xeral no uso do galego, malia que o galego é a lingua máis utilizada en Galicia.

Se facemos unha comparación utilizando os datos de frecuencias, é dicir, as porcentaxes de falantes que se situaron nunha ou noutra parte da escala de catro puntos, observaremos que se produce un aumento significativo dos usos lingüísticos monolingües, tanto en galego como en castelán.

Agora ben, a súa presenza entre a poboación urbana, sobre todo na máis nova, educada e de nivel socioeconómico medio ou elevado, é moi limitada, ao tempo que nas relacións económicas e comerciais tamén predomina o recurso ao castelán. Ademais, o uso escrito é moi baixo, xa que só a utiliza o 15% da poboación.

⁵ Na información cuantitativa que imos presentar a continuación, utilizaremos datos de dúas enquisas realizadas nun intervalo de once anos: o *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, con datos de 1992 (MSG-1992), e o módulo de lingua da *Enquisa de Condicións de Vida das Familias Galegas*, con datos de 2003 (ECVFG-2003). Un traballo comparativo dos resultados desas dúas enquisas pode consultarse en Monteagudo e Lorenzo (2005).

Ao mesmo tempo que descende a porcentaxe de individuos que teñen o galego como lingua inicial e habitual, conséntase unha leve recuperación do galego como lingua de uso habitual por parte de sectores da poboación que non o tiñan como variedade inicial e que se decantan por usala en maior medida que o castelán (Gradín, 2007, p. 171). Este proceso de «cambio lingüístico inverso», por ir na dirección contraria da substitución de galego por castelán, parece concretarse na xuventude urbana e universitaria, o cal lle daría a este microproceso un peso cualitativo indubidable (Regueira, 2006, p. 75).

Examinamos separadamente, a continuación, cinco aspectos que nos permiten concretar a situación e evolución recente da situación sociolingüística de Galicia: a transmisión lingüística primaria, as diferenzas territoriais, os factores socioeconómicos, os usos lingüísticos específicos, e as actitudes, discursos e ideoloxías lingüísticas.

Transmisión lingüística primaria

Na reprodución da lingua galega, a transmisión lingüística está parcialmente interrompida (Monteagudo e Lorenzo, 2005). Malia que segue habendo nenos e nenas que aprenden a falar en galego, entre os menores de trinta anos a porcentaxe dos que se consideran monolingües iniciais en castelán é neste momento máis alta que a dos que aprenderon a falar só en galego. A partir dese grupo de idade, a perda de galegofalantes iniciais é lenta pero constante, o que provoca un declive na adquisición primeira do galego (Lorenzo *et al.*, 2008).

CADRO 1. LINGUA INICIAL EN GALICIA (MENORES DE 30 ANOS)

	Galegofalantes iniciais	Castelanfalantes iniciais	Bilingües iniciais
< 30 anos	36,8	38,9	22,2
< 20 anos	36	40,1	22,5
< 10 anos	32,8	45,8	20,3

Fonte: Instituto Galego de Estatística, 2003. Elaboración propia

Agora ben, se analizamos polo miúdo a tendencia do cambio de lingua, os datos permítennos unha maior concreción:

Por unha banda, se consideramos as persoas que teñen entre vinte e cincuenta anos e que «aprenderon a falar en galego», un 89% deles optou por falarlles aos seus fillos unicamente esta lingua –entre os castelanfalantes a porcentaxe de mantemento chega ao 95%.

Por outra banda, se temos en conta agora as persoas que teñen entre vinte e cincuenta anos que «falan só ou maioritariamente galego», un 85% deles decidiu que os seus descendentes tivesen o galego como lingua de aprendizaxe –70% só galego e 13% máis galego que castelán.

Téñase en conta que son dous subgrupos non coincidentes na súa composición. O primeiro caso, conformado polas persoas con maior taxa reprodutiva, é no que podemos percibir máis rigorosamente os procesos de reprodución e non reprodución da lingua. O segundo caso tamén inclúe persoas que non aprenderon a falar en galego pero que optaron por cambiar de lingua ao longo da súa vida e que agora son fundamentalmente galegofalantes.

En calquera caso, estes datos permiten sinalar que a reprodución lingüística segue a ser alta, tanto nos que aprenderon a falar en galego como nos que foron incorporando esta lingua como variedade habitual. É dicir, tamén as persoas que incorporan o galego á súa práctica asumen a súa responsabilidade no proceso de transmisión entre xeracións.

Con todo, os datos que acabamos de mostrar non deben facernos caer nun falso optimismo. Isto só sería unha interpretación nesgada da nosa realidade sociolingüística, xa que o número absoluto de galegofalantes iniciais e habituais vai descendendo paseniño, como mostramos no cadro seguinte, onde se aprecia un descenso de case 40 puntos entre os maiores de sesenta e cinco anos e os menores de dezaseis (cadro 2).

Diferenzas territoriais

Respecto das diferenzas territoriais, estas son aínda enormes: nos concellos de menos de vinte mil habitantes, fala galego habitualmente o 80% da poboación, porcentaxe que descende ao 58% nos concellos entre vinte e cincuenta mil habitantes, e queda reducida a un terzo da poboación das sete cidades –as que teñen

CADRO 2. LINGUA HABITUAL EN GALICIA SEGUNDO A IDADE

	Só castelán	Máis castelán	Máis galego	Só galego	Total
menos de 16	29,7%	25,5%	14,3%	30,5%	100%
de 16 a 25	24,2%	29,8%	17,1%	28,9%	100%
de 26 a 35	23,7%	25,1%	19,5%	31,7%	100%
de 36 a 45	19,5%	19,7%	20,0%	40,9%	100%
de 46 a 55	14,3%	14,8%	23,2%	47,7%	100%
de 55 a 65	11,7%	11,5%	19,1%	57,7%	100%
máis de 65	9,0%	7,1%	15,0%	68,9%	100%
Total	17,2%	17,4%	18,1%	47,3%	100%

Fonte: Instituto Galego de Estatística, 2003

máis de cincuenta mil habitantes. Como anécdota, o único aspecto en que a poboación urbana supera ao resto é na capacidade para escribir en galego.

O maior arraigamento da lingua galega dáse nas áreas occidental da provincia da Coruña e oriental de Pontevedra, mentres que onde menos se fala é nas zonas urbanas das cidades da Coruña e Vigo. No tocante aos concellos urbanos, o galego ten máis vitalidade nas cidades de Ourense e Lugo, nas cales segue a ser a lingua maioritaria da poboación, e en menor medida en Santiago de Compostela.

Diferenzas socioeconómicas

Os índices socioeconómicos da poboación galegofalante seguen a ser negativos: a vinculación entre o galego e o nivel de estudos ou a clase social son exemplos significativos. Ademais, o galego predomina entre os individuos dos grupos profesionais de menor *status* social e poder económico, coa conseguinte conformación de diferentes estereotipos e prexuízos sociolingüísticos. Porén, moitos dos trazos sociolóxicos negativos vinculados co galego e cos galegofalantes estanse a diluír como consecuencia dos cambios sociais e xeracionais experimentados na Galicia dos últimos anos, pero ese proceso camiña con moita lentitude.

Por unha banda, é innegable que a lingua galega foi consolidando un importante prestixio cultural. Pero, por outra, a súa consideración social aínda non foi o suficientemente sólida como para ser vehículo de cambio social e para denotar un *status* social alto. Aínda que os dous tipos de prestixios –o social e mais o cultural– son relevantes para a conformación da vitalidade dunha lingua, na sociedade actual os prestixios sociais parecen moito máis decisivos nese proceso sociolingüístico.

Outro indicador que nos dá unha mostra das diferenzas socioeconómicas entre os que falan galego e os que o fan en castelán é o emprego das novas tecnoloxías. Mentres que apenas un 10% dos galegofalantes usa móbil ou PC, accede a internet e dispón de correo electrónico, entre os que falan habitualmente castelán esta porcentaxe elévase ao 33%. Pola contra, un 55% dos galegofalantes non fai uso ningún das novas tecnoloxías mencionadas, fronte ao 23% dos castelanfalantes que están nesa mesma situación de «exclusión» tecnolóxica. Neste aspecto, o factor lingüístico de ser galegofalante ou castelanfalante está directamente relacionado co nivel educativo, a urbanización/ruralización e a idade –avellentamento e outros factores.

Finalmente, outro aspecto que cómpre ter en conta é o comportamento lingüístico das clases medias urbanas. O valor da lingua habitual en Galicia, expresada nunha escala de 1 a 4 –monolingüismo en castelán– é lixeiramente inferior entre os membros das clases medias (2,09) con respecto ao conxunto dos habitantes do ámbito urbano (2,13), que asemade teñen unha media inferior á do conxunto de Galicia (2,89).

Ámbitos de uso

Se consideramos agora a extensión dos usos e funcións sociais da lingua galega, teremos que sinalar diversos tipos de situacións. Con todas as limitacións que ten que establecer unha tipoloxía desta natureza, suxeita moitas veces a matices e a diferentes enfoques de análise, podemos facer unha distinción entre sectores en que a revitalización do galego avanzou considerablemente, outros en que tivo un avance cativo, outros en que non detectamos avances dignos de mención e outros con descenso (véxase o cadro 3).

Enxergamos, por unha banda, un incremento na presenza do galego naqueles ámbitos regulados pola lexislación, como o ensino non universitario, os

medios de comunicación públicos e as administracións –autonómica e local–; mentres que a vitalidade da lingua é menor no caso de sectores con menor dependencia das decisións emanadas da Xunta de Galicia, como as universidades e a investigación, por exemplo.

E, por outra banda, o galego segue a ter unha visibilidade social deficiente naqueles sectores sociais nos que prevalece a lóxica do mercado, onde hai pouco control goberamental e predominan os prestixios sociolingüísticos que se derivan das lóxicas económicas, mercantís e empresariais. A presenza precaria do galego en sectores de forte transcendencia socioeconómica, como os medios de comunicación privados, os ámbitos económicos e empresariais, a publicidade, etc., supón un contrapunto fortemente negativo.

Tamén é salientable o caso da Administración de Xustiza, que constitúe unha excepción no espazo da Administración, dado que, sendo un ámbito institucionalizado de dependencia pública, os avances galeguizadores foron mínimos. E iso malia os esforzos, iniciativas e proxectos levados a cabo tanto desde a Administración como por parte de entidades cívicas diversas.

CADRO 3. O AVANCE NA PRESENZA DA LINGUA GALEGA POR ÁMBITOS DE USO

1. Ámbitos en que a galeguización aumentou considerablemente
 - Institucións públicas: usos lingüísticos institucionalizados
 - Ensino non universitario
 - Medios de comunicación públicos
 - Industrias da cultura
2. Ámbitos en que a presenza do galego tivo un aumento cativo
 - Relixión
 - Ámbito socioeconómico
3. Ámbitos en que non houbo cambios significativos
 - Universidade e investigación
 - Medios de comunicación privados
 - Xustiza
 - Sanidade
4. Ámbitos en que houbo un descenso na vitalidade lingüística
 - Familia
 - Comunidade

Outro aspecto relacionado cos usos lingüísticos específicos é a constatación de que o galego segue a funcionar en boa medida como unha lingua «privada». O ámbito en que o galego se utiliza máis é o familiar, aínda que os cambios interxeracionais fan que cada cohorte empregue o galego en menor medida que a anterior en todos os ámbitos, especialmente naqueles onde máis se utilizaba. En menor medida que na familia, úsase a lingua galega nos ámbitos laborais e de servizos; nos servizos, a utilización do galego é maior entre o persoal da Administración, do comercio ou da banca, mentres que é menor entre os participantes nos sectores educativo e sanitario; e no ámbito laboral, emprégase máis cos compañeiros e cos clientes que co persoal ao cargo ou cos superiores.

Actitudes, discursos e ideoloxías lingüísticas

Pasemos agora a reflexionar brevemente sobre o segundo dos aspectos «críticos» que analizabamos na situación sociolingüística de partida: as actitudes, opinións e ideoloxías lingüísticas⁶. Os traballos que mostraron e interpretaron os datos procedentes do MSG-I (Seminario de Sociolingüística da RAG, 1995; Bouzada, 2005) apuntaban que en 1992 as actitudes lingüísticas eran, en xeral, favorables ao idioma galego e que as valoracións negativas e os prexuízos estaban a recuar (Recalde, 1998). Segundo esta interpretación, aínda sen desapareceren totalmente, as actitudes negativas e os prexuízos respecto do galego diminuíran considerablemente polos cambios na sociedade galega dos anos oitenta. Nesa liña interpretativa, sinalaba Bouzada (2005, p. 87-88) que «todos estes datos parecen apuntar cara a un debilitamento, polo menos a certos niveis de consciencia, dos aspectos máis bastos do prexuízo e a estigmatización sociolingüística que dende hai anos veu actuando en contra da lingua galega».

Se ben a relaxación do estigma sociolingüístico arredor da lingua galega era un feito constatable intuitivamente, o que as enquisas estaban a mostrar era, máis ben, un cambio de actitudes lingüísticas «explícitas». Pola contra, as actitudes «implícitas», aquelas que non se revelan máis que utilizando outro tipo de técnicas de análise, seguían a agochar un universo valorativo moi matizado e

⁶ Dispoñemos dos datos do MSG-I e de diversos traballos cualitativos elaborados durante os últimos anos (Iglesias, 2002; Seminario da RAG, 2003). Tamén cómpre incorporar algunhas das reflexións de Kabatek (Castillo e Kabatek, 1996).

complexo. Así, diferentes traballos cualitativos constataron o mantemento dalgúns dos vellos prexuízos respecto da lingua galega, así como o xurdimento de novos discursos negativos e de prexuízos que se fundamentan nunha consideración social negativa da lingua galega, especialmente entre a mocidade urbana (Iglesias, 2002; Iglesias e Ramallo, 2003; Seminario de Sociolingüística da RAG, 2003).

Pero este panorama valorativo estaría incompleto se non incorporamos as posicións, en forma de discursos lingüísticos, dos actores sociais e da cidadanía con respecto ás linguas en Galicia e ao proceso de recuperación do galego (Regueira, 2006, p. 78 e ss.). Estes discursos comezan a ter unha ampla presenza no debate político –e por suposto a través dos medios de comunicación. A formulación explícita de discursos negativos respecto da lingua galega e do seu proceso de recuperación –recoñecemento legal incluído–, aínda que non é nova, acadou unha virulencia e radicalismo nunca antes vistos no debate lingüístico en Galicia.

Por unha banda, temos o discurso do «monolingüismo en castelán». En Galicia sempre houbo unha representación –moi minoritaria, por certo– deste discurso contrario aos procesos de «normalización lingüística» (Jardón, 1991), e hoxe exhiben un forte pulo tanto no debate político galego como no español.

Por outra, podemos concretar catro discursos que incorporan, en distinta medida, a promoción da lingua galega:

En primeiro lugar, o que denomina Xosé L. Regueira «bilingüismo, co galego en situación dominada». Esta sería a postura do PP, co seu discurso ideolóxico do «bilingüismo harmónico», e tamén do PSdG-PSOE durante o chamado período «vazquista». Pártese da tolerancia co galego, pero a súa recuperación e promoción non constitúe un obxectivo prioritario –si o sería, por exemplo, garantir as liberdades individuais ou evitar conflitos por mor da elección lingüística.

En segundo lugar, o discurso do «monolingüismo en galego», desenvolvido desde o modelo do conflito lingüístico e da hipótese da minorización nos anos sesenta pola Sociolingüística catalá (Boix e Vila, 1998, p. 314-324) e asumido polo nacionalismo político; é a expresión do discurso nacionalista clásico: unha lingua, un territorio; o bilingüismo é, asemade, un perigo para o galego e un obxectivo social irreal; etc.

En terceiro lugar, o discurso do «monolingüismo en galego-portugués ou en portugués». Os diferentes movementos reintegracionistas apostan tamén por un monolingüismo pero nunha variedade de aproximación ao portugués ou directamente neste idioma. Sorprende comprobar que os argumentos deste discurso son parcialmente coincidentes cos esgrimidos para negarlle valor ao galego desde o nacionalismo español: a superioridade cuantitativa.

E, para rematar, en cuarto lugar, o discurso do «plurilingüismo». Aínda que é este un discurso aínda pouco desenvolvido, só utilizado nalgúns programas electorais recentes e promovido desde diversas instancias académicas, tenta formular unha hipótese realista sobre o futuro da lingua galega no contexto actual: vivimos nunha sociedade globalizada, o castelán non vai desaparecer de Galicia –eu engadiría que, ademais, é un activo ao que non debemos renunciar–, a relación entre lingua e identidade é moito máis complexa que unha simple asignación unívoca, etc.

Atópase a lingua galega na mesma situación sociolingüística que en 1978? Por suposto que non, está moito mellor preparada para facerlles fronte aos retos do mundo actual, pero os febles alicerces que detectabamos naquel momento seguen presentes na actualidade: a lingua galega ten un déficit profundo de poder social. Disto trataremos, entre outros aspectos, no apartado seguinte.

SÍNTESE: CARA A ONDE PODE CAMIÑAR O FUTURO DA LINGUA GALEGA?

Na actualidade, a valoración dos actores sociais –formacións políticas, asociacións, analistas, expertos e medios de comunicación– sobre a situación social da lingua galega móvese nun continuo con dous polos a cada extremo. Por unha banda, o do «optimismo», ás veces desaforado, que salienta a capacidade secular da lingua galega para manterse e resistir, así como os logros acadados desde 1980 na súa dignificación social e no proceso de institucionalización. E por outra, o polo do «pesimismo», ás veces tinguido de aberto catastrofismo, que considera que a substitución social do galego polo castelán é practicamente imparable –se non se poñen en marcha actuacións glotopolíticas decididas, case sempre pola vía da imposición–, así como a crítica aos limitados logros obtidos pola política

lingüística institucional desde 1980. A existencia de discursos intermedios entre ambos os dous polos complementa e reforza o que acabamos de dicir.

Os dous polos utilizan para a súa argumentación «pesimista» e «optimista», respectivamente, datos que proceden moitas veces das mesmas fontes documentais –datos macrosociolingüísticos, análises de resultados e de impacto da política lingüística institucional, etc.–, de maneira que o que para uns é positivo e un grande avance, para outros resulta insuficiente e ornamental, por exemplo.

Non estamos, xa que logo, ante os resultados dunha análise sociolingüística e glotopolítica neutra, que, se cadra, nunca existe en toda a súa extensión, senón que máis ben se trata de posicións ideolóxicas con respecto a varias cuestións: o papel que deben desempeñar o galego e mais o castelán na sociedade galega, o futuro concreto da lingua galega e os escenarios sociais e institucionais futuros.

Como unha contribución máis a ese debate, tan ideolóxica como calquera outra, quero centrar a atención en dous aspectos concretos: por unha banda, «que» aspectos deberán estar na base do proceso de recuperación do galego; e, por outra, «como» se poden aplicar e xestionar.

Respecto dos aspectos que están na base dunha xeira recuperadora do galego, segundo o meu entender estes deben dirixirse a fornecer o prestixio social da lingua galega e dos grupos sociais galegófonos, é dicir, avanzar no «empoderamento» –do inglés *empowerment*– da lingua galega.

Lembremos a este respecto que unha das principais variables sobre as que se constrúe o prestixio lingüístico é o valor que unha determinada lingua ten para a mobilidade socioeconómica dos seus falantes. É dicir, unha lingua tenderá a acadar máis ou menos prestixio na medida en que a súa aprendizaxe e o seu uso teñan un valor funcional na estrutura social. O proceso contrario –a ausencia de prestixio lingüístico– contribuirá ao desinterese pola aprendizaxe e polo uso dunha determinada lingua, propiciando unha reducida produción e reprodución lingüísticas. Pola súa parte, unha lingua socialmente prestixiada terá o efecto contrario: mobilizará consciencias, esforzos e investimentos individuais.

O cambio social que segue a operar en Galicia, co aumento do nivel de vida e do PIB da poboación, axuda nese obxectivo porque distancia os individuos das fontes do estigma sociolingüístico. Aínda que isto só non abondaría, si sería un primeiro paso.

Para avanzar no poder sociolingüístico do galego é preciso considerar os seguintes elementos:

Cómpre pular para que se manteña o grupo social galegófono na proporción cuantitativa actual, coa finalidade de dispoñer dun «colchón» de falantes que asegure unha reprodución alta na transmisión lingüística primaria. A este respecto, comparto a idea expresada por Regueira (2006, p. 89) de que hai que buscar fórmulas para preservar en maior medida os dereitos dos galegofalantes e asegurar a perpetuación do idioma.

Os «neofalantes» son outra das claves deste proceso. Ademais de estaren desde o principio no proceso de recuperación do galego –pensemos nos «rexurdimentistas», por exemplo–, a súa motivación identitaria e o seu perfil sociodemográfico –en xeral, nivel cultural e capital social alto– fan que sexa un subgrupo especialmente interesante por si mesmo e polo efecto imitativo que poden carrexar. A acción combinada do aumento dos neofalantes co declive da asociación estigmatizadora da lingua galega coa ruralidade, a pobreza e o atraso social, declive xa en marcha debido ao cambio sociodemográfico de Galicia, debería facilitar, como sinala Bouzada (2005, p. 89), «un novo marco sociolingüístico definido cada vez pola liberdade de decisión, a competencia cultural e o orgullo identitario»⁷.

O porvir do galego vaise xogar nas cidades, de aí a participación importante que deben ter as clases medias urbanas nese proceso. A implicación do tecido social e asociativo, principalmente aquel que teña máis incidencia sobre a mocidade, así como o xurdimento de novos medios de comunicación –escritos e audiovisuais– implicados co galego, xunto coa potenciación das novas formas de comunicación e de relación social a través das novas tecnoloxías, poden ser camiños que explorar e desenvolver.

A colaboración das elites económicas e sociais. Cómpre seguir sumando esforzos nese sentido, continuando a estratexia do galeguismo. É preciso establecer pontes entre o capital económico e a lingua galega, pero non por unha estratexia puramente funcional e conxuntural, senón como parte dun horizonte de futuro: o galeguismo debe impregnar todos os axentes empresariais e eco-

⁷ Convén, en todo caso, examinar con máis detemento as consecuencias estritamente lingüísticas da emerxencia deste subgrupo neofalante (cfr. Kabatek, 2000).

nómicos relevantes. Non se pode seguir como ata o de agora, cun hiato profundo entre ambos.

E respecto da segunda cuestión, «como» se pode aplicar o que acabamos de comentar, propoñemos varias consideracións. Por unha banda, debemos deseñar un percorrido propio, aprendendo dos demais e considerando o que se fai noutras partes do planeta, pero cunha perspectiva independente. A nosa historia social e a situación sociolingüística de Galicia e da lingua galega terán puntos de conexións con outras situacións, pero as diferenzas van ser sempre moi importantes. Daquela, importar directamente conceptos e modelos e supoñer que se poden aplicar directamente é un erro.

Por outra banda, non debemos pensar que o poder político e institucional teñen a chave deste proceso. Recollendo novamente as palabras de Antón Baamonde (2007), «por suposto que un goberno debe ter algo que dicir niso [na promoción do galego nos contextos urbanos], pero estaríamos enganándonos a nós mesmos se non entendemos que a clave está en nosoutros, a sociedade civil. O goberno non é a resposta a todos os problemas».

Asumindo esa responsabilidade compartida e centrándonos na parte institucional do asunto, consideramos que debe practicarse unha política lingüística pouco invasora: que estea baseada en poucas obrigas, pero moi claras e de cumprimento preceptivo. Ademais, debe facerse unha aposta social e política pola planificación lingüística, optando por desenvolver un proxecto creativo e orixinal, que reforce a dinamización sociolingüística. Este esforzo planificador non deberá agachar esoutra faceta, que seguirá sendo clave para o futuro do idioma: a vinculación emocional coa lingua galega. Da habilidade no manexo deses dous factores e da proposición de pontes de comunicación entre eles, dependerán o éxito e a eficacia desa planificación lingüística.

Tanto unha política lingüística pouco invasora como a aposta pola planificación lingüística, así como calquera outro aspecto relevante, deben partir da procura do máximo consenso social e político. Con ese obxectivo, non está de máis traer novamente algunhas das consideracións de Cidadanía (2001, p. 237): tras afirmaren que non se detectaban diferenzas insuperables entre os principais actores –goberno galego e mais nacionalismo– do escenario da política lingüística en Galicia, presentaban os seguintes tópicos como posibles lugares neutrais para o consenso:

Na xestión lingüística galega debe conxugarse a protección dos dereitos lingüísticos individuais coa promoción da lingua galega desde os poderes públicos. A política lingüística ha de basearse no diálogo, debate e participación, con dúas partes: o diálogo político e mais o social. Sería preciso un terceiro diálogo, entre as institucións. Cómpre, por último, incorporar unha cultura e unha práctica planificadoras.

Ademais, a exploración de posibles puntos en común nos distintos discursos lingüísticos existentes no debate lingüístico en Galicia debería tamén permitir a superación de certas diferenzas que, de entrada, parecen insuperables. Consideramos que o discurso do plurilingüismo, sinalado no apartado anterior, pode constituír un punto de partida para acadar unhas posicións de consenso coas que a maioría da cidadanía se identifique.

Remato este capítulo de síntese rescatando unha opinión de *Cabrafanada*, alcume blogueiro do escritor e editor Fran Alonso, que, nunha anotación publicada en 2005, manifesta o seu parecer sobre como debería orientarse a política lingüística en Galicia:

Ante todo, faise imprescindible cambiar o discurso, tensándoo cando sexa preciso, e modificar a percepción social sobre a normalización lingüística para establecer unha acción positiva decidida e compensatoria con respecto ao castelán. E logo, planificar con imaxinación, solidez e coordinación un deseño global de actuación que reinvente unha política lingüística creativa e innovadora, que procure modelos que tiveron éxito noutros lugares, e que non esqueza avaliar resultados –o que nunca se fixo anteriormente.

Unha nova política lingüística, con ser vertical, debe procurar a implicación social, asociando a lingua galega á sociedade multilingüe do futuro, ás novas tecnoloxías e, sobre todo, ao ensino, que é onde se dirime a auténtica batalla do futuro da nosa lingua.

Do que se trata, en definitiva, é de aplicar unha política comprometida, moderna, eficaz e coherente.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, R., F. FERNÁNDEZ REI e A. SANTAMARINA (ed.): *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I congreso internacional (16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela)*, vol. II, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega, 2004.
- BAAMONDE, A.: «Algo más sobre el gallego», *El País*, 14 de novembro de 2007.
- BOIX, E. e F. X. VILA: *Sociolingüística de la llengua catalana*, Barcelona, Ariel, 1998.
- BOUZADA, X.: «Cambio de valores e futuro da lingua galega», *Grial*, 165 (2005), p. 80-93.
- BRINGAS, A. e B. MARTÍN (ed.): *Nacionalismo e globalización: linguas culturas e identidades*, Universidade de Vigo, 2003.
- CASTILLO, M. e J. KABATEK (ed.): *Las lenguas de España. Política lingüística, sociología del lenguaje e ideología desde la Transición hasta la actualidad*, Vervuert Iberoamericana, 2006.
- CIDADANÍA: *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000*, vol. I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2001.
- FERNÁNDEZ, M. A.: «O uso do galego nos espazos urbanos», en R. ÁLVAREZ, F. FERNÁNDEZ REI e A. SANTAMARINA (ed.): *A lingua galega...*, *op. cit.*, p. 245-56.
- FREITAS, P.: *A represión lingüística en Galiza no século XX. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galiza*, Vigo, Xerais, 2008.
- GARCÍA NEGRO, M. P.: *O galego e as leis. Aproximación socio-lingüística*, Vilaboa, Pontevedra, Edicións do Cumio, 1991.
- IGLESIAS, A.: «Os estudos empíricos sobre a situación sociolingüística do galego», *Cadernos de Lingua*, 19 (1999), p. 5-42.
- IGLESIAS, A.: *Falar galego, no veo por qué. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*, Vigo, Xerais, 2002.
- IGLESIAS, A. e F. RAMALLO: «Relocalización, identidades e linguas periféricas: o caso galego», en A. BRINGAS e B. MARTÍN (ed.): *Nacionalismo...*, *op. cit.*, p. 117-132.
- JARDÓN, M.: *Normalización lingüística, una anomalía democrática: el caso gallego*, Madrid, Siglo XXI, 1993.
- KABATEK, J.: *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*, Vigo, Xerais, 2000.
- LORENZO SUÁREZ, A. M.: «Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego», *Cadernos de Lingua*, 27 (2005), p. 39-59.
- LORENZO SUÁREZ, A. M., F. RAMALLO e H. CASARES: *Lingua, sociedade e medios de comunicación en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2008.
- LORENZO SUÁREZ, A. M. et al.: *Revitalización da lingua galega: análise de modelos e casos de política e planificación da lingua galega*, informe realizado para a Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2008, inédito.
- MARIÑO, R.: *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1998.
- MONTEAGUDO, H.: «Quince anos de política lingüística en Galicia (1981-1996). Notas para un balance», *Grial*, 136 (1997), p. 527-548.
- MONTEAGUDO, H.: «Política lingüística. Entre o despilfarro e a indixencia», *Tempos Novos*, 9 (1998), p. 48-53.

- MONTEAGUDO, H.: *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*, Vigo, Galaxia, 1999.
- MONTEAGUDO, H.: «A lingua galega na sociedade: descrición actual e perspectivas de futuro», 2002, p. 7-46.
- MONTEAGUDO, H.: «Limiar», en R. PIÑEIRO: *A linguaxe e as linguas*, Vigo, Galaxia, 2008, p. 9-46.
- MONTEAGUDO, H. e A. M. LORENZO (dir.): *A sociedade galega e o idioma: evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2005.
- PÉREZ VILARIÑO, J.: *Dependencia y discriminación escolar en Galicia*, Madrid, Akal, 1979.
- PIÑEIRO, R.: *A linguaxe e as linguas*, Vigo, Galaxia, 2008.
- RECALDE, M.: *La vitalidad etnolingüística gallega (= Lynx. Documento de trabajo 9)*, Valencia, Centro de Estudios sobre Comunicación Interlingüística da Universitat, 1997.
- RECALDE, M.: «Lingua galega e identidade», en G. RUFFINO (ed.): *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza (Palermo 18-24 settembre 1995)*, Tubinga, Max Niemeyer Verlag, 1998, p. 575-588.
- REGUEIRA, X. L.: «Política y lengua en Galicia: la “normalización” de la lengua gallega», en M. CASTILLO e J. KABATEK (ed.): *Las lenguas de España...*, op. cit., p. 61-93.
- REI-DOVAL, G.: *Breve aproximación á historia da sociolingüística galega (1967-1997)*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1999.
- REI-DOVAL, G.: *A lingua galega na cidade no século XX*, Vigo, Xerais, 2007.
- RICENTO, T.: *Ideology, politics and language policies. Focus on English*, Berlín, Mouton de Gruyter, 2000.
- RUFFINO, G. (ed.): *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza (Palermo 18-24 settembre 1995)*, Tubinga, Max Niemeyer Verlag, 1998.
- SANTAMARINA, A.: *A linguaxe e as linguas: Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*, A Coruña, Real Academia Galega, 1988.
- SCHIFFMAN, H.: *Linguistic culture and language policy*, Londres, Routledge, 1996.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, 1994.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, 1995.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: *Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, 1996.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: «Actitudes lingüísticas en Galicia», *Grial*, 160 (2003a), p. 52-59.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas*, A Coruña, Real Academia Galega, 2003b.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*, vol. I, A Coruña, Real Academia Galega, 2007.
- XUNTA DE GALICIA: *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*, Santiago de Compostela, 2005.

Retruque

**SOBRE CRÍTICA INTERNA
E SABOTAXE LINGÜÍSTICA**

Gabriel Rei-Doval

University of Wisconsin-Milwaukee

A primeira e fundamental reacción que me produce o traballo de Anxo M. Lorenzo é de grande acordo na práctica totalidade das avaliacións que realiza. Resulta difícil non concordar cos seus finos diagnósticos e atinadas interpretacións da realidade social do galego. Quizais por iso, e porque a formación e profesión comúns nos fan compartir ferramentas teóricas, instrumentos analíticos, conclusións macrosociolingüísticas e análises sobre a planificación como as referidas, quixera abrir o campo da interpretación ofrecendo algunhas olladas alternativas –parciais e provisionais, sen dúbida– para retomar e deitar luz sobre algúns dos achados xa salientados desde unha perspectiva diferente, complementaria e nunca substitutiva da que el realizou.

Para comezar, quixera eu tamén volver ao título provisorio que en forma de pregunta Anxo Lorenzo recibiu na encomenda deste relatorio: «cabe –aínda– unha interpretación orixinal da situación sociolingüística de Galicia? A propia formulación paréceme xa reveladora da dúbida e de posibles respostas.

En efecto, o adverbio «aínda» incluído na pregunta é relevante en xuño de 2008 –e mesmo un ano máis tarde, mentres reescribo minimamente estas liñas–, tras corenta anos de andaina da Sociolingüística galega. Se formulásemos esta pregunta a comezos dos anos noventa, seguramente todos ou a meirande parte dos que estamos aquí responderíamos afirmativamente: si, é posible unha interpretación orixinal. Pero, aparecido o primeiro *Mapa Sociolingüístico de Galicia* dos noventa –xunto a diversos e substanciais traballos cuantitativos e cualitativos xurdidos nas dúas últimas décadas– é lexítima e procedente a formulación e preguntarnos se temos aínda marxe para interpretar de xeito orixinal a correlación de linguas en Galicia. A miña opinión é que a descrición de datos macrosociolingüísticos empíricos non permite xa moita marxe de manobra, alén das variacións que, paseniño pero continuamente, se van producindo nos niveis de coñecemento, uso e actitudes lingüísticas. Coa experiencia de traballar en estudos destas características desde hai xa demasiados anos, poucos

engadidos realmente orixinais vexo, máis alá dos aumentos do monolingüismo en galego e castelán, o esperable incremento da competencia lectora –e en menor medida escrita– en galego e a matización da mellora das actitudes lingüísticas. A potencia e robustez das ferramentas analíticas probablemente ensombrecen as investigacións realizadas nos últimos tempos e tamén o feito de que xa non son politicamente tan rendibles.

Cómpre lembrar que o primeiro *Mapa Sociolingüístico de Galicia* se realizou baixo os auspicios do Partido Popular no poder, nunha época en que esta investigación probablemente serviu para o contrario, ou cando menos para algo moi distinto, do que en principio algúns vaticinaban. Non era infrecuente a comezos dos noventa escoitar a opinión de que o Mapa Sociolingüístico que preparaba a Real Academia Galega pretendía dar soporte científico á visión «bilingüista» proposta e sustentada daquela pola Xunta de Galicia. A Academia, pensaban algúns, como instrumento do poder «popular» só lle daría argumentos de carácter técnico ao goberno para seguir coa súa política de «bilingüismo harmónico» –e aquí incluíría un sector do socialismo galego, que, e nisto discrepo con Anxo, non corresponde só ao «período vazquista» senón a unha corrente dentro do PSdeG aínda vixente. Naturalmente, a realidade encargouse de quitarlles a razón a aqueles agoireiros e, unha vez publicado o *Mapa*, non foi estraño ver na prensa galega de tendencia nacionalista titulares como que «esta pode ser a xeración que perda o galego», mentres os medios oficiais en boa medida calaban.

As investigacións posteriores ratificaron de forma substancial a imaxe social da lingua galega trazada polo *Mapa Sociolingüístico de Galicia* e, en termos discursivos, serviron sobre todo para acentuar o dramatismo dalgunhas análises. O seu impacto viuse tamén algo ensombrecido pola recente ausencia de interese por facer culpable da situación ao PP, tras a chegada ao poder do goberno bipartito PSOE-BNG no ano 2005. Canto máis tempo pasa, menos poden argüír socialistas e nacionalistas que a culpa da situación é do goberno anterior, e máis poden temer ser culpados do que durante case tres décadas se tiña acusado aos conservadores¹.

¹ Será interesante ver o rumbo que os condicionamentos e presións políticas máis recentes exercen sobre os inquéritos e estudos sociolingüísticos galegos que saian a partir da segunda metade de 2009, unha vez que o Partido Popular volve gobernar con maioría absoluta, contando paradoxalmente con Anxo Loren-

Se a orixinalidade da análise proposta non procede de datos empíricos posteriores ao *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, onde máis podería procurarse? Eu vexo dúas alternativas principais: por unha banda, na aplicación á realidade galega de marcos teóricos ata o de agora non utilizados, e por outra, na incorporación de perspectivas interpretativas e disciplinas diferentes das empregadas nas últimas décadas.

De maneira preliminar, creo que un deses puntos de vista estaría na Sociolingüística aplicada. É dicir, a posta en marcha de investigacións que proben a eficacia das medidas planificadoras, que pouco ou nada se teñen ensaiado en Galicia nas últimas décadas. O elo da avaliación, fundamental en planificación lingüística para comprobar a eficacia das medidas deseñadas, segue en boa medida ausente, con frecuencia baixo a escusa de que é economicamente custoso. Porén, nesta altura é case imprescindible para comprobar se estamos a actuar na dirección correcta, ou se debemos reenfocar as nosas actuacións, e nese caso cara a onde debemos dirixirnos.

Por poñermos exemplos de iniciativas posibles, poderíamos, ademais de investigar a eficacia dunha campaña de dinamización nun concello, universidade ou empresa galega, estudar cal é o motivo que frea ou anima un adolescente a falar galego, facendo un seguimento de casos concretos.

Outro aspecto importante, ao meu ver, é a reforma do discurso lingüístico e a súa diseminación social –que Anxo suxeriu na sección correspondente ás ideoloxías lingüísticas. Creo que esta reforma do(s) discurso(s) lingüístico(s) podería contribuír á mellora do tamén referido prestixio social da lingua galega, aínda que por si só non garante tal. Non estou certo de ata que punto iso é posible e tería que pensar máis devagar cal(es) sería(n) a(s) mellor(es) alternativa(s). Pero semella evidente que debemos desfacer e superar a bipolaridade entre, por unha banda, o discurso do «bilingüismo harmónico» e mais o rexeitamento á suposta «imposición» do galego, e por outra, os patrióticos chamados á «normalización» do galego –a saber, a recuperación da pretendida normalidade que na Idade

zo como novo secretario xeral de Política Lingüística. Nunca ata o de agora o goberno galego contara cun técnico na materia tan cualificado e cun currículo tan acaído para desenvolver ese importante labor. Escribindo esta nota engadida no comezo do estío de 2009, espero, polo ben de Galicia, que a incuestionable competencia e cualificación de Anxo Lorenzo contribúan a contrapesar a ruín e inxusta estratexia deseñada polo Partido Popular para frear a recuperación social da lingua propia de Galicia.

Media supuxo a ecuación un país=un idioma. Creo que moitas vontades tentan hogano ver alén deste comportamento social bipolar e estancado. Con todo, para a consecución de tal fin é necesaria a superación dos bloqueos sociopolíticos varios establecidos desde diferentes bandas. Non é tarefa de todo doada, porque no proceso topamos con dinámicas antigas e estratexias que en certo sentido configuraron a identidade dos grupos políticos galegos. Para sermos máis concretos, por unha banda, o Partido Popular leva máis dun lustro inmerso no acoso e derribo dos «inimigos da unidade de España», grupo en que –agora como no franquismo– supostamente estamos os que propoñemos un espazo e unha vida digna para o galego e os seus falantes; entremetres, o Partido Socialista semella ter na súa cerna dislocada estilo tea de Penélope, na que as propostas galeguizadoras que uns tecen con agarimo durante o día outros as destecen por temor ou indecisión na noite.

Por outra banda, temos as dificultades derivadas dun nacionalismo político galego que, vendo freada a súa expansión social na última década, se atrincheira en axiomas sociopolíticos antigos arredor da idea de «normalización», sen gran frescura analítica e de actuación social. En todo caso, non sería xusto culpar o nacionalismo por seguir estancado neste marco interpretativo, dada a abafante presión en contrario que soporta, pero si sería bo alentarmos os principais animadores da promoción social do galego a procuraren novos argumentos e novas ideas coas que rexenerar discursivamente Galicia.

Aquí estamos a suxerir o discurso do multilingüismo, como unha posible maneira de seguir camiñando, e se cadra tamén de desfacer este círculo vicioso. Pero, en que consistiría este discurso do multi ou plurilingüismo? De que maneira podería ser útil para construír un discurso sociolingüístico eficaz? Como facer del algo máis que un discurso *trendy*?

Unha pregunta importante neste debate sería: que Galicia queremos lingüisticamente para o futuro? Procuramos simplemente garantir competencia oral e escrita en galego, ou queremos tamén que o idioma que se escoite maioritariamente no país, tanto nos espazos públicos como nos privados, sexa o galego? Ou simplemente deixar que cadaquén se exprese na lingua que queira? Neste último caso, que significa expresarse na lingua que un queira? Trátase acaso dunha decisión e vontade puramente individual? Podemos imaxinar e aceptar unha Galicia sen a lingua galega? Ningunha destas preguntas é retórica, mais con frecuencia

non nos atrevemos a formulalas e, moito menos, a respondelas. Sen uns acordos mínimos semella difícil realizar unha planificación lingüística cunhas razoables garantías de éxito. Espero que, avanzada xa a primeira década do século XXI, podamos chegar ao acordo de querer unha lingua galega como elemento de comunicación habitual e de cohesión da nosa sociedade, sen por iso impedir ou ignorar a existencia doutras linguas, que no contexto actual quere dicir o castelán.

Un problema neste sentido é a concepción, por parte dalgúns sociolingüistas, de que en Galicia non existen linguas como elementos discretos –en particular o galego–, senón simplemente un continuo lingüístico entre o galego e o castelán, no que a promoción do galego é un proceso ideolóxico sen base empírica. Trátase dunha estratexia baseada nun «solopsismo deconstrutivista», no que curiosamente se pon en dúbida só a existencia do galego, mais non a do castelán, o portugués ou outras linguas. Naturalmente, desde este punto de vista, resulta moi difícil, por non dicir imposible, calquera proceso de planificación lingüística. Coido que este «deconstrutivismo nihilista», tan común no contexto norteamericano, sobre todo entre certos académicos aparentemente progresistas e inscritos nunha posmodernidade aínda en voga, debe ser analizado desde unha perspectiva pragmática, considerando a súa viabilidade en contextos de planificación lingüística aos que a situación galega fornece un exemplo inmellovable para testar a súa adecuación.

Outra cuestión que suxire Anxo Lorenzo, e que considero moi pertinente, é se a dinamización do galego puido ser diferente e máis eficaz a partir da chegada da democracia a Galicia. Concordo con Anxo en que a actitude existente naquela altura era demasiado desfavorable ao galego para conseguirmos milagres. Ademais, as posturas maximalistas defendidas desde os sectores máis radicais do nacionalismo galego, que rexeitaban as opcións chamadas «bilingüistas» como forma de avanzar na recuperación social do galego, sen dúbida impediron o desbloqueo dos prexuízos lingüísticos e eivaron o avance da presenza social do galego, en particular no sistema educativo. De feito, a palabra «bilingüismo» foi tabú en Galicia e, sorprendentemente, símbolo de debilidade ou mesmo de deslealdade ao galego. E perdéronse, probablemente, dúas décadas nesta dinámica, que quizais aínda latexa detrás dalgunhas posturas na actualidade.

Unha cuestión máis que considerar é o equilibrio entre dominios sociais para conseguir unha planificación lingüística efectiva. Mediada a década dos setenta,

moitos pensaban que a simple introdución do galego no ensino supoñería de seu a consecuente recuperación do galego. Como resultado daquela visión inxenua xurdiu a idea de que a clave estaba non no ensino «do» galego senón «en» galego. Porén, a relativa introdución desa práctica –imperfecta, desigual e inconsecuente, é certo– non conseguiu reverter a situación. Coido que o enfoque era tamén errado: como afirma Fishman con total rotundidade en *Reversing Language Shift*, «a escola soa non pode facelo». Na década dos noventa comeza a estenderse a necesidade e importancia de «vender en galego», como dicía a nosa publicación en 1996, e de darlle cando menos tanta importancia á difusión do galego no ámbito socioeconómico. En todo caso, eu creo que só se pode entender o proceso de recuperación social do idioma nun contexto de actuación global e desde un punto de vista holístico no que todas as actuacións están coordinadas e lle envían unha mensaxe clara e coherente á sociedade².

Quixera agora suxerir, sequera brevemente, dous problemas relacionados coa psicoloxía social que están a frear o avance e o progreso social da lingua galega. Se ben a situación, como comentou Anxo, non é hoxe tan grave como no comezo do período democrático, cando os moito máis virulentos prexuízos lingüísticos pexaban o progreso do idioma de Galicia, aínda existen diversos factores contrarios, entre os que eu quixera destacar dous potentes elementos simbólicos de carácter psicolóxico presentes na sociedade galega: o «crítico interno» e o «autosabotador».

Estes dous conceptos teñen unha existencia longamente documentada na psicoloxía individual e mais na psicoterapia (Masters, 2007). O «crítico interno» –en inglés «inner critic»– é ese *alter ego* destrutivo que sistematicamente practica unha crítica continua, ás veces feroz, sobre si mesmo, non ten compaixón polas dificultades propias e, pase o que pase, dirixe a súa enerxía a culpase a si mesmo das dificultades, xustificándoas e desbotando a posibilidade de superalas.

² Con todo, quixera tamén dicir alto e claro que non é posible a recuperación social do galego, nin sequera o seu mantemento como lingua viva, se o poder político galego –o derivado dos comicios autonómicos de 2009– turra en rebaixar a presenza do galego no sistema educativo, elo non único mais si fundamental e inescusable na recuperación ou consecución do prestixio sociolingüístico que o galego precisa. Os cuestionamentos do carácter holístico e integral da promoción do galego só van redundar na súa perda de eficacia e no fracaso da dinamización da lingua propia de Galicia, que espero que non sexan obxectivos, sequera indirectos ou inconscientes, do goberno galego formado na primavera de 2009.

O «sabotador» –tomado do francés «saboteur», de onde pasou ao inglés– é unha dimensión complementaria da anterior, outro *alter ego* que impide cambios xa en marcha, inminentes ou, en todo caso, claramente factibles, e que lles serve como claro freo ás esperanzas de cambio ou mesmo ás mudanzas que *de facto* se están a producir noutros niveis da vida do individuo.

A partir destes conceptos, pensados en principio para o individuo, propoño eu realizar unha extensión ao ámbito social, onde poden sernos útiles para analizar doutro xeito e con máis eficacia ese sentimento tradicionalmente coñecido entre nós como «autoodio» –concepto necesitado dunha profunda revisión– e así contribuír á reflexión sobre algúns procesos e fenómenos sociais que están a acontecer na Galicia contemporánea.

A crítica interna nunca é mala cando se concibe como sa autocrítica que busca liberar as accións dos posibles excesos do *ego*, sexa este individual ou social; mais cando se practica de forma sistemática e sen mesura converte ese san «crítico interno» en destrutivo «crítico», que nada positivo ve nas accións propias e que sempre está orientando as súas análises e opinións en termos negativos e esterilmente inmovilistas. Esa figura, en parte simbólica, en parte real, ás veces visible, ás veces agachada, está presente non só en cada individuo senón tamén en todo corpo social, e a sociedade galega non é unha excepción. As súas manifestacións son diversas, mais eu destacaría unha: o sentimento de inferioridade e de incapacidade para o cambio. A inferioridade séntese de diversas maneiras: por unha banda fronte a sociedades «maioritarias», dominantes ou principais –«mainstream» en inglés–; no caso galego, a española e a portuguesa; e por outra, sociedades de *status* homologable, que se perciben como superiores ou máis capacitadas para o cambio, e neste sentido a referencia principal é a sociedade catalá, pero tamén a vasca e mesmo outras culturas «minorizadas», que aínda tendo na maior parte dos casos unha lingua en situación de minoría máis intensa se perciben como máis sólidas e aceptadas. Outra dimensión deste fenómeno, sen dúbida conectada coa anterior, é a sensación de incapacidade para o cambio, a imposibilidade de que a partir da actual situación de «minorización» lingüística poidamos aspirar a outra diferente: como sempre fomos febles e derrotados en todas as nosas aspiracións e arelas, non podemos soñar con algo diferente, e inescusablemente debemos abrazar unha nai ou pai salvadores: no noso caso, España ou Portugal, en quen non vemos derrotas e só per-

cibimos éxitos en que reflectirnos, como se dun espello se tratase; espello que en realidade é máis un espellismo ou «miraxe», pero que serve para aliviar o noso sentimento de frustración, inferioridade e desamparo.

O «crítico interno» sociolingüístico galego pode tomar formas moi diversas e adoptar xustificacións, escusas e estratexias de resistencia –ás veces numantina– ben variadas, que van desde preparar informes –dramáticos– sobre a lingua galega, ata vaticinar que o idioma de Galicia se perderá a este ritmo en tres ou catro xeracións, ou mesmo que esta pode ser a xeración que perda o galego, como tantos estudos e titulares dos medios de comunicación argüíron nas últimas décadas. Teñen que ver coa experiencia colectiva e a memoria social e constitúen a ferida social, o estigma sociolingüístico recoñecible, sequera no nivel inconsciente: non somos suficientes, somos débiles e fáltanos valor. Así, os galegofalantes, os dous terzos –case o 67%, segundo o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* de 1995– son menos importantes que o 50% que fala catalán ou o 25% que sabe falar éuscaro. E, de sermos preguntados ao respecto, xustificámonos coa escusa de que os nosos non son auténticos falantes de galego porque cambian facilmente ao español ou mesmo porque o seu galego non é suficientemente puro, e incluso oímos dicir que o seu non é realmente galego, senón algunha desas variedades híbridas, cuestión esta que xa mencionei anteriormente. Deste xeito abrimos a porta a dous fenómenos distintos pero procedentes da mesma falta de autoestima colectiva: a substitución do galego polo español e a purificación do galego a través do noso particular «primo Zumosol»: o portugués. Ese mesmo «crítico interno» dinos que non podemos cambiar a situación actual e que sempre que tentamos defendernos fomos derrotados –os Irmandiños, os mártires de Carral ou mesmo o mítico e probablemente imaxinario Monte Medulio, sempre presentes no noso subconsciente colectivo.

O «crítico interno», en definitiva, é un elemento psicolóxico moi persistente, sobre todo en individuos e sociedades con feridas antigas e profundas, que reconverte adoito elementos positivos en negativos cunha gran facilidade, que dubida das súas potencialidades con argumentos construídos cunha aparente gran coherencia e que eficazmente desmonta os intentos realizados desde fóra dese corpo –individual ou social– para reverter a situación. Con frecuencia tamén, cando a situación ou ben foi transmitida por persoas ou xeracións precedentes, ou ben a ferida foi experimentada desde momentos moi antigos da

vida –do individuo ou da sociedade–, van aparecer a convicción –consciente ou inconsciente– de que todo está perdido ou de que calquera cambio é imposible, e neste aspecto enlazan os roles do «crítico interno» e do «autosabotador».

Aínda que o efecto do noso «inner critic» é moi forte, cando este, por algunha razón, consegue neutralizarse o reforzamento da autoestima –a social galega, no noso caso– produce resultados inesperados. Pensemos na campaña “Vivamos como galegos” da empresa distribuidora Gadis ou, noutro nivel, no éxito comercial de R. Estas iniciativas publicitarias e comerciais, que conseguiron o seu éxito en parte grazas ao uso do galego, son algúns dos exemplos contemporáneos máis salientables deste fenómeno. Nese mesmo nivel é onde se entenden os resultados de estudos sobre actitudes lingüísticas como os reflectidos en *Vender en galego*, que Ramallo e Rei-Doval (1997) realizamos para o Consello da Cultura en 1995-1996, ou a visión –moderadamente– optimista do volume *Actitudes lingüísticas en Galicia*, de 1996. Cando lle damos aos galegos e galegas a oportunidade de creren en si mesmos, a autoestima aboia, pero cando aplicamos toda a nosa «crítica interior», o noso «lado escuro» emerxe no seu estado máis puro.

O outro elemento do que cómpre falar é a figura do «sabotador», que na nosa sociedade, de xeito consciente ou semiconsciente, tenta impedir que certos cambios cheguen a producirse, por temor á aparición dunha sociedade diferente, máis incerta e menos controlable. Nestes termos deben entenderse os intentos, desde determinados sectores da sociedade galega, de impedir que avance o proceso de difusión social do galego. Naturalmente, a actuación destes grupos sociais está motivada, desde outra óptica, polos intereses e as estratexias políticas dun nacionalismo español que non quere ver minguado o seu poder, dominación e capacidade de influencia en Galicia. Mais os executores desas políticas forman parte, na maioría dos casos, do tecido social galego. Estoume a referir, naturalmente, a grupos de presión como a desaparecida *Asociación Gallega para la Libertad de Idioma* (AGLI) ou a máis contemporánea *Tan Gallego como el Gallego*, recentemente disolvida en *Galicia Bilingüe*. Todas elas representan o que eu chamaría «Comité de Sabotaxe da Regaleguización»; forman parte da nosa estrutura social e son resultado das miserias e derrotas que pexaron o noso desenvolvemento colectivo. Así, opóñense aos cambios para recuperar a dignidade social do galego dos que eles mesmos son resultado como grupo. E, canto

máis clara e decidida é esa vontade de cambio e recuperación da dignidade sociolingüística desde certos sectores, con máis forza se expresan e actúan os sabotadores, que condensan, axitan e lanzan como arma de combate a súa resistencia á regaleguización, utilizando como maquillaxe discursiva tópicos que apeleen a algunha parte do «crítico interno» dos galegos, e que con frecuencia lles serven de lexitimación e escudo. Se este «crítico interno» non estivese tan desenvolvido pola falta de autoestima colectiva a sabotaxe non tería éxito, xa que non enraizaría no tecido social.

A sabotaxe fronte ao cambio que se intúe ou mesmo se percibe na sociedade –e no individuo– é o resultado da combinación de dous elementos: a rabia –normalmente contida, dado o rexeitamento que nas nosas culturas esperta este elemento cando é formulado en contextos formais– e o medo –ás veces, case pánico– ao cambio, que produce unha parálise ou inacción que, como un *búmerang*, ás veces se reconverte na referida resistencia, oposición activa e incesante, ao cambio. Unha das características máis rechamantes desta «autosabotaxe» é a inmensa cantidade de enerxía que se perde nela, e que, canalizada eficazmente, podería producir beneficios –sexan no nivel individual ou no social– simplemente inmensos. Se somos capaces de desfacer estes nós, pode producirse unha cantidade de enerxía tal que o progreso ou felicidade conseguida supere os máis optimistas vaticinios.

Fronte a esa realidade, os principais recursos consisten en facer visibles as inconsecuencias e a inxustiza das prácticas sabotadoras, así como o prexuízo que para o progreso, o cambio e a procura do benestar social supoñen estas, sen nunca negar o dereito a discrepar ou a diversidade cultural e social de Galicia. Mais iso non debería impedir a firmeza na procura da recuperación social do galego nin a posta en práctica de accións que conduzan cara a tal fin. A sabotaxe nunca pode ser contestada coa parálise ou renuncia a obxectivos lexítimos, senón cunha acción firme e serena na procura de cambios sociais que son xustos e necesarios.

BIBLIOGRAFÍA

FISHMAN, J. A.: *Reversing Language Shift*, Multilingual Matters, Clevedon, 1991.

MASTERS, R. A.: *Transformation through Intimacy*, Techmenos Press, 2007.

RAMALLO, F. e G. REI-DOVAL: *Vender en galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1997.

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, 1995.

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: *Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega, 1996.

DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA EN EUROPA

Relatorio

A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA EN EUROPA

Dónall Ó Riagáin

Europa é diversa lingüisticamente, pero non tanto, tendo en conta o panorama mundial. Como se pode ver na táboa seguinte¹, as nosas linguas europeas apenas representan o 3,5 % do total de 6912 linguas vivas do mundo.

Posto que somos o continente máis rico do mundo en canto a renda *per cápita* e nos consideramos moi cultos, sen dúbida temos a obriga de contribuír á conservación da diversidade lingüística mundial.

LINGUAS VIVAS DO MUNDO		
	Cantidade	Porcentaxe
Asia	2269	32,8%
África	2092	30,3%
Pacífico	1310	19,0%
América	1002	14,5%
Europa	239	3,4%
TOTAL	6912	100 %

POR QUE DEFENDER A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

Acaso a diversidade lingüística é importante? A lingua non é un instrumento de comunicación? Daquela, que importa que lingua falemos e que algunhas morran?

A lingua é un instrumento de comunicación. Pero é moito máis que iso. Nela están contidas as ideas e lembranzas colectivas dunha comunidade. É a ferramenta perfectamente posta a punto que ten un pobo para expresar os seus pen-

¹ Ethnologue: http://www.ethnologue.com/ethno_docs/distribution.asp?by=area.

samentos máis perspicaces, os seus sentimentos máis tenros e as súas ideas máis brillantes. É o recipiente en que están rexistrados, gardados e dispoñibles a súa literatura –oral ou escrita–, a súa historia, a memoria popular, os seus temores, os seus soños e esperanzas, non só para os vivos, senón tamén para as xeracións vindeiras. As linguas danlles aos homes e mais ás mulleres a sensación de pertenza a un pobo, de continuidade e de teren unha identidade común. Cada lingua é unha fiestra única ao mundo. As nosas linguas teñen unha enorme importancia simbólica para nós. Son, sen dúbida, a máxima manifestación da nosa condición humana.

Os argumentos para respectar e conservar a diversidade lingüística poden clasificarse en cinco categorías:

O argumento dos dereitos humanos

Os dereitos lingüísticos forman parte integrante dos dereitos humanos, non son unha especie de engadido opcional. Este argumento foi explicado dun xeito moi razoable e convincente por Fernand de Varennos cando dixo:

There is often the mistaken view that the rights of minorities, or language rights, are part of a new generation of rights, or are collective in nature. This perception is both unfortunate and erroneous: unfortunate because it tends to consider language rights as less deserving than «real» human rights, and wrong because it fails to understand the actual sources of these rights.

To put it simply, most – if not all – of what are called today language rights derive from general human rights standards, especially non-discrimination, freedom of expression, right to private life, and the right of members of a linguistic minority to use their language with other members of their community. All of these are «authentic», individual human rights as generally recognised in international and European law.

The error which is too often perpetuated is based on the failure to see the larger picture of the phenomenon which has emerged in the last 20 or 30 years: that the treaties and other documents dealing with the rights of linguistic minorities are but a more detailed enumeration of the consequences of general human rights in specific situations. Just as there are many documents and treaties which have provided more detail as to the consequences of general human rights in specific sectors of society such as women and

children, for example, there is a process providing more detail as to the consequences of general human rights in another specific sector of society, minorities² (Fernand de Varennes, 2004).

O argumento socioeconómico

Esta é a liña de argumentación máis habitual na documentación das políticas da Unión Europea. O seu principal fundamento consiste en que falar o maior número de linguas posible é bo para a actividade económica, o comercio exterior, o turismo, a mobilidade laboral, etc. De feito, a política comunitaria actual incentiva a todos os cidadáns a falaren como mínimo dúas linguas ademais da súa materna. Así, no documento *Promoting language learning and diversit* podemos ler: «In the context of the Lisbon strategy of economic and environmental renewal launched in March 2000, the Union is developing a society based upon knowledge as a key element in moving towards its objective of becoming the most competitive knowledge-based economy in the world by the end of the decade»³ (Comisión Europea, 2004).

² «Adoita pensarse, erroneamente, que os dereitos das minorías ou os dereitos lingüísticos son parte dunha nova xeración de dereitos ou que son colectivos por natureza. Esta percepción é moi desafortunada e errónea: desafortunada porque implica que os dereitos lingüísticos son menos importantes que os “auténticos” dereitos humanos, e errónea porque indica que non se coñecen as verdadeiras fontes destes dereitos.

Simplificando, a maioría, se non todos os actualmente denominados dereitos lingüísticos, proveñen dos dereitos humanos xerais, especialmente dos de non discriminación, liberdade de expresión, dereito á intimidade e o dereito dos membros dunha minoría lingüística a usaren a súa lingua con outros membros da súa comunidade. Todos os anteriores son “auténticos” dereitos humanos individuais, amplamente recoñecidos no Dereito comunitario e internacional.

Este erro, acotío perpetuado, débese a que non se ten unha visión de conxunto do fenómeno que xurdiu nos últimos vinte ou trinta anos: que os tratados e outros documentos relativos aos dereitos das minorías lingüísticas son algo máis que unha mera relación detallada das consecuencias dos dereitos humanos xerais en situacións particulares. Igual que existen moitos documentos e tratados que desenvolven as consecuencias dos dereitos humanos xerais para determinados colectivos da sociedade, como por exemplo as mulleres ou a infancia, está en curso un proceso de desenvolvemento das consecuencias dos dereitos humanos xerais para outro colectivo concreto da sociedade: as minorías».

³ «No contexto da estratexia de Lisboa de renovación económica, social e ambiental, iniciada en marzo de 2000, a Unión está a desenvolver unha sociedade baseada no coñecemento como elemento fundamental da evolución cara ao seu obxectivo de converterse na economía baseada no coñecemento máis competitiva do mundo de aquí ao final da década».

O argumento «biocultural»

Neste argumento a diversidade mundial ten unha consideración holística e consiste en que a diversidade biolóxica, lingüística e cultural do planeta están relacionadas entre si e cómpre loitar tamén contra os perigos que as ameazan. En *When Languages Die*, K. David Harrison (2007) céntrase na cuestión fundamental: que se perde cando morre unha lingua? Que formas de coñecemento están inseridas na estrutura e léxico dunha lingua? E por que é tan prexudicial para a humanidade que este coñecemento se perda para sempre? Todos sabemos o que lle acontece a unha comunidade cando unha lingua está na fase terminal e a súa cultura comeza a desaparecer. As taxas de alcoholismo, drogadicción e desestruturación familiar de certos pobos aborixes australianos e nativos americanos son só un exemplo moi triste e doloroso disto.

O argumento de que «a diversidade é boa»

Podería dicirse que este argumento está relacionado cos dous anteriores. A maioría das persoas non precisamos que nos convenzan de que a variedade é boa e enriquecedora e de que fai a vida máis interesante. Coa perda da diversidade lingüística, a diversidade cultural diminuíría inevitablemente e presenciariamos a expansión dunha uniformidade insulsa: a «McDonalización da sociedade», como dixo pintorescamente Tove Skuttnab-Kangass. Este argumento vai un pouco máis lonxe que o socioeconómico xa tratado, que destaca a importancia de coñecer e saber falar varias linguas. A diversidade é o acicate da creatividade e a diversidade lingüística favorece o desenvolvemento económico e social. Adam Price afirma que: «...in the real world few problems can be said to be wholly economic in nature; their economic aspects are inter-twined with their social and cultural dimensions. Culture is in the economy and the economy is in culture. And language lies at the root of both»⁴ (Adam Price *et al.*, 1997).

⁴ «...no mundo real, poucos problemas se poden considerar puramente económicos; os seus aspectos económicos mestúranse coas súas dimensións social e cultural. A cultura está na economía e a economía, na cultura. E a lingua está na raíz de ambas as dúas».

O argumento de que «o respecto trae a paz»

Posiblemente por unha mala interpretación da historia bíblica da Torre de Babel, hai moitos séculos que circula unha opinión errónea⁵, segundo a que a proliferación global das linguas é como un castigo que lle foi imposto á humanidade e algunha forma de monolingüismo traería a paz e máis a harmonía. Deixando a un lado o feito de que na maioría das sociedades monolingües houbo guerras civís, todos os testemuños históricos indican que a falta de respecto pola diversidade lingüística, e non a diversidade lingüística en si, foi e é a causa de moitos conflitos. Case todos os conflitos interétnicos vividos en Europa nos últimos cincuenta anos tiñan unha compoñente lingüística, como o do Tirol do Sur nos anos cincuenta e os de Córsega, Chipre, Irlanda do Norte, o País Vasco e, máis recentemente, Chechenia. Pola contra, nos réximes que trataron razoablemente ben as minorías lingüísticas –por exemplo os frisios occidentais nos Países Baixos, os galeses no Reino Unido e os sorbios na antiga RDA– atópanse moi poucos indicios de marxinação ou conflitos.

AS COMUNIDADES LINGÜÍSTICAS

Aínda que as comunidades lingüísticas europeas poderían clasificarse de moitas maneiras, creo que o esquema seguinte é útil para os fins do presente artigo. Así distinguiremos entre os que viven en comunidades que falan:

- A) Linguas oficiais do Estado que teñen moitos millóns de falantes e que son empregadas como linguas de comunicación fóra de Europa. O inglés e máis o castelán son os exemplos máis evidentes, pero tamén se poden citar o francés, o ruso ou o portugués.
- B) Linguas oficiais do Estado, faladas por moitos millóns de persoas, pero que non son xeralmente empregadas para a comunicación internacional.

⁵ No relato da Biblia (*Xénese*, 10, 20) que precede á historia da Torre de Babel fálase dos fillos de Xafet, que se nomean «polas súas familias, polas súas linguas, nas súas terras, nas súas nacións». Xa que logo, a diversidade lingüística é anterior a Babel.

Entre outras, pénsase inmediatamente no alemán, polaco, italiano, sueco, grego, checo ou húngaro.

- C) Linguas que son oficiais do Estado pero que teñen comunidades de falantes máis ben reducidas –menos de dous millóns. Penso inmediatamente na miña propia lingua, o irlandés, e tamén no luxemburgués, estoniano, letón, lituano, maltés e mesmo o esloveno.
- D) Linguas que non son oficiais de Estados soberanos e que adoitan clasificarse como linguas «rexionais ou minoritarias». Estas linguas poden falar-se só nun Estado –por exemplo o bretón en Francia, o gaélico no Reino Unido, o friulano en Italia ou o sorbio en Alemaña– ou en varios países –por exemplo o catalán en España, Francia e Italia; as linguas sami en Noruega, Suecia, Finlandia e Rusia. O seu *status de facto* e xurídico pode variar moito dunha rexión a outra dun mesmo Estado, como é o caso do catalán en Cataluña, Valencia e as Illas Baleares.
- E) Linguas oficiais noutro Estado que son minoritarias no Estado en que vive a comunidade. Por exemplo, o alemán en Bélxica, o húngaro en Romanía, o grego en Italia ou o italiano en Croacia.
- F) Linguas non territoriais. Trátase das linguas xitanas e xudías, como o sinti, o romaní, o yiddish e o ladino.
- G) Linguas non europeas que chegaron cos inmigrantes nas últimas décadas.

As linguas correspondentes ás categorías C, D, E e F sofren certa discriminación ou mesmo están ameazadas en moitos, ou posiblemente na maioría, dos casos. É nestas linguas nas que habemos de concentrarnos se queremos preservar a diversidade lingüística do noso continente.

ACTITUDES FRONTE Á DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

Hai quen diría que o concepto da nación-estado moderna como entidade soberana e con dereito á lealdade de todos os seus cidadáns se remonta á Paz de Westfalia do século XVII. Persoalmente, prefiro a escola de pensamento que defende que o auténtico prototipo da nación-estado moderna foi, de feito, a primeira República Francesa. Na época da Revolución, Francia aínda non era unha

nación de cidadáns: era máis ben unha federación de provincias⁶. Calcúlase que apenas o 30% da poboación francesa falaba o francés *estándar* de Île-de-France a finais do século XVIII. A maioría falaba algunha variante das actualmente denominadas linguas rexionais: occitano, corso –semellante á lingua da Toscana–, bretón, éuscaro, unha variante do neerlandés, catalán, variantes do alemán en Alsacia e Lorena, por non mencionar as «*langues d’Oïl*», como o galo e o picard. Esta situación non supuxo maiores problemas para o *ancien régime*. Se o pobo pagaba os seus impostos, loitaba nas guerras e lle declaraba lealdade á monarquía, o rei non tiña problema ningún en que os seus súbditos falasen calquera lingua que quixesen. Pero a Revolución acabou con isto. O pobo pasou a ser unha cidadanía con certos dereitos pero que, sobre todo, tiña que xurarlle fidelidade ao Estado.

A nación-estado moderna tiña un carácter burocrático e centralista. Dáballe moita importancia a estender a súa influencia a todos os ámbitos da vida social ata daquela case intactos, como a educación, a Administración pública e o comercio. Malia que as pretensións iniciais dos revolucionarios franceses eran moi liberais, pronto tomaron un cariz autoritario e centralista, inspirado por persoas como Abbé Gregoire. Estado e nación, cidadanía e nacionalidade considerábanse sinónimos. Un Estado, unha nación e, por suposto, unha lingua. A unidade implicaba uniformidade.

Pódese dicir que a decadencia da maior parte das pequenas comunidades lingüísticas de Europa tivo o seu inicio na creación de nacións-estado unificadas en Alemaña, Italia e o Reino Unido, por mencionar só algúns casos ao longo do século XIX. Só houbo dúas excepcións notables no tocante ás entidades políticas, o Imperio Austro-Húngaro e o Imperio Otomán, onde a mera magnitude da diversidade lingüística facía imposible impoñer unha política de monolingüismo.

Hitler usou ou abusou de minorías desafectas e discriminadas para provocar conflitos, xustificar invasións doutros países e, posteriormente, conseguir certo apoio nos territorios ocupados. A existencia dunha importante poboación xermanofalante en Checoslovaquia –en *Südatenland*– foi a súa escusa para invadir este país en 1938. Algúns membros de grupos étnicos que se sentiron maltrata-

⁶ Véxase E. N. Williams, 1970.

dos polos seus gobernos nacionais –por exemplo os bretóns en Francia, os flamengos en Bélxica, os croatas en Iugoslavia, os chechenios, ingusetios e calmucos na Unión Soviética– apoiaron o exército alemán invasor. Cómpre dicir que só a colaboración dunha minoría, moi pequena en moitos casos, foi minimamente significativa, pero suficiente para que os gañadores descargasen a súa vinganza contra as poboacións minoritarias despois da guerra. Todas as minorías soviéticas mencionadas –os chechenios, ingusetios e calmucos– foron deportadas a Siberia e a maioría sufriron terriblemente durante o exilio.

Como resultado de todo isto, a meirande parte dos gobernos europeos posteriores á Segunda Guerra Mundial entenderon que as minorías non traían máis que problemas. Se examinamos a documentación de finais dos corenta, cincuenta e mesmo de gran parte dos sesenta, vemos que as minorías tiñan moi poucos motivos de satisfacción. A diversidade lingüística víase máis como un inconveniente que como unha vantaxe.

UN NOVO AMENCER

O primeiro raio de luz que asomou no horizonte foi o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos aprobado polas Nacións Unidas en 1966 pero que non entrou en vigor ata dez anos despois, en 1976. No se artigo 27, di: «Nos Estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas, non se lles negará ás persoas que pertencen a estas minorías o dereito que lles corresponde, en común cos demais membros do seu grupo, a teren a súa propia vida cultural, a profesaren e practicaren a súa propia relixión e a empregaren o seu propio idioma».

Un recoñecemento moi modesto pero, no fin de contas, un primeiro paso.

Contra finais dos anos setenta, a situación comezou a cambiar a escala europea. Na súa primeira reunión, celebrada en Galway (Irlanda) en outubro de 1975, o Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa aprobou unha declaración coñecida desde aquela como a Declaración de Galway⁷, que inclúe unha

⁷ Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa, Primeiro Convenio dos Poderes das Rexións Periféricas Europeas, Galway (Irlanda), 14-16 de outubro de 1975.

serie de peticións de carácter lingüístico e cultural dirixidas non só ao Consello de Europa, senón tamén aos gobernos dos Estados membros. Entre outras cousas, o artigo 6 fai un chamamento a: «...adoptar as medidas necesarias para protexer e revitalizar as linguas e culturas que habitualmente corren o perigo de desaparecer nas comunidades étnicas periféricas».

Na Declaración de Burdeos, aprobada pola Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa a principios de 1978, pódense atopar ecos disto. En 1981, a Asemblea Parlamentaria aprobaría unha Recomendación sobre Problemas Educativos e Culturais das Linguas Minoritarias e Dialectos de Europa⁸. O relator foi un membro catalán, Cirici-Pellicer.

Nove días despois, novamente en Strasburgo, ía producirse outro avance máis importante: a aprobación da Resolución Arfé polo Parlamento Europeo. Trátase da primeira iniciativa dunha institución comunitaria de apoio explícito á diversidade lingüística, o que incluía as chamadas linguas menos faladas.

AS COMUNIDADES EUROPEAS E A UNIÓN EUROPEA ENTRAN EN ESCENA

As Comunidades Europeas, nas súas primeiras décadas de existencia, tiñan unha política lingüística insignificante ou mesmo inexistente. De feito, non houbo alusión directa ningunha á educación ou á cultura nos tratados ata a aprobación do Tratado de Maastricht en 1994. Nestes tratados consta en que linguas oficiais e versións orixinais foron realizados. Na Decisión do Consello 1/1958 inclúese a listaxe das linguas oficiais e de traballo das Comunidades Europeas.

As primeiras mostras de interese polo futuro das linguas rexionais e minoritarias das Comunidades xurdiron no Parlamento Europeo de 1979. O 28 de setembro dese ano, o deputado Gaetano Arfé e mais outros deputados socialistas, todos eles franceses ou italianos, presentaron unha proposta de resolución sobre unha Carta de Minorías Étnicas. Menos dun mes máis tarde, outro deputado compatriota meu, John Hume, presentou outra proposta de resolución, asinada

⁸ Recomendación 928, aprobada durante o Debate da Asemblea Parlamentaria do 7 de outubro de 1981 (XVIII sesión).

por un deputado socialista de cada un dos Estados membros, na que se solicitaba a redacción dunha Carta de Dereitos das Linguas e Culturas Rexionais da Comunidade. Aínda que a primeira vista ambas as dúas propostas de resolución parecían moi semellantes, o certo é que había unha diferenza fundamental na formulación de cada unha delas. Mentres que a Proposta de Resolución de Arfé fala de «reivindicacións de autonomía das minorías étnicas e lingüísticas», a de Hume elude cuestións como a etnicidade e a autonomía e fai referencia a que «esta diversidade é unha das principais fontes da vitalidade, riqueza e orixinalidade da civilización europea». Así pois, o Parlamento Europeo decidiu encomendar a redacción de dous informes diferentes, un sobre os dereitos das minorías étnicas e outro sobre a promoción das linguas rexionais e minoritarias. Gaetano Arfé, ex-catedrático de Historia na Universidade de Florencia e deputado de gran prestixio, foi nomeado relator do informe sobre as linguas; e a Comisión de Asuntos Xurídicos do Parlamento designou un alemán do Partido Demócrata Cristián, A. Goppel, para que preparase un informe sobre a lexislación europea en materia de grupos étnicos. Hume díxome en varias ocasións que un enfoque baseado na etnicidade nunca tería éxito porque, dada a súa natureza, provocaría unha importante reacción política. Cría, con todo, que un enfoque baseado nas linguas e culturas sensibilizaría os políticos divididos e tería moitas posibilidades de ser acollido. Hume acertou na súa valoración da situación. O Informe Arfé e a proposta de resolución que se achegaba a este presentáronse na sesión plenaria do Parlamento de outubro de 1981. O Informe Goppel, pola contra, non superou nunca a etapa da comisión, como tampouco o fixo unha tentativa posterior de preparación dunha Proposta de Resolución por parte do deputado Graf von Stauffenberg e máis tarde polo deputado Siegbert Alber.

A Resolución de Arfé apelaba aos gobernos dos Estados membros e aos poderes rexionais e locais para que aprobasen unha serie de medidas de defensa e promoción das linguas rexionais e minoritarias, especialmente nos ámbitos da educación, dos medios de comunicación, da vida pública e dos asuntos sociais. Foi aprobada por unha maioría máis que suficiente: oitenta votos a favor, dezaioito en contra e oito abstencións. O único grupo político que votou maioritariamente en contra da resolución foi o do Partido Conservador inglés. A meirande parte dos oitenta votos favorables foron dos grupos do centro e da esquerda, sobre todo dos socialistas.

Tras a aprobación da Resolución de Arfé, todo comezou a acontecer de xeito máis rápido. Nun coloquio celebrado en Bruxelas en maio do ano seguinte, constituíuse a Oficina Europea de Linguas Minoritarias. A súa misión sería falar e actuar a nivel europeo no nome das pequenas comunidades lingüísticas da CE. En xeral, había de preservar e promover as linguas menos difundidas de Europa, así como as culturas das que estas eran expresión.

Grazas ás iniciativas de Arfé e mais de Hume, incluíuse no presuposto da CE unha pequena liña orzamentaria para as linguas e culturas rexionais e minoritarias. O primeiro ano apenas foi de cen mil ecus, como se lle chamaba daquela ao euro. Cando foi suprimida, en 1998, aumentara a catro millóns de euros. Co paso dos anos, miles de proxectos de promoción lingüística recibiron financiamento desta liña orzamentaria.

En 1983, creouse unha Comisión Intergrupo sobre as Linguas Minoritarias no Parlamento Europeo, integrada por deputados de distintos grupos políticos. Comprácame dicir que aínda está operativa.

En 1983, tamén se aprobou unha segunda Resolución de Arfé que reforzaba o estipulado na primeira. Ao longo dos últimos anos, outros deputados do Parlamento Europeo elaboraron informes e aprobáronse máis propostas: Kuijpers en 1987, Killilea en 1994, Morgan en 2001, Ebner en 2003, ou Bernat Joan i Mari en 2006.

PROBLEMAS E REORIENTACIÓN DA POLÍTICA

Este proceso continuaría a desenvolverse favorablemente se o anterior goberno británico –o de John Major– non demandase a Unión Europea perante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas en 1996. O fundamento do caso británico era que a Comisión non tiña autorización para financiar un programa porque este non estaba comprendido por un acto xurídico aprobado conxuntamente pola Comisión, o Parlamento e mais o Consello.

Ironicamente, nin a alegación xurídica en cuestión nin o programa particular en discusión, relativos á loita contra a exclusión social, tiñan nada que ver coa lingua. Con todo, o Tribunal decidiu a favor do Reino Unido e resolveu que non se poderían conceder axudas a proxectos se estes non se encadraban nun

programa aprobado polas tres institucións comunitarias principais. O Tribunal ditou a sentenza a principios de xuño de 1998 e a consecuencia inmediata foi que se bloquearon máis de cen liñas orzamentarias cuxos fundamentos legais eran dubidosos. Ao longo das semanas seguintes, desbloqueouse máis da metade destas liñas cando os servizos xurídicos da Comisión se aseguraron de que cada un deses programas contaba cunha base xurídica satisfactoria. Entre as que permaneceron bloqueadas estaba a Liña Orzamentaria B3-1006 sobre Linguas e Culturas Rexionais e Minoritarias.

Por que non se adoptou daquela un acto xurídico para crear un programa plurianual de apoio ás linguas minoritarias? Porque o problema era máis de tipo político que xurídico. Calquera acto xurídico adoptado debía ter como fundamento legal os artigos 149 –Educación– e mais o 151 –Cultura. O artigo 151 presenta o problema de que calquera decisión derivada del ten que ser unánime. O certo é que, case con toda seguridade, un ou máis Estados membros se ían opoñer a este programa e, polo tanto, sería vetado.

O 2001 foi o Ano Europeo das Linguas, organizado conxuntamente pola Unión Europea e mais o Consello de Europa. Buscábase sensibilizar os europeos no tema das linguas, tanto as maioritarias como as minoritarias, para conseguir que todos falasen dúas linguas ademais da súa materna. En xeral, o Ano Europeo das Linguas tivo éxito e popularidade. Alén disto, conseguiu que a diversidade lingüística obtivese unha maior aceptación política como concepto.

Contra finais do ano, o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución sobre Linguas Rexionais e Minoritarias. A principal impulsora desta resolución foi Eluned Morgan, unha deputada socialista galesa, aínda que contou co apoio de varios partidos. A súa mensaxe esencial foi que había que continuar o traballo iniciado durante o Ano Europeo das Linguas: «Peticións para que a Comisión continúe o traballo levado a cabo durante o Ano Europeo das Linguas (2001) con vistas á creación dun programa plurianual sobre as linguas antes de finalizar o 2003, así como a destinar fondos, no marco deste programa, para as linguas rexionais e minoritarias».

Nunha serie de discursos posteriores, a daquela comisaria en funcións nesta materia, Vivien Reding, de nacionalidade luxemburguesa, declarou que cría que o xeito de promover as linguas minoritarias pasaba pola integración destas en

todos os programas lingüísticos, no canto de crear un programa independente para elas. Non se referiu ao feito de que as accións máis importantes excluían a maioría das linguas minoritarias e que a meirande parte das actividades abrangidas por estas accións eran moi pouco relevantes para as comunidades de falantes de linguas minoritarias.

Tras un proceso de consulta pública a grande escala, realizado en 2002, publicouse en 2003 o Plan de Acción Promover a Aprendizaxe de Idiomas e a Diversidade Lingüística, o primeiro escrito extenso da Comisión onde se expoñía a súa visión sobre o ensino e a aprendizaxe das linguas, sendo especialmente importante a opinión de que «non abonda con aprender unha soa lingua franca. Todos os cidadáns europeos deberían ter competencias comunicativas significativas en, polo menos, dous idiomas ademais da súa lingua materna». E continúa apuntando que «sería ilusorio pensar que os programas europeos poderían asumir a carga principal de promover a aprendizaxe de idiomas e a diversidade lingüística; tampouco sería conveniente: o financiamento que se dedica a estes obxectivos non pode substituír en ningún caso o investimento directo a escala nacional, rexional e local, por exemplo, en infraestruturas educativas, adecuación ao tamaño das aulas, formación de profesores ou intercambios internacionais».

Con este plan de acción, a Comisión comprometeuse a adoptar diversas medidas novas, destinadas a incentivar os Estados membros para que estendesen os beneficios da aprendizaxe permanente de idiomas a todos os cidadáns, mellorasen a calidade do ensino de linguas estranxeiras e creasen un contorno máis favorable para a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

O PRESENTE E O FUTURO DA DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA NA UNIÓN EUROPEA

O programa actual en materia de educación da Unión Europea titúlase Programa de Acción no Ámbito da Aprendizaxe Permanente (2007-2013). Unha das súas actividades clave está relacionada cos idiomas e coa súa aprendizaxe. Neste programa, todas as linguas reciben un tratamento igualitario. A aprendizaxe de idiomas e a diversidade lingüística xa son obxectivos oficiais.

Tras a súa última ampliación, a Unión Europea creou o cargo de Comisario de Multilingüismo, que é ocupado na actualidade polo romanés Leonard Orban.

O artigo 2.3 do Tratado de Lisboa di que «a Unión respectará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística e velará pola conservación e o desenvolvemento do patrimonio cultural europeo».

Poderíase preguntar que supón a palabra «respecto»: un respecto pasivo ou un proactivo? E hai algunha razón implícita para a omisión da referencia ás linguas na segunda metade da oración, onde se estipula unha obriga irrenunciable da Unión? É isto unha simple coincidencia? A lingua, que forma parte da cultura, enténdese comprendida daquela no termo «patrimonio cultural»?

No artigo 22 do capítulo III da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea atopamos unha referencia similar: «A Unión respecta a diversidade cultural, relixiosa e lingüística».

Cómpre lembrar que a Unión Europea ten hoxe vinte e tres linguas oficiais e de traballo, fronte ás seis das Nacións Unidas.

O CONSELLO DE EUROPA

No Consello de Europa houbo avances interesantes que se producían asemade na Comunidade ou Unión Europea.

En 1984 celebrouse en Strasburgo unha audiencia pública sobre as linguas rexionais e minoritarias de Europa, cuxo obxectivo último era propoñer unha Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, segundo constaba na carta de invitación. Esta audiencia foi organizada pola Conferencia Permanente dos Poderes Locais e Rexionais de Europa, unha institución do Consello de Europa. Preto de dúascentas cincuenta pequenas comunidades lingüísticas estiveron representadas na audiencia, que resultou ser un grande éxito. Pódese dicir que foi neste encontro onde se concibiu a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias. O proceso de preparación da Carta foi lento e prolongado. Finalmente, a Conferencia Permanente redactou o texto e este foi aprobado pola Asemblea Parlamentaria. Despois foi remitido ao Comité de Ministros, é dicir, dos ministros de Asuntos Exteriores –ou os seus representantes– dos Estados

membros do Consello. Todo o mundo sabía que era «agora ou nunca». Aconteceu que o Comité de Ministros non aceptou nin rexeitou o proxecto da Carta, senón que formou unha comisión, integrada maioritariamente por representantes dos gobernos dos Estados membros, para que revisase o texto. Esta comisión chamouse CAHLR (Comisión ad Hoc das Linguas Rexionais) e traballou entre os anos 1989 e 1992. Aquel foi un período emocionante, posto que as novas democracias de Europa Central, como Checoslovaquia, Hungría e Polonia, se foron unindo ao Consello –para min foi unha honra que me invitasen a participar na devandita comisión como delegado observador con voz aínda que sen voto. Para aprobar o texto precisábase unha maioría de dous terzos de votos favorables. Eramos conscientes de que algúns Estados se oporían sen remedio. O dilema que se lles presentaba aos defensores acérrimos da Carta era insistiren para conseguir unha Carta excelente, que seguramente sería rexeitada, ou unha boa que tivese posibilidades de ser aprobada. Optamos pola segunda alternativa. O texto foi finalmente aprobado por vinte e un dos vinte e oito Estados que daquela eran membros do Consello de Europa, e quedou aberta para o seu asinamento o 5 de novembro de 1992. Esta Carta foi o primeiro instrumento xurídico internacional relativo á protección das linguas rexionais e minoritarias. Foi asinada por trinta e tres países europeos, dos que vinte e tres xa a ratificaron.

A Carta ten unha característica pouco habitual: non fala de «minorías» ou de «comunidades lingüísticas», senón de «linguas». Non lles outorga dereitos ás persoas ou a colectivos ningúns. Pola contra, imponlles obrigas aos Estados que a ratifiquen. Os Estados han de remitir informes sobre as medidas adoptadas a intervalos de tres anos e estes teñen que publicarse. Os organismos e asociacións legalmente establecidos nun Estado poden chamar a atención do Comité de Expertos sobre as cuestións relativas aos compromisos adquiridos por este Estado en virtude da parte III da Carta. Os informes son examinados por un Comité de Expertos (COMEX), que logo llos comunica ao Comité de Ministros do Consello de Europa.

En 1995, o Consello de Europa aprobou o convenio marco para a protección das minorías nacionais. Trátase dun documento baseado en dereitos e que estipula numerosos dereitos novos. No artigo 10 declárase o dereito dos membros das minorías nacionais a usaren libremente e sen interferencias a súa lingua minoritaria en privado ou en público, oralmente ou na escrita. Corenta e tres

países asinaron este convenio e trinta e nove xa o ratificaron. Así e todo, o convenio marco presenta dous fallos importantes: non se define o que é unha «minoría nacional» e, por outra banda, o seu mecanismo de seguimento e control resulta moi fráxil. Os Estados que o ratifiquen han de remitir informes periódicos pero, a diferenza do que establece a Carta, non se prevé a posibilidade de que organismos ou entidades competentes na materia presenten reclamacións e tampouco existe comité de expertos ningún que realice inspeccións.

Outro documento importante do Consello de Europa é o Protocolo número 12 ao Convenio Europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais. O seu artigo 1.1 di: «Deberá garantirse o gozo de calquera dereito previsto pola lei sen discriminación ningunha, especialmente por razóns de xénero, raza, cor, *lingua*, relixión, opinións políticas ou outras, orixe nacional ou social, pertenza a unha minoría nacional, fortuna, nacemento ou calquera outra condición».

Vinte países asinaron este protocolo e dezasete xa o ratificaron.

A OSCE E OUTROS ORGANISMOS

O Alto Comisionado para as Minorías Nacionais da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE) conta con grupos de expertos que elaboran paquetes de recomendacións, que están baseadas en instrumentos xurídicos internacionais xa existentes. As dúas máis relevantes, para o propósito deste artigo, son as Recomendacións da Haia relativas aos dereitos educativos das minorías nacionais (1996) e as Recomendacións de Oslo relativas aos dereitos lingüísticos das minorías nacionais (1998).

Outros organismos, como o Comité das Rexións, unha institución comunitaria, e a Asemblea das Rexións de Europa, publicaron diversas recomendacións relacionadas coa diversidade e os dereitos lingüísticos.

Cómpre dicir tamén que distintos países, rexións autónomas e mesmo administracións locais aprobaron importantes leis e normativas en materia lingüística nos últimos trinta anos, tamén aquí, en España.

EUROPA DO LESTE

Na segunda metade do século XX tamén se produciron cambios na situación lingüística de Europa do Leste. Lenin, quen pensaba que a humanidade enteira acabaría por falar a mesma lingua, expresou, con todo, opinións sobre os dereitos das minorías lingüísticas cunha marcada sensibilidade democrática, moi adiantadas á súa época. Afirmou claramente que o poder do Estado debía evitar a represión da diversidade lingüística na comunicación cotiá e na educación. Durante o réxime leninista, comezouse a traballar para proporcionarlles unha forma escrita –basicamente a partir do alfabeto latino– a linguas ata daquela puramente orais: as linguas maternas introducíronse como materias nas escolas e as publicacións nas linguas nacionais aumentaron rapidamente. Ao principio, Stalin tamén se opuxo á idea de que o ruso tivese un *status* especial, polo que, durante o seu réxime, se falou o maior número de linguas non rusas –cómpre ter en conta que Stalin era xeorxiano, non ruso!– nos ámbitos sociais máis diversos⁹.

Malia isto, o avance do nacionalismo estatal marcou a volta ao ruso e a escalada desta lingua para acadar un *status* xurídico. De feito, as linguas que acababan de adquirir unha forma escrita baseada no alfabeto latino cambiáronse ao alfabeto cirílico para facilitar a aprendizaxe do ruso. As linguas nacionais sufriron outros golpes, como a perda de moitos dos seus intelectuais nativos nas purgas, a destrución de tesouros culturais nacionais e o pechamento de institucións culturais.

No tempo de Khrushchev, houbo un cambio radical de rumbo a prol do ruso, a «lingua da comunicación internacional» e da «cooperación de todos os pobos da URSS». O ruso empregouse cada vez máis no ensino primario e na correspondencia oficial. As políticas de Brezhnev supuxeron a continuación e intensificación das precedentes.

Por suposto, os grupos étnicos menores acusados de colaboraren cos invasores alemáns non gozaron de dereito lingüístico ou cultural ningún. No caso dos calmucos, que foron deportados a Siberia desde 1943 ata 1957, a súa lingua entrou nunha forte decadencia durante o exilio, posto que estaban diseminados por unha zona moi extensa e mesturados con outros deportados e pobos nati-

⁹ Véxase Isabelle Kreindler, 1982.

vos. Mesmo tras o seu regreso, o calmuco ensinou-se unicamente en horario extraescolar como materia optativa. No tocante ao checheno, prohibiuse completamente o seu ensino nas escolas chechenas, un feito que, polo visto, os medios de comunicación occidentais non tiveron en conta ao comentar as causas do conflito que existía alí!

Chegou a fin da era comunista e as cousas comezaron a cambiar: amañecía unha nova era de esperanza. Pero o novo día non foi tan solleiro como se pensaba. Na nova constitución da Federación Rusa, promulgada en 1993, o ruso declárase lingua oficial do Estado en todo o seu territorio (artigo 68.1). Todas as repúblicas teñen dereito a implantar a súa lingua oficial para que sexa utilizada xunto co ruso na Administración e nas empresas do Estado (artigo 68.2). O apartado 3 di que a «Federación Rusa lles garante a todos os seus pobos o dereito a conservaren a súa lingua nativa e a crearen as condicións necesarias para o seu estudo e desenvolvemento». Ademais, a constitución establece que os Estados federados serán responsables en certa medida da formación de especialistas naquelas linguas da Federación que non teñan a súa propia Administración pública¹⁰.

Todo moi encomiable no papel! Esta delegación de poderes e funcións resultou positiva nas repúblicas onde a poboación autóctona ou nativa era maioritaria ou, polo menos, constituía unha minoría de dimensións considerables, como son os casos de Tatarstán e Bashkortostán. O problema foi que en moitas das repúblicas a poboación autóctona era minoritaria, mesmo na súa república titular. Por conversas que tiveron con persoas que viviron directamente estas situacións, sei que mesmo no Cáucaso Norte, chamado «a montaña das linguas», algunhas linguas locais están a morrer pola súa perigosamente baixa transmisión interxeracional. Con todo, nalgúns casos conseguíronse verdadeiros progresos, como en Calmuquia, onde se está a aplicar unha política de revitalización lingüística.

Rusia asinou a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias en 2001, pero aínda non a ratificou. O instrumento de ratificación imporíalle ao goberno federal a clara obriga internacional de asegurar polo menos unha defensa mínima das máis de cento vinte linguas rexionais da Federación Rusa.

A maioría dos pobos que abandonaron a Unión Soviética e instauraron Estados soberanos e independentes promoveron políticas sólidas de normalización das lin-

¹⁰ Véxase Lenore Grenoble e Lindsay J. Whaley, 2006.

guas nacionais, sendo exemplos clásicos disto as tres Repúblicas Bálticas. Xeorxia e Moldavia están tamén a esforzarse por promover as súas linguas nacionais, probablemente dun xeito menos organizado e eficaz que Estonia, Letonia e Lituania.

PERSPECTIVAS FUTURAS

Podemos dicir que no último cuarto de século se avanzou moito en Europa no que respecta á protección dos dereitos lingüísticos e á promoción da diversidade lingüística. Tamén se observa que moitos europeos aumentaron a súa competencia nunha segunda ou mesmo nunha terceira lingua. Unha enquisa do Eurobarómetro¹¹, publicada en febreiro de 2006, mostrou que o nivel de competencia bilingüe é razoablemente alto.

QUE LINGUAS FALA O SUFICIENTEMENTE BEN, ADEMAIS DA SÚA MATERNA, COMO PARA PODER MANTER UNHA CONVERSA?

Polo menos unha lingua	56%
Polo menos dúas linguas	28%
Polo menos tres linguas	12%
Ningunha	44%

Con todo, a distribución das linguas é moi desigual. O inglés e o francés son falados por máis persoas que os adquiriron como segunda ou primeira lingua.

Lingua	Lingua materna	Lingua estranxeira	TOTAL
Inglés	13%	38%	51%
Alemán	18%	14%	32%
Francés	12%	14%	26%
Italiano	13%	3%	16%
Castelán	9%	6%	15%
Polaco	9%	1%	10%
Ruso	1 %	6 %	7 %

¹¹ Eurobarómetro 243: «Europeans and Their Languages».

Cómpre recordar que estes datos fan referencia basicamente aos Estados membros da Unión Europea e, sobre todo, que vivimos nun mundo en constante evolución. Os patróns de interacción social parecen estar a cambiar. Nos contornos urbanos as persoas están a relacionarse máis en redes sociais que por proximidade xeográfica. Alguén que vive nun edificio pode que apenas coñeza os veciños do lado, pero interactúa con redes sociais que comparten intereses comúns: profesión, actividades de lecer, etc. Polo tanto, cómpre revisar a escala gradual de interrupción lingüística interxeracional –Graded Intergenerational Disruption Scale (GIDS)– do ámbito «familia e veciñanza» de Fishman. As familias monoparentais son cada vez máis numerosas, o que probablemente suporá que o colexio e mais a televisión, por exemplo, cobren aínda maior importancia na transmisión lingüística.

A lexislación en materia lingüística é importante, pero non permite revitalizar unha lingua por si soa. O único que pode facer é crear as condicións en que pode producirse esa revitalización. O que resulta fundamental é o planeamento lingüístico, especialmente o planeamento ascendente, de abaixo a arriba.

Pero probablemente o factor máis importante de todos é a globalización da sociedade e o enorme crecemento da poboación mundial. Desde 1960, esta aumentou máis do duplo!

Un dos relatorios máis estimulantes que escoitei nos últimos anos foi o que se presentou no congreso de Linguapax de 2002, baixo o título *Language policy in the age of globalisation: intercommunication and diversity from the perspective of complexity*¹², que avogaba por un enfoque global da diversidade lingüística, unha proposta que ten moito sentido. Algúns especialistas, como Crystal (2000), pensan que corremos o gran perigo de perder a metade das linguas vivas do mundo durante o presente século XXI. Coa globalización da economía mundial e a introdución das TIC é imposible separar Europa deste fenómeno. A morte das linguas supón unha ameaza para toda a humanidade.

¹² *A política lingüística na era da globalización: intercomunicación e diversidade desde a perspectiva da complexidade.*

PROPOSTAS

Atreveime a facer algunhas suxestións, ningunha delas moi orixinal ou revolucionaria, pero si realizables:

- Coido que deberíamos traballar no sentido de facer un uso óptimo dos instrumentos xurídicos existentes, e especialmente da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias. Habemos de traballar non só para que máis países asinen e ratifiquen a Carta, senón tamén para alentar os países que xa a ratificaron a que melloren os seus instrumentos de ratificación para que outras linguas rexionais ou minoritarias se beneficien do que ofrece a súa Parte III, ou para que engadan parágrafos antes non aceptados da Carta con respecto a unha lingua ou a todas as linguas rexionais ou minoritarias faladas no seu territorio. Como se pode ver no parágrafo 50 do informe explicativo da Carta, isto é posible. Por outra banda, deberíamos insistir en que se lle ofrezan ao Consello de Europa máis recursos para «supervisar» o cumprimento da Carta e para axudarlles aos Estados membros a venceren as dificultades que supón aplicar políticas lingüísticas sólidas.
- Na súa X Conferencia bianual, celebrada en Galway en 2006, a Academia Internacional de Dereito Lingüístico aprobou por unanimidade unha resolución pola que urxe á UNESCO a preparar un Convenio Internacional sobre a Diversidade Lingüística. Por desgraza, esta idea aínda non se puxo en práctica. Debería dárselle un novo impulso a esta proposta. Non se podería designar un pequeno grupo de países cun historial razoablemente bo no tocante á diversidade lingüística para que presente esta resolución na UNESCO? Na miña opinión, esta proposta estaría totalmente na liña da presentada polo profesor Bastardos hai seis anos.
- Gustaríame tamén poñer de novo en circulación unha proposta que presente por primeira vez nunha conferencia do Consello de Europa realizada en Noordwijkerhout (Países Baixos) en 2001: a creación dun Centro Europeo da Diversidade Lingüística, que podería ser semi-independente ou estar baixo os auspicios do Consello de Europa, como o Centro Europeo das Linguas Modernas de Graz, e servir como centro de intercambio de información para o planeamento lingüístico, para a recompilación de datos e para

o intercambio de coñecementos especializados. Mantería relacións non só co mundo académico, senón tamén cos responsables de elaborar e aplicar as políticas en materia lingüística, sexan de organismos públicos, organizacións internacionais –por exemplo OSCE ou UNESCO– ou ONG. Establecería redes de colaboración con outras universidades, centros de investigación, etc. Os seus servizos estarían ao dispor dos gobernos para axudalos no planeamento lingüístico e nas súas iniciativas de adaptación á diversidade lingüística.

- Parecía que estaba a piques de saír adiante unha proposta semellante cando o Parlamento Europeo aprobou unha resolución presentada por Michl Ebner, deputado do Tirol do Sur, en 2003. Esta resolución incluía unha proposta de creación dunha Axencia Europea da Diversidade Lingüística. Lamentablemente non foi ben recibida pola Comisión Europea e acabou por quedar estancada. Algún goberno rexional consideraría levar adiante esta proposta?
- A irmandade de cidades é unha realidade consolidada en Europa e contribúe a establecer relacións entre pobos de distintas nacionalidades. Permítanme suxerir unha variación desta idea: a irmandade de comunidades con linguas minoritarias de tipo Oeste-Leste, é dicir, de pequenas comunidades lingüísticas de Europa Occidental cunha comunidade do tipo de, por exemplo, a Federación Rusa. Así, os galegos poderían irmandarse cos bashquires, os cataláns cos tátaros, os irlandeses cos calmucos, etc. Custaría moi pouco e o intercambio de coñecementos e o fomento da solidariedade poderían ser moi valiosos. A recentemente creada Rede para a Diversidade Lingüística tería en conta unha proposta como esta?
- Por último, coído que chegou o tempo de que elaborem un texto legal, ou polo menos unha serie de recomendacións, sobre os dereitos lingüísticos das comunidades inmigrantes. Propoño isto sendo moi consciente da complexidade do asunto, non só porque as condicións e distribución xeográfica dos grupos de inmigrantes varían moito, senón tamén porque teñen aspiracións diferentes no que respecta á integración. Por outra banda, non creo que as linguas dos inmigrantes deban de recibir o mesmo tratamento que as autóctonas. Con todo, acaso non é o correcto que se lles dea aos fillos de familias inmigrantes a posibilidade de leren e escribiren nas súas linguas ancestrais e de familiarizárense coas culturas que estas vehiculan?

E unhas palabras finais: os defensores da diversidade lingüística adoitan ser un puñado de persoas algo pesimistas. Eu non son así! Logramos progresos reais e concretos nas últimas tres décadas, hai que recoñecelo. Ademais, agora a diversidade lingüística é politicamente correcta, mesmo *chic*. Estamos no Ano Europeo do Diálogo Intercultural. As Nacións Unidas tamén declararon 2008 Ano Internacional das Linguas, nun esforzo por fomentar a unidade na diversidade e o entendemento a nivel global.

O que quero dicir é que chegou o momento propicio para o pensamento arriscado e creativo e, sobre todo, para a acción.

BIBLIOGRAFÍA

COMISIÓN EUROPEA: *Promoting language learning and diversity*, Bruxelas, 2004.

CRYSTAL, D.: *Language Death*, Cambridge, 2000.

GRENOBLE, L. A. e L. J. WHALEY: *Saving Languages – an introduction to language revitalization*, Cambridge, 2006.

HARRISON, K. D.: *When Languages Die*, Oxford, 2007.

KREINDLER, I.: *The changing status of Russian in the Soviet Union*, A Haia, 1982.

Ó RIAGÁIN, D. (ed.): *Language & Law in Northern Ireland*, Belfast, 2004.

PRICE, A. et al.: *The Diversity Dividend*, Bruxelas, 1997.

VARENNES, F. DE: «Language Rights: Human Rights – the International Experience», en D. Ó RIAGÁIN (ed.): *Language & Law in Northern Ireland*, Belfast, 2004.

WILLIAMS, E.N.: *The Ancien Régime in Europe*, Londres, 1970.

**GALICIA NO ESPAZO
CULTURAL DA LUSOFONÍA**

Relatorio

**GALICIA NO ESPAÇO
CULTURAL E SIMBÓLICO
DA LUSOFONÍA**

Ivo Castro

Universidade de Lisboa

INTRODUCCIÓN XERAL

O portugués, do rexional ao intercontinental

Algunhas linguas imperiais son sedentarias, outras, viandantes. As sedentarias gañaron terreo a través de sucesivas adquisicións de territorios contiguos e ocupan hoxe unha área que pode ser multinacional, pero que coincide co apoxeo do crecemento da potencia imperial. Talvez sexa o alemán, en Europa, o mellor exemplo desta asociación entre solo ininterrompido e lingua con mínimas variacións dialectais. As néboas lingüísticas xermánicas que persisten no sur de Brasil e, quizais, en Namibia son froito de fenómenos migratorios ou coloniais de pouco máis dun século e de escasa expresión numérica.

Entre as linguas viandantes están as que, na fórmula célebre de Nebrija, foron compañeiras dos imperios ultramarinos que se estableceron a partir do Renacemento: o portugués e mais o castelán xa no século XV, o inglés e o francés no XVI. O testamento de Adán, que repartía o Novo Mundo entre as coroas de Portugal e Castela, non se cumpriu con exactitude, xa que entraron na repartición outras potencias europeas que posuían portos marítimos e armadas poderosas. Os Países Baixos formaron parte desa viaxe e desa repartición, pero foron os únicos que non deixaron detrás deles territorios que falasen, de xeito sostible, a súa gutural lingua. Pareceulles máis práctico utilizar, para as relacións coas poboacións, as linguas europeas ou as versións simplificadas e rudimentarias destas *-pidgins-* que xa se atopasen instaladas nestes lugares: está documentado o uso que fixeron de variantes mixtas do portugués en todo o círculo que vai desde o Índico ata as Molucas.

As outras catro potencias europeas, que se apoderaron con maior ou menor firmeza de partes do mundo e as mantiveron como colonias ata que os catro ventos de cambio, na imaxe de Harold Macmillan, as transformaron en Estados

independentes ou en neocolonias, deixaron nelas, en xeral, dous tipos de legado lingüístico –variantes máis ou menos diferenciadas da lingua europea ou linguas mixtas, como *pidgins* e crioulos– en función da intensidade que tivo a ocupación colonizadora en cada lugar. De aí resultaron mapas lingüísticos de escala mundial nos que o inglés, o castelán, o portugués e mais o francés, nesta orde, ocupan espazos descontínuos, diversos lingüística e culturalmente, que disputan entre si zonas de influencia –por exemplo o castelán nos Estados Unidos– e que, no seu seo, é dicir, entre as variantes da mesma lingua que en cada un dos Estados ex-coloniais serven de lingua nacional maioritaria, vehicular ou aglutinadora, establecen relacións de convivencia e de mutuo entendemento non sempre fáciles de levar. A noción de francofonía provén dun proxecto unificador do espazo lingüístico francés cunha vocación tan ordenada e centralizada como os xardíns do palacio de Versalles. Pola contra, a práctica seguida nos países de lingua inglesa foi a do liberalismo económico: a decisión e a última palabra correspóndenlle ao mercado e este apunta no sentido dunha progresiva autonomía das variantes nacionais da lingua, o que leva a concibir o inglés como unha futura familia de linguas e permite que autores como Tom McArthur escriban libros con títulos como *The English Languages* (Cambridge, 1998).

O portugués, como é sabido, flutúa entre os modelos unificador e separador. A esta cuestión dedicareille a parte final da miña exposición. Pero antes tratemos brevemente o modo en que o portugués se construíu como lingua viandante. Evidentemente, o portugués non naceu asemade en todo o enorme conxunto de territorios que ocupa hoxe en día, senón nun pequeno recanto do noroeste da Península Ibérica, mostrando sen dúbida tendencias de expansión cara ao sur. Naceu naquilo que Joseph Piel chamaba a *Galecia Magna*, denominación que abranguíu a actual Galicia, o norte de Portugal e un pouco de Asturias. Non naceu, como pensaban Alexandre Herculano e Leite de Vasconcelos, no centro de Portugal; non é unha lingua que descende do latín dos lusitanos, senón dos galegos. Por iso, é xusto darlle como berce simbólico Santiago de Compostela, aínda que fose máis largo e diferenciado o espazo en que dúas consoantes dentais, [l] e [n], se mostraron particularmente débiles en posición intervocálica e sufriron síncope; ao tratarse de dous sons moi frecuentes, un gran número de vocábulos víronse afectados por esa síncope, que tivo consecuencias colaterais nos encontros vocálicos, na estrutura silábica e nas distincións morfolóxicas.

Estes fenómenos, unidos a outros de base fonolóxica, foron suficientes para condicionar a evolución futura do romance do noroeste peninsular, ao cal contribuíron a distinguir dos romances do centro e do sur da Península Ibérica.

Aínda hoxe é perceptible na paisaxe portuguesa a fronteira entre a *Galecia Magna* e as terras centro-meridionais. Se imos pola estrada de Lisboa cara ao norte, xusto ao pasar Coimbra hai un punto en que comezamos a atopar casas de chan de terra e primeiro andar, coa división do gando embaixo e as persoas vivindo encima. Case de súpeto, a viña pasa a estar pendurada de arcos ou nas pólas das árbores, a «viña de enforcado» que produce o «viño verde» portugués. A carón das casas descubrimos unhas peculiares construcións sobre estacas, para almacenar cereais: son os hórreos, de madeira na Beira Litoral, mais cara ao norte de granito ou, modernamente, de cemento. Cando vemos estes sinais de ocupación humana, decatámonos de que o territorio xa é distinto, máis antigo. Entramos na área de orixe da lingua portuguesa, un territorio que se estende ininterrompidamente desde A Coruña, no extremo setentrional de Galicia, ata o val do río Vouga, paralelo a Aveiro, un territorio cuxa poboación nativa, galega ou portuguesa, fala a lingua que sempre usaron aí os seus devanceiros. Algo do que un lisboeta non se pode compracer. Un lisboeta nativo, descendente de moitas xeracións de habitantes da cidade ou do sur, fala unha lingua autóctona, que foi transplantada da *Galecia Magna*. Exactamente do mesmo xeito en que a lingua falada en Río de Xaneiro ou en Maputo houbo de chegar a estes lugares a través das augas do Atlántico sur e mais do Índico.

O primeiro desprazamento en dirección ao sur foi aquel transplante inicial da lingua do norte, onde se encontran as orixes do Reino de Portugal, cara ao resto do territorio, onde o galego-portugués se superpuxo ao árabe.

O segundo desprazamento, tamén cara ao sur, consistiu nun enorme salto fóra de Europa. Compañeira dos Descubrimentos, a lingua instalouse en illas atlánticas deshabitadas –Madeira, Azores, Cabo Verde, San Tomé, Príncipe, Fernando Pó– e no litoral africano situado fronte a estas. Despois de virar para o leste no extremo sur de África, no cabo chamado Tormentoso, e máis tarde da Esperanza, Portugal instálase en puntos do litoral asiático que lles servían de soporte ás rutas marítimas, facendo o mesmo, despois, no litoral brasileiro. Se ata daquela a lingua nunca perdera de vista o mar, non ocorreu isto en Brasil. Aquí vemos como os portugueses van cara ao interior nos séculos XVI e XVII,

cousa que en África non fixeron ata o XIX, cando houbo unha penetración considerable de colonos portugueses cara ao interior de Angola e Mozambique. Non tiveron tempo de tentar isto no Oriente, onde o dominio militar pasou pronto a mans inglesas e holandesas.

Estes dous movementos sucesivos de desprazamento territorial da lingua portuguesa definiron na súa historia dous ciclos cronolóxicos continuos, separados por unha cesura: o ciclo de «elaboración da lingua»; o galego-portugués trasládase ao sur e transfórmase e convértese na base dunha norma culta de características meridionais que sería considerada lingua nacional; namentres, no norte a lingua medieval tórnase dialectal e conserva ata hoxe características como a africada [tʃ] ou o tratamento de «vós», plural de «ti», igual ao que existía en Roma. O segundo gran ciclo é o da «expansión da lingua»; o período que vai do século XV ata o comezo do XVI é aquel en que a lingua se transfigura máis radicalmente. As transformacións na lingua falada e mesmo tamén na escrita son moitas e simultáneas. Mentres que se reestrutura e consolida dentro, a súa expansión fóra de Europa fai necesario distinguir entre portugués europeo e portugués extraeuropeo.

No europeo, o léxico enriquecese a través do contacto con linguas exóticas, pola importación de cultismos latinos e gregos e pola adopción do castelán como segunda lingua literaria. Convértese no patrón nacional, descrito polos gramáticos do século XVI e seguintes. Os dialectos distribúense segundo un mapa moi semellante ao moderno, cun norte conservador e un centro e sur que comprende as terras reconquistadas, máis uniforme e modernizado. O son do portugués europeo non sufriu, a partir do XVIII, alteracións significativas.

No tocante ao portugués extraeuropeo, cómpre distinguir os dous tipos específicos de actuación lingüística xa mencionados: por unha banda, o transplante directo de dialectos portugueses, con evolucións propias, a vastos territorios como Brasil, Angola, Mozambique e tamén as colonias de emigrantes de Europa e América; pola outra, a fusión con linguas locais, ao longo do litoral africano e asiático, para producir *pidgins* e crioulos, posiblemente cunha matriz única –o protocrioulo portugués–, o que explica as semellanzas entre linguas que nunca estiveron en contacto. Os resultados modernos deste proceso son as situacións lingüísticas de Cabo Verde, Guinea-Bissau, San Tomé e de certas zonas do Índico e Oceanía.

Unha visión sumamente eurocéntrica do portugués, que non defendo pero que subsiste en moitos subconscientes, non pode deixar de recoñecer no espazo internacional da lingua portuguesa tres círculos concéntricos, nos que esta vive en condicións cada vez máis afastadas da variante europea:

O círculo máis próximo é o da emigración, que en realidade comprende unha «emigración de longo percorrido», constituída por comunidades que deixaron Portugal hai moito tempo para marcharen moi lonxe, e cuxas novas xeracións están plenamente integradas na cultura das sociedades en que viven e que contan con coñecementos residuais do portugués, alimentados máis polos estereotipos dos pais e os avós que polo contacto regular e actual con Portugal. Xunto a esta «emigración de longo percorrido» aparece unha «emigración costeira», de carácter menos definitivo posto que se dirixiu a países europeos dos que é fácil volver a Portugal.

O segundo círculo está constituído polas comunidades que falan portugués nos países de descolonización recente. É unha boa nova comprobar que, en países como Angola e Mozambique, a poboación que aprende o portugués como lingua materna está a medrar moi rapidamente, malia que a causa deste fenómeno sexa a concentración, arredor das respectivas capitais, de masas de refuxiados que falan outras linguas e que só poden empregar o portugués como lingua vehicular. En Mozambique, nun período de dezasete anos, é dicir, a vida dun adolescente, a poboación que fala portugués como lingua materna creceu do 1 ao 6%, e a que o fala como segunda lingua pasou do 25 ao 33%, proporcións que talvez sexan aínda máis elevadas na actualidade angolana, ata o de agora menos estudada.

Finalmente, o terceiro círculo é o brasileiro. En Brasil o portugués é a lingua materna universal, con normas propias que non se rexen, hoxe, polo modelo europeo. Brasil compartiu con Portugal os últimos cincocentos anos da lingua común e, en certos aspectos, conservouna mellor que os portugueses: construcións sintácticas que moitos consideran innovacións brasileiras xa estaban no código xenético da lingua medieval e foron abandonadas polos portugueses, pero non polos brasileiros; Camões, ao falar, quizais soase tan brasileiro coma lisboeta. Nos confíns de Mato Grosso aínda se oe a mesma africada [tʃ] que, en Trás-os-Montes, ao principio da palabra «chuva» e do verbo «chamar»; esa antiqüísima consoante xa ocupou o espazo da lingua portuguesa na súa totalidade,

malia que hoxe, como reliquia que é, perdura apenas nas franxas máis remotas e opostas. Todo isto significa que non lle pertence a Portugal o privilexio da historia, como tampouco lles pertence a Brasil ou a África a exclusividade da innovación e da modernidade.

No ano 2000, o portugués era a lingua materna de, polo menos, cento oitenta millóns de persoas repartidas por todos os continentes, e a lingua oficial de sete Estados, aos que se lles engadiu pouco despois Timor-Leste. Por estas razóns, é unha lingua multinacional, vehículo de comunicación entre cidadáns de Estados que a teñen como oficial; e é tamén unha lingua internacional, pois serve de porta de entrada, como segunda lingua, para os falantes nativos doutras.

Esta condición multinacional, unida á dispersión xeográfica, tivo e continúa a ter importantes reflexos na unidade da lingua. As condicións de xeografía, sociedade e comunicación permiten afirmar que no futuro se producirá a fragmentación do seu sistema lingüístico. A construción e normalización das distintas variantes nacionais poderán ser os primeiros pasos neste sentido. Ou mellor dito, poderán ser longas andaduras constituídas por incontables pequenos pasos sen a conciencia de a onde se dirixen.

No nivel das actitudes conscientes, o tema da unidade da lingua motivou, durante o século XX, a aparición de dous modos típicos e claramente distanciados de reacción: unha «pulsión unificadora» e unha «pulsión separadora». A primeira atinxiu o seu cénit co acordo ortográfico luso-brasileiro de 1945, que aspiraba a reunificar, a través dunha ortografía común, as variantes nacionais en todas as súas manifestacións, incluídas as léxicas, sintácticas e fonolóxicas. E proseguiu con novas tentativas ortográficas nos anos oitenta, revelándose hoxe como substrato do concepto de lusofonía e como xustificación de organizacións políticas como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa e o Instituto Internacional da Lingua Portuguesa, cuxas modestas iniciativas apuntan cara ao éxito da «pulsión separadora». Esta, pola súa parte, tivo o seu cénit na recusa brasileira a adherirse ao acordo de 1945, manténdose así o campo dividido entre dous códigos ortográficos: un privativo do Brasil e outro común a Portugal e ás súas antigas colonias. Na actualidade, a «pulsión separadora» destaca entre as preocupacións de moitos lingüistas, non só brasileiros, senón tamén portugueses e africanos, os cales argumentan que a sepa-

ración de placas tectónicas que está en marcha no espazo portugués xa superou a variación entre normas da mesma lingua e se configura como a creación de gramáticas distintas, o que equivale, en linguaxe técnica, a falar de novas linguas.

Este conflito entre pulsións foi explicado de forma exemplar por Eduardo Lourenço en *A Nau de Ícaro*: por un lado, portugueses e brasileiros «nunca formarán un conxunto, no sentido dunha comunidade lingüístico-cultural»; por outro, para uns e para os outros –e tamén para os africanos–, a lingua portuguesa constitúe o «único elo ineludible». Conciliar estas posturas contrapostas parece ser o noso destino e, esperemos, o noso talento.

LUSOFONÍA

Crítica do concepto

A condición internacional da lingua portuguesa vivíuse, ao longo dos tempos, de dous modos típicos e claramente distanciados, que chamarei «pulsión unificadora» e «pulsión separadora». Non se trata de explicar aquí a historia e a crítica destas dúas forzas, reaccións opostas –unha inconformista, outra insaciable– perante o fenómeno constatado da internacionalidade da lingua; limitareime a esbozar a súa caracterización.

A «pulsión unificadora» foi exemplarmente explicada por Manuel de Paiva Boléo (1968, p. 9) no discurso de apertura dun simposio luso-brasileiro celebrado en Coimbra en 1967, cando os parceiros recoñecidos eran aínda portugueses e brasileiros unicamente. Antes dalgunhas tarefas urxentes, como a unificación da nomenclatura gramatical ou o acordo ortográfico, era prioritaria, na opinión do profesor de Coimbra, a tarefa «de se criar nos portugueses e brasileiros uma mentalidade e uma consciência de unidade de língua em que sejam aceites, dentro da norma culta, certas divergências de pronúncia, de léxico e, embora em menor escala, de construção sintáctica, divergências essas que não afectam a mencionada unidade idiomática».

Como é sabido, poderían aliñarse xunto a esta declaración outras de lingüistas brasileiros totalmente concordantes con ela.

A «pulsión separadora», como é natural, ten orixe brasileira e manifestouse especialmente na literatura, desde o Romanticismo ata o Modernismo; na actualidade, é apoiada polas observacións de moitos lingüistas non só brasileiros, senón tamén portugueses e, porque o asunto tamén lles atangue, africanos. Gustaríame engadir que estas dúas pulsións non se consideran provenientes de actitudes nacionais, e moito menos nacionalistas.

A «pulsión unificadora», que constituíu a matriz doutrinaria do acordo ortográfico de 1945, que inspirou as propostas de Boléo en 1967 e que se manifestou de novo no abortado proxecto de acordo ortográfico de 1986 –pero recuou nos seguintes proxectos–, está hoxe plenamente activa a través da idea da lusofonía. Como desexo ser ecuánime, hei de recoñecer que existe unha certa utilidade terminolóxica no substantivo «lusofonía», que vén moi ben cando se pretende designar con brevidade «o grupo dos sete Estados de lingua oficial portuguesa». O termo «países lusófonos» é aínda máis conveniente cando se desexa identificar os países africanos sen recorrer á sigla PALOP, de melindrosa flexión plural, ou á xurídica forma «ex-colonias», con respecto á cal ten vantaxes eufemísticas.

Sería sumamente fácil argumentar que o concepto de lusofonía é neocolonialista. É certo que o seu *hábitat* máis favorable semella ser Portugal, onde aparece constantemente na prensa, nos debates e mesmo nos nomes de entidades públicas: escríbense libros e organízanse coloquios para debater sobre a lusofonía, unha universidade privada chámase Lusófona, etc. O debate de sempre entre Portugal como nación con vocación europea ou como nación con vocación transcontinental tamén axuda, aínda que por motivos contrarios. Tanto os nostáxicos do Imperio coma os europeístas recoñecen as vantaxes de que Portugal manteña unha posición privilexiada no diálogo entre os países do norte e mais do sur. Pero convén non esquecer, xa que os acontecementos son recentes, a implicación e o empeño de políticos e intelectuais brasileiros na invención da lusofonía, promovendo a fundación de institucións concibidas para crear e poñer en circulación esta nova idea, como é o caso do chamado Instituto de S. Luís do Maranhão, da actual CPLP e do frecuentemente mencionado Instituto Internacional da Língua Portuguesa, institucións cuxa evolución obedece a un paradigma de fracaso.

Na súa versión maximalista, non coñezo mellor definición deste concepto que a da socióloga Maria Beatriz Rocha Trindade (1998, p. 43). Para ela, a lusofonía:

...comprende os falantes da lingua, seja ela materna, oficial ou estrangeira; os espaços onde se situam e, por extensión, os eventualmente non lusófonos que os habitem; os países soberanos onde esa lingua é predominante e, bem assim, as comunidades minoritárias que se reclamam do Portugués, ou da correspondente cultura, ou de uma ancestralidade, conhecida ou simplemente provável, que com Portugal esteja relacionada.

Non analizarei o ecumenismo desta concepción de lusofonía. Só me interesa sinalar que está lonxe de ser apoiada universalmente entre os portugueses. Ante todo, é sintomático que un historiador como José Mattoso puidese escribir un libro titulado *A Identidade Nacional* (Lisboa, 1998) sen sentir a necesidade de facer alusión ningunha ao concepto de lusofonía. A drástica forma de reticencia que é o silencio explícase, no caso de Mattoso e de moitos historiadores modernos portugueses, pola visión de Portugal como país europeo cuxa expansión extraeuropea e as consecuencias desta non son factores esenciais para o entendemento da nación. Véxase, se non, o reducido tratamento dos Descubrimentos e da época colonial na obra *História de Portugal*, que Mattoso coordinou.

Hai pouco referinme aos creadores de opinión. Hoxe en día, poucos son máis respectados en Portugal que Eduardo Lourenço (1999, p. 174), que define a lusofonía como:

...esfera de comunicación e comprensión determinada pelo uso da lingua portuguesa com a genealogía que a distingue entre outras línguas românicas e a memória cultural que, consciente ou inconscientemente, a ela se vincula. Nesse sentido, é um continente imaterial disperso pelos vários continentes onde a lingua [dos escritores] se perpetuou esencialmente a *mesma*, para lhe chamarmos ainda portuguesa, e *outra* na modulação que o contacto com novas áreas linguísticas lhe imprimiu ao longo dos séculos.

Esta definición parece subscrita por un lusofonista fervoroso. De feito, non cuestiona o papel da lingua portuguesa como vehículo de comunicación transcontinental, intacta na súa esencia malia as moitas mudanzas locais. O que, na visión de Eduardo Lourenço (1999, p. 136-137), compromete o funcionamento da lusofonía non é o escenario, senón que son os actores que alí se moven. Máis concretamente, son os discursos culturais de cada un dos países sobre os demais o que lle merece páxinas severas e distribuídas equitativamente:

O discurso cultural brasileiro [...] exprime e faz corpo não só com a pulsão grandiosa e mítica que atravessa a actual realidade brasileira e condiciona as suas perspectivas hegemónicas em todos os domínios, mas também com essa rasura, já antiga, da raiz lusitana donde procede. Mas esse discurso, com o seu ressentimento latente [...], não é nada como o discurso português sobre o Brasil, discurso onírico e criador do permanente *quid pro quo* das nossas relações com a famosa cultura brasileira a que chamamos irmã por não ousarmos chamar-lhe filial. O discurso português sobre o Brasil, tal como uma longa tradição retórica e historiográfica recita e reescreve sem cessar, é uma pura alucinação nossa, que o Brasil –pelo menos desde há um século– nem ouve nem entende.

Todo isto, razoa Eduardo Lourenço (1999, p. 159), «forma parte da orde natural das cousas [...], não é un drama, senão un afastamento de feito». Por iso, conclúe que os portugueses e mais os brasileiros «nunca formaremos un conjunto, no sentido de comunidade lingüístico-cultural –nem mesmo acrescentando o contributo dos novos países africanos de expressão portuguesa– capaz de constituir un pólo de influência histórico-política no mundo, como indubitavelmente será o caso dos países de expressão hispânica».

Cando en Brasil, Portugal ou en África respectados intelectuais se pronuncian deste xeito, cómpre preguntármonos que auxilio lle cabe agardar aínda á «pulsión unificadora» dos nosos pobos. Pero eses críticos ofrecen unha resposta sorprendente: cuestionan a lusofonía desde diversos puntos de vista, xeoestratéxicos, culturais, históricos, pero aceptan que esta ten polo menos un fundamento indiscutible; constitúe, nas palabras de Eduardo Lourenço (1999, p. 171), «uma comunidade que tem como único elo incontornável a língua». Isto dálle unha importancia considerable ao que os lingüistas teñan que dicir sobre este asunto.

Galicia na lusofonía

Non me parece que o modelo da francofonía sexa o máis interesante para a situación do portugués, aínda que obviamente a palabra «lusofonía» se calcase de «francofonía». O modelo inglés parece ser o máis interesante porque o que vemos, ollando para a comunidade dos países de lingua oficial portuguesa, é que tamén hai unha polarización entre, por unha banda, Brasil, e, pola outra, Portugal e os países africanos. Por un lado, os países africanos lingüística e cul-

turalmente máis próximos a Portugal, e, polo outro, Brasil. Esta análise implica, unha vez máis, que aceptemos que a lusofonía non é unha entidade homoxénea: ten divisións internas, que pasaremos a expoñer.

A bipolarización entre Portugal e Brasil podería dar para toda unha tarde de conversa, con axustes de contas, queixas, recriminacións: no fondo, é unha historia de amor insatisfeita. Unha historia digna da nosa poesía trobadoresca, na que sempre hai quen está ausente, ou está a ollar cara a fóra, ou a marchar, etc. Con todo, reprimindo a tentación de ir por ese lado e volvendo á situación actual, diría que esta historia está integrada por compoñentes desequilibrados: por un lado, un país como Brasil, que é un país novo, cheo de futuro, con potencial humano e unha riqueza para definir os seus modos de vida futuros sen necesidade de constrinximentos alleos, de quedar atado a alianzas, a restricións vindas de fóra. É un país que, seguindo os ventos da Historia, está a ollar cara ao Pacífico, cara aos Estados Unidos, e é normal que así sexa. É un país que está a seguir en boa medida os modelos estadounidenses e que, se tivese un *boom* económico acompañado dun cambio social considerable que acabe co afastamento entre a elite e a enorme masa desfavorecida, se conseguise resolver isto, será unha gran potencia. E nós, os portugueses, non temos máis que congratulármonos por iso. Pero xa pasou o tempo do «Portugal, meu avoíño». Algúns brasileiros non saben que Portugal existe. E por que habían de sabelo? Por que un descendente de xaponeses ou de italianos que vive nunha zona onde non está en contacto coa colonia portuguesa ha de saber que Portugal existe? Brasil non ten, nin lle é esixible que teña, un coñecemento perfecto, actualizado e desmitificado de Portugal. Portugal, en cambio, talvez teña un maior coñecemento de Brasil, aínda que condicionado por prexuízos. En moitos portugueses hai desdén en relación con Brasil, existe a vella idea de que os brasileiros non falan a nosa lingua como é debido, cando, non está de máis lembralo, desde o punto de vista fonético, as vogais deles son as vogais de Camões. Nós fomos os que cambiamos.

Polo tanto, hai algúns malentendidos entre Brasil e Portugal que haberían de actualizarse, e outros que teríamos que evitar. Toda a cuestión ortográfica debeu de evitarse. Non levou a nada, só a darnos a moitos a oportunidade de dicirmos o que nos vén á cabeza sen pensar, cousas desagradables sobre Brasil. Cando, desde logo, había cousas máis interesantes que Portugal e Brasil podían facer que

un acordo ortográfico problemático. Non se dá creado un Instituto de Terminoloxía luso-brasileiro que garanta que os novos produtos, os novos conceptos técnicos e científicos, reciban a mesma designación no portugués de Portugal e de Brasil. É dicir, que a produción de neoloxismos se faga dun xeito harmonioso e negociado entre os dous países.

Esta cuestión de Brasil *versus* Portugal, esencial para aceptar ou non a existencia dunha homoxeneidade lusófona, resolveríase facilmente a prol da lusofonía se todo o mundo estivese de acordo en que a lingua é a mesma nos dous países. En situacións como estas, é frecuente preguntarlles aos expertos o que opinan. Como é típico dos lingüistas, ou mellor dito, dos especialistas, non concordan entre eles. Hai unha postura moderadamente conservadora, tanto en Brasil como en Portugal, cuxa formulación máis afortunada, por menos apaixonada, é a de Celso Cunha. Esta formulación consta, por exemplo, na *Nova Gramática do Português Contemporâneo*, que escribiu con Lindley Cintra, e en moitas outras obras, especialmente en *Política e Cultura do Idioma*, de 1979. Afirmo que en Portugal e Brasil hai unha soa lingua, un sistema lingüístico cunha forte variación dialectal interna –unha variante propia de Portugal, outra propia de Brasil–, correspondendo a esa variación, en cada un dos Estados, unha variante culta nacional, unha especie de *estándar*. As dúas variantes cultas nacionais, a brasileira e mais a portuguesa, teñen un *status* equivalente, pero non se confunden. Non se manifestan só na oralidade, senón tamén na escrita. Estas variantes nacionais son, por dicilo así, a forma en que as clases cultas, alfabetizadas e educadas se expresan nos dous países, quer en situacións coloquiais, quer na escrita, literaria ou non. A nivel nacional, estas teñen, xa que logo, un papel unificador, porque se manifestan, con maior ou menor intensidade, no discurso de calquera falante culto do país, con independencia de cal sexa o seu dialecto materno. Por outra banda, ambas as dúas encádranse dentro dun único sistema lingüístico portugués que, este si, é común aos dous países. Esta formulación do problema ten a vantaxe de que desbota a idea de que unha variante nacional poida ser superior, máis culta, máis perfecta que a outra. Concretamente, non apoia o presuposto de que un brasileiro falará mellor canto máis se aproxime ao modelo do portugués europeo.

Esta descrición é facilmente extensible a África, co matiz de que neste momento non se observa en país africano ningún unha variante nacional pro-

pia, pero é de esperar que, co tempo, se desenvolva nalgúns países, polo menos, esa variante nacional.

Nesta corrente de pensamento cómpre recordar a contribución de Lindley Cintra, que engadiu outra variante nacional: a galega. Para el, a forma de compatibilizar as relacións do galego moderno co portugués era considerar que o sistema lingüístico é o mesmo e que en Galicia se está a desenvolver unha variante nacional. É certo que tal idea non lles agrada moito aos galegos, uns porque cren que non é suficiente e outros porque consideran que resulta excesivo. Como é sabido, en Galicia existen dúas correntes de opinión en relación coa súa propia lingua: unha é a que considera que o galego é unha lingua románica, autónoma con respecto ao castelán e tamén ao portugués. Outra corrente, moito menos numerosa pero bastante máis vocal, di que o galego moderno, como o medieval, forma parte do sistema do portugués e debe subordinarse á variante culta portuguesa. Nótese que esta proposta é bastante máis integradora que a de Lindley Cintra; os seus defensores son os únicos cidadáns que coñezo que aplican as normas do Novo Acordo Ortográfico, que non aplica ninguén máis. Na miña opinión, é difícil defender o mantemento da unidade entre o galego e o portugués como se ela nunca deixase de existir, xa que hai un feito histórico que non se pode pasar por alto: no século XV a clase dirixente galega, do clero e da nobreza, foi erradicada de Galicia e substituída por xerarquías castelás. Cando Nebrija dicía que «a lingua é a compañeira do Imperio», talvez pensase no Novo Mundo, pero a realidade é que esta máxima se aplicaba tamén ao interior da Península Ibérica, onde o Imperio castelán se estaba a asentar en Galicia e en Cataluña e impoñía a súa lingua como arma imperial. Aínda neste século, pouco antes do franquismo, os nenos galegos que usasen a súa lingua materna nas escolas primarias eran castigados porque «non falaban a lingua do Imperio». O caso do galego, despois desta decapitación medieval, foi por desgraza o dunha lingua que queda reducida a un uso minoritario, só como lingua oral. Quen escribise tiña que facelo en castelán, quen quixese falar no rexistro culto tiña que utilizar o castelán. O galego quedou illado e apenas nos últimos cen anos é que foi rexurdindo, e moi ben, como unha literatura puxante, que nada ten que ver coas solucións portuguesas. Pretender reaproximar o galego e mais o portugués neste momento, á parte das aproximacións lexítimas entre dúas linguas sumamente semellantes, que permiten a intercomunicación oral e

que gozan de contigüidade territorial, pode supoñer camiñar en sentido contrario á Historia. E este non é, ademais, un problema en que os portugueses deban intervir.

Pero volvamos á cuestión das relacións lingüísticas entre Portugal e Brasil. Xa vimos que a opinión dos lingüistas conservadores é que o portugués constitúe un sistema único, con dúas variantes nacionais. Con todo, tanto en Brasil como en Portugal existen grupos importantes de lingüistas que practican disciplinas modernas, como a Sociolingüística e a Lingüística teórica, e que non están de acordo con isto. Pola contra, afirman que entre Portugal e Brasil as diferenzas de estrutura lingüística están tan avanzadas que xa se pode falar de dúas linguas con gramáticas diferentes. E o acento ponse na «Gramática». Neste sentido, se as estruturas gramaticais de base son diferentes, a lingua non é a mesma. Aínda que exista comprensión mutua, para o que abonda con que a fonoloxía e o léxico non sexan moi diferentes, se as estruturas de base están suficientemente distanciadas, daquela a lingua, entendida no sentido que os lingüistas lle dan, non é a mesma. Este distanciamento vén de lonxe. Cando lemos certos manuais escolares de finais do século XVIII, feitos en Brasil, vemos que os mestres se preocupan por corrixir erros que non son máis que marcas constantes da fala brasileira de hoxe. Así e todo, na actualidade, alén das evidentes diferenzas que existen no léxico –xa fixen referencia, por exemplo, á terminoloxía científica e técnica, que está completamente divorciada en ambos os dous países– e das fonolóxicas, nos últimos anos atendeuse moito a aspectos da morfoloxía e da sintaxe. Aí é onde máis afecta, porque aí é que estamos a falar realmente dos alicerces dun sistema lingüístico. Só vou dar dous exemplos. Un deles é ben coñecido por todos. Na lingua portuguesa de Portugal úsanse os pronomes persoais de terceira persoa na forma átona –Eu conheci-o–, mentres que no brasileiro se usa o pronome tónico –Eu conheci ele–. Cuestións como estas son irreversibles. Pero hai outras diferenzas sintácticas, como esta estudada por Inês Duarte e Isabel Faria: un brasileiro culto acepta unha frase como «Esse carro furou o pneu» ou «Esse rádio estragou o ponteiro». Un portugués dirá «O pneu do carro furou-se» ou «O ponteiro do rádio estragou-se». Pois ben, este contraste na aceptación de frases por parte de falantes da variante culta de ambos os dous lados permite que a tipoloxía lingüística clasifique o portugués de Brasil como unha lingua con preeminencia do tópico –«esse rádio» ou «esse pneu» non son os suxeitos da acción,

senón o que é máis importante, o que se denomina un tópico—, mentres que o portugués de Portugal continúa a ser unha lingua con preeminencia do suxeito. Isto é un tipo de diferenza estrutural moi profunda e resulta, evidentemente, irreversible. Non existe escola ningunha que consiga inverter isto.

FORZAS CENTRÍPETAS E CENTRÍFUGAS

Non sorprende a conclusión á que chega Nicholas Ostler nun libro publicado recentemente (2006, p. 315): a importancia actual da lingua portuguesa, a escala mundial, débese máis ao desenvolvemento económico e demográfico de Brasil que á expansión portuguesa. O que lle formula un dilema interesante a Portugal: apostar pola unidade dunha lingua impulsada a partir de Brasil ou preservar a súa autonomía e especificidade nun marco de desintegración do sistema lingüístico.

Están en movemento, hai bastante tempo, forzas que buscan, máis ou menos conscientemente, promover unha ou outra das alternativas que este dilema ofrece. Como dixemos antes, poden identificarse, a través de manifestacións de variada natureza, dous modos típicos e claramente distanciados de reacción: unha «pulsión unificadora» e unha «pulsión separadora», que se enfrontan no espazo da lingua portuguesa.

Portugal

Polémica ortográfica e xenofobia.

Brasil

Ensimesmamento da opinión pública. Nacionalismo e antieuropeísmo nas posturas dos lingüistas.

África

Mozambique é o país africano cuxa situación lingüística é mellor coñecida grazas ás estatísticas nacionais e ao seguimento de lingüistas. No tocante ao xogo

entre forzas centrípetas e centrífugas, Mozambique ofrece evidencias interesantes en ambos os dous sentidos, polo que parece que o problema de resolución máis urxente é a falta dunha norma culta (*O Português de Mozambique, esbozo*, Newsletter Instituto Camões, número 123, 12 de marzo de 2008, Suplemento do *JL* número 977, ano XXVIII).

No ano 2008 deberían obterse os datos preliminares sobre o panorama da evolución da difusión da lingua portuguesa en Mozambique, de acordo cos resultados do III Censo Xeral da Poboación e das Vivendas, realizado entre o 1 e o 15 de agosto de 2007, dez anos despois de que o II Censo mostrase un avance significativo na difusión do portugués naquel país da costa oriental de África.

Desde 1980, ano do I Censo, ata 1997, o número de falantes de lingua portuguesa pasou do 25 ao 39%, nun país que estivo en guerra entre 1977 e 1992, cando neste último ano foi asinado o Acordo de Paz de Roma entre o goberno do Partido Frelimo e o movemento guerrilleiro da Renamo.

En 1980, a porcentaxe dos que tiñan o portugués como lingua materna non superaba o 1,2%. Pasados dezasete anos, xa representaban o 6% da poboación.

No momento da independencia, en 1975, os falantes de portugués non chegaban ao 10% da poboación mozambicana, porcentaxe que subiría exponencialmente coas políticas de escolarización exclusiva en portugués e de alfabetización, que tiveron un gran dinamismo nos primeiros anos de vida do novo Estado.

Esta política foi o resultado da decisión de converter en constitucionalmente oficial a lingua portuguesa, «dada a historia do seu uso en Mozambique, o tipo de diversidade lingüística predominante no país, as premisas ideolóxicas relacionadas co tipo de sociedade concibida para o país», segundo Gregório Firmino, profesor da Universidade Eduardo Mondlane (UEM) e autor do estudo de referencia do INE mozambicano sobre os datos do censo de 1997, titulado *Situação Linguística de Moçambique* (2000).

A lingua materna da esmagadora maioría da poboación é do grupo *bantú* (93%), pero esta pertenza común non impide que aos mozambicanos lles resulte tan difícil entenderse entre si nas linguas nacionais como aos falantes do grupo de linguas indoeuropeas ás que pertence o portugués.

Este é un país que, segundo Armando Jorge Lopes, actual director da Facultade de Letras e Ciencias Sociais da UEM, presenta unha «gran diversidade lin-

güística» porque menos do 50% da poboación fala a mesma lingua, unha situación que se dá en vinte e cinco dos cincuenta e oito países africanos. O censo de 1997 mostra que as cinco linguas nacionais usadas con máis frecuencia –emakhuwa, xichangana, elomwe, cisená e echuwabo– representan o 58% da poboación, e as dúas primeiras apenas superaban o 10%. Engade que varias linguas nacionais de Mozambique teñen importantes comunidades de falantes en países limítrofes, agás a principal delas, o emakhuwa, falado na metade norte do país.

Esta situación fixo necesaria a adopción do portugués, xa extensamente usado entre as elites dirixentes independentistas, como lingua franca oficial e de «unidade nacional». A lingua portuguesa foi considerada polo Estado mozambicano como un instrumento para favorecer o proceso de unidade nacional, creando unha identidade mozambicana.

Cabería esperar que este proceso «mozambicanase» a lingua oficial, como se indica nun documento gubernamental sobre a política lingüística, de 1983, no que se defendía a «mozambicanización» do portugués falado en Mozambique «na súa estrutura, no seu léxico, na súa pronuncia, no seu ritmo, na súa musicalidade».

Con todo, segundo sinala Perpétua Gonçalves, profesora da UEM, cando a «nativización» do portugués foi alén da innovación léxica e da pronuncia «africanizada» para entrar nas frecuentes innovacións gramaticais, as elites, que tiñan en mente o modelo brasileiro, reaccionaron mal e rexeitáronas como «ilexítimas».

Paradoxalmente, o que disto resultou, segundo a docente da UEM, non foi o orgullo de falar un portugués diferente, mozambicano –algúns innovacións léxicas xa se perderon–, «senón unha vontade de “falar ben” o portugués, isto é, unha vontade de alcanzar unha converxencia coas regras do portugués europeo».

Os cambios máis significativos producidos no portugués de Mozambique «proveñen “naturalmente” da adquisición do portugués como lingua non materna, nun contexto en que os aprendices non teñen, en xeral, acceso á norma nativa europea, considerada o obxectivo, nin no seu contorno nin a través da instrución formal».

Un estudo realizado en 1999 sobre o discurso oral dos residentes en Maputo demostrou que «o 90% das desviacións [con respecto á norma europea do portugués] están relacionadas coa gramática, en contraste coas innovacións léxicas, que apenas representaban o 10%», segundo Perpétua Gonçalves.

Considerando que a meirande parte dos falantes de portugués non domina a norma europea, o que causa problemas na educación, estudosos e investigadores teñen debatido sobre a adopción dunha «norma mozambicana» para a lingua portuguesa, «baseada no discurso das persoas instruídas». O que acontece é que esta opción tamén formula problemas específicos, como indica Perpétua Gonçalves, porque a variante culta está moi lonxe de estabilizarse.

Novo, urbano e falante do portugués

O perfil do falante tipo da lingua portuguesa en Mozambique é un home novo que vive no medio urbano. Isto é así tanto para a reducida minoría que ten o portugués como lingua materna como para os que o teñen como segunda lingua –o 33% da poboación.

O 90% dos que teñen o portugués como lingua materna viven en centros urbanos. No medio rural «hai pouca motivación e poucas situacións nas que sexa necesario usar o portugués, por iso o número de falantes diminúe considerablemente», opina Perpétua Gonçalves.

Efectivamente, «o predominio do número de falantes de portugués nas cidades débese sobre todo a factores socioeconómicos, como o feito de que o coñecemento desta lingua sexa un requisito para acceder ao emprego», sostén a profesora.

Respecto aos que teñen o portugués como lingua materna, o censo de 1997 indica que a «maior proporción [...] sitúase no grupo de idade dos dez aos vinte anos, o 9%», sinala o profesor Gregório Firmino.

Para Perpétua Gonçalves, o feito de que a porcentaxe de falantes que teñen o portugués como lingua materna se concentre nos grupos con idades de menos de trinta e cinco anos débese á data da independencia nacional, que constitúe «un marco importante na promoción social e consecuente prestixio desta lingua en Mozambique».

Entre as persoas de cincuenta ou máis anos censadas, «o coñecemento da lingua portuguesa é proporcionalmente insignificante», malia que este grupo de idade está composto por persoas que viviron máis tempo baixo o réxime colonial portugués.

É dicir, o Mozambique independente, ao facer da lingua portuguesa a «lingua oficial» do país, fixo máis –grazas ao seu uso obrigatorio na Administración

e á política de escolarización masiva— pola súa difusión que o precedente goberno colonial portugués.

A ortografía como símbolo

A ortografía sempre foi o instrumento preferido na loita entre estas pulsións antagónicas. É comprensible: as convencións ortográficas obedecen máis ao lexislador e ao normalizador que aos feitos en si dunha lingua á deriva. Nas sociedades preocupadas pola alfabetización masiva, a ortografía é un requisito indispensable da escolarización. Nunha cultura en que a lingua escrita predomine sobre a falada, a ortografía é un privilexio de autoridade.

Así, acontece que a «pulsión unificadora» do portugués atinxiu o seu cénit co asinamento do Acordo Ortográfico luso-brasileiro de 1945, que aspiraba a reunificar, a través dunha ortografía común, as variantes nacionais en todas as súas manifestacións, incluídas as léxicas, sintácticas e fonolóxicas. Se lembramos que daquela tanto Brasil coma Portugal vivían baixo ditaduras, teremos menos dificultades para comprender o voluntarismo do tan irrealizable proxecto. Do mesmo xeito, o cénit da «pulsión separadora» alcanzouse coa recusa brasileira a adherirse ao devandito Acordo de 1945 tras un debate interno de gran vivacidade, como sempre acontece no eido ortográfico. Polo tanto, Brasil mantivo a súa ortografía propia, normativizada en 1943, mentres que Portugal e as colonias, hoxe Estados independentes, adoptaban a nova ortografía. Esta división do espazo da lingua portuguesa entre dous códigos ortográficos mantense vixente ata hoxe, pero está lonxe de ser unha novidade creada en 1945. O certo é que os desentendementos entre Portugal e Brasil por mor da ortografía tiñan, xa daquela, unha historia bastante longa e que merece contarse só resumidamente (Castro *et al.*, 1987).

Na segunda metade do século XIX xurdiron en Portugal as primeiras propostas de reforma ortográfica, dirixidas a substituír diversas solucións etimolóxicas por unha escrita simplificada e de representación fónica. O pioneiro foi J. Barboza Leão, pero os principais adeptos da ortografía fónica foron Carolina Michaëlis de Vasconcelos, que a usou na súa edición do *Cancioneiro da Ajuda* (Halle, 1904), e A. R. Gonçalves Viana, que tamén ese ano publicou *Ortografia Nacional. Simplificação e Unificação Sistemática das Orto-*

grafías Portuguesas. A Academia non apoiou estas iniciativas particulares. Pola súa parte, a Academia Brasileira de Letras aprobou en 1907 unha ortografía que difire nalgúns puntos da de Gonçalves Viana. Instaurada a República en Portugal en 1910, o goberno encomendoulle a unha comisión de filólogos –non á Academia– a elaboración dunha ortografía, que acabou por ser unha versión atenuada das propostas de Gonçalves Viana, relator da comisión, conservando grafías xustificadas pola etimoloxía e polo seu uso xunto ás foneticamente motivadas. Unha vez aprobada como ortografía oficial en 1911, esta causou descontento en Brasil por tratarse dunha iniciativa unilateral. Iníciase daquela unha longa serie de encontros e desencontros das dúas academias, que en 1931 chegaron a un acordo que admitiu a posibilidade de que, en certos casos, existisen grafías distintas en ambos os dous países, pero este acordo non se aplicou moito tempo en ningún deles. Os dous gobernos asinan un Convenio Ortográfico en 1943, que ratifica o acordo de 1931. En 1945 celébrase unha Conferencia Interacadémica que aproba un acordo novo e diferente. Este é o acordo adoptado en Portugal ata o de agora, mentres que Brasil o rexeita por ser demasiado lusitanizante, manténdose fiel ao de 1943. Logo veu un longo intervalo, só interrompido en 1971 por un acordo mínimo sobre acentuación, que Portugal cumpriu e Brasil non. A entrada en escena en 1975 dos novos países de lingua oficial portuguesa, despois da descolonización, non alterou o estado das cousas, xa que en todos estes países se mantivo o uso da ortografía de 1945, común a Portugal. En 1985 reúnense de novo as dúas academias, agora con representantes dos demais países, e aproban unha ortografía marcadamente unificadora, moi innovadora e con algunhas deficiencias técnicas, que a opinión pública rexeitou clamorosamente en Portugal por «abrasileirada». A continuación viñeron dúas novas versións, a última delas aprobada en 1990 polas academias e polos gobernos. Corrixidas as imperfeccións e abandonadas as pretensións unificadoras, esta versión baséase nun principio de flexibilidade que establece grafías duplas para os casos de irreversible diverxencia morfofonolóxica. Este principio, proxectado a un futuro caracterizado pola existencia de tres ou catro variantes nacionais, non poderá deixar de admitir unha multiplicidade de grafías, mesmo rexionais, e permite preguntar que papel terá o prefixo «orto» nas grafías autorizadas.

As principais innovacións do acordo de 1990 déronse en catro ámbitos:

- Consoantes mudas: consérvanse cando se pronuncian en todo o ámbito xeográfico da lingua portuguesa, como en «ficção», «pacto», «adepto», «núpcias»; e suprímense cando non se pronuncian en ningunha das normas cultas, como en «ação», «afetivo», «direção», «adoção», «ótimo»; teñen dupla grafía nos casos de pronuncia dupla, como «facto» ou «receção», en Portugal, fronte a «fato» e «recepção», en Brasil.
- Acentuación gráfica: teñen dupla grafía as vogais seguidas de «m» e de «n», nas proparoxítonas e paroxítonas, como «cómodo», «efémero», «fenómeno», «génio» ou «ténis», en Portugal, fronte a «cômodo», «efêmero», «fenômeno», «gênio» ou «tênis», en Brasil, así como as vogais finais nas oxítonas, como «bebé» ou «cocó», en Portugal, fronte a «bebê» ou «cocô», en Brasil.
- Uso do trazo: redúcese entre un prefixo rematado en vogal e unha palabra que comeza por «r» ou «s», e o trazo é substituído pola duplicación da consoante, como en «contrarregra» ou «infrassom»; e deixa de usarse na flexión de «há de» e «hão de».
- Alfabeto: pasa a incluír tres novas letras: «k», «w» e «y».

Esta ortografía de 1990, malia ser aprobada por todos os países, non foi aplicada en ningún deles. Moi recentemente, Brasil manifestou o seu desexo de resucitala co apoio de Cabo Verde. Abandonouse o requisito anterior, e absolutamente lóxico, de que a entrada en vigor dunha ortografía con vocación de «única» había de ser aprobada unanimemente polos países de lingua portuguesa; agora abonda coa sinatura de tres países. En 2007, o goberno portugués prepárase para converterse no terceiro país signatario. Con todo, consciente de que o resultado non sería a aplicación dunha ortografía única para o portugués, senón o mantemento de dúas –Brasil, Portugal e Cabo Verde por unha banda, e os demais países pola outra–, está prevista unha moratoria de dez anos antes da entrada en vigor definitiva da nova ortografía. Moitas cousas poden cambiar durante este tempo, entre elas os gobernos actuais.

A situación actual (de marzo a maio de 2008)

Aprobación por parte de Portugal do acordo de 1990. Relacións con Brasil e África. Reaccións isolacionistas. Perspectivas de aplicación do acordo: oficialización de subnormas diverxentes, abandono das esperanzas reunificadoras.

RESPOSTAS LINGÜÍSTICAS

Portugués europeo/portugués brasileiro (2000)

E que din os lingüistas sobre a unidade da lingua portuguesa? Como no poema de Pessoa —que, non o esquezamos, era lingüista de fin de semana—, prefiren crer na variedade da lingua portuguesa. Ademais, os considerables avances que a lingüística do portugués experimentou nas últimas décadas serviron para enraizar a convicción de que existen divisións suficientes nas estruturas gramaticais entre o portugués de Portugal e o de Brasil para que se poida falar de «gramáticas ou linguas internas» diferentes, na terminoloxía de Charlotte Galves (1998). Esta constatación, derivada principalmente da análise da sintaxe, non é máis que corroborada polas análises levadas a cabo a outros niveis, como o fonolóxico ou o léxico. E o historiador da lingua non atopa motivos para que a lingua portuguesa, repartida por territorios descontinuos habitados por sociedades illadas unhas das outras, escape a unha fragmentación que nin o latín puido evitar nas terras chás europeas.

Robert Burchfield dixo que, de aquí a un século, as linguas de Inglaterra e dos Estados Unidos serán tan diferentes entre si como o italiano e o francés o son hoxe en día¹. Vindo do autor do Suplemento (1972-1987) do *Oxford English Dictionary*, que serve de columna vertebral da lingua inglesa, isto paréceme unha esaxeración. Pero esta idea non quedou solteira: non se dubidou en editar o propio *OED* en versións especiais para o inglés canadense ou para o australiano. E Tom McArthur acaba de dedicarlle un libro titulado *The English Languages* a ese «complexo chamado inglés [que] é enormemente diverso —pro-

¹ Citado por Randolph Quirk, 1985, p. 3.

bablemente máis que calquera outra lingua o foi xamais— e que vai camiño de selo aínda máis no vindeiro século», o que suscita a cuestión de saber se o inglés pode considerarse unha familia de linguas, á imaxe das linguas románicas². O pragmatismo anglosaxón é envexable: no canto de causas perdidas, como a lusofonía, ou de pesimismo ante a morte anunciada de linguas, transforman en obxecto de estudo científico, e en produto de exportación, o comportamento inelutable da súa lingua no espazo e no tempo.

Coido que é co inglés co que máis paga a pena comparar a situación do portugués. En ambos os dous casos, a antiga metrópole ten un peso mundial moi inferior ao da antiga colonia americana e non é entendida por esta como un modelo; alén disto, o *estándar* lingüístico europeo de ambas as dúas linguas está singularmente desprovisto de mecanismos que aseguren a súa aceptación do outro lado do Atlántico. O inglés británico confíalle ao dicionario Oxford a función normativa en materia léxica e ortográfica, á BBC a pronuncia e ás escolas públicas, transmisoras da tradición do século XVII³, todo o demais. O portugués europeo ten unha ortografía oficial, que desde 1911 tenta compartir sen éxito con Brasil, pero non dispón dun dicionario nin dunha pronuncia «acollida». Inglaterra non ten unha Academia; Portugal si, pero como se non a tivese; polo que en ambos os dous países lles corresponde ás universidades estudar a lingua e preocuparse polo seu comportamento.

A relación de Francia coas súas ex-colonias é moi distinta, xa que ningunha destas ten unha dimensión suficiente como para liberarse da rede da francofonía, que é, de feito, un instrumento do predominio francés. A codificación da lingua é forte e levada a cabo por institucións antigas e centralizadoras. A probabilidade de que abrochen varias «linguas francesas» polo mundo adiante é tan escasa como a de que o éuscaro, o bretón e o provenzal cheguen a obter en Francia un *status* de autonomía comparable ao das linguas nacionais en España. No tocante a este país, a Real Academia Española, cos seus exemplares dicionario, gramática e ortografía, apoiada nos tempos modernos polo Instituto Cervantes,

² «...the complex called English' is immensely diverse –probably more diverse than any single language has ever been– and is likely to become even more so in the next century. This book [...] addresses the question of whether or not English can be considered a family of languages in its own right, like the Romance languages» (McArthur, 1998).

³ Véxase Hock e Joseph, 1996, p. 197-202.

soubo manter un papel influente no desenvolvemento mundial da lingua española. Queda por ver se o crecemento exponencial do español nos Estados Unidos escapará a esta influencia.

Como resultado destes modelos diferentes de relacións dentro dun mesmo complexo lingüístico internacional, as normas europeas son máis respectadas nos países non europeos onde a lingua oficial é a francesa ou a española que nos de lingua oficial inglesa ou portuguesa. Isto quere dicir que no complexo portugués, ao igual que no inglés, as «pulsións separadoras» teñen máis posibilidades de dar como resultado produtos lingüísticos que, se cadra non dentro dun século pero si seguramente antes da celebración dos mil anos de Brasil –ou dos cincocentos de Angola e Mozambique–, sexan considerados, dentro e fóra, como linguas autónomas, emparentadas xeneticamente, que permiten unha intercomprensión razoable, pero que pertencen a sociedades que só se relacionarán a través da cultura dos medios de comunicación; linguas baseadas en gramáticas distintas e coa súa variedade interna organizada arredor de normas *estándar* propias⁴, as cales lles serven tamén de cara externa.

Algúns dirán que este non é o futuro da lingua portuguesa, senón o seu presente. Só queda saber o tempo en que se desenvolverá un proceso cuxos resultados finais son seguros. Convén ter presente, con todo, que para recoñecer o xurdimiento dunha nova lingua non abonda con que a súa estrutura gramatical sufrise distanciamentos tipolóxicos radicais pero só observables con microscopio, nin abonda con que os membros dunha sociedade crean que a súa lingua é única: algunhas tribos norteamericanas reservaban para si a categoría de seres humanos; algúns brasileiros, coméntanme, non saben que se fala portugués fóra de Brasil; en calquera aldea de Trás-os-Montes explicarannos que os pobos veciños non saben falar ben o portugués. Unha nova lingua precisa tanto de auto-recoñecemento como dun comparativismo empírico que lle asegure o recoñecemento externo. Pode que os modernos fluxos de información permitan que esa concienciación se produza moi rapidamente, sen as habituais demoras de xera-

⁴ Cando falo de *estándar* refírome, evidentemente, a unha norma escrita e oral común, resultado da emerxencia de dialectos –por exemplo de Londres, París, Toledo ou Lisboa–, de coínés –como o grego alexandrino ou o suahili– ou de linguas literarias –caso do alemán e do italiano– (Hock e Joseph, 1996, p. 331). O termo «norma culta» talvez non se adecúe á realidade das sociedades modernas, a non ser que se acepte un concepto de cultura con predominio da grafía e do analfabetismo.

cións ou séculos. Temo, incluso, que cambios súbitos da actitude colectiva estean ao alcance duns poucos políticos, televisións, famosos, algún intelectual moi influente, grupos de presión ben pensantes e outros guerrilleiros mediáticos. Tendo en conta esta enorme inestabilidade, o papel orientador dos lingüistas pode ser decisivo.

Vexamos, nun breve repaso historiográfico, cal é a postura dos lingüistas con respecto a este problema. A lingüística portuguesa e brasileira das últimas décadas tivo dificultades para recoñecer na lingua común aquela unidade que Paiva Boléo defendía, e mesmo se recoñecía implicitamente que non existía. Celso Cunha inspirouse en categorías de Coseriu para describir o portugués como un sistema lingüístico unitario que albergaba dúas variantes nacionais consideradas como normas cultas (Cunha, 1981, p. 15-18). Lindley Cintra engadiu unha terceira variante nacional en proceso de formación, o galego, corrixindo así posturas anteriores nas que este se adoitaba considerar como un simple grupo de dialectos do portugués⁵. E estes dous lingüistas uníronse para abrirlle as portas da súa gramática normativa á lingua dos escritores africanos, o que apunta na dirección de variantes nacionais por definir. En todo caso, o modelo de Cunha e Cintra, polo seu recoñecemento dunha unidade superior do idioma, inscribíase no paradigma unificador; ambos os dous asistiron ao inicio da lusofonía e parece que isto non lles desagradou.

Coido que, se coñecesen as ideas de Žarko Muljačić sobre a formación de linguas por distanciamento (*Abstandsprache*) e por elaboración (*Ausbausprache*)⁶, que no noso contorno se comezaron a divulgar a través da bibliografía galega⁷, tanto Celso Cunha como Lindley Cintra as adoptarían sen maiores reservas, pasando así dunha actitude unificadora a unha separatista. De feito, aquelas ideas permiten ter unha visión cómoda do portugués como un diasistema que comezou por ser unha lingua distanciada do leonés e do castelán, os seus veciños no marco ibero-románico primitivo, e que probablemente non pasaría de ser iso se quedase confinada ao espazo europeo. En épocas e lugares diversos, ese diasistema desenvolveu *estándares* variados a través de procesos de elaboración

⁵ «Au-dessus des dialectes galiciens on reconnaît une “norme”, encore en voie de fixation, norme qui, comme la brésilienne, s'éloigne de la portugaise sous plusieurs aspects» (Lindley Cintra, 1983, p. 211).

⁶ Por exemplo, Žarko Muljačić, 1988, p. 286-305.

⁷ Por exemplo, Francisco Fernández Rei, 1988, p. 79-107.

como a xerarquización de dialectos arredor dun que sobresaie por motivos non lingüísticos, a adherencia a unha lingua literaria e a unha sede de poder, a «xenofobia dirixida»⁸, que pecha o *estándar* a algúns contactos e o mantén aberto a outros, etc.

Un *estándar* formado deste xeito constitúe unha lingua por elaboración. A primeira delas formouse nos arredores de Lisboa e dos dialectos meridionais a partir da crise lingüística do portugués medio, no século XV; dirixiuse contra o portugués antigo de raíz galega e miñota, serviu de instrumento para a literatura portuguesa –incluída a colonial– durante o período clásico, e tamén de metalinguaxe para a descrición e normativización do portugués, iniciada no Renacemento, e é hoxe aquilo que chamamos portugués europeo.

A segunda lingua por elaboración desenvolveuse en Brasil a partir do dialecto de Río de Xaneiro, a única cidade colonial que foi, fugazmente, capital dun Imperio europeo. A cronoloxía, as fontes de contacto e os contornos desa elaboración constitúen, se non me engano, unha das grandes ocupacións da actual lingüística do portugués. Non corro o risco de errar se dixese que consiste na elaboración dun *estándar* brasileiro que, máis ou menos conscientemente, se define por contraste co europeo. Dado que as linguas por elaboración poden pasar a ser linguas por distanciamento cando se producen rupturas de comunicación dentro do diasistema e cando se perde a conciencia de que as semellanzas son máis importantes que as diferenzas, existe a posibilidade de que o portugués brasileiro veña a ser, ou xa sexa, unha *Abstandsprache*. Pero atención: se as varias linguas portuguesas de elaboración se convertesen en linguas distanciadas, cesará a súa condición de internacionais. Así, por exemplo, Brasil tería unha gran lingua de consumo interno: unha lingua nacional falada por millóns e millóns de persoas, todas brasileiras, ao igual que o mandarín, que é falado por miles de millóns de persoas, todas chinesas. Non creo, con todo, que este escenario estea próximo: as actuais condicións sociais e culturais non son as apropiadas para isto, como tampouco as fragmentacións tipolóxicas da lingua interna saíron das paredes do laboratorio. Trátase, de calquera xeito, dunha situación sen parangón no ámbito románico e acompañala atentamente terá un enorme interese metodolóxico e conceptual.

⁸ Žarko Muljačić, 1999, p. 19.

Con respecto ao proceso de elaboración do portugués brasileiro contarei unha breve anécdota. Hai meses, para unha homenaxe á profesora Cleonice Berardinelli, tiven que analizar a lingua dos seus escritos; a miña intención era atopar pegadas da norma culta brasileira saídas das mans dunha grande especialista da literatura portuguesa. A medida que avanzaba nas miñas indagacións, hei de confesar que só atopaba marcas de lusitanidade no seu léxico e no seu estilo: por exemplo, abundaban os pronomes átonos, cunha frecuencia e colocación propias do portugués europeo. Cando cheguei a algúns textos de relatorios presentados en Brasil, e que foron publicados sen revisión dela, foi cando atopei casos de posposición como «Brás também se admira de ouvi-lo» ou «que, por fim, mostraram-se eficientes», casos reveladores de que a lingua escrita de Berardinelli ten dúas normas, unha para o consumo oral nacional e outra para a lectura universal. Temos que chamarlles a ambas as dúas norma culta, pero a segunda é sen dúbida a norma culta do portugués europeo, que Cleonice cultiva como poucos; a primeira, obtida «sen revisións», é a que lle correspondería máis propiamente á norma culta do portugués brasileiro. Esta lingua de escritores é o mesmo que o *estándar* brasileiro? Non debería buscarse este a outras altitudes diastráticas, se cadra máis próximas á terra?

A terceira lingua por elaboración é o galego, que sente a necesidade de definirse fronte ao castelán –do que xa era unha *Abstandsprache*– e ao portugués, a cuxo diasistema pertence, como evidencia o *continuum* dialectal que vai da Coruña a Faro. A esperanza reintegracionista é a versión galega da lusofonía e terá o mesmo destino que esta. Ao tratarse dun proceso dos nosos días, a elaboración galega é na que os lingüistas desempeñan un papel máis importante, quer no seu acompañamento e descrición, quer no planeamento; a isto contribúe tamén o feito de que en Galicia existe un amplo consenso entre os lingüistas, e entre estes e as institucións, no tocante aos problemas e ás súas solucións.

A cuarta lingua por elaboración é, con toda probabilidade, o portugués mozambicano, que tamén conta xa cun puñado de valentes lingüistas á espreita, e a lóxica impón que tamén acabe por haber un portugués angolano. Pero teremos que agardar para ver se isto acontece.

Resultaría difícil compatibilizar co modelo de Celso Cunha e Lindley Cintra a chegada das lingüísticas teórica e dialectal, as cales, en Brasil, converxeron rapidamente no que respecta á identificación das características privativas brasileiras

da lingua, con resultados moi relevantes que hoxe estamos en condicións de valorar. A chegada da lingüística moderna a Portugal foi diferente: a gramática xenerativa entrou pola fonoloxía, mentres que a sociolingüística nunca chegou a implantarse. Por isto, os primeiros embates déronse en solo brasileiro e, a causa disto e do programa, pode que asumisen algún cariz de querela de lingüística nova *versus* lingüística vella, e non sei se de lingüística brasileira *versus* lingüística portuguesa. Son deliberadamente impreciso ao referirme a este período do pasado recente, non por diplomacia⁹, senón porque considero que este merece un tratamento historiográfico completo, independente e informado, que non estou en condicións de tentar. Sería ideal un tratamento segundo o modelo da historiografía da lingüística proposto por E. F. K. Koerner, que incorpora na análise da produción científica dunha época a propia materia da investigación, os compromisos e supostos metodolóxicos, teóricos e ideolóxicos dos científicos, as tendencias multidisciplinares dominantes e, de forma xeral, o «clima de opinión» da época (Koerner, 1995, p. 7-16).

A dispersión do portugués en varias linguas non precisa ser acompañada polo divorcio dos seus lingüistas. Pola contra, ese «portugués plurilingüe» reclama unha cada vez maior consonancia e colaboración entre os científicos dos diversos países e, como é natural aínda que non automático, o mantemento do portugués como metalingua da súa actividade. Por iso, unha historiografía contextualizadora pode ser moi útil para que se entenda non só o que din os lingüistas, senón tamén o motivo polo que o din.

Non é certo que aquilo que vemos é o que vemos no sitio onde estamos? Un bo exemplo disto témolo en como o espazo portugués é considerado polos xeógrafos e os dialectólogos (Mattoso, 1998, p. 45-46). O xeógrafo Amorim Girão elaborou un mapa de Portugal con tres grandes rexións: Norte, Centro e Sur. O seu colega Orlando Ribeiro distinguiu tres Portugais, un do Norte interior, un do Norte atlántico e un do Sur mediterráneo, o que dá como resultado un Norte e un Sur. Paiva Boléo distribuía os dialectos portugueses en tres grandes áreas,

⁹ Para diplomacia basta a de Ataliba T. de Castilho, que describiu así este período: «Durante os anos de 60 e parte de 70, historiadores da Lingüística Brasileira destacaram nosso apego às questões teóricas e metodológicas, com prejuízo da apresentação dos fatos linguísticos propriamente ditos: Coseriu 1968, Dietrich 1980. Com a implantação dos Programas de Pós-graduação e o amadurecimento dos meios científicos nacionais, alguns projectos colectivos de pesquisa e diversos trabalhos individuais mudaram esse estado de coisas» (Castilho, 1994, p. 869).

máis ou menos coincidentes coas de Amorim Girão; ademais, consideraba que a poboación mozárabe da rexión Centro fora determinante na formación da lingua portuguesa, ao desprazarse cara ao val do Douro durante a Reconquista (Paiva Boléo e Silva, 1962, p. 85-112). Por último, Lindley Cintra só distinguía dúas grandes rexións dialectais, a Setentrional e a Meridional, e atribuíalles aos nativos de Entre-Douro-e-Minho e Galicia a autoría da nosa lingua (Lindley Cintra, 1971, p. 81-116). Pois ben, Girão e Boléo eran os únicos para os que estaba clara a individualidade dunha rexión central do país, correspondente ás Beiras: ambos os dous vivían e ensinaban en Coimbra. Ribeiro e Cintra, que non enxergaban esa individualidade intermedia, eran de Lisboa. Quizais isto é unha coincidencia.

Aínda portugués europeo/portugués brasileiro (2007)

Outros trazos de carácter case sempre sintáctico, ademais, obviamente, dos léxicos, son hoxe determinantes para distinguir as variantes europea e brasileira (Teyssier, 2003; e Mateus *et al.*, 2003, p. 45-51). Estes alimentan un debate no ámbito tipolóxico que ocupa en boa medida os estudos actuais da lingüística do portugués: as diferentes solucións observadas en Portugal e Brasil inscríbense no ámbito normal da variación sistemática. Daquela, podemos considerar, dentro do paradigma de Coseriu, que ambos os dous países teñen normas diferenciadas dentro dun único sistema –como Cintra e Celso Cunha defendían ao falaren de «variantes nacionais» (Cunha, 1981, p. 11-36)–, ou, pola contra, debemos comezar a pensar que hai «dúas gramáticas», eufemismo técnico que oculta o radicalismo de «dúas linguas»?

Neste contexto de debate, resulta interesante observar o comportamento das vogais átonas, que no portugués europeo son cada vez menos audibles. A variante brasileira caracterízase pola conservación do sistema portugués clásico –*nê-cê-ssá-ri-ô, có-mô-dô-*, mentres que en Portugal as vogais átonas sufriron pechamento –*à > â-* e elevación a *schwa* –*ê > ə, ô > u > ə* – ou mesmo desaparecieron –*nə* –[cə]ssá-riu > nsá-riu, ou có-mu-du > có-mə-du > cóm-du-. Neste comportamento vocálico atópanse dúas utilidades xerais: por unha banda, comprobouse que o portugués de Portugal pode ser máis innovador que o de Brasil, en contra dunha idea moi común, segundo a cal a variante europea presenta unha

maior estabilidade; por outra banda, dedúcese que a evolución do portugués en África talvez non siga o modelo brasileiro, como defende outra idea común, segundo a cal as antigas colonias portuguesas se comportarán lingüisticamente de modo paralelo e, xa que logo, terán máis afinidades entre si que coa antiga metrópole. En efecto, cando a vogal átona é seguida de «l», o portugués europeo, excepcionalmente, non a eleva e conserva a vogal, ao igual que o brasileiro –álmeidâ e non âlmeidâ, vóltár e non vultár. Pero o portugués africano distínguese de ambos os dous por ir alén da regra xeral da elevación –álmeidâ, vultár–, sendo neste aspecto máis innovador que as outras dúas variantes. Visto con perspectiva, daquela, é posible admitir que novas gramáticas se desenvolvan en África, distintas da portuguesa e da brasileira e, se cadra, diferentes entre Angola e Mozambique.

Portugués europeo/galego

Segundo Maria Antónia Coelho da Mota (2001, p. 103-115):

Quando falamos de «gramática do PE1 (fronteiriço)» estamos, assim, a referir-nos a uma gramática que coexiste com outras gramáticas, no espaço geográfico português, e que, com elas, forma um *continuum* geográfico. Em PE1, há muita matéria para contrastar com o Galego. Por razões de limitação deste comentário, centrar-me-ei numa questão particular –a Ligação entre verbo e pronome enclítico e entre verbo e artigo–, mas exemplificaria, apenas com dois casos, outros tipos de semelhanças e de diferenças [...]. Conclui-se que as variantes verdadeiramente caracterizadoras de PE1, no sentido em que nito sito partilhadas por outras variedades do PB, pelo menos padrito e meridionais, não têm equivalentes sistemáticos com GAL. Se tomarmos, no entanto, em consideração as variantes que, em PE1, são comuns ao padrão, temos mais pontos de contacto com o GAL: dito de outra forma, há muitos pontos de contacto entre GAL e o chamado PE padrão, que talvez seja a variedade que, em português, reúne os traços comuns a todas as variedades.

A nosa lingua

Pero, se estamos de acordo con Eduardo Prado Coelho en que unha lingua é «o lugar onde falamos sempre *de dentro*, tal como o corpo que nos é inerente e que

nunca conseguimos ver como mero objecto exterior a nós» (1992, p. 17), daquela non teremos dificultades para identificar como «nós» a todos cantos se sintan como na casa ao falar portugués.

Certo é que non todos teremos un pasaporte da mesma cor; algúns de nós cruzamos as fronteiras de Europa con máis facilidade que outros; algúns de nós non coñecemos, non imaxinamos sequera, como é a terra dos outros e, cando a coñecemos, sentímola como terra estranxeira. Con todo, e sen sabelo, todos temos en común que a lingua que falamos como nosa lle semella, a quen a ve desde fóra, sempre a mesma; e todos sentimos indignación se o espectador externo sinala, esaxerando o comentario, que a diferenza entre o portugués e o español non é moi grande¹⁰. E isto porque temos en común sentimentos de propiedade e de identidade separadora, esa que di o que non somos e o que non ten que ver connosco.

Pero, no que atangue á identidade conxuntiva, aquela que faría que todos os falantes do portugués se sentisen unidos, as cousas complícanse. Brasileiros, portugueses e africanos pertencemos a nacións diferentes, de Estados distintos, de continentes diversos e non lamentamos que sexa así. Polo xeral, non sentimos a necesidade de loitar contra esa condición da nosa existencia e, no que se refire á lingua, non sentimos que o feito de térmola en común e de usármola entre nós para entendérmonos e, non o esquezamos, para os desentendementos, haxa de ter consecuencias niveladoras, quer no tocante á lingua, quer ás nosas relacións. Non é preciso que un poeta diga que entre os falantes da lingua tamén existe variación.

¹⁰ «By most objective standards, it is almost only the phonological [e orthográficas] differences that set the two languages [español e portugués] off from each other» (Posner, 1996, p. 209).

BIBLIOGRAFÍA

- CASTILHO, A. T. DE: «O português do Brasil», en R. LORENZO (ed.): *Actas do XIX Congresso Int. de Linguística e Filologia Românica VI*, A Coruña, 1994.
- CASTRO, I. et al.: *A Demanda da Ortografia Portuguesa*, Lisboa, 1987.
- COELHO DA MOTA, M. A.: «O português na fronteira com o galego», *Revista de Filologia Românica*, vol. 18 (2001), p. 103-115.
- CUNHA, C.: «Política e cultura do idioma», en *Língua, nação e alienação*, Rio de Janeiro, 1981.
- FERNÁNDEZ REI, F.: «Posición do galego entre as linguas románicas», *Verba*, 15 (1988), p. 79-107.
- GALVES, C.: «A gramática do português brasileiro», *Linguas e Instrumentos Críticos*, Campinas, n.º 1 (xaneiro-xuño, 1998).
- HOCK, H. H. e B. D. JOSEPH: *Language History, Language Change and Language Relationship*, Berlín-Nova York, 1996.
- KOERNER, E. F. K.: «Historiography of Linguistics», en KOERNER e ASHER (ed.): *Concise History of the Language Sciences*, Oxford, 1995, p. 7-16.
- LINDLEY CINTRA, F. L.: «Nova Proposta de Classificação dos Dialectos Galego-Portugueses», *Boletim de Filologia*, XXII (1971), p. 81-116.
- LINDLEY CINTRA, F. L.: «Présence et problématique actuelle de la langue portugaise dans le monde», *Arquivos do Centro Cultural Português*, Paris, XIX, 1983.
- LOURENÇO, E.: *A Nau de Ícaro*, Lisboa, 1999.
- MATEUS, M. H. et al.: *Gramática da Língua Portuguesa*, 5.^a ed., Lisboa, 2003.
- MATTOSO, J.: *A Identidade Nacional*, Lisboa, 1998.
- MCCARTHUR, T.: *The English Languages*. Cambridge, III, 1998.
- MULJAČIĆ, Ž.: «Norma e standard», en G. HOLTUS, M. METZELTIN e C. SCHMITT (ed.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, Tübingen, 1988, p. 286-305.
- MULJAČIĆ, Ž.: «Estandarización de linguas románicas baixo presión: unha proposta tipolóxica», en FERNÁNDEZ REI e A. SANTAMARINA (ed.): *Estudios de Sociolingüística Românica*, Santiago de Compostela, 1999.
- OSTLER, N. (2006): *Empires of the Word. A Language History of the World*, Nova York, 2006.
- PAIVA BOLÉO, M. e M. H. S. SILVA: «O Mapa dos Dialectos e Falares de Portugal Continental», en *Actas do IX Congresso Int. de Linguística Românica*, Lisboa, III, 1962, p. 85-112.
- PAIVA BOLÉO, M.: *O «espaço linguístico» português*, Coimbra, 1968.
- POSNER, R.: *The Romance Languages*, Cambridge, 1996.
- PRADO COELHO, E.: «O português, língua de comunicação internacional», *RILP*, 7 (1992).
- QUIRK, R.: *English in the World*, Cambridge, 1985.
- ROCHA TRINDADE, M. B.: «O espaço da Lusofonia: migrações e diálogo intercultural», *Discursos*, 15 (1998).
- TEYSSIER, P.: *Manual de Língua Portuguesa (Portugal-Brasil)*, Coimbra, 2003.

Retruque

**RETRUQUE AO RELATORIO DE
IVO CASTRO**

Rosario Álvarez

Universidade de Santiago de Compostela

Agradezo ao Consello da Cultura Galega a distinción que me fai ao convidarme a participar neste foro e a honra de compartir mesa co querido e admirado profesor Ivo Castro, para exercer este labor de retrucante. Os que coñecen a parte galega desta mesa saben que os dous retrucantes (Elías Torres e eu mesma) mantemos posicións políticas e estratéxicas diferentes respecto da relación que Galicia e o galego deben manter con Portugal e o portugués (e por extensión cos países de lingua portuguesa); non se discute, en cambio, que os dous partimos do recoñecemento dunha orixe histórica que une de forma especial Galicia e Portugal, e dunha grande afinidade lingüística e cultural que é preciso manter e reforzar.

A espléndida exposición do relator non deixa moito lugar á réplica, pois no seu esforzo de obxectividade absoluta tanto se preocupa de explicar que «não existe um reino de maravilha chamado Lusofonia» coma que entre Galicia e Portugal (por tanto comprendendo a lingua e a cultura, mais algo máis) existe unha relación de irmandade que asenta «num tesouro imenso de afinidades, que não precisam de ser enumeradas». Neste contexto presento a miña perspectiva, desde Galicia e o galego, coa esperanza de que contribúa a alimentar e definir o debate.

1. Na primeira parte da súa exposición, o profesor Ivo Castro pregúntase se existe a *Lusofonia* e discute o significado deste termo, tendo en conta non só a opinión de persoas autorizadas senón a súa utilización desigual no mundo luso-falante.

O certo é que o termo *lusofonia* triúnfala porque resulta práctico xa que facilita a referencia a un amplo conxunto de países e comunidades unidas polo trazo común da «lingua portuguesa» (coas variedades que naturalmente se comprenden baixo esa denominación histórica) ou, alargando máis o ámbito, unidas polo trazo común «lingua do toro galego-portugués» (coas variedades corres-

pondentes, calquera que sexa o seu status). Problemas de definición á parte —mesmo de definición que cambia conxunturalmente—, a existencia dun termo tal resulta conveniente tanto desde a óptica das comunidades que falan portugués coma desde a dos galegos, con independencia de que sexamos ou non «reintegracionistas».

Na súa exposición, Ivo Castro mostrou como o concepto *lusofonía* se move entre unha pulsión *unificadora* e unha pulsión *separativa*, sinalando dese xeito a raíz dos seus problemas e da falta dunha aceptación xeneralizada. Se por tras de *lusofonía* se entende a existencia dunha lingua única, cunha variedade estándar unificada (non só na grafía), compréndese que non suscite a adhesión entusiasta das comunidades con variedades territoriais máis puxantes, nomeadamente a brasileira; tampouco é aceptable para a inmensa maioría dos galegos, entre os que me conto, na que se poderían incluír os grupos reintegracionistas menos radicais. Se por tras de *lusofonía* pairase a idea da diversificación natural das linguas e comprendese as distintas normas existentes no amplo e disgregado dominio territorial do portugués, o termo sería aceptable para as comunidades que non falan o portugués europeo, que verían recoñecidos os seus trazos identitarios; tamén o sería para unha gran maioría de galegos, sempre que se aceptase que o elo de unión é a lingua portuguesa ou a galega; os crioulos de base lexical portuguesa terían tamén un mellor encaixe por esta vía. Repárese en que, en última instancia, as dúas posicións son *unificadoras*: a diferenza está en que unha é *uniformizadora*, en contra do ser natural das linguas, e a outra é *integradora*, pois, aínda que reconece as diferenzas, salienta e fortalece os trazos comúns (dos que todos son conscientes, pois doutro xeito non habería caso). O modelo parécese menos ao da *francofonía*, que en palabras de Ivo Castro serviu de modelo á concepción uniformizadora de *lusofonía*, que ao de *romania*; e non estará de máis lembrar aquí que en Europa se está revitalizando neste momento este espazo lingüístico de maior proximidade, no que cada pobo conserva a súa lingua, mais afortalando a base común e tendendo pontes para a comprensión mutua.

2. Da súa exposición despréndese que, no dominio da lingua portuguesa, o termo *lusofonía* ten maior difusión en ámbitos culturais e económicos ávidos de «públicos alargados»; tamén no caso de Galicia, engado, poden darse avides

análogas. A partir do xuízo «galego/portugués europeo = lingua ou cultura minoritaria», xorde o temor ao illamento e á minoración.

Uns pretenden rompelo formando parte dun conxunto máis amplo, no seu parecer máis forte canto máis unitario nos trazos que o definen, pois cren que calquera recoñecemento da diversidade é un síntoma de febleza: é a concepción dunha *lusofonía* uniformizadora; é tamén, por citar outro exemplo coñecido e padecido por nós, a idea da España «unha», sen concesión á diversidade lingüística e histórica das nacións que a integran. Para Galicia e o galego, a participación nunha empresa tal só pasa pola ocultación da súa personalidade e, en definitiva, pola subordinación e a disolución.

Outros loitan contra o illamento e a minoración creando espazos de cooperación e entendemento, redes en que se cultivan os elementos cohesivos e programan as accións de interese común, nas que cada parceiro contribúe achegando o capital da súa identidade. A *Lusofonía* así entendida só pode ter beneficios para Galicia e o galego, calquera que sexa o alcance territorial da cooperación e intercambio establecidos no seu seo: circunscrita á especial irmandade atlántica entre Galicia e Portugal, amparada no fluxo histórico tradicional entre Galicia e Brasil, procurada estratexicamente entre Brasil, Galicia e Portugal, como países de maior tradición, etc.

Como ben indica o relator, a avidez de públicos alargados non se detén no plano simbólico e de prestixio sociolingüístico: é tamén un asunto de índole económica. Moitas veces nos temos enfrontado co argumento de que unha portuguesización do galego faría posible a circulación de libros e outros produtos culturais no mercado portugués e, moito máis gorentoso aínda, no mercado brasileiro. A exposición que acabamos de escoitar abonda por si mesma como contraargumentación, pois mostra de xeito dramático como (palabras súas) «as pontes audiovisuais [e escritas] não atravessam o Atlântico sul português tão perfeitamente como fazem no Atlântico norte inglês»; poderíamos engadir nós que tamén máis imperfectamente ca no Atlántico sur español. Téñase en conta que esa forma atenuada de tradución (textos escritos) e os subtítulos (audiovisual) se fundamenta na distancia entre o portugués europeo e o brasileiro, para nós e para todos eles menos perceptible cá que separa o galego de ambas as normas portuguesas. Os poucos autores galegos que circulan en Portugal están traducidos ao portugués, tamén os que pretendidamente evitaban a tradución escribindo en

norma reintegracionista (véxase a recensión de Fernando Venâncio á edición portuguesa de *Inxalá*, de Carlos Quiroga¹); non hai concesión ningunha ás particularidades galegas, nin sequera a mínima que simpaticamente se lles concede ás brasileiras, angolanas ou timorenses².

3. Situémonos, por tanto, na única *Lusofonía* aceptable para que Galicia e o galego poidan ser parceiros: a que integre e respecte identidades, a que asuma como algo natural a diversidade lingüística e cultural, a que valore positivamente o capital da diferenza..., ¿existe? Supoñamos que si ou que se pode construír, pois mesmo así non son poucos os problemas que se nos presentan.

Non abonda coa elección e vontade dos galegos para sermos aceptados como parceiros nesa comunidade. Presentámonos á mesa sen sermos convidados e sen que os convocantes contén connosco; moitos dos asistentes ignoran que existimos realmente, así coma outra información básica para explicaren e aceptaren a nosa lexitimidade. Cando Pessoa di «Minha pátria é a língua portuguesa», non está pensando, nin remotamente, nos falantes de Allariz ou Tui; si abrangue, en cambio, os lusófonos de Maputo ou Luanda. Non hai lugar para o galego no espazo lusófono deseñado en círculos concéntricos polo relator nun traballo anterior, como foi aquí exposto. Incluso nunha idea de Lusofonía tan abrangente coma a de Fernando Cristovão, que cobre todo o mapamundi, Galicia non se sitúa a par de Cabo Verde ou Guínea-Bissau, senón de localidades exóticas en que o portugués foi máis ou menos episódico no pasado. Non somos convocados a unirnos, somos nós quen peta á porta pedindo ser aceptados; unha mostra do nivel de participación máximo, ata agora, está na aprobación do texto do acordo de 1990, pois á mesa sentaron os representantes gobernamentais dos países de lingua portuguesa e nun canto observaron –convitados de pedra– os «delegados» (?!) de Galicia (sen ningún tipo de representación institucional, e por tanto a título privado).

Non é esperable que sexamos recibidos cun entusiasmo á altura do que guía a nosa adhesión. A nosa irrupción en medio do debate sobre a lusofonía aquí exposto pode provocar perplexidade e, sobre todo, incomodidade nos nosos

¹ Fernando Venâncio, «O galego pasteurizado», en <http://www.pglingua.org/> (25/09/2008).

² Fernando Venâncio (2007): «Palavras doutra tribo. Sobre traduções de literatura galega», *Viceversa* 13, 25-54.

desexados socios. Para os defensores dunha lusofonía uniformizadora, baseada nunha norma única, o galego resulta incómodo porque pon máis atrancos no camiño e torna inalcanzable a ansiada meta. Tamén o é para unha gran parte dos que defenden a convivencia de diferentes normas dentro dunha comunidade máis ampla; o enorme esforzo de tecer a unidade lusófona nun contexto de respecto polas variantes canónicas nos grandes territorios (Brasil, Portugal...) tería que ser ampliado e multiplicado para acoller en bloque a variación doutra lingua sen tradición común con eles desde hai centos de anos, en proceso de estandarización e precedida do ruído que provoca o debate arredor deste. Só podemos ser parceiros desexados, como compañeiros de conveniencia, para reforzar a posición dos que defenden a existencia de varias gramáticas, e polo tanto varias linguas, nomeadamente brasileiros.

Os que estudamos a variación lingüística (non só os sociolingüistas) sabemos ben que o prestixio/non prestixio afecta a todo tipo de variedades lingüísticas e a todo tipo de variantes: falando español, un arxentino non é percibido da mesma maneira ca un mexicano ou un galego. Na súa intervención, Ivo Castro puxo tamén un acento especial na percepción do «outro» como alguén que non usa a lingua –pretendidamente común– tan ben como debera e como nós sabemos e acostumamos facer. Por iso, para sabermos como sería aceptada a comunidade galegofalante cómpre saber como son percibidas e etiquetadas –en termos de prestixio / non prestixio– as nosas particularidades, e en definitiva a nosa lingua: como nos ve un falante medio portugués?; sente que formamos parte do seu díasistema, coma un de Bragança ou un de Tavira?, máis ou menos ca un de Rio Grande do Sul?, máis ou menos ca un de Luanda?; as diferenzas percibidas crean unha imaxe positiva ou negativa?, sente algún impulso de imitarnos?; vén á súa memoria o esplendor cultural da Idade Media ligado a unha lingua antiga, etc. etc., ou unha maneira dialectal e inculta, con trazos condenados adoito pola escola e ridiculizados polo teatro?; teñen mellor imaxe de nosoutros, galegos, falando en galego ou falando en español?; cambia en algo a percepción anterior porque disfracemos a nosa lingua con trazos coma «constituición», «dicer» ou «evasión»?

Non todos os problemas se presentan da parte dos nosos solicitados anfitrións. As posicións lusistas, ao tempo que contribuíron positivamente a poñer derriba da mesa de forma sistemática e incontornable a similitude históri-

ca co portugués –que nunca estivera ausente–, tamén romperon a naturalidade do achegamento. Nunca exentas de certas doses de integrismo, fan aparecer en amplos sectores galeguistas o temor da asimilación, da perda de identidade, e por tanto provocan adoito excesivas cautelas arredor deste tema. Cómpre un traballo de conciliación interna, para camiñarmos sobre bases amplamente aceptadas, que non conduzan ou parezan conducir a metas non desexadas.

4. Podemos soñar unha lusofonía integradora coma a que se describiu e á que nos poderíamos adherir, pero non podemos nin debemos poñer todos os ovos nesa cesta nin agardar pacientemente a que os tempos sexan chegados.

A nosa irmandade con Portugal, que debería ser privilexiada, non depende da configuración de toda a Lusofonía. Reside na afinidade lingüística, nunha historia remota común, na veciñanza xeográfica, nunha posición atlántica estratéxica, na condición periférica no mapa das rexións europeas, en semellanzas de hábitat e cultura... Existe unha relación estreita e constante, reforzada progresivamente ao longo do tempo, en varios sectores culturais e científicos; por proximidade, podo asegurar que desde hai décadas se dá entre os filólogos que nos ocupamos do galego en Galicia e os lingüistas e filólogos que se ocupan do portugués en Portugal. Con Portugal podemos facer fronte en espazos peninsulares, atlánticos ou europeos que non teñen que ver coa lusofonía, aínda que ao cabo igual poden contribuír a abrírnos as portas dela.

A nosa relación con Brasil non pasa tampouco pola nosa integración na Lusofonía, nin sequera ten que pasar pola nosa relación privilexiada con Portugal; o mesmo se pode dicir dos países africanos de expresión portuguesa. Para a relación con uns e outros non existe a barreira da lingua, derrubada pola intercomprensión e polo sentimento de proximidade, non pola aprendizaxe dun estándar común a todos. Brasil forma parte do noso imaxinario, non só polo parentesco lingüístico, senón polo fluxo constante de emigrantes galegos que axudaron a construílo (tamén os galegos temos primos no Brasil e moitos brasileiros teñen avós galegos!). Non ocorre o mesmo con Angola, Mozambique e os outros países africanos, pero todos forman parte do mapa mariñeiro galego, e algún rendemento poderemos tirar desta afinidade.

Contra o final da súa intervención, o profesor Ivo Castro afirma que «como en tódolos aspectos da vida, as afinidades electivas têm mais valor que as

afinidades de sangue, porque têm de ser cuidadosamente programadas e construídas». Pois ben, a min gustaríame que Galicia fixese esa elección e programase e construíse a afinidade con Portugal e con outros países de expresión portuguesa.

Programar e construír, para o coñecemento e recoñecemento mutuos: o intercambio económico e cultural, a comunidade e cooperación científica, as accións sobre o patrimonio, a facilidade e comodidade dos transportes, o acceso á información, os contidos básicos no currículo escolar, etc. O resto virá de seu.

CURRÍCULOS DOS RELATORES

Emili Boix é profesor de Sociolingüística na Universitat de Barcelona. Formouse na Georgetown University (Washington DC, EUA) e actualmente é catedrático de Filoloxía catalá. Dirixe o proxecto de investigación *A transmisión lingüística interxeracional en Cataluña, Valencia e Mallorca* e a revista *Treballs de Sociolingüística Catalana*. Foi autor, entre outras publicacións, de *Triar no és trair. Llengua i identitat en joves de Barcelona*, en 1993; *¿Una lingua, un estado? La organización política de la diversidade lingüística*, en 1994, en colaboración con Albert Bastardas; *Sociolingüística de la llengua catalana*, en 1998, con F. X. Vila; ou *Corpus de varietats socials*, en 2007. Recibiu o Premio de Sociolingüística «Jaume Camp 2007» pola obra *Català o castellà als fills?*

Ivo Castro (1945), é catedrático da Facultade de Letras da Universidade de Lisboa (FLUL), onde ensina Historia da Lingua Portuguesa e Crítica Textual. Dirixe o Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa. É coordinador da *Equipa Pessoa*, constituída polo Ministerio da Cultura portugués para publicar unha edición crítica da obra de Fernando Pessoa desde 1988. Foi conselleiro do Bureau da Societé de Linguistique Romane entre 1992 e 1998; director da Biblioteca da FLUL entre 1996 e 1998; director da Cátedra de Estudos Galegos da FLUL entre 1995 e 2004 e presidente do departamento de Lingüística Xeral e Románica da FLUL entre 2004 e 2006. É socio correspondente da Academia das Ciencias de Helsinki e da Real Academia Galega, e socio benemérito do Real Gabinete Portugués de Leitura do Rio de Janeiro. Entre as súas publicacións destacan *A Demanda da Ortografía Portuguesa*, con I. Duarte e I. Leiria, en 1987; *Editar Pessoa*, en 1990; *Curso de História da Língua Portuguesa*, con R. Marquilhas e L. Acosta, en 1991; *Introdução à História do Português*, en 2004; edicións de *O Manuscrito de «O Guardador de Rebanhos» de Alberto Caeiro*, en 1986; dos *Poemas de Fernando Pessoa*.

1921-1930, en 2001; dos *Poemas de Fernando Pessoa. 1931-1933*, en 2004; e de C. C. Branco, *Amor de Perdição*, en 2007.

M. Carme Junyent Figueras é profesora titular de Lingüística Xeral na Universitat de Barcelona; investigadora principal do proxecto *A diversidade lingüística en Cataluña*; membro fundador do Grup d'Estudi de Llengües Amenazadas; membro do Comité de Expertos para a Redacción da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos; membro do Comité Científico da Exposición «Voces» do Fórum das Culturas, Barcelona, 2004; comisaria da exposición *Les llengües a Catalunya* da Universitat de Barcelona; membro do Comité Científico Internacional de Linguamón, Casa de les Llengües; membro do Consello Científico de Boas Prácticas de Linguamón, Casa de les Llengües; e coordinadora do proxecto lingüístico do Consello Asesor do Departament d'Educació de la Generalitat de Catalunya. Entre as súas publicacións destacan *Les llengües d'Àfrica*, Barcelona 1986; *Les llengües del món*, Barcelona, 1989; *Vida i mort de les llengües*, Barcelona, 1992; *Las lenguas del mundo. Una introducción*, Barcelona, 1993; *Estudis Africans*, Barcelona, 1996; *Contra la planificació. Una proposta ecolingüística*, Barcelona, 1998; *La expansión bantú. Cuadernos Monográficos. Asociación Española de Africanistas*, Madrid, 1998; *La diversidad lingüística. Guía didáctica y recorrido por las lenguas del mundo*, Barcelona, 1999; *Quadern E.S.O. de La diversitat lingüística*, Barcelona, 2000; *Guía didáctica del Quadern E.S.O. de La diversitat lingüística*, Barcelona, 2000; *Lingüística Històrica. Text-guia*, Barcelona, 2000; *Antropologia Lingüística. Text-guia*, Barcelona, 2000; *La Gimcana de les Llengües*, Barcelona, 2002; *El català: Mirades al futur*, Barcelona 2002, con V. Unamuno; *Carpeta de la diversitat lingüística. Quadern de cicle mitjà*, Barcelona, 2004; e a edición de *Les llengües a Catalunya*, Barcelona, 2005.

Anxo M. Lorenzo Suárez é doutor en Filosofía e Letras (sección de Filoloxía Hispánica) pola Universitat Autònoma de Barcelona (1999) e profesor titular de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universidade de Vigo desde 2000, onde imparte aulas de Sociolingüística Galega, de Planificación Lingüística e

de Contacto de Linguas. Entre as súas publicacións destacan: *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, Santiago de Compostela, 1997, [en colaboración]; *Dinamización e normalización lingüística*, Vigo, 1997, editor; *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II. Educación*, Santiago de Compostela, 2002, [en colaboración]; *Estudio sociolingüístico sobre a situación actual da lingua galega no concello de Vigo*, Vigo, 2003; *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*, Santiago de Compostela, 2005; *A planificación lingüística nos centros educativos*, Santiago de Compostela, 2007; *Lingua, sociedade e medios de comunicación en Galicia*, Santiago de Compostela, 2008, [en colaboración]. É cofundador e coeditor da revista *Estudios de Sociolingüística* da Universidade de Vigo, coordinador da sección de Lingua e Sociedade e membro do Consello Consultivo da Fundación Carlos Casares e da Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia. Foi director da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e membro da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega. Actualmente é secretario xeral de Política Lingüística.

Dónall Ó Riagáin é consultor independente de Planificación Lingüística. Membro fundador do Comité Europeo para os Idiomas Menos Empregados, foi o primeiro presidente desta organización, ademais de secretario xeral. Participou na elaboración de varios informes para o Parlamento Europeo, a Comisión Europea, o Alto Comisionado da OSCE (Organización sobre a Seguridade e a Cooperación en Europa), encargado das Minorías Nacionais, e o Consello de Europa, entre os cales se encontra a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias. É lector a tempo parcial no Máster de estudos europeos da University College Dublin, visitante honorífico do Trinity College de Carmarthen, Gales, e membro do Comité Consultivo Internacional de Linguapax (UNESCO), en Barcelona.

Xaime Subiela Pérez (Chantada, 1969) é politólogo pola Universidade de Santiago de Compostela e máster en Cooperación Internacional e na Unión

Europea. Exerceu de investigador social e consultor público ligado á empresa *Cidadanía* durante oito anos, en temas relacionados coa participación cidadá, planificación estratéxica, normalización lingüística, desenvolvemento sustentable e coa cultura. No ámbito lingüístico foi director da investigación desenvolvida polo Consello da Cultura Galega, onde avaliou a política lingüística en Galicia en *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. *Política lingüística: análise e perspectivas*, vol. I; director técnico dos plans de normalización lingüística das cidades de Santiago de Compostela e Ferrol; participou tamén na elaboración do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega como presidente da Comisión de Sociedade, así como no deseño da programación operativa para o desenvolvemento do Plan. No ámbito cultural foi director-técnico do proceso participativo para a definición de usos e contidos da Cidade da Cultura. E como profesional autónomo foi o asesor-técnico da elaboración do *Anuario de estatísticas culturais 2006*, para o Consello da Cultura Galega, a Consellería de Cultura e Deporte e o Instituto Galego de Estatística. Foi tamén decano do Colexio de Políticos e Sociólogos de Galicia, participa como relator de políticas participativas en diversos másters, e é colaborador habitual da revista *Tempos Novos* e da Radio Galega. Foi ademais asesor da conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia en materia de política cultural.

